

O VAL DE MIÑOR
DURANTE A II REPÚBLICA
(1931-1936)

José Luís Mosquera Veleiro

© da presente edición: Instituto de Estudos Miñoráns
© do texto e fotos: José Luís Mosquera Veleiro

Deseño, maqueta e cuberta: Juan Chamorro Sanromán
Edición ao coidado de: Xosé Ramón García Martínez
Impresión: Tórculo

Instituto de Estudos Miñoráns
Aula de Cultura Ponte de Rosas
Avda da Feira, 10. Baixo
36380 Gondomar (Pontevedra)
Correo-e: oficina@iem.gal

Depósito legal: VG 403-2023
ISBN: 978-84-09-5275-0



Na foto da portada (agosto de 1935, arquivo Mosquera Veleiro) aparecen:

1: Alejandro Lerroux, Presidente da II República; 2: Ramón Salgado, deputado do Partido radical por Pontevedra; 3: Manuel Nartallo Quinós, presidente da Sociedade Agraria de Belesar, líder da agrupación de Radicais pola mesma parroquia e concelleiro en Baiona do Partido Radical; 4: Fabriciano Táboas Trigo, exconcellal en Baiona polo Partido Radical; 5: Albino Misa, Concellal en Baiona polo Partido Radical; 6: Pablo Nieto Virosta, ex alcalde electo de Gondomar do P. Radical e líder dos Radicais da agrupación de Vigo.

O VAL DE MIÑOR DURANTE A II REPÚBLICA (1931-1936)

ÍNDICE

LIMIAR	6
INTRODUCCIÓN	8
CAPÍTULO 1. O CONTEXTO SOCIO-ECONÓMICO NA DÉCADA DOS TRINTA.	11
1.1. DEMOGRAFÍA.	11
1.2. ECONOMÍA E SOCIEDADE.	16
1.2.1. Agricultura.	16
1.2.2. Industria-Comercio.	18
1.2.3. Pesca.	21
1.2.4. Produtos e prezos.	23
1.2.5. Salarios.	28
1.2.6. Turismo.	31
1.2.7. Nivel de ocupación laboral e desemprego.	35
CAPÍTULO 2. OS CAMBIOS LEXISLATIVOS NA II REPÚBLICA.	38
CAPÍTULO 3. OS COMICIOS LOCAIS DE MAIO DE 1931.	45
CAPÍTULO 4. OS PARTIDOS POLÍTICOS.	56
4.1. OS PARTIDOS OBREIROS.	56
4.2. AS FORZAS REPUBLICANAS.	58
4.3. O NACIONALISMO.	60
4.4. O PARTIDO RADICAL.	66
4.4. AS DEREITAS.	70
4.5. OS MONÁRQUICOS.	76
CAPÍTULO 5. AS ELECCIÓNS CONSTITUÍNTES DE XUÑO DE 1931.	78
CAPÍTULO 6. O BIENIO REFORMISTA.	85
6.1. O PLURALISMO PARTIDISTA DA CORPORACIÓN DE BAIONA.	85
6.2. O DOMINIO DOS RADICAIS EN GONDOMAR.	95
6.3 A UNIFORMIDADE REPUBLICANA EN NIGRÁN.	109

CAPÍTULO 7. AS ELECCIÓN DE NOVEMBRO DE 1933.	120
CAPÍTULO 8. O BIENIO RADICAL-CEDISTA.	128
8.1. BAIONA: ALCALDÍA EN MANS RADICAIS (XUÑO 1934).	128
8.2. GONDOMAR: DEPURACION DOS RADICAIS DISIDENTES.	
ENTRADA DA CEDA NA CORPORACIÓN.	136
8.3. NIGRÁN: DESTITUCIÓN CONCELLO. GOBERNO RADICAL- CEDA.	149
CAPÍTULO 9. AS ELECCIÓN DE FEBREIRO DE 1936.	151
CAPÍTULO 10. A ETAPA DA FRONTE POPULAR.	158
10.1. UNHA XESTORA GUBERNATIVA PARA BAIONA.	158
10.2. REPOSICIÓN DA CORPORACIÓN DE MAIO 1931 EN GONDOMAR.	163
10.3. O GOBERNO DE MAIO 1931 RECUPERA O PODER EN NIGRÁN.	167
10.4. O GOLPE DE ESTADO (XULLO 1936). AS XESTORAS FRANQUISTAS.	169
CAPÍTULO 11. O MOVEMENTO OBREIRO. AS SOCIEDADES AGRARIAS.	173
11.1. OS 1º DE MAIO: REIVINDICACIÓN.	173
11.2. OS SINDICATOS OBREIROS E MARIÑEIROS: UXT- CNT.	180
11.3. O AGRARISMO: A SÚA POSICIÓN POLÍTICA.	185
11.4. A CONFLICTIVIDADE SOCIAL E INSTITUCIONAL.	189
CAPÍTULO 12. AS ELITES E O ESTATUTO DE AUTONOMÍA.	202
CAPÍTULO 13. O PAPEL DA IGREXA NA ETAPA REPUBLICANA.	211
TÁBOAS E GRÁFICOS.	228
ARQUIVOS, PUBLICACIÓN PERIÓDICAS E BIBLIOGRAFÍA.	228

Os estudos sobre o sistema político republicano, os partidos e as prácticas electorais comezaron a desenvolverse dende finais dos anos sesenta e setenta, cando ao declive da ditadura sumóuselle a irrupción dun bo número de mozos investigadores para os que resultaba moi atractiva a recuperación da cultura política que caracterizara á Segunda República. Os traballos de M. Tuñón de Lara sobre as elites ou os de Miguel Martínez Cuadrado sobre partidos políticos, eleccións e sistemas electorais anticiparon as investigacións precursoras sobre Barcelona e Madrid e contados estudos de carácter local e provincial que verían a luz en anos posteriores.

De forma paralela desenvolvéronse os estudos sobre o caciquismo electoral, con especial interese pola etapa da Restauración, que consagrarían a imaxe dunha minoría oligárquica que logrou impoñer a súa vontade sobre o conxunto do corpo electoral sen necesidade de facer un uso xeneralizado da violencia ou a coacción e que se apoiaba, máis que na opinión pública, nunha relación de intercambio entre patróns e clientes e no falseamento das eleccións. As desigualdades entre o comportamento político e electoral urbano e rural, o peso deste último no conxunto do territorio español, o papel do analfabetismo, os diferentes niveis de fraude segundo os distritos ou a relación existente entre o grao de desenvolvemento global en todos os ámbitos e a politización de cada zona tamén eran destacados como elementos prioritarios da relación clientelar.

Estas investigacións foron, en gran medida, fillas do seu tempo. Polo menos no sentido de que, tras a morte do ditador e o inicio da transición á democracia, buscaban indagar no pasado máis recente as causas da debilidade, o fracaso e o atraso da democracia en España, polo que non era estraño que fosen as eleccións republicanas as que inicialmente se constituísen en obxecto de estudo prioritario. Outro tanto aconteceu coa segunda xeración de estudos -a dos anos oitenta e noventa do pasado século XX-, neste caso condicionados polo desenvolvemento do mapa autonómico, a irrupción dos «empresarios do sector público» no mundo editorial (Deputacións, Concellos e Gobiernos autónomos) e a posterior proliferación de novas universidades.

Os antigos distritos uninominais da Monarquía, a provincia e, en menor medida, a comunidade autónoma foron o marco de referencia para un bo número de traballos de ámbito local que se beneficiaron da atención institucional, da dispoñibilidade de fontes e do feito de ser obxecto de interese para outras disciplinas científicas como a Socioloxía, o Dereito ou a Ciencia Política. A pesares das súas limitacións —sobre todo polo seu mimetismo á hora de aplicar determinados patróns e modelos— supuxeron un avance fundamental desde o punto de vista do coñecemento das dinámicas políticas locais, o contraste das principais variables electorais en cada circunscrición e a ampliación do número de provincias exploradas, en números redondos a metade das existentes, deixando á marxe os incontables e inabarcables estudos de ámbito máis local.

Ademais, nalgunhas destas investigacións xa era posible intuír unha importante renovación metodolóxica no que se refire á análise do clientelismo e as elites políticas, incluído o cuestionamiento da lectura «modernizadora» que ata entón fora dominante nos estudos sobre eleccións e elites da Segunda República, poñendo de relevo os elementos de continuidade respecto a etapas anteriores. Entre eles a prolongación no tempo dos mecanismos de manipulación do sufraxio e da atávica tendencia a repartirse, so pretexto de pacto, os postos de concelleiro entre os representantes das diferentes clientelas locais.

Con todo, tamén puido constatarase que en moitos distritos urbanos existiu unha relativa «democratización» electoral antes do golpe de Estado de Primo de Rivera e mesmo nalgúns zonas rurais a competencia polo poder local comezaba a poñer en cuestión os mecanismos tradicionais de manipulación do sufraxio. Con todo, parecía evidente que o comportamento político da maioría da poboación seguía rexéndose por esquemas prepolíticos e por consideracións basicamente clientelares de dependencia e lealdade. A entrada no novo milenio non faría senón consolidar estas vías de investigación. Aínda que resulta evidente unha diminución no número de traballos respecto a etapas anteriores, mantense vivo o interese polas cuestións electorais e, sobre todo, polas elites de poder republicanas, iso si, do mesmo xeito que en tantos outros ámbitos, moi condicionado pola dispoñibilidade de fontes.

Estes avances historiográficos serviron para deixar de lado vellos esquemas simplistas e recoñecer a gran complexidade da dinámica política e electoral da Segunda República. Parece evidente, por exemplo, que a mera substitución dos distritos uninominais polas circunscricións electorais provinciais non podía alterar as condicións estruturais dos seus habitantes (distribución da propiedade da terra, armazón e relacións sociais preexistentes, nivel educativo, etc.) nin transformar de xeito radical a cultura política herdada. Por conseguinte, resulta imprescindible recoñecer a existencia de diversas variables de ámbito rexional, provincial e local, as diferenzas entre os comportamentos políticos urbanos e rurais —recoñecendo tamén as grandes disparidades entre eles— e a combinación dinámica entre pautas tradicionais e modernas á hora da emisión do sufraxio.

A terceira destas variables é a que se analiza neste traballo de José Luis Mosquera Veleiro, herdeiro dunha parte da súa tese de doutoramento, no que repasa a evolución da vida municipal de Baiona, Gondomar e Nigrán entre 1931 e 1936. Tres concellos que, a pesar de enclavarse nunha mesma comarca, o Val Miñor, distan moito de ofrecer unha imaxe de completa homoxeneidade. As súas particulares dinámicas políticas son, ao cabo, expresión da complexidade dunha breve, pero intensa, etapa da historia de España que naceu no medio do entusiasmo popular e que se viu frustrada por un golpe de Estado, fracasado parcialmente, que dexenerou nunha sanguenta guerra civil. Benvida sexa, pois, esta investigación rigorosamente debedora do amplo elenco de fontes utilizadas polo autor e, por iso, merecedora do I premio de investigación «Val Miñor» do Instituto de Estudos Miñoráns na súa edición de 2021.

Xulio Prada Rodríguez
Universidade de Vigo

INTRODUCCIÓN

En febreiro de 1931 o goberno do almirante Juan Bautista Aznar convocou eleccións municipais para o día 12 de abril. No Val de Miñor, a autoridade provincial, o bugallista Fernando Campuzano, ratificou as candidaturas de Gondomar e Nigrán onde quedaban integradas as distintas sensibilidades políticas: unha concesión do vello caciquismo ás minorías emerxentes republicanas e socialistas encadradas no movemento agrario no caso de Gondomar, e una lista pactada entre o alcalde e as elites monárquicas no referente a Nigrán. Este compromiso evitou a loita electoral e fixo posible o nomeamento dos concelleiros tras a aplicación do artigo 29 da Lei electoral de 1907.

En Baiona, en cambio, as rivalidades e desacordos entre os propios monárquicos fixo inútil a mediación de Campuzano e imposibilitou unha candidatura de consenso. Na loita electoral triunfou a lista de Ramón Troncoso, que representaba a opción máis conservadora e que contaba co apoio do *Faro de Vigo* e da Igrexa local.

O éxito das candidaturas republicanas na inmensa maioría das capitais de provincia e zonas urbanas propiciou a saída do rei e o establecemento da II República. España, en 1931, nin deixara de ser monárquica nin se convertera repentinamente ao republicanismo, simplemente, a Coroa, abandonada por moitos dos seus apoios, instalárase nun punto de non retorno. O ser republicano deixa así de ser un ideal propio do liberalismo radical, dos federalistas, dos socialistas, dos intelectuais, incluso de moitos monárquicos, para presentarse como unha opción posible e necesaria en amplos sectores sociais. Polo tanto, a súa instauración en España non foi consecuencia do afundimento dun sistema político producido por unha guerra exterior ou por unha revolución interna; tampouco foi consecuencia dun golpe de estado ou pronunciamento militar a pesar dalgún intento. Chegou de forma pacífica, con aires festivos, sen rebelión nin enfrontamentos armados (Juliá et al., 2003:73). Foi consecuencia da alianza entre as elites intelectuais liberais e o movemento obreiro. E o que Machado chamou “La España de la rabia y la idea” (Machado, 1999: 108).

A instauración do novo réxime no Val de Miñor levouse a cabo o 15 de abril, mércores. En Baiona formouse un Comité Local Provisional da República que, tras unha manifestación popular, ocupou a Casa do Concello e asumiu o poder deixado polas autoridades monárquicas locais. Non coñecemos a composición completa deste Comité, pero entre os seus membros destacaban Valentín Puga Franco, Manuel Godoy Agrelo e Joaquín Pazo Nartallo.

En Gondomar a Xunta Municipal Provisional ao Servizo da República, baixo a presidencia de Pablo Nieto Virosta, estaba composta por Domingo Paulino Pazos Alonso, Manuel Martínez Pousadela, Rogelio Lorenzo González, José Cribeiro González, José Pequeño Rodríguez e Manuel Rodríguez. Unha combinación de novos republicanos e socialistas. Algúns deles, monárquicos activos no pasado, formaran parte da candidatura municipal do 12 de abril.

En Nigrán todos os concelleiros elixidos polo artigo 29 tiñan a adscrición de monárquicos liberais. Pero o 11 de abril pasan a ser republicanos rexionalistas sete dos quince edís, co alcalde Severino Alonso Gonda á fronte. O Comité provisional ao servizo da República composto, polos mestres Luís Pascual Villegas, Sebastián Pena López e Álvaro Rey Alar, ademais de Joaquín Guisande, Ramón Vidal Iglesias, e Manuel Moreda Rodríguez, todos eles simpatizantes da coalición republicano-socialista, non puideron acceder ao goberno municipal ante a oposición de Alonso Gonda,

converso á fe republicana, que constituíu a súa propia Xunta Municipal que estaba formada todos os corporativos electos e que mostrou a súa adhesión ao novo réxime.

Para a República era urxente cubrir o baleiro de poder nos concellos para evitar o desgobierno e a anarquía e para dar unha imaxe de control e normalidade, polo que deciden que os gobernos locais tomarán posesión tal como fosen elixidos nas eleccións do 12 de abril. Posteriormente procederase a investigar as reclamacións sobre o proceso electoral. No caso do Val de Miñor, por unha banda, por coacción, ao impedir os caciques locais a presentación de máis candidaturas, polo que a única lista presentada foi elixida polo artigo 29 obviando as eleccións, caso de Gondomar e Nigrán. Por outra, pola fraude levada a cabo en Baiona, xa que os electores deste concello estiveran sometidos a toda clase de presións, e pola pouca transparencia e control no recuento dos votos nos colexios electorais.

A pesar das intencións do goberno, as Xuntas Municipais Provisionais tomaron a iniciativa e fixéronse co control dos gobernos locais, polo que o ministro Maura tentou legalizar esa situación, xustificando a non constitución daquelas corporacións que foran sospeitosas de fraude electoral, a pesar de que en Baiona, Gondomar e Nigrán, non se presentaran aínda denuncias por irregularidades.

Polo tanto, as Xuntas Municipais funcionarán coma verdadeiros concellos, asumindo as súas competencias, administrando os orzamentos, asegurando a orde e garantindo a normalidade na vida cotiá. Coa bendición de Maura, convértense nas únicas institucións lexitimadas para exercer o goberno local evitando o caos que se podería producir pola deserción dos concellos monárquicos.

O médico coruñés Vicente Varela Radío, da ORGA e afín ao ministro Casares Quiroga, foi o primeiro gobernador republicano de Pontevedra. Analizou os informes enviados sobre as posibles irregularidades nas eleccións do 12 de abril e decidiu mandar un funcionario da súa confianza para que nomease as Comisións Xestoras que xestionasen, de forma interina, os concellos ata unha nova e definitiva orde. José Agudo Díaz, avogado, alto cargo da Diputación e adicto a Azaña, foi o elixido para esta misión. Levaba, ademais, o encargo de executar o R. D. do Ministerio da Gobernación de 19 de abril, que viña lexitimar a constitución improvisada dos concellos e que atopaba unha solución, dentro da legalidade, para que estes seguisen sendo republicanos: a de presentar reclamacións ao proceso electoral do 12 de abril.

Tratábase de regularizar axiña unhas corporacións que se ían constituír de forma interina como Xestoras, que non participaran e, por suposto, que non gañaran unhas eleccións. Unha premisa inescusable e obrigatoria neste proceso era a presenza de concelleiros adictos á República nos gobernos locais, xa que os republicanos non admitían que persoas pro-monárquicas, e menos os representantes dos tradicionais caciques locais, tivesen responsabilidades políticas na nova administración local.

En Gondomar, Agudo deulle o visto e praxe á creación da Xestora como consecuencia de seren estimadas como viables todas as protestas presentadas ante o Goberno Civil contra a validez das eleccións. Esas reclamacións foran enviadas a Pontevedra, polas sociedades agrarias de Donas e Borreiros, con anterioridade (19 de abril) e tiñan que ver coas coaccións e ameazas dos caciques locais que impediron a constitución doutra candidatura e polo tanto que se celebrasen as eleccións.

O delegado gubernativo acordou designar unha Xestora, a cal estará composta por un representante do Comité Republicano-Socialista por cada un dos tres distritos electorais do municipio. Despois das consultas e seguindo as recomendacións que lle fixo este Comité, Agudo Díaz designou a José Cribeiro González, mestre, militante do Sindicato de Traballadores do Ensino-UXT e, ademais, directivo da Sociedade Agraria de Donas; Pablo Nieto Virosta, ex-upetista, funcionario e presidente

da Xunta Municipal ao servizo da República e, por último, o presidente do Sindicato Obreiro de Gondomar- UXT e albardeiro de profesión, Manuel Rodríguez Gómez. Estes pactaron que o alcalde-presidente fose Cribeiro. Aínda que Nieto tiña máis ascendente político na localidade e experiencia na administración local que Cribeiro, na elección deste último pesaría a oportunidade de nomear unha cara nova e sen antecedentes de participación e colaboración co réxime monárquico.

En Baiona foron recibidos polos representantes do Comité local republicano, os cales manifestaron que o PSOE local denunciara irregularidades nas eleccións, polo que se cumprían as condicións para nomear unha Xestora. Despois do preceptivo asesoramento e consello dos líderes locais, Agudo Díaz designou a Manuel Cuña Cuña, socialista, sindicalista da UXT. e mestre na parroquia de Belesar; Joaquín Pazo Nartallo, membro do Comité Provisional da República, armador do porto de Baiona, e, posteriormente, propietario dunha pequena fábrica sita en fronte do parque da Palma, “Salgaduras Nartallo: sardiña, anchoa e bacallau” -máis tarde, chegou a ocupar o cargo de presidente da Patronal de Armadores-; por último, o industrial de conservas de peixe e ex-concelleiro monárquico Valentín Puga Franco, natural da Guarda e veciño de Baiona, que en 1927 inaugurara a súa primeira fábrica de conservas en Baiona tras comprarlle á empresa viguesa “Josefino Valeiras e irmán”. Tamén era membro do Comité Republicano, e os seus compañeiros da Xestora elixírono alcalde.

Pola tardiña chegaron a Nigrán. Recibiron o delegado gubernativo os edís que foran proclamados polo artigo 29. Os veciños alí congregados elevaron protestas en contra das pasadas eleccións, que Agudo Díaz non atendeu. O delegado tiña a orde de confirmalos, polo que deu posesión aos novos concelleiros, sete deles contaban con pouco máis dunha semana de historial republicano, e os outros abxuraron da súa condición monárquica no mesmo acto de toma de posesión. Nigrán pasaría a estar xestionado por un alcalde e uns concelleiros que foran apoiados polas elites do anterior réxime. É dicir, os *muñidores* da vitoria monárquica son os primeiros en celebrar o triunfo da República. O seu oportuno bautismo republicano serviulles a eses concelleiros ex-monárquicos para ocupar os escanos.

Parte da veciñanza non acatou a decisión tomada pola autoridade provincial de lexitimar como primeiro goberno local da República os integrantes da última candidatura monárquica. A finais de abril, decidiron elevar unha protesta asinada por uns cincocentos electores coa esperanza de que apoiase os republicanos verdadeiros e non os representantes do caciquismo.

Unha vez instaladas, as Xestoras tomaron os primeiros acordos que tiveron que ver sobre as cousas cotiás e tamén con medidas renovadoras de carácter simbólico, tales como retirar os retratos das elites monárquicas e substituílos por personaxes republicanos, ou convocar os mestres, simpatizantes cando non militantes republicanos a maioría, para animalos a que fixesen proselitismo político a favor do novo réxime nas parroquias onde exercían a súa profesión.

O mandato das Xestoras foi moi breve, a finais de maio celebráronse, na comarca, as primeiras e únicas eleccións municipais desta etapa republicana.

Capítulo 1

O CONTEXTO SOCIO-ECONÓMICO NA DÉCADA DOS TRINTA

Non é intención deste traballo facer un estudo exhaustivo e concluínte da realidade socio-económica dos municipios do Val de Miñor, senón que se trata, máis ben, dun marco de referencia en sentido descritivo que axudará a explicar o escenario político que aconteceu na comarca durante a II República. O que pretendemos, neste capítulo inicial, é aproximarnos ao espazo social e económico no que van desenvolver as elites da comarca a súa xestión política e institucional. Non cabe dúbida de que a situación laboral, a evolución de prezos e salarios, o distinto desenvolvemento dos sectores económicos, a distribución da terra, a implantación dos servizos públicos, así como aspectos demográficos concretos, tales como a emigración, xogarán un importante papel na pugna polo poder local, na acción de goberno, nas loitas electorais e na formación e composición dos partidos políticos, sindicatos e sociedades agrarias.

1.1. DEMOGRAFÍA

Respecto aos parámetros xeográficos actuais, a comarca non experimentou ningún cambio durante a II República. Estaba integrada polos municipios de Baiona, Gondomar e Nigrán, que ocupaban unha superficie total de 144,37 Km² repartidos da seguinte maneira: Baiona, é o municipio que conta coa menor superficie, ten 34,63 Km²; Nigrán é practicamente igual, con 34,90 Km² e, por último, Gondomar, que cunha área de 74,84 Km², supera a superficie total dos outros dous. Os respectivos concellos constaban na súa totalidade de vinte e dúas parroquias coa seguinte superficie:

TÁBOA 1: Superficie en Km² das parroquias de Baiona, Gondomar e Nigrán

Parroquias	Baiona	Gondomar	Nigrán
Baíña (Sta. Mariña)	7,62		
Baiona (Sta. María)	2,87		
Baredo (Sta. María)	8,12		
Belesar (S. Lourenzo)	12,07		
A Ramallosa (Sta. Cristina)	3,75		
Borreiros (S. Martiño)		4,45	
Couso (S. Cristovo)		7,9	
Cháin (Sta. María)		3,4	
Donas (Sta. Baia)		10	
Gondomar (S. Bieito)		4,5	
Mañufe (S. Vicente)		7,57	

Morgadáns (Santiago)	12,12
Peitieiros (S. Miguel)	6,12
Vilaza (Sta. María)	2,95
Vincios (Sta. Mariña)	15,87
Camos (Sta. Baia)	4,7
Chandebrito (S. Xosé)	5,12
Nigrán (S. Fiz)	5,82
Panxón (S. Xoán)	3,37
Parada (Santiago)	2,75
Priegue (San Mamede)	6,07
A Ramallosa (San Pedro)	7

FONTE: (Souto González & Souto González,1991: 53)


Por outra banda, a poboación e a evolución demográfica dos mencionados municipios mostrámolas no seguinte cadro e gráficas:

TÁBOA 2: Poboación dos municipios de Baiona, Gondomar e Nigrán

Parroquias	1910	1920	1930	1940
Baiona	4.828	5.318	5.596	6.075
Gondomar	8.281	8.219	8.219	8.570
Nigrán	6.493	6.918	6.974	7.768

FONTE: (Centro de Información Estatística de Galicia, 1987: 89)

GRÁFICO 1: Poboación de Baiona, Gondomar e Nigrán



FONTE: *Ibíd.* Elaboración propia.

En consecuencia, o conxunto da poboación do Val de Miñor presenta a seguinte evolución:

1910	19.152
1920	21.015
1930	21.271
1940	22.991

A poboación das parroquias dos tres municipios recóllese na táboa seguinte:

TÁBOA 3: Evolución da poboación das parroquias do Val de Miñor

PARROQUIAS	1910	1920	1930	1940
Baiona	1.608	1.977	2.144	1.446
Baiña	794	842	849	966
Baredo	677	667	709	695
Belesar	720	722	743	793
S. Cristina	1029	1.110	1.157	1.157
Borreiros	693	627	650	681
Couso	474	497	499	487
Chaín	475	470	486	537
Donas	956	929	910	1.013
Gondomar	1.036	1.145	1.145	1.220
Mañufe	1.030	1.007	1.025	1.069
Morgadáns	1.370	1.224	1.142	1.116
Peitieiros	647	692	689	708
Vilaza	560	556	539	541
Vincios	1.070	1.124	1.134	1.198
Camos	662	764	769	842
Chandebrito	303	310	310	341
Nigrán	1.019	1.139	1.156	1.166
Panxón	1.339	1.483	1.562	1.715
Parada	676	627	665	673
Priegue	693	813	764	922
S. Pedro	1.714	1.809	1.729	2.109

FONTE: (Souto González & Souto González, 1991: 177)

O fenómeno da emigración vai ter unha especial importancia. Por unha banda, polos efectos sobre as cifras da poboación e, por outro, polos compoñentes sociais, económicos e políticos, xa que forxou, entre os retornados e no período que nos ocupa, unhas xeracións de rentistas e clases propietarias acomodadas onde moitos deles van copar as institucións asociativas culturais, agrarias, de lecer e recreo, mesmo formarán parte da elite política local.

Tal foi o impacto da emigración sobre os ritmos demográficos das parroquias, que algunhas delas experimentaron unhas taxas de crecemento negativo ao perder poboación neta. Os traballos dos irmáns Souto González así o certifican: unha caída de -1.600 de 1921-1930 e -456 para o decenio 1931-1940. Destaca a recesión demográfica nos anos vinte, que inclúe a etapa da Ditadura de Primo de Rivera, o que vai supoñer un claro estancamento na poboación do Val de Miñor (Souto González & Souto González, 1991: 98). Os mesmos autores poñen de relevo que, no caso da parroquia de Morgadáns, o crecemento real da poboación vai ser negativo ata 1940 e con ela sufriron a diáspora máis acusada da súa veciñanza as localidades de Baíña, Sta. Cristina, Donas, Vilaza, Vincios, Camos, Nigrán, Panxón, Priegue e San Pedro.

Por iso non sorprende a constante preocupación das elites polos perigos que o fenómeno migratorio puidese supoñer para a produción agrícola do Val de Miñor, polo que non deixaban de recomendar que ese éxodo se levase a cabo de maneira organizada e equilibrada: “la emigración buena y ordenada es beneficiosa”, aseguraban desde a parroquia de Mañufe, pero o que lles pareceu alarmante e prexudicial para os intereses da mesma localidade era que, a principios de outubro, embarcasen, de vez, vinte veciños, xa que con iso se “(...) agravaría máis la cuestión agraria, debido a la falta de braceros que desde hace tiempo se venía observando”.¹

Esa diáspora non soamente influíu no déficit de man de obra para os labores do campo, senón que tamén afectou a todas as actividades da vida cotiá. A causa fundamental do abandono dos seus fogares tiña que ver coa presión demográfica sobre a terra, maioritariamente minifundista, que excedía a súa capacidade produtiva, sendo incapaz de xerar os recursos suficientes para soste a poboación agraria, o que explica a emigración aos países con economías en proceso de crecemento, en particular aos países latinoamericanos, que ademais ofrecían a vantaxe do idioma común. (Núñez Seixas, 1992: 19-20).

En termos xerais os miñoráns íanse desprazar fundamentalmente a Arxentina, Uruguai, Brasil e Cuba, países que precisaban de abundante man de obra debido á expansión das súas economías baseadas nas exportacións de materias primas e onde xogaba un papel fundamental o sector agrario. (Nogueira, 1977: 14). Así, os veciños da parroquia de Santa Cristina emigraban a Buenos Aires e Matanzas (Cuba), os de Morgadáns a Montevideo, Buenos Aires e Sevilla, os de Borreiros preferentemente a Buenos Aires e Montevideo, os de Couso a Río de Janeiro, os de Chaín a Montevideo, Buenos Aires e Lisboa, os de Donas a Montevideo, Buenos Aires e Sevilla e os de Peitieiros a Montevideo e a Cienfuegos (Cuba). (Souto González & Souto González, 1991: 99-100).

Os veciños que permaneceron no Val de Miñor, tanto as familias dos emigrantes como os retornados no seu caso, habitaron en vivendas individuais dun o dous pisos (plantas), con porcentaxes moi semellantes.

En Baiona, a documentación que se pode consultar nos arquivos municipais, respecto das propiedades, as edificacións e demais construcións, é o Libro de Rexistro Fiscal dos Concellos. Do expediente mencionado, rescatamos as seguintes series:²

1 *La Voz del Miñor*, 20 de novembro de 1924.

2 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 1293, cartafol 1293/2.

TÁBOA 4: Propietarios e inmobles construídos en Baiona.

	1927	1928	1931	1933	1935	1937
Propietarios	1.116	1.116	1.116	1.116	1.118	1.119
Inmobles construídos	1.632	1.632	1.633	1.635	1.637	1.629

FONTE: Arquivo Municipal de Baiona. Elaboración propia.

O que viña demostrar que a porcentaxe de propietarios en Baiona era moi considerable e, ademais, había que ter en conta que un número deles posuían máis dunha vivenda. A maior parte das familias eran donas do seu fogar xa que o mercado de alugueiro era reducido.

En Gondomar, os datos enviados, todos os anos, polo goberno local para a formación dos Nomenclátor contiñan sempre erros, o que provocaban a reacción do Xefe Provincial de Estatística que reclamaba a corrección dalgunhas cifras enviadas polos funcionarios dese Concello. Incluímos aquí eses datos corrixidos e remitidos e tamén o Nomenclátor de 1930, ambos por parroquias (Vivendas habitadas).³

TÁBOA 5: Vivendas habitadas do municipio de Gondomar

	1920	1930
Borreiros	156	174
Couso	110	119
Chaín	135	143
Donas	252	252
Gondomar	258	276
Mañufe	240	248
Morgadáns	313	321
Peitieiros	175	175
Vilaza	147	147
Vincios	234	235
Total	2.020	2.090

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar. Elaboración propia.

A última fonte que facía referencia ás casas habitadas procede das Xuntas Municipais do Censo de Poboación. Con respecto a Nigrán, as informacións que nos ofreceron foron:⁴

3 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 616, cartafol 616/9.

4 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 131/13.

TÁBOA 6: Vivendas das parroquias do municipio de Nigrán.

	Camos	Chandebrito	Nigrán	Panxón	Parada	Priegue	S. Pedro
1920	190	81	270	351	158	134	403
1930	260	94	316	405	169	236	521

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

1.2. ECONOMIA E SOCIEDADE

Unha aproximación á riqueza dos municipios pode vir determinada, entre outras fontes, polos estados do Repartimento veciñal, mecanismo que se empregaba para corrixir o déficit orzamentario de gastos a nivel local, provincial ou estatal, que confeccionaba unha comisión formada por membros natos e completada por outros, elixidos polos veciños. Este equipo manexaba os datos que proporcionaba o concello sobre as propiedades urbanas e rústicas, así como a industria e o comercio da localidade.

O que levou a cabo a finais de 1935 entre os municipios do Partido Xudicial de Vigo pódenos servir de mostra do valor económico de Baiona, Gondomar e Nigrán nos estertores do período republicano.⁵

TÁBOA 7: Base cotización (ptas.) concellos do Partido Xudicial de Vigo

	Por Inmobles (Urbana)	Por Industria e Comercio	Por Rústica
Baiona	15.963,32	16.037,00	36.937,71
Gondomar	7.036,07	6.018,40	77.689,07
Lavadores	80.695,13	74.725,55	98.440,11
Nigrán	7.248,60	6.227,80	62.559,32
Vigo	1.006.327,07	1.061.551,83	82.259,05

FONTE. Arquivo de Gondomar. Elaboración propia.

Á vista dos datos da táboa, podemos concluír que, en termos xerais, Baiona representaba o municipio urbano e comercial do Val de Miñor mentres que a Gondomar e Nigrán habería que adxudicarlles a categoría de rústicos. No caso do primeiro, a ausencia de litoral e a maior extensión xeográfica determinaba esa posición.

1.2.1 AGRICULTURA

No que fai referencia aos sectores económicos, o primario monopolizaba, case en exclusiva, o perfil laboral dos veciños da comarca. A agricultura era a actividade maioritaria por excelencia. Case todas as familias de Baiona, Gondomar e Nigrán

5 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 82. Documento de 15 de novembro de 1935.

eran propietarias de terra, en maior ou menor superficie. Así, nese último municipio, en 1930, 1.745 familias eran donas dos seus predios, por 140 que non. Resultaba, por tanto, que unha porcentaxe moi baixa non eran posuidoras de leiras. Pola súa banda, Gondomar tería 18.000 Ha. da superficie total dedicada a zona agrícola e montes de propiedade privada, atendida por 1.825 familias, sen contabilizar os rentistas forasteiros. A isto engadíanse 3.500 Ha de zona forestal pública.

A explotación da terra faise en réxime de minifundio. Levada a cabo unha mostraxe sobre 770 leiras no apéndice do amillaramento (contribución rústica de Nigrán 1936) comprobamos que o 80,38 % delas non chegaban ás 10 áreas de superficie. Un 16,49 % de leiras tiñan entre 10 e 25 áreas. Un 2,85 % de leiras, de 25 a 50 áreas. Soamente había unha maior de 50 áreas e outra que superaba 1 Ha.

En porcentaxes similares desenvólvese a extensión das fincas en Gondomar. Aplicado a análise sobre o documento anterior, referido a este concello, e cunha base de 476 leiras, arroxa o seguinte resultado: un 83,19% de leiras menores de 10 áreas; 12,60% entre 10 e 25 áreas; 1,05% entre 25 e 50 áreas, e por último, 4 leiras tiñan unha superficie superior a 1 Ha.

O control da superficie cultivable de Nigrán correu a cargo do Servizo Nacional Agronómico, sección Pontevedra, que elaborou unhas estatísticas agrícolas moi completas con carácter anual, pero de conservación desigual nos arquivos. Restrinxiremos os datos á superficie (en Ha) de produción das materias primas cotiás e máis frecuentes na dieta alimenticia dos veciños:⁶

TÁBOA 8: Producción agrícola en Nigrán (1930-1931-1936)

	Millo	Patacas	Trigo	Centeo	Viña
1930	26,46 Ha	26,08 Ha	4,17 Ha	7,12 Ha	96,66 Ha
1931	26,20	26,11 Ha	4,20 Ha	7,15 Ha	97,12 Ha
1936	27,70 Ha	28 Ha	0,10 Ha	0,15 Ha	76,80 Ha

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

En Gondomar, ata tres departamentos inspeccionaron os datos agrícolas: o Servizo Nacional Agronómico e o Servizo de Estatística Agrícola para o ano 1930, a Xunta Local de Informacións Agrícolas para 1931 e o devandito Servizo Nacional para 1932. Con todo, os datos aquí expostos son produto das declaracións verbais da maioría dos agricultores, co que deberán tomarse con algunha reserva.⁷

TÁBOA 9: Producción agrícola en Gondomar (1930-1931-1932)

	Millo	Patacas	Trigo	Centeo	Viña
1930	40,08 Ha	53,63 Ha	9,00 Ha	19,74 Ha	153,82 Ha
1931	39,58 Ha	54,93 Ha	8,98 Ha	20,09 Ha	153,92 Ha
1932			10,48 Ha	20,09 Ha	149,75 Ha

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar. Elaboración propia.

6 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 32, cartafol 32/1. O dato do millo en 1931 corresponde á caixa 228.

7 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 1447

Esta distribución de cultivos non permitía a produción de excedentes; en todo caso, pequenas cantidades que se comercializaban nas feiras ou mercados locais. Era maioritariamente unha agricultura de subsistencia tendente ao consumo familiar. Nese sentido os produtos máis cultivados foron o millo, a pataca e o viño.

1.2.2. INDUSTRIA-COMERCIO

A industria-comercio como actividade económica era moi limitada e relacionada entre si. En xeral estaba centrada na produción e comercialización de bens de consumo na contorna municipal ou comarcal levada a cabo de maneira artesanal; a mecanización moi escasa soamente era utilizada nalgúns industrias: aserradoiros, conservas...As posibilidades de emprego eran moi reducidas, case sempre o ámbito familiar, e con baixos salarios, o que evidencia unha insuficiente capacidade para o aforro e o consumo.

En Baiona, dúas industrias sobresaían sobre as demais: por unha banda, a fábrica de cal e o serradoiro e madeira xestionados pola sociedade limitada Barreiro e Cía., por outra a fábrica de conservas do empresario vigués Julián de Revollar, que traspasou a Valentín Puga xa durante o período republicano, e este, á súa vez, compartiu como socio, a partir de 1936, con Manuel Godoy. As dúas empresas colocaban os seus produtos na comarca e en exterior. O serradoiro chegou a facturar taboleiros a Sevilla partindo do porto de Baiona. Completaba o catálogo industrial a fábrica de xabóns de Agustí Montada e a de gasosas “Cruz Verde” de Vicente Vázquez.

En Nigrán, na Memoria económica que redactan, a finais dos anos vinte, o alcalde e o secretario do concello para a autoridade provincial, explicitábase que:⁸

“Nigrán es un ayuntamiento rural de población diseminada que cuenta como principal recurso para cubrir las atenciones municipales el producto del repartimiento general de utilidades a base de las obtenidas del cultivo de la tierra”.

A pequena industria reducíase ás panificadoras, muíños fariñeiros e algún que outro pequeno serradoiro de madeira. A comezos dos anos vinte, figuraban tamén no censo de actividades industriais catro canteiras localizadas en Tarela (Nigrán), Priegue, San Pedro e Chandebrito, que empregaban a un total de 14 obreiros.

Non moi diferente era o panorama que ofrecía Gondomar: algunhas panaderías e muíños de auga, dos que unha parte importante tendían ao servizo familiar, algún serradoiro a pequena escala e pouco máis constituían o censo industrial deste último municipio. Non existían nese Concello nin industrias fabrís nin agrícolas, excepto as sinaladas. A poboación, ademais de atender os labores agrícolas, colocábase no sector da construción ocupando os oficios de canteiro, carpinteiro ou albanel.

8 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 170, documento de 26 de xullo de 1929

TABLA 10: Establecimientos comerciais Baiona, Gondomar e Nigrán (1936)⁹

	Baiona	Gondomar	Nigrán
Ferraxería	4	1	2
Tecidos	3	3	2
Ultramarinos e Comestibles	24	18	22
Carnicerías	3	2	5
Ultranarinos	8	13	19
Tabernas e Bodegóns	14	16	5
Surtidor gasolina	1	1	
Panaderías	6	7	5
Muíños	4	12	9
Mercerías	2		
Construción cadaleitos		2	
Pirotécnicos			3
Farmacias	2	2	2
Barberías	4		1

FONTE: Arquivos Municipais de Baiona, Gondomar e Nigrán. Elaboración propia.

GRÁFICO 2. Evolución da recadación industrial



FONTE: Arquivos de Baiona, Gondomar e Nigrán. Elaboración propia.

9 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 1278. Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 1264. Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 4030 (Expedientes matrícula industrial).

Constatamos nesta táboa os principais establecementos comerciais da comarca, sendo conscientes de que algúns negocios, a pesar de que publicitaban na prensa a súa existencia, non figuran nos censos municipais.

Todos os veciños que se dedicaban á explotación de actividades industriais ou comerciais, que a efectos tributarios era o mesmo, xa que todos eles figuraban baixo o epígrafe de industrias, tiñan que satisfacer o imposto de contribución industrial anual. A listaxe nominal dos contribuíntes, que se facía efectiva todos os anos, indicábanos o número de persoas que tiñan dado de alta un establecemento con actividade económica no Concello, cun par de consideracións: por unha banda, sempre había unha pequena desviación na cantidade total polas altas e baixas que se producían en cada exercicio, e por outra, podía haber varios contribuíntes, e de feito habíaos, que cotizaban por máis dunha actividade económica, aínda que nun mesmo local, e, por tanto, o número de recibos era maior ca o número de pagadores.

Destacan en primeiro lugar os distintos establecementos que satisfacían as necesidades prioritarias da veciñanza, tales como a alimentación, seguidos daqueles que favorecían as relacións sociais, centradas, naqueles anos, en tabernas e bodegóns.

Por último, reflectir que a localización destas tendas, comercios e fábricas situábanse no núcleo urbano dos concellos e nalgunha das parroquias con poboación destacada, como Sabarís (Baiona) ou A Ramallosa e Panxón (Nigrán).

TÁBOA 11: Contribucións industriais e recadación en Baiona (1920-1939)¹⁰

	Nº recibos contribución	Recadación ptas.
1920	116	8.078,74
1930	133	23.545,08
1936	118	23.455,29
1939	110	22.683,00

FONTE: Arquivo Municipal de Baiona. Elaboración propia.

TÁBOA 12: Contribucións industriais e recadación en Gondomar (1920-1939)¹¹

	Nº recibos contribución	Recadación ptas.
1920	71	3.169,34
1930	102	12.285,54
1936	92	9.427,98
1939	79	10.177,28

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar. Elaboración propia.

10 Arquivo Municipal de Baiona, caixas 1277, 1278 e 1279

11 Arquivo Municipal de Gondomar, caixas 1262, 1263 e 1264.

TÁBOA 13: Contribucións industriais e recadación en Nigrán (1920-1939)¹²

	Nº recibos contribución	Recadación ptas.
1920	53	3.467,36
1930	78	10.671,08
1936	88	9.500,15
1939	84	9.371,48

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

O gráfico demostra, en primeiro lugar, que a industria-comercio do Val de Miñor experimentou un notable crecemento durante a etapa do Directorio, non só no número de establecementos, senón tamén no incremento da recadación grazas ás reformas impositivas levadas a cabo polo ministro de Facenda, José Calvo Sotelo, que tivo que ver cun aumento da cota para o cálculo do imposto.

Reflicte a maior capacidade industrial-comercial de Baiona, que supera, por moito, a recadación conxunta dos outros dous concellos. Ao ascenso que comeza nos últimos anos da Restauración segue un pequeno retroceso que no caso de Baiona continúa ao finalizar o período republicano, mentres que nos outros concellos, con máis peso no sector agrario, experimenta un lixeiro ascenso.

Gondomar, a pesar de contar cunha maior superficie e poboación, ía dispoñer de menos asentos contables nos rexistros de contribución industrial, cunha recadación sensiblemente inferior. Nigrán, pola súa banda, ten un comportamento moi similar.

1.2.3. PESCA

A actividade económica característica das localidades da franxa costeira do Val de Miñor, concretamente de Baiona e Panxón, foi a pesca.

O seu traballo principal consistiu na captura da sardiña. Ao principio do século XX os barcos dirixíanse aos caladoiros existentes nas costas da localidade portuguesa de Aveiro, como consecuencia do Tratado de Comercio asinado ente España e Portugal en 1883. Pero en setembro de 1913 finalizou este acordo que afectou de cheo á explotación dos bancos de pesca do veciño país. Esta situación agravouse coa aprobación en 1917, por parte do goberno luso, da ampliación ata seis millas da costa das súas augas territoriais e, por tanto, a declaración de zona prohibida para a pesca dos barcos estranxeiros, co consecuente prexuízo para a pequena frota de Baiona e Panxón. O patrón e armador González Cadilla formou parte da delegación española nas frustradas negociacións levadas a cabo entre representantes das autoridades de ambos os países para solucionar ese conflito.

Os pescadores do Val de Miñor refúxianse, agora, nos ricos caladoiros da Galicia atlántica (Rías de Vigo e Muros) que lles permitiron autoabastecerse a pesar das sucesivas crises da sardiña. Esta situación de bonanza viuse amparada polo regulamento de pesca de 1885 que, con algunhas modificacións posteriores, permitiu o libre exercicio para faenar nas augas situadas a partir das tres millas da costa, cando nas augas xurisdiccionais internacionais se esixían seis millas.

12 Arquivo Municipal de Nigrán, caixas 4029 e 4030

A meteoroloxía invernall marcaba a grandeza ou a miseria do traballo dos pescadores. En tempos de bonanza as capturas eran abundantes e os beneficios tamén. En cambio, cando os temporais aumentaban, e facíano con frecuencia, prolongándose no tempo, a ausencia de actividade colocaba os pescadores nunha situación económica difícil que se paliaba coa axuda caritativa das corporacións locais, coa colaboración do comercio e subscricións populares por medio de vales trocables por alimentos ou en racións de comida servida no Hospital Municipal de Baiona. Pola súa banda, a Sociedade Benéfica de pescadores *La Anunciada* que contaba con 400 afiliados, repartía entre os asociados bonos pola cantidade de seis ptas.¹³

A actividade pesqueira na costa do Val de Miñor, tamén experimentou unha transformación social e económica co paso dos anos, que tivo que ver cun novo concepto empresarial relativo á propiedade das embarcacións. Non sempre os investimentos nos barcos e aparellos de faenar corrían a cargo do sector propiamente pesqueiro. Algunhas veces os adiñeirados da comarca e algúns americanos retornados exercían de armadores, ás veces de forma individual e outras veces formando sociedades. Exemplo diso son o farmacéutico e comerciante da vila José Barreiro Álvarez e o rentista de Sabarís Vicente Mosquera. Da mesma parroquia, tanto Francisco Pereira Jorge como Juan Carrevedo, e Rotilio Niel entre outros, tamén investiron no negocio da pesca. A finais de 1934 a matrícula do porto de Baiona alcanzaba os 30 barcos entre vapores e motores.

A frota de Panxón tiña, aproximadamente, o mesmo número de barcos, que capturaban unhas 15.500 cestas ao ano.¹⁴ Aínda que un armador sobresaía por riba dos demais: Manuel Domínguez Macaya que chegou a ser presidente da Federación Española de barcos de pesca e contaba na súa empresa con 18 vapores, aínda que a maioría deles operaban en portos andaluces. Tamén destacan Claudino Chamorro e os irmáns Manuel e Ángel Costas Guisande.

A pesca fora o motor da economía de Baiona e seguiu sendo a industria máis significativa coa República, a demanda industrial de varias fábricas de conservas e salgadura fixo que se fornecesen da materia prima que capturaban os pescadores da comarca. Iso e a sindicación dos traballadores da mar e dos distintos conflitos que se deron trouxeron como consecuencia unhas mellores condicións de salario e de traballo para eles. A importancia das actividades pesqueiras e os seus derivados na economía de Baiona era tal que esta dependía en moitos casos da evolución daquela. Así, o ano 1933 vaise considerar para as finanzas dese municipio como de “una ligera mejoría” sobre o ano anterior debido ao mellor comportamento do sector pesqueiro.¹⁵

A cotización da sardiña variou durante todo o período republicano. O seu valor fluuaba, xa que había que ter en conta que o mal tempo orixinaba pouca oferta e, por tanto, a subida de prezos e, pola contra, as grandes caladas afundían a súa cotización, o que non facía rendible tan dura actividade, aínda que, para manter os prezos nos portos de Baiona e Panxón, os barcos desembarcaban en Vigo a parte máis importante da pesca obtida tentando conseguir un prezo digno, circunstancia que non sempre conseguían. Á parte diso, atopáronos tamén con algúns obstáculos derivados das medidas que se adoptaban á hora de efectuar as vendas. Algunhas veces as transaccións efectuábanse por centos, outras por miles e outras por cestas, e estas últimas con capacidade para 400 ou 800 unidades.

A finais da monarquía (1929) celebrouse en Vigo a Exposición Internacional de Pesca coa presenza dos concellos da comarca. Ese mesmo ano, a comezos de decem-

13 *Faro de Vigo*, 5 de abril de 1936.

14 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 185, documento de 28 de maio de 1935.

15 *La Voz del Miñor*, 13 de xaneiro de 1934.

bro e debido á escasa oferta, houbo excelentes cotizacións en Baiona: para a sardiña, 26 duros a cesta e 18 para a xouba. Con todo, en 1931 anúncianse importantes capturas de sardiña a baixo prezo e grandes cantidades de congro, que se desembarcan en Vigo. Situación similar foi a do verán de 1933, onde as extraordinarias caladas de sardiña afundiron os prezos: entre 10 e 20 ptas. a cesta. O escenario agravouse dous anos despois e, en ocasións, tirábase peixe ao mar por non atopar compradores. Cos meses, o prezo da sardiña non remontaba e isto afectou moi negativamente ao nivel de vida dos pescadores. Ao fío do golpe de xullo de 1936, tivo que intervir o gobernador civil Acosta Pan para acougar os ánimos e prometer unha revalorización da sardiña a través dunha convocatoria rexional de pesca.

Ademais de aos problemas de capturas, meteoroloxía e prezos, o sector tivo que facer fronte, tamén, ao contrabando e sobre todo á pesca con explosivos. Na primavera de 1934 e ante a chegada dun banco de sardiña, utilizouse dinamita para pescar. A prensa atribuíu a barcos dos portos de Baiona e Panxón este atentado no sur da ría. A Alianza Mariñeira de Teis encabeza unhas protestas co envío de telegramas ao ministro de Mariña e ao Director Xeral de Pesca. Crese que co uso da dinamita trataríase de manter o peixe fóra da área en que as traíñas despregan a súa actividade, o que favorecería o monopolio de certa clase de armadores e profesionais do mar.

Na réplica, González Cadilla, en nome dos armadores da comarca, rexeitou as acusacións e mostrou a súa repulsa ao uso da dinamita; recoñece que os barcos da zona detectaron as detonacións de explosivos ao mesmo tempo que identificaron o infractor: unha motora que faenaba á altura de Oia, a unhas dúas millas da costa, a cal foi denunciada diante do subdelegado de Pesca de Baiona.¹⁶

A pesar da defensa de Cadilla, os armadores de Baiona tamén participaron destas prácticas ilegais. A piques de rematar a etapa republicana, o ex concelleiro e presidente da Patronal de Pesca, Pazo Nartallo, foi condenado no Xulgado de Tui por utilizar explosivos na costa da Guarda.¹⁷

1.2.4. PRODUCTOS E PREZOS

No ramo do comercio, á parte da iniciativa levada a cabo polos establecementos privados, a actividade estivo centrada, se ás transaccións de gando nos referimos, nas feiras, tanto en Gondomar, con cinco citas por mes, días 3, 11, 15, 20 e 29, como ás organizadas pola Sociedade Agraria (González Pérez, 2014: 21) na chaira de S. Pedro de Ramallosa os días 7 e 25 despois de centralizar as que se celebraban nos lugares do Souto, A Carrasca e O Ceán. En Baiona celebrábase, na festividade de Corpus, a súa feira anual de gando cabrún e lanar. En canto á oferta e demanda dos produtos alimenticios, téxtiles e outros, o pulso comercial marcárono os mercados dos luns, que se celebraban ao aire libre en Gondomar e, sobre todo, pola súa antigüidade e dimensión, na parroquia de Santa Cristina de Sabarís.

En xeral existía un control oficial moi laxo sobre a hixiene e a calidade dos produtos que se intercambiaban neses recintos. Nin sequera se exercía unha vixilancia rigorosa sobre os prezos e soamente en contadas ocasións os alcaldes ordenaban á garda local unha inspección ante as queixas pola carestía excesiva dos alimentos de primeira necesidade. En cambio, o comercio oficial si estaba sometido a revisións periódicas das autoridades sobre os importes e calidade dos produtos.

16 *Faro de Vigo*, 11, 18 e 19 de abril de 1934.

17 *El Pueblo Gallego*, 9 de xullo de 1936.

O control sobre os prezos rexíase por unha política intervencionista dos diferentes poderes públicos. A Xunta Provincial de Subsistencias, de acordo co Goberno Civil, a través do *Boletín Oficial*, e mesmo a Alcaldía, arrogábanse as competencias para autorizar ou non os incrementos solicitados por comerciantes e industriais. Nos libros de actas das sesións plenarias era frecuente verificar os debates sobre esas demandas empresariais que case sempre eran rexeitadas e, por tanto, poucas veces atendidas.

En Nigrán a corporación ordenou aos empregados públicos a confección dun cuadrante sobre os prezos dos produtos de primeira necesidade uns meses antes da proclamación da República. Esa enquisa realízase sobre tarifas dos establecementos privados, ás veces tamén os gobernos locais asumían un papel de fiscalización dos comerciantes sobre as variables a aplicar para fixar o valor final, a base dun cálculo onde interviñan o prezo de orixe, o transporte e o beneficio industrial. Este é un exemplo:¹⁸

TÁBOA 14: Cálculo do prezo final para os establecementos comerciais de Nigrán. 1930

	Prezo orixe (100 kg)	Prezo transporte	Beneficio industrial	Prezo venta
Arroz	70 ptas.	2 ptas.	3,50 ptas.	0,70 ptas.
Aceite	188 ptas.	2 ptas.	9,50 ptas.	2,00 ptas.
Azucres	175 ptas.	2 ptas.	8,85 ptas.	1,85 ptas.
Bacallau	200 ptas.	2 ptas.	10,20 ptas.	2,12 ptas.
Patacas	20 ptas.	2 ptas.	1,10 ptas.	0,22 ptas.
Feixóns	50 ptas.	2 ptas.	2,60 ptas.	0,65 ptas.
Garavanzos	165 ptas.	2 ptas.	8,35 ptas.	1,75 ptas.
Fariña	75 ptas.	2 ptas.	3,85 ptas.	0,79 ptas.

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

Respecto aos prezos dos produtos que se ofertaban nos mercados abertos de Sabarís, Gondomar, Nigrán e Baiona. e preciso sinalar, que durante a etapa republicana, a prensa comarcal non publicou, con tanta asiduidade como en períodos anteriores, a listaxe comparativa das taxacións dos produtos cotiáns máis demandados e, por conseguinte, da súa influencia sobre a capacidade adquisitiva e o nivel de vida dos habitantes do Val de Miñor. Con todo, as poucas mostras que temos son moi indicativas do esforzo que tiñan que facer as clases populares para poder subsistir.

TÁBOA 15: Prezos mercados Sabarís e A Ramalloa (1931)¹⁹

	Mercado de Sabarís	Mercado da Ramalloa
Millo ferrado	6,00	6,50
Centeo ferrado	5,75	.

18 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 32, cartafol 32/8. Documento de 23 de outubro de 1930.

19 *Faro de Vigo*, 19 de febreiro de 1931, *El Pueblo Gallego*, 9 de abril de 1931.

Trigo ferrado	7,00.	
Feixóns ferrado	4,75	
Feixóns kg		0,45
Manteiga kg	5,50	
Touciño kg		4,00
Patacas comestibles kg		0,50
Patacas semente kg		0,40
Ovos ducia		1,65

FONTE: Elaboración propia a partir del Pueblo Gallego e *Faro de Vigo*

Debe terse en conta que o ferrado de millo equivalía na provincia de Pontevedra a 16 kg. Se era de trigo ou centeo, 13 kg. E se o ferrado era de feixóns equivalía a 17 kg. En tanto o quintal galego para as patacas era de 57,5 kg²⁰.

Pola súa banda, en marzo de 1931, a tenda de ultramarinos de Baiona “*El Universo*”, un dos provedores do Hospital Sancti Spiritus, remitía ao concello unha factura correspondente a este pedido na que figuraba a seguinte listaxe de prezos.²¹

TÁBOA 16: Prezos Ultramarinos *El Universo*

1 kg	Ultramarinos <i>El Universo</i>
Azucre	1,75
Pataca	0,20
Arroz	0,80
Aceite litro	1,80
Café	11
Fideos	1,50
Garavanzos	1,80
Fariña	0,80
Xabón 3 kg	4,50
Viño litro	0.80
12 Caixas mixtos	0,60

FONTE: Arquivo Municipal de Baiona.

O pan era a materia prima, por excelencia, en todos os fogares. As tafonas estaban sometidas á vixilancia de sindicatos, sociedades agrarias e gobernos locais non só con respecto ao peso e ao prezo, senón tamén en canto á calidade, que, por veces, deixaba moito que desexar “el pueblo va a morir de indigestión porque

20 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 1447, cartafol 1447/6.

21 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 888

a pesar de que agora el pan tiene un kilo, no es pan sino masa” afirmaba o alcalde de Gondomar Pablo Nieto.²²

Todos os anos, as actas municipais recollen sucesivas peticións de suba do pan ou para mellorar as marxes da tolerancia do repeso, como tamén, por outra banda, as requisas de remesas de pan que non cumprían coa normativa municipal.

Respecto ao consumo, nunha estatística enviada pola Dirección Xeral de Seguridade a Gondomar en 1935 respecto á industria panificadora, a corporación dará conta de que no municipio estaban en servizo sete panaderías, que o consumo medio de pan era de 750 kg/día.²³ En Nigrán, pola súa banda, 700 kg diarios de fariña non lle chegaban, o que levaba os panadeiros a abastecerse noutros mercados ante a insignificante colleita deste cereal nesta localidade.²⁴

A carne, pola súa banda, era un produto que, dada a súa carestía, se consumía con máis frecuencia nos fogares das familias acomodadas. A pesar disto, a finais da Monarquía, as aglomeracións nas carnicerías de Baiona obrigaron o goberno local a enviar un garda local nas horas de despacho.

A franxa de prezos dos diferentes tipos de carne non variou moito ao longo da República:²⁵

VACA

Sen óso	4,00 ptas./kg
Primeira, con 25% de óso	3,20 “
Segunda, man e agulla	2,30 “
Terceira, peito, faldra etc.	1,40 “

TENREIRA

Sen óso	5,00 ptas./kg
Primeira	3,80 “
Segunda	3,20 “
Terceira	2,20 “

Ao ano seguinte o alcalde de Gondomar informaba o seu homólogo de Tomiño dos prezos da carne de vaca nos establecementos dese concello.²⁶

Sen óso	4,00 ptas./kg
Con óso	3,60 “
Terceira	2,80 “

Estas tarifas, para entrar en vigor, necesitaban a aprobación da autoridade provincial e a súa publicación no *Boletín Oficial*. Nalgunha ocasión o Goberno Civil devolveu a listaxe de prezos enviados por Gondomar por consideralos excesivos, pois eran mesmo superiores aos que se pagaban na capital da provincia. As súas emen-

22 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 22, Libro de Actas 22/3. Sesión plenaria 11 de setembro de 1931.

23 *Ibid*, caixa 83, cartafol E, 25 de marzo de 1935.

24 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2085, Libro de Rexistro de Saída. 2085/3. Documento de 14 xullo de 1935

25 *La Voz del Miñor*, 11 de xullo de 1931.

26 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 124, cartafol 124/1, Libro de Rexistro de Saída (10-6-1932).

das recomendaban, tamén, incrementar os impostos pola venda de carne, pois neste caso, os carniceiros locais tiñan máis exencións ca os da capital. O gobernador convidou o alcalde a que lle propoña outros prezos.

“Que estén máis en armonía con los intereses de ese vecindario a los que como administrador suyo debe de atender en primer lugar, pues si son muy sagrados los de los industriales, no son menos los del público, que aparte de pagar íntegro su importe, la mayoría de las veces, o le dan exceso de hueso o falta de peso”.²⁷

Estes negocios foron tamén un conflito permanente e común na comarca polos problemas de abastecemento, prezo e calidade da carne. A carnicería de Sabarís, que presumía de vender o produto máis económico no concello, tivo que facer fronte ás queixas dos clientes por non abaratar os prezos da carne despois de que se houbera depreciado o valor do gando.

“Los precios de las tablaerías siguen lo mismo que cuando el ganado estaba caro, lo que hace suponer que los abastecedores...están faltando a su deber”.²⁸

O leite era un produto autosuficiente na maioría das parroquias. Fornecíase nos núcleos urbanos por veciñas do rural, sen ningún tipo de control respecto aos prezos e só cando se presentaban queixas dos clientes o concello inspeccionaba a súa calidade, que case sempre tiña que ver coa cantidade de auga que se mesturaba co lácteo. Tamén xurdían polémicas a conta dos recipientes usados no envasado e transporte do produto; a corporación de Baiona pediu que se prohibise o uso, polas leiteiras, de vasillas de ferro ou esmalte, xa que se oxidan; que se autoricen só as de aluminio.²⁹

O viño era outro elemento esencial na dieta alimenticia dos veciños do Val de Miñor, fundamentalmente para os campesiños. Tanto era así que a corporación de Baiona suprimiu, a finais de 1931, o imposto aos colleiteiros de viño que se dedicaban ao consumo particular.

Era difícil de valorar a súa taxación, xa que aos condicionantes propios do mercado en relación coa dimensión da colleita, uníase a súa calidade, tendo en conta o que denominaban como viño novo, sempre máis valorado e mellor pago ca o chamado viño vello, e, por último, atopabámonos con outras dificultades engadidas debido á medida empregada: a pipa, de discutida capacidade e localización, xa que, segundo as zonas, empregábanse recipientes de 250 ou 500 litros, ou ambos. Sirva como referencia que a pipa de viño novo alcanzou en S. Pedro (Nigrán) as 125 ptas.³⁰

O certo era que o viño local se dedicaba case exclusivamente ao consumo interno e coa ameaza das importacións de caldos de maior calidade doutras rexións, tal como recoñecía o concelleiro socialista Rogelio Lorenzo, xa ben entrada a República: “sabido es que los vinos del país no pueden competir con los de afuera por su inferioridad”.³¹

27 *Ibid.*, caixa 228, documento de 9 de marzo de 1931.

28 *Faro de Vigo*, 13 de marzo de 1932.

29 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, cartafol 54/1, sesión plenaria de 7 de marzo de 1932.

30 *La Voz del Miñor*, 16 de decembro de 1933.

31 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 23, Libro de Actas 23/4. Sesión plenaria de 15 de outubro de 1934.

Este produto alcanzou tanta transcendencia sobre a vida cotiá local que estivo presente no debate político e na orde do día da Asemblea de alcaldes de Pontevedra, en outubro de 1932, onde aprobaron elevar ao goberno unha protesta en contra de que aos viños galegos se lles esixa unha gradación non inferior aos 8º, o que significaría “el fenecimiento de nuestra producción vinícola y la ruina de nuestros viticultores”.³²

Por último, o calzado era un accesorio básico na vestimenta da veciñanza e a súa fabricación artesá corría a cargo dos zapateiros, cuxa carga de traballo consistía, tamén, na súa reparación e arranxos. A Zapatería de Manuel Magariños no barrio dos Cotros da Ramallosa ofrecía as seguintes tarifas:³³

1º.- Solas de zapatos home cosidas	7 ptas.; cravadas	6,00 ptas.
2.- Solas de zapatos señora cosidas	4 ptas.; cravadas	3,50 ptas.

1.2.5. SALARIOS

Despois de fixarnos nos prezos das materias primas, dos produtos de primeira necesidade e dalgúns servizos, trataremos agora de valorar o nivel de vida dos funcionarios municipais atendendo aos seus salarios:

TÁBOA 17: Salarios dos empregados municipais en Baiona³⁴

	1920	1930	1936
Secretario	2.000	5.000	5.000
Adm. 1º	1.500	3.500	3.500
Adm. 2º	600	2.500	2.500
Depositario	999	1.450	1.450
Cabo	1.065,8	2.160	
Policía	992,25	1.800	1.800
Médico	1.825	2.525	3.500
Practicante	100	500	1.050
Veterinario			3.000
Farmacéutico	816	906	2.750
Matrona		1.000	1.050
Dir. Música		2.000	2.000
Varredor		1.440	1.600
Ordenanza		1.800	1.800

FONTE: Arquivo Municipal de Baiona. Elaboración propia.

32 *Ibid.*, caixa 22, Libro de Actas 22/4, sesión plenaria de 17 de outubro de 1932.

33 *La Voz del Miñor*, 25 de marzo de 1933

34 Arquivo Municipal de Baiona, caixas de expedientes de orzamentos nº desde 875 a 888.

TÁBOA 18: Salarios dos empregados públicos en Gondomar³⁵

	1920	1930	1936
Secretario	4.000	6.500	6.500
Adm. 1º	1.751	3.200	3.200
Adm. 2º	1.751	2.500	2.500
Aux. Secretaría		1.500	1.500
Depositarario	500	1.000	1.000
Alguacil	400	1.050	1.414
Garda xurado		1.050	1.300
Carteiro	150		
Médico	2.000	2.750	3.500
Practicante	500	750	1.050
Veterinario	250	1.750	3.500
Farmacéutico	1.358	1.000	2.750
Matrona		750	1.050
Insp. Hixiene	365		
Varredor		260	260
Celador reloxo		150	200
Conserxe matadoiro			400
Perito aparelador			400

FONTE: Arquivo Municipal de Baiona. Elaboración propia.

TÁBOA19: Salarios de los empregados públicos en Nigrán³⁶

	1920	1930	1936
Secretario	2.500	5.000	5.000
Adm. 1º	1.500	2.500	3.000
Aux. Secretaría		2.000	3.000
Alguacil	800	1,244,50	1.500
Médico	1.500	2.200	3.500
Practicante		500	1.050
Veterinario	350	1.200	3.500

35 Arquivo Municipal de Gondomar, caixas de expedientes de orzamentos 729-745-759

36 Arquivo Municipal de Nigrán, caixas de expedientes de orzamentos 1375-1384-1391

Farmacéutico	600	1.051	2.750
Matrona		250	1.050
Insp. Hixiene	365	600	
Perito aparelador		200	500
Carteiro	200		
Limpeza matadoiro		370	370

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

Algúns empregados municipais, neste período, experimentaron un significativo incremento nos salarios. Xa en xaneiro de 1932, o goberno obrigou os concellos a unha forte suba da nómina dos farmacéuticos. Pero foi en 1934, como consecuencia da aplicación da Lei de Coordinación Sanitaria, cando os aumentos se estenderon ao sector sanitario (médico, veterinario, practicante e matrona). En principio todos os concellos elevaron protestas ao goberno polo impacto que esa medida tería na súa Tesourería e non contemplaron esas subas nos orzamentos. Só a ameaza do Delegado de Facenda de non validar as súas contas públicas levounos polo camiño da legalidade.

En canto aos funcionarios estatais, pódennos servir como referencia as nóminas dos mestres de Gondomar coa suba de soldo, xa contemplada, no primeiro orzamento propiamente republicano

TÁBOA 20: Salarios mestres nacionais. Gondomar 1932³⁷

Mestres	Ptas.
D. Enrique Rodríguez Márquez (director)	6.000
D ^a Valentina Cao-Cordido (directora)	5.000
D. José Goldar Picans	4.000
D. Eladio Ferreiro Otero	3.500
D ^a Eva Bacelar Besteiro	3.500
D ^a Dula Reboredo Rodríguez	3.500
D. José González Gómez	3.000
D ^a Margarita Tojal Dancausa	3.000
D ^a Dolores Paz Garrido	3.000
D ^a Herminia Cid Arribas	3.000
D. Luciano Cores Iglesias	3.000
D. Antonio Bernárdez Barros	3.000

FONTE: *Faro de Vigo*

³⁷ *Faro de Vigo*, 4 de febreiro de 1932.

Os dous mestres da escola de Baiona o comenzo da República: el cobraba 4.000 e a mestra, 3.000 ptas.³⁸

O clero rural, pola súa parte tiña unha asignación de 1.825,25 ptas./ano. O que suponía 5,15 ptas ó día. Semellante aos xornaleiros. (Carballo, 1995: 155).

Pola súa banda, os salarios dos xornaleiros por día traballado aprobábanos as corporacións municipais tras o informe perceptivo da Xunta de Clasificación e Revisión.

En Gondomar os xornais agrícolas para 1931 foron os seguintes:³⁹

TABOA 21: Prezo dos xornais agrícolas ptas/día en Gondomar 1931

	Xornal máximo	Xornal medio	Xornal mínimo
Gañan	2,50	2,00	1,50
Xornaleiro	6,00	5,50	5,00
Muller	5,00	4,50	4,00
Mozo	4,50	4,00	3,50.

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar

No período republicano produciuse unha conxelación, incluso unha redución dos salarios agrícolas en xeral. Así en Gondomar o xornal medio baixou en 1932 ata as 5 ptas./día e mantívose neses niveis ata 1936. Con todo foi neste concello onde os xornaleiros estiveron mellor pagos, xa que en Nigrán, por esas datas, o salario medio estaba en 4,50. Pola súa banda, Baiona, quedou nas 4 ptas./día. Ao rematar a República as retribucións dos xornaleiros seguían depreciándose.

Respecto a outras profesións e ante a ausencia de relacións de persoal, atopamos cifras soltas que nos poden valer de referencia: a comezos de 1931, un canteiro gañaba en Nigrán 8 ptas diarias e os peóns e albaneis de Baiona entre 5,50 e 7,00.⁴⁰

1.2.6. TURISMO

O turismo de praia supuxo un forte atractivo para a comarca. A presenza de visitantes e bañistas, durante a tempada estival, experimentou un crecemento, con respecto aos tempos pasados, coa consecuente actividade social e económica para a industria: hoteis, pensións e alugueiro de vivendas unifamiliares que fixeron fronte á demanda de familias madrileñas, galegas e do resto da Península.

Baseándonos en cifras oficiosas publicadas na prensa, os turistas contabilizados en Baiona nos primeiros tempos da República foron:⁴¹

38 *La Voz del Miñor*, 14 de marzo de 1931.

39 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 80, Servicio de Estadística Agrícola, 7 de decembro de 1931.

40 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 99, cartafol 99/19. Documento de 28 de febrero de 1931.

41 *Faro de Vigo*, 23 de agosto de 1931, 16 de agosto de 1932 e 10 de agosto de 1934.

TÁBOA 22: Número de turistas. Baiona 1931-1932-1934

Datas de rexistro	Familias	Total persoas
1931. Ata o 21 de agosto	157	836
1931. Ata o 29 de agosto	171	872
1932. Ata o 10 de agosto	158	768
1934 Ata o 10 de agosto	140 (aprox.)	1.000 (aprox.)

FONTE: *Faro de Vigo*

O turismo converteuse nun dinamizador do Val de Miñor e da súa economía. As clases acomodadas que elixían esta zona para veranear tiñan que darse présa para reservar a praza hostaleira ou apalabrar o alugueiro dunha casa, xa que a finais de maio a oferta de vivendas estaba practicamente esgotada.

A época estival supuña un aumento considerable da poboación do centro urbano de Baiona. Un fervedoiro de turistas rompía a monotonía social da vila e amontoábase no paseo de Elduayen. Moitos deles eran estranxeiros de visita que, tras desembarcar os transatlánticos no porto de Vigo, achegábanse a Santa Trega⁴² (A Guarda) pasando por esa vila para gozar dos seus atractivos. Este ambiente incrementábase en agosto, concretamente coa celebración da Festa da Anunciada, xa que a compañía dos tranvías aumentaban a frecuencia dos traxectos o que supuña o acceso de xentes de Vigo e de toda a comarca.

Con todo, algunhas cuestións, xa criticadas no pasado, seguían sen resolverse. Así, a finais dos anos vinte, facíanse queixas do pouco que se ofrecía aos turistas en Baiona, “el remojo matutino en la playa de la Concheira y el charleston y el fox en una desmantelada sala”. A prensa lamentábase de que Baiona nunca soubo atraer os turistas renunciando por iso aos investimentos foráneos e a converterse na *San Sebastián gallega*.⁴³ Fundamentalmente censurábase o pouco apoio do goberno local á programación dunhas actividades lúdicas que fose do agrado dos visitantes e que servise para ocupar o lecer e o tempo libre, por unha banda, e melloras nos servizos públicos por outra. E iso que algo se avanzou, como a renovación do mobiliario urbano nos paseos principais, concertos de música para amenizar as xornadas vespertinas e nocturnas, uniformes novos para os gardas municipais, mesmo se colocaran unhas luces no paseo cara ao rompeolas para que se puidese retornar á vila, evitando a escuridade, despois de gozar das postas de sol.

Outras actividades lúdicas que destacaban eran os deportes acuáticos, o cinema e o teatro. No verán de 1934, Baiona exhibe dúas novidades: inaugúrase o cinema sonoro e reábrese ao público o Balneario da Praia Concheira recentemente reformado. Pola súa banda, o antigo Teatro Cabanillas sufrira continuos arranxos e cambios de propiedade; desde o filántropo Ángel Bedriñana ata, xa en plena República, o alcalde Vicente Vázquez ou Aurelio Rey Alar. Agora levantaba o pano como un atractivo máis para ofrecer aos visitantes e coas seguintes tarifas.⁴⁴

42 *El Pueblo Gallego*, 1 de maio de 1930

43 *Ibíd.*, 31 de xullo de 1928

44 *Faro de Vigo*, 21 de agosto de 1930

TÁBOA 23: Prezos do teatro de Baiona

Localidades	Pesetas
Palcos (filas de la 1ª a la 4ª)	20
Palcos (filas de la 4ª a la 7ª)	15
Butacas	3
Preferencia	1,5
Xeral	0,60

FONTE: *Faro de Vigo*

Unha situación manifestamente mellorable era corrixir o abuso constante dos nativos, especialmente os nenos, cara aos visitantes. Xa nos estertores da monarquía levaron a cabo en Sabarís canalladas contra automóviles que levaban turistas ingleses a Baiona. O alcalde promulgaba, ao comezo de cada verán, bandos municipais con normas de conduta para rematar, dunha vez por todas, coas molestias que ocasionaban os ambulantes e nenos mendicantes que tentaban vender cunchas e postais, ao mesmo tempo que pedían esmola acosando os viaxeiros. Veciños e comerciantes sentíanse preocupados da opinión que puidesen levar os turistas “¿Qué concepto se habrán formado de nuestro pueblo...de nuestras autoridades...de nuestra cultura?”⁴⁵

A actividade turística foi cada ano a máis. A poboación, en xeral, tomou conciencia da importancia que significaba a presenza de visitantes para a súa economía, para o que se necesitaba dar a imaxe dunha vila coidada e aseada. As autoridades locais exhortaban, ano tras ano, os veciños a que desen mostras de decoro e hixiene co fin de conseguir unha vila limpa e pulcra á vista dos turistas, incluso os que se achegaban en Semana Santa “...que no desmerezca la parte urbana de la natural, belleza con que pródigamente fue dotada”. O edicto da Alcaldía era repetitivo todos os anos:

“1.- Que todos los dueños de edificios lindantes con las vías públicas se proceda a su pintura o blanqueo exterior, así, como en los habitados, al interior de toda clase de viviendas y habitaciones.

2.- Que tales operaciones han de ser realizadas durante todo el presente mes de marzo, pues, pasado el mismo, se efectuará una inspección general de edificios y viviendas y se obligará por todos los medios legales, al cumplimiento de lo que se ordena, a todos los que no hayan atendido la presente excitación de la Alcaldía.

Del civismo de todos, y de su amor al pueblo, espero se obedecerá debidamente esta indicación, evitando así la adopción de medidas de rigor, que en cumplimiento de los deberes de mi cargo, y en beneficio general, me hallo en absoluto dispuesto a emplear, si la resistencia, que no espero, de algunos, lo hiciera así necesario”.⁴⁶

Ao atractivo turístico de Baiona engadiuse o de Praia Lourido. Este areal non podía competir en número de bañistas estables con Baiona. Os seus inicios estiveron máis ligados ao disfrute ocasional de fin de semana entre os veciños do Val de Miñor e sobre todo de Vigo que gozaban das paisaxes e da area, como moito nunha xornada. Pero cara ao final da década dos vinte a prensa facíase eco de que moitos forasteiros preguntaban por casas en Panxón para pasar a tempada estival.⁴⁷

45 *Ibíd.*, 19 de setembro de 1929

46 *La Voz del Miñor*, 15 de marzo de 1930. Asinado o alcalde Julián de Revollar.

47 *Ibíd.*, 16 de xuño de 1928.

O promotor do impulso turístico desta contorna foi o empresario e filántropo Manuel L. Lemos. Levou a cabo a compra e explanación de terreos, así como a captación de auga para a edificación, nos últimos anos monárquicos, de varias casas en primeira liña de praia que o empresario destinou, en principio, a alugueiro, e do Hotel Praia América cun salón anexo, Pavillón Bleu, que será o centro social, por excelencia, dos veraneantes e onde os seus espectáculos musicais marcarán, cada ano, o comezo e o peche da tempada estival nesta zona de Lourido que axiña pasou a chamarse Praia América por desexo de Lemos a pesar dalgunha tímida discrepancia.⁴⁸

En maio de 1931, Lemos presenta á corporación o proxecto dunha estrada que se construíría con fondos propios, pero que sería de servizo público e ao seu remate formaría parte do inventario municipal. Dita vía transcorrería á beira da praia; arrincaría no campo de deportes de Lourido ata o lugar de Canido, coa posibilidade de estendela, máis tarde, ata Panxón.

En 1932 o concello aproba o convenio urbanístico. O devandito pacto, non exento de polémica, contemplaba a cesión para Lemos dos terreos sobrantes da obra co fin de instalar mobiliario urbano e servizos para os futuros turistas.⁴⁹

No outro extremo da praia a iniciativa privada, fundamentalmente fortunas ourensás, levan a cabo nas dunas de Panxón a edificación de vivendas unifamiliares co consentimento de todas as institucións políticas, sindicais e agrarias, ata constituír a súa propia colonia.

A crecente chegada de turistas provoca a convocatoria de reunións co fin de dinamizar o lecer nas estancias estivais. Así, no verán de 1934 créase, por turistas e elites locais, o *Sindicato de Iniciativas Pro Praia América* co fin de realizar un labor publicitario das belezaas naturais do municipio e tamén levar a cabo un programa de festexos e actividades deportivas e artísticas para atraer e reter os viaxeiros que elixían Nigrán como o lugar de vacacións.⁵⁰

Con estes atractivos naturais e sociais non era estraño ver empresarios ou personaxes populares do mundo da cultura ou da política, nacionais ou estranxeiros, veraneando na costa do Val de Miñor: o alcalde de Tui, José Garra; o escritor Eduardo Blanco Amor ou o expresidente de Portugal Alfonso Costa en Baiona. Pola súa banda Gustavo Kruckenberg (naviero de Hamburg América Line) e Miguel Fleta (tenor) en Praia América.

A chegada de turistas para Baiona e Praia América significou negocio, bulicio e actividades lúdicas. Pola contra, o fin da tempada estival e a chegada do frío retraía a un tempo húmido e aburrido xa que “dentro de unos meses Baiona se sumergirá en la soledad y lóbreguez características de los meses de invierno”.⁵¹

No capítulo dos servizos públicos, a prestación do correo era moi deficiente, xa que, para enviar un telegrama, os veciños de Gondomar e Nigrán tiñan que despra-

48 *Ibíd.* 23 de agosto de 1930

49 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2037, Libro de Actas 2037/4. Sesión plenaria de 11 de setembro de 1932.

50 Relación da súa primeira directiva: Presidentes honorarios: O alcalde de Nigrán e Manuel L. Lemos. Presidente efectivo.- Gustavo Kruckenberg; vicepresidente, Arturo Vila Gama; secretario, Fernando Otero; vicesecretario Francisco Torregrosa; tesoureiro, Perfecto Espiñeira; contador, Manuel Calvo Lago; vogais, Antonio Villahermosa, Gil Torre, Arturo Villanueva, Teodoro de las Llanderas, José G. Reboredo, Martín Barreiro, Álvaro Elices de Gasset, Manuel Manrique de la Hoz, Moisés Domínguez González, Carlos M. Spuch, José Luis Hermida, Andrés Abal Ozores, José R. Sanromán, Román de Lis, Benjamín Calvo Areal, Waldo F. Serra, Ignacio Barros, Ramón Rubido e José Ramón Fontán. *Faro de Vigo*, 5 de agosto de 1934.

51 *La Voz del Miñor*, 27 de agosto de 1932.

zarse a Baiona, donde se ubicaba a oficina de Telégrafos, así como para tramitar algún envío postal ou efectuar algunha reclamación, debido a que non contaban cunha estafeta de Correos, senón cunha simple carteiría rural, a pesar de ser o servizo máis prometido polos políticos cando se celebraban eleccións. Por outra banda, os tres concellos dispoñían de teléfono interurbano. Na comarca non existía servizo público de auga corrente nin rede de sumidoiros. En canto aos transportes, á parte da liña de autobuses, a comunicación máis importante corría a cargo dos tranvías desde 1926, que comunicaba os concellos da comarca entre si e con Vigo.⁵²

VIGO-BAIONA-GONDOMAR

(Ferrocarril eléctrico)

Saídas de Vigo-cidade: 7,45; 10,33; 11,57; 13,21; 16,09; 18,57; 20,21; 21,45.

Saídas de Baiona (o Gondomar): 6,21; 7,45; 9,09; 11,57; 13,21; 14,45; 17,33; 20,21.

1.2.7. NIVEL DE OCUPACIÓN LABORAL E DESEMPREGO

A nivel social, os municipios encargábanse dos servizos sanitarios e de beneficencia a favor das clases menos favorecidas, proporcionando de maneira gratuíta a atención médica e os medicamentos, ao mesmo tempo que Gondomar xestionaba o ingreso e a estancia no Hospital Provincial de Pontevedra dos pobres que necesitaban ser operados ou tratados de enfermidades graves, tamén tiña un concerto co Instituto Antirrábico e, por último, facilitaba socorro aos anciáns desvalidos e impedidos e colaboraba coa asociación privada *Asilo e Hospitalillo* nas tarefas de beneficencia. Baiona, en cambio, contaba, desde moi antigo, cun hospital municipal sostido con fondos públicos e atendido por monxas franciscanas, que cubría a atención sanitaria e de auxilio.

Esta aproximación á realidade socioeconómica dos municipios do Val de Miñor estaría incompleta sen unhas breves referencias á ocupación laboral e ao desemprego. Antes da chegada da República, os alcaldes informaban sobre os distintos requirimentos que, sobre a situación laboral, lles facía o Goberno Civil coa mesma resposta: nos seus municipios non existían parados, o que se explicaría pola circunstancia de que a propiedade da terra estivese tan repartida, a ausencia de industrias de importancia e a falta dun censo de desocupados. Pero co novo réxime, a proliferación da militancia sindical, a aprobación de leis laborais e o control que exerce sobre as listaxes de ocupados e parados o Ministerio de Traballo a través dos centros de colocación, creados a partir de 1932, van conseguir que se difundan o número de desempregados dos Concellos, información que as autoridades locais solicitarán aos sindicatos e sociedades agrarias.

A documentación atopada nos arquivos municipais non nos permitiu confeccionar series completas anuais, nin en todos os Concellos nin en todos os anos, pero si nos dan a suficiente información para saber o grao de ocupación e desemprego existente na comarca, na segunda metade do período republicano. No Arquivo de Baiona, consultando a caixa 99. Arquivo de Gondomar as caixas 83,84 e 478. Arquivo de Nigrán, caixas 185 e 227.

Así, en Baiona, a nivel de obreiros parados da construción, as cifras oficiais eran as seguintes:

52 *Ibid.*, 16 de novembro de 1929

TÁBOA 24: Número de parados no municipio de Baiona (1933-1936)

Paro completo	Paro parcial	Total	Meses	Años
46	52	98	Xullo	1933
15	32	47	Xaneiro	1934
27	57	84	Xullo	1934
17	62	79	Xaneiro	1935
27	57	4	Xullo	1935
32	52	84	Xaneiro	1936
300	107	407	Xullo	1936

FONTE: Arquivo Municipal de Baiona. Elaboración propia.

De Gondomar apenas temos información do número de desocupados do sector da construción, excepto algunhas notas que o Sindicato do Ramo da Edificación de Gondomar e os seus contornos enviou a esa corporación.

TÁBOA 25: Número de parados, sector construción en Gondomar (1933-1934)

Data	Canteiros	Carpinteiros	Albaneis	Peóns
Xullo de 1933		2	0	10
Xaneiro de 1934	8	10	7	6

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar. Elaboración propia.

En abril de 1936 dita organización obreira comunicou ao goberno local da Fronte Popular que había 1.200 parados, dos cales 1.000 pertencían ao campo e 200 á construción. As táboas que seguen recollen o desemprego noutras actividades laborais:

TÁBOA 26: Número de parados en Baiona sector madeireiro (1934-1936)

	1934	1935	1936
Xullo	5	5	20
Xaneiro		6	9

FONTE: Arquivo Municipal de Baiona. Elaboración propia.

TÁBOA 27: Número de parados sector mariñeiro en Baiona (maio-xullo 1936)

1936	Completo	Parcial	Total
Maio	208	80	288
Xuño	248	40	288
Xullo	200	88	288

FONTE: Arquivo Municipal de Baiona. Elaboración propia.

Os xornaleiros en paro en Baiona eran un total de 93.

En Nigrán, as primeiras cifras de parados facían referencia ao campo e ao mar. Así, en setembro de 1933, contabilízanse 350 xornaleiros desempregados, 23 na construción e 35 mariñeiros. O sector da construción nese ano de 1933 constaba de 57 obreiros, dos cales 34 (59,64%) traballaban e 23 (40,35%) estaban no paro. A distribución por oficios dentro da construción era como segue:

TÁBOA 28: Número de parados e empregados na construción. Nigrán 1933

	Canteiro	Oficial	Carpinteiro	Albanel	Peón
Traballo	6	6	4	2	16
Paro	4	1	6	1	11

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

Cuantificados por parroquias quedarían:

TÁBOA 29: Número de parados e empregados na construción en Nigrán 1933.

	Ocupados	Paro
S. Pedro	27	19
Panxón	2	1
Nigrán	5	3

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

A evolución do número de parados, incluídos os agrícolas, no devandito municipio foi a seguinte:

TÁBOA 30: Paro en Nigrán (1934-1936)

	1934	1935	1936
Xaneiro		339	364
Febreiro		350	373
Marzo	414	370	386
Abril	337	382	611
Maio		386	634
Xuño	322	376	651
Xullo	288	362	
Agosto	269	350	
Setembro	269	334	
Outubro	294	339	
Novembro	299	347	
Decembro	298	352	

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

Capítulo 2

OS CAMBIOS LEXISLATIVOS NA II REPÚBLICA

Tras a proclamación da Segunda República, as novas autoridades recuperaron provisionalmente a lexislación monárquica, a Lei Municipal de 1877, como base para a organización política local mentres non se aprobaba unha norma republicana, relegando o Estatuto Municipal como fonte lexislativa secundaria. En canto á convocatoria, organización e desenvolvemento dos comicios, a República non contou, no seu período de vixencia, cunha lexislación electoral propia, senón que sobre a base xurídica da Lei Electoral do 8 de agosto de 1907 aplicáranse os cambios contemplados no Decreto de modificación desa mesma lei aprobado o 8 de maio de 1931, na Constitución da Segunda República Española do 9 de decembro de 1931 e, por último, na Lei de modificación da anterior Lei de 1907 e do Decreto do 8 de maio de 1931 aprobado pola coalición republicano-socialista o 27 de xullo de 1933.

Segundo esa cronoloxía lexislativa, as eleccións locais de maio e as constituíntes de xuño celebráronse de acordo coa mencionada Lei Maura do 8 de agosto de 1907, con algunhas modificacións importantes que introduciu o sinalado Decreto do 8 de maio de 1931.

Entre eses cambios destacaremos:

1.- Que serán elixibles todos os españois maiores de 23 anos, incluídas as mulleres e os sacerdotes.

2.- Substituíuse a elección por distritos pola de circunscricións provinciais. O número de deputados a elixir será de un por cada 50.000 habitantes e outro por fracción superior a 30.000. As cidades de Madrid e Barcelona, así como as capitais de provincia con máis de 100.000 habitantes, constituirán unha circunscrición, sendo outra os restantes municipios da provincia. No caso deste estudo a circunscrición electoral será a provincia de Pontevedra, á cal elixirá doce deputados e cada votante podía escoller nove.

3.- Estableceuse un sistema de maiorías cualificadas a dúas voltas. Para ser proclamado deputado sería necesario obter o 20% dos votos emitidos, de non ser así procederíase a unha segunda volta, onde sería suficiente obter a maioría relativa⁵³.

4.- Suprimiuse o artigo 29. Haberá loita electoral aínda que se presente unha única lista. Este cambio foi de vital importancia a nivel xeral, pero sobre todo nas eleccións locais. Tamén se modificarán as condicións para ser proclamado oficialmente candidato.⁵⁴

53 Clarificador era o artigo 7º do mencionado Decreto: “A fines de la elección de diputados, queda modificado el art. 21 en el sentido de que en las circunscripciones se verificará por el sistema de listas con voto restringido, para lo cual, donde haya que elixir 20 diputados, cada elector podrá votar a 16; donde 19, a 15; donde 18 a 14; donde 17 a 13; donde 16 a 12; donde 15 a 12; donde 14 a 11; donde 13 a 10; donde 12 a 9; donde 11 a 8; donde 10 a 8; donde 9 a 7; donde 8 a 6; donde 7 a 5; donde 6 a 4; donde 5 a 4; donde 4 a 3; donde 3 a 2; donde 2 a 1”.

54 “Art. 9.- Serán proclamados por las Juntas Provinciales del Censo candidatos a Diputados para las Constituyentes los que lo soliciten el domingo anterior al señalado para la elección y reúnan alguna de las condiciones siguientes: 1.- Desempeñar el cargo de diputado a Cortes por elección de la provincia en elecciones generales ou parciales. 2.- Ser propuesto por dos ex-senadores, por tres ex-diputados provinciales, ou por diez concejales de elección popular, todos ellos de la misma provincia”.

5.- Anulouse a intervención do Tribunal Supremo no exame das actas protestadas, asumindo esa competencia a Asemblea Constituínte.

6.- Todo deputado derrotado terá dereito a dirixirse á Cámara, para achegar probas e testemuños, aínda cando non figurasen na acta ningunha protesta nin reclamación.

7.- Cada partido ou coalición podía colocar nas súas listas os candidatos que quixesen.

Aínda que, por outra banda, non se modificaron aspectos da antiga lei que podían alterar a necesaria privacidade e autenticidade á hora de votar a opción política escollida, como era a ausencia de cabina, o sobre para introducir o voto ou a petición do documento de identificación persoal por parte da mesa electoral.⁵⁵

De acordo con iso, os partidos, ante unhas eleccións, podían optar por distintas estratexias en función dos seus intereses electorais. Se seguimos tomando o exemplo de Pontevedra, os partidos poderían presentarse *por maiorías*, coa convicción de que os votantes escolleses exactamente os nove nomes propostos; tamén poderían ir *por minorías*, presentábanse tres deputados, xa que non pretendían que saísen máis, e, por último, quedaba a opción máis arriscada, ir *al copo*, onde se presentaban doce deputados, todos os posibles, polo que os partidos que aspiraban a sacar a candidatura completa pedíanlles aos votantes que se dividisen entre eles para tentar que saísen elixidos todos. Como xa comentamos anteriormente, celebraríase unha segunda volta no caso de que non saísen os doce candidatos con, polo menos, o 20% dos votos. Se, por exemplo, o tres últimos non alcanzasen esa porcentaxe, celebraríase a segunda volta o domingo seguinte na que soamente habería loita electoral entre eses tres aspirantes.

Seguindo unha orde progresiva no tempo, as eleccións futuras, posteriores a xuño de 1931, e convocadas polas autoridades republicanas, terían que ter en conta o acordado na Constitución Española da Segunda República, concretamente no referido ao recoñecemento do dereito de sufraxio feminino, o que vai aumentar considerablemente o censo electoral.⁵⁶ As eleccións municipais, de extensión parcial, de abril de 1933 xa se van celebrar atendendo a ese precepto constitucional tal como se recolle no Decreto do 26 de marzo dese mesmo ano.

Por último, as normas electorais quedaron completadas cunha nova lei de artigo único conformado por novas modificacións sobre a lei de 1907 e sobre o decreto de maio de 1931, que foron aprobadas en xullo de 1933 e que van estar vixentes nos procesos electorais de 1933 e 1936. Ese artigo único resultou ser amplo nos seus preceptos. Por un lado incrementaba ata 150.000 habitantes o número necesario para que as capitais de provincia puidesen constituírse en circunscrición distinta do resto da provincia (apartado a). Por outro, tamén aumentou ao 40% os votos necesarios para ser proclamado deputado ou concelleiro electo na primeira volta, pero tamén podían alcanzar esa condición aqueloutros que alcanzasen na mesma circunscrición máis

55 Art. 41 da Lei electoral do 8 de agosto de 1907. “los electores se a la Mesa, uno a uno, y dirán su nombre. Después de cerciorarse por el examen que harán los adjuntos e interventores, si los hubiese, de las listas del censo electoral, de que en ellas está inscrito el nombre del votante, este entregará por su propia mano al presidente una papeleta blanca doblada, en la cual estará escrito o impreso el nombre del candidato o candidatos a quienes dé su voto para Diputados o Concejales.

El presidente inmediatamente, sin ocultar ni un momento la vista del público la papeleta, dirá en voz alta el nombre del elector y, añadiendo ‘vota’, depositará en la urna destinada al efecto, que será de cristal o vidrio transparente”.

56 “Art. 36.- Los ciudadanos de uno u sexo, mayores de veinte y tres años, tendrán los mismos derechos electorales conforme determinen las leyes”.

do 20%. Cando na primeira volta non obtivese ningún dos candidatos o 8% dos votos, quedaría libre a elección en segunda volta e, se nesta non hai outros candidatos con máis do 8% de votos válidos ca o número xusto de vacantes, quedarían aqueles proclamados definitivamente (apartado d).

Tratábase, polo tanto, dun afondamento do sistema maioritario respecto ao establecido en 1907 cun recorte para a representación dos partidos ou coalicións que non alcanzasen a vitoria na contenda electoral. Norma moi do gusto de Azaña (Martínez Marín, 1989: 92) e en contra dos partidarios do sistema proporcional que defendían as vantaxes dese procedemento, como que fortalecía os partidos e representaba máis fielmente a vontade electoral e, ao mesmo tempo, mostraban as desvantaxes do sistema maioritario como que entregaba o poder aos grandes partidos, condenaba á desaparición os partidos pequenos, fomentaba a abstención e impedía que os partidos non maioritarios exercesen o control do goberno. Como consecuencia, ese procedemento electoral contribuíu, por unha banda, a crear unha tensión política, xa que se fixo necesaria a reunión das forzas políticas en dous bloques antagónicos co fin de evitalles unha penalizadora derrota aos partidos que se presentasen fóra dunha coalición e, por outra, ía sobrevalorar a vitoria de tal maneira que estableceu cotas de escanos para as maiorías que se podían cualificar de esaxerados e improcedentes. Recapitulando, como aspectos positivos, pódese dicir que vai favorecer a política de masas e, sobre todo, os partidos organizados e fortes capaces de englobar nas súas filas amplos núcleos de poboación, e como negativo, o feito de que a aprobación da nova modificación electoral non significou a desaparición das vellas tradicións políticas individualistas que estiveran vixentes na historia electoral española e que a maioría dos partidos republicanos acabaría reproducindo (Villa García, 2011: 107).

Aplicándoo, en termos xerais, ao proceso electoral municipal, poderíase aventurar que os escrutinios que se efectuasen nos próximos comicios darían como resultado a consecución dun grupo político maioritario, pero con certa representación para as minorías, consecuencia de que o elector non podería votar máis dos dous terzos das vacantes a cubrir e polas porcentaxes e requirimentos contemplados no apartado c do mencionado artigo único.

Aínda así, cando se publicou o Decreto coa convocatoria das eleccións locais de abril de 1936 que, finalmente, no se chegaron a celebrar e as oportunas circulares gobernamentais aclarando a lexislación electoral para aplicar a eses comicios, demostrouse a amplitude da normativa que debería ter en conta o que, en vez de clarificar o proceso electoral, o sumía nunha confusión polo diseminado e impreciso dos procedementos legais contemplados: Lei Municipal de 1935, Lei Electoral de 1907, Decreto de maio de 1931 e Lei Electoral de 1933, o que certificaba a ausencia dunha verdadeira e auténtica lei especificamente republicana.

Fóra do particular tema electoral e abordando os procedementos lexislativos que van ter unha incidencia directa sobre a actividade política xeral da etapa republicana, faremos referencia en primeiro lugar á Lei de Defensa da República, aprobada o 21 de outubro de 1931 con vistas a dotar o goberno provisional dun marco legal de excepción para actuar, á marxe dos tribunais, contra todos aqueles que cometesen actos de agresión contra o sistema republicano. Esa foi unha norma polémica que transgredía dereitos e liberdades fundamentais recoñecidos na Constitución de 1931, polo que se introduciu nesa unha disposición transitoria para que puidese continuar vixente mentres exercesen o seu labor político os deputados constituíntes. Foi derogada pola Lei de Orde Pública do 28 de xullo de 1933.⁵⁷

57 A lei contaba con seis artigos, dos cales o tres primeiros agrupaban o corpo de prohibicións e as respostas coercitivas que aplicaría o goberno. O resumo dese articulado é como segue:

A algún xurista, sorprendeulle a dureza desa norma ao definir como actos de agresión á República e, como consecuencia, susceptibles de sanción (Ramírez Jiménez, 2005:14).

“La difusión de noticias que puedan quebrantar el crédito o perturbar la paz o el orden público, la apología del régimen monárquico, las huelgas (...) que no se relacionen con las condiciones de trabajo o la alteración injustificada del precio de las cosas”.

Doutra banda, algúns historiadores puxeron de manifesto o perigo que para a liberdade de expresión supuñan algunhas desas medidas. Era evidente a repercusión que algúns destes puntos podía ter na participación da prensa conservadora no debate parlamentario da Constitución. En mans do ministro da Gobernación quedaba decidir cando unha tribuna de opinión dun xornal podía perturbar algo tan impreciso como *la paz pública*. De feito, o xornal católico *El Debate* foi suspendido por primeira vez o 19 de xaneiro de 1932, por “menospreciar a las Cortes republicanas”, catro días antes do Decreto sobre a expulsión da Compañía de Xesús (Álvarez Tardío e Villa García, 2010: 156-157).

A aplicación desa lei podía conducir a un *régimen de excepción* máis, os actos sancionadores da autoridade gobernativa non eran publicados en ningún boletín oficial. (Ballbé, 1983: 324). A mencionada lei tamen foi cualificada de “durísima medida de excepción” xa que lle permitiu ao goberno actuar contra os seus inimigos anulando as garantías constitucionais pero sen violar tecnicamente a Constitución. Algo non marchaba ben cando un réxime de maioría liberal tivera que protexerse desa maneira aos poucos meses do clamoroso triunfo republicano. (Gil Pecharromán, 1997: 69-70).

A beira do goberno da coalición republicano-socialista e xustificando esa normativa vaise situar Gabriel Jackson, que vulgará razoable a promulgación da lei de Defensa da República, xa que, a pesar de recoñecer a contradición que supuña a utiliza-

Art. 1º.- Son actos de agresión á República e quedan sometidos á presente lei:

I.- A incitación a resistir ou desobedecer as leis.

II.- A incitación á indisciplina entre os institutos armados e destes cos organismos civís.

III.- A difusión de noticias que perturben a paz e a orde pública.

IV.- Os actos de violencia contra persoas, cousas ou propiedades ou a incitación a cometelos.

V.- Toda acción ou expresión de menosprezo ao Estado.

VI.- A apoloxía do réxime monárquico.

VII.- Posesión ilícita de armas de fogo e explosivos.

VIII.- A suspensión ou cesamento de industrias sen xustificación.

IX.- As folgas non declaradas con oito días de anticipación e as declaradas por motivos que non sexan laborais.

X.- A alteración inxustificada do prezo das cousas.

XI.- A falta de celo e negligencia dos funcionarios no uso das súas funcións.

Art. 2º.- Poderán ser multados ou estrañados, por un período non superior ao de vixencia desa lei, ou multados ata a contía máxima de 10.000 ptas.....os autores ou indutores dos feitos comprendidos nos números do I ao X; os autores dos feitos comprendidos no XI, serán suspendidos ou separados do seu cargo ou postergados das súas respectivas escalas.

Art. 3º.- O ministro da Gobernación queda facultado para:

I.- Suspende reunións ou manifestacións públicas que poidan perturbar a paz pública.

II.- Clausurar centros ou asociacións.

III.- Intervir na contabilidade e investigar a orixe dos fondos das asociacións.

IV.- Decretar a incautación de toda clase de armas ou explosivos.

ción de poderes policiais excepcionais nunha democracia, unha actuación distinta á que levou a cabo o Goberno deixaría o réxime republicano a mercé dos reaccionarios e contrarrevolucionarios. (Jackson, 1976: 104)

En canto á Carta Magna republicana, a Constitución de 1931, aprobouse polas Cortes Constituíntes, o 9 de decembro dese mesmo ano. Constaba de 10 títulos que comprendían 125 artigos en total e dúas disposicións transitorias. O texto constitucional non se levou a referendo, saíu adiante nas Cortes cos apoios dos grupos políticos que sustentaban ao goberno. Votaron a favor dela Acción Republicana, radicais, radicais-socialistas, socialistas, ORGA, Esquerra de Cataluña, Agrupación ao Servizo da República (o grupo presidido por Ortega y Gasset), Dereita Liberal Republicana, Nacionalistas Vascos e os escasos deputados de extrema esquerda que non formaban grupo parlamentario.

Seguindo o profesor Ramírez Jiménez, pódense destacar no haber da Constitución de 1931 os seguintes puntos:

1.- Declarou a España unha República democrática de traballadores de toda clase e se, por unha banda, aparece por primeira vez o termo democrático, por outra fai alusión aos “trabajadores de toda clase” que era unha posición de equilibrio, equidistante entre os defensores dunha república burguesa e os partidarios dunha república obreira. A pesar diso, este artigo foi moi contestado no parlamento, sendo aprobado por 170 votos contra 152.

2.- Solucionou con acerto o dilema entre o centralismo e o federalismo ao propor como modelo territorial un Estado integral, compatible coa autonomía dos Municipios e as Rexións; reforzábase a imaxe dun único Estado. Nunca se falou de federalismo nin de nacionalidades e o principio autonómico vaise tratar como unha excepción.

3.- Partindo deste suposto de excepcionalidade, a Constitución de 1931 trazou un procedemento nítido e inequívoco para conseguir a autonomía e unhas regras moi claras nas que o réxime descentralizado habería de permanecer. A iso había que engadir a cláusula de reserva a favor do Estado, xa que en todos os casos as aspiracións autonómicas tiñan que someterse á valoración política do Parlamento. Ás rexións correspondíanlles tales competencias “en la medida de su capacidad política, a juicio de las Cortes” (art.15.)

4.- Proclamábanse por primeira vez unha serie de dereitos e liberdades para os cidadáns, novos respecto doutros textos constitucionais.⁵⁸

5.- Outra primicia moi importante foi a creación do Tribunal de Garantías Constitucionais, que se encargará de ditaminar os recursos de inconstitucionalidade das leis, o de amparo, os conflitos de competencias entre as rexións, e entre estas e o Estado, entre outras.

58 Eses dereitos estaban ben definidos no Título III: o art. 25 garantía a non existencia de discriminación por razóns de sexo, clase social, riqueza, ideas políticas ou crenzas relixiosas; o art. 27 recoñecía a liberdade de conciencia e o dereito a profesar libremente calquera relixión; o art. 34, aseguraba que toda persoa tiña dereito a emitir libremente as súas ideas e opinións, valéndose de calquera medio de difusión, sen suxeitarse a previa censura, e o art. 38 garantía o dereito de todos os españois a reunirse pacificamente e sen armas. Estes dereitos podían ser motivo de suspensión e, de feito, fórono, en aplicación do art. 42, que regulaba a posibilidade de suspendelos total ou parcialmente, por decreto do goberno “cuando así lo exigía la seguridad del Estado.

No capítulo do debe, Ramírez Jiménez destaca fundamentalmente dous:

1.- A articulación dunha normativa que deixa o poder nas mans das Cortes, que dá prioridade ao poder lexislativo sobre o executivo, mesmo ás limitacións que se puxeron ás competencias do presidente da República. E todo iso nun momento en que os países de Europa tendían xustamente ao contrario, ao reforzamento do poder executivo.

2.- O contemplar dentro do texto constitucional os preceptos e medidas que afectaban ao tema relixioso. Bastaba unha declaración de intencións co contido do art. 3.- “El Estado español no tiene religión oficial”- e levar á categoría de leis ordinarias todo o referente á disolución da compañía de Xesús, secularización dos cemiterios, o ensino da relixión, colexios relixiosos...

É importante resaltar a nula actividade do Tribunal de Garantías Constitucionales, durante os dous primeiros anos da República, á hora de garantir as liberdades fundamentais. E iso porque a lei deste Alto Tribunal foi sancionada case dous anos despois da aprobación da Constitución e, cando se creou, ningún dos actos previos do goberno ou das Cortes, o que incluía boa parte da lexislación dos dereitos fundamentais, podían ser sometidos á súa xurisdición. (Álvarez Tardío e Villa García, 2010: 156-157)

O gran texto, que estaba chamado a unir, comezou por todo o contrario. E isto a uns meses da proclamación da República en abril (Ramírez Jiménez, 2005: 14-15-16-17).

A única lexislación de ámbito local propiamente republicana foi a Lei Municipal de 1935 aprobada por Decreto o 31 de outubro dese mesmo ano. Foi promulgada na *Gaceta de Madrid* o 1º de novembro, aínda que, detectados algúns erros na publicación, rectificouse na *Gaceta* do 3 de novembro. Tratábase dunha lei moi prolífica, produto da articulación da Lei de Bases do 10 de xullo do mesmo ano (*Gaceta de Madrid* do día 12) e que constaba de cinco grandes títulos, con 240 artigos e 11 disposicións transitorias.

En realidade, a intención do lexislador era a de concretar nun texto legal os principios democráticos que sobre a política local estaban xa recollidos na Constitución de 1931, tales como autonomía municipal, sufraxio universal, elección popular dos concelleiros e, por estes, do alcalde, dereito ao voto a partir dos vinte e tres anos e a democracia directa para os Concellos. A elaboración, debate e aprobación das bases da Lei Municipal levouse a cabo nos primeiros meses de 1935, pero a situación política que vivía o país como consecuencia dos sucesos revolucionarios de Asturias, a ausencia de Esquerda Republicana e dos socialistas do Parlamento e a limitada prioridade do Goberno pola lexislación local, determinou o escaso interese que suscitou o debate da mencionada lei. (Martínez Marín, 1989: 89)

“...y que ese proyecto no hubiera merecido ni siquiera un leve comentario en la prensa española, o a lo sumo uno (periódico) habría hecho mención a esa ley que debía ser una de las primeras que la República aprobase”.

A lei recoñecía a organización dos Concellos en municipios maiores de 500 habitantes. Estarían formados polo alcalde e os concelleiros, de entre os cales serían elixidos os tenentes de alcalde e os síndicos. Contemplábase a incorporación de concelleiros suplentes en igual número ca os titulares, co fin de que, ante a renuncia destes, non quedasen reducidas as corporacións durante os seus mandatos.

En canto ao dereito a emitir o voto, vaise dar cumprimento aos preceptos constitucionais do sufraxio universal a partir dos vinte e tres anos. Pola parte da posibilidade de ser elixible, a lei obrigaba todos os candidatos a saber ler e escribir e, ao mesmo tempo, incapacitaba para o cargo de concelleiro todos os cidadáns que tivesen ou fosen susceptibles de ter conflito de intereses coa Administración Pública, tales como contratistas, concesionarios, debedores, provedores e profesionais do dereito, sempre que estes últimos exercesen a defensa do concello nos tribunais de xustiza, ou pola contra, sostivesen preitos contra esa institución municipal. A lei tamén determinou a incompatibilidade do posto de concelleiro co de deputado a Cortes ou rexional e cos funcionarios públicos, excepto cos mestres, profesores de secundaria e universitarios; así como se eliminaban as excusas, contempladas en normas anteriores, de poder renunciar á súa presenza na corporación por motivos de deficiente saúde, excesiva idade e, agora tamén, polas obrigacións cos fillos ou o fogar, no caso da muller.

Doutra banda garantiuse o principio de autonomía municipal prohibindo a intervención governativa na formación e constitución dos concellos (art. 50), con excepción de que estes se atopasen inmersos nos casos de estado de prevención, alarma e guerra contemplados na Lei de Orde Pública. O Goberno, entón, podía suspender o alcalde que permanecería desempeñando o cargo de concelleiro, pero que recuperaría a anterior condición de presidente da corporación cando se volve-se á normalidade constitucional.

Os antigos distritos electorais ían ser substituídos pola circunscrición única municipal, e o procedemento polo que calquera agrupación podía optar por presentar a súa candidatura tamén podía levarse a cabo a proposta de entidades legalmente constituídas, así como pola intermediación dun deputado ou dun ex-deputado. En canto a cubrir a vacante de alcalde de elección popular, o sistema de elección vai resultar máis complexo. Primeiro, o candidato necesitaría un determinado número de apoios en forma de firmas para optar ao cargo, segundo tería que someterse a unha antevotación, da cal sairía candidato se conseguise un número de votos polo menos igual á décima parte dos electores, e, por fin, despois de superar eses trámites, para ser proclamado alcalde, ademais de ser o candidato máis votado de entre os aspirantes ao cargo, debería obter como mínimo o apoio da terceira parte do censo electoral.

A duración do cargo de alcalde será de tres anos. No caso de que sexa elixido polos concelleiros podería ser reelixido por outra lexislatura; en cambio, se é elixido por vontade popular, podería seguir ocupando o cargo de maneira ininterrompida, sempre que obteña a metade máis un dos electores. Para a súa destitución, esíxirase o voto en contra da maioría dos concelleiros que compoñen a corporación, ou a metade máis un do conxunto dos electores, mentres que se foi elixido popularmente atenderase a ese último punto. Por outra banda, a ausencia voluntaria a seis sesións plenarias comportaría a perda da condición de edil.

Por último, o cargo de concelleiro vai ser gratuíto, obrigatorio e irrenunciable, pero en canto ao alcalde, vaise romper a tradición mantida desde 1908, da ausencia de remuneración polo exercicio deste cargo, ao adxudicarlle agora unha cantidade para gastos de representación que non podería superar o 1% do orzamento ordinario e, en todo caso, as 30.000 pesetas anuais.

Esta lei quedou inédita ao non celebrarse eleccións municipais en España desde o momento da súa aprobación ata o golpe de estado militar de xullo de 1936.

Capítulo 3

OS COMICIOS LOCAIS DE MAIO DE 1931.

A esperada renovación dos concellos levouse a cabo polo Decreto do Goberno provisional da República do 13 de maio de 1931.⁵⁹ O obxectivo era que todos os municipios de España tivesen uns gobernos que emanasen dun sufraxio popular auténtico antes das eleccións constituíntes, unha vez que recoñeceron a imposibilidade de cerrar a investigación das irregularidades nos comicios de abril. En realidade, aceptáronse como boas as denuncias e as sospeitas sen chegar a examinar as probas por ser moi numerosas as alegacións que se presentaron. Nin sequera se redactara un ditame incriminatorio do desenvolvemento das mencionadas eleccións locais.

O día seguinte, o Goberno Civil convocou eleccións municipais en todos os concellos de Pontevedra onde foran impugnados os comicios do 12 de abril. Levaríanse a cabo o domingo 31 de maio e o xoves 4 de xuño. É dicir, repetiríanse as votacións en 46 dos 64 municipios que compoñían esa provincia; en tres de cada catro (Baiona, Gondomar e Nigrán incluídas).

A vontade política de repetir as eleccións en Baiona e Gondomar quedara clara desde o principio, non así no caso de Nigrán, onde o delegado gubernativo desestimara as protestas dos republicanos e ratificara o resultado das urnas, confiando o goberno local aos monárquicos reconvertidos. Pero os republicanos manobraron para desaloxalos e a súa insistencia fixo posible que se repetisen tamén as votacións.⁶⁰

Despois das correspondentes antevotacións (unha especie de primarias nas parroquias) formáronse candidaturas, e de aí ás urnas, xa que, en realidade, non houbo nin propaganda nin campaña coñecida, nin case discursos, nin mitins, nin folletos. A mobilización cidadá nestas eleccións foi practicamente nula. (Grandío Seoane, 2010: 92)

Non obstante había certa tensión; as elites monárquicas quedaran un tanto descolgadas coa proclamación da República, pero axiña reaccionaron e algunhas inician un achegamento ao novo réxime. É innegable que houbo organizacións que captaron

59 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 228. Aínda que os concellos de Baiona e Gondomar recibiron outra igual. Tamén apareceu publicado no *Faro de Vigo* do 14 de maio dese mesmo ano.

“Art.1º.- Se procederá a la celebración de nuevas elecciones municipales en todas aquellas poblaciones en que se incoase expediente de protesta a tenor de lo dispuesto en las Ordes circulares del Ministerio de la Gobernación de 16 e 18 de abril del corriente año. Art. 2º.- La proclamación de candidatos se verificará el domingo día 24, la antevotación para ser proclamado candidato por propuesta de los electores, según lo dispuesto en el artículo 25 de la ley electoral, se celebrarán el jueves día 21 y la elección el domingo día 31. Art. 3º.- No podrá prescindirse de la celebración de la elecciones aunque el número de candidatos proclamados fuera igual a los de los llamados a ser elegidos. Art 4º.- Estas elecciones municipales se registrarán por la ley electoral de 1907 en todo aquello que no se oponga a lo determinado en este Decreto. Art 5º.- Las renunciás al cargo de concejal presentadas por los elegidos ultimamente, quedan aceptadas. Art. 6º.- En aquellos municipios que por cualquier causa non se verificaron elecciones municipales se procederá a su celebración e las fechas determinadas en este Decreto. Art 7º.- Continuarán al frente de los Ayuntamientos protestados las Comisiones Gestoras que los Gobernadores nombraron o nombren hasta la toma de posesión de los concejales que sean elegidos el próximo día 31.

Dado en Madrid, a trece de mayo de mil novecientos treinta y uno. El presidente del Gobierno provisional de la República, Niceto Alcalá Zamora e Torres.- El ministro da Gobernación, Miguel Maura.”

60 *El Pueblo Gallego*, 29 de maio de 1931.

algúns notables, de dubidoso perfil democrático e republicano, para que lles botasen unha man cara aos próximos comicios que se avecinaban, dado o seu pedigree, difícil de superar, de poder fáctico parroquial e de *muñidores* dos procesos electorais.

Por iso, e desde o primeiro momento, a prensa fustrigou e perseguiu eses republicanos de conveniencia, chamando a atención dos republicanos auténticos sobre estes grupos, pedindo defender o réxime democrático e sobre todo estar vixiantes “Damos la voz de alarma porque, en el Valle Miñor, se presntan casos de acusado camaleonismo (...) Ciudadanos: por la República alerta!”⁶¹

En Baiona o protagonista da campaña electoral foi o medo ao goteo de monárquicos nas candidaturas. Os simpatizantes da República non se cansan de recomendar, tamén, precaución e cautela cos *republicanos de disfraz*, xa que o peor que podería pasar nestas eleccións sería a filtración nos concellos dos vellos elementos con etiqueta *nova*. Por iso, animan as listas da conxunción republicano-socialista ao triunfo:

“El pueblo no quiere que vuelvan Ayuntamiento los representantes do caciquismo y la dictadura; los que, actuando de concejales, prestaban servicios y desempeñaban comisiones a cuenta de los fondos del municipio; los que duplicaron el presupuesto de gastos sin provecho ninguno para el contribuyente; los que crearon el impuesto de vinos, verdadero golpe de gracia para el angustiado labrador; los que traicionaron a sus convecinos en fecha reciente, haciendo pagar al pueblo más de 3.000 ptas. injustamente, cantidad que aún no fue reintegrada, y no lo será; los que non se opusieron y aún cooperaron a la entrega de las dunas de Sabarís, patrimonio del pueblo, a un particular; los que tienen un historial político que requiere una minuciosa revisión, que el pueblo debe conocer; los que, validos de su mala fe, mantienen un cacicato al frente de sociedades agrarias, engañando y aún comprometiendoa los labradores sencillos y honrados; los que.... a que seguir?”⁶²

No devandito concello, deu comezo o proceso electoral polo distrito 2º, O Burgo, que abarcaba as parroquias de Sabarís, Belesar e Baíña, onde se celebraron os comicios con absoluta normalidade. En cambio, no distrito 1º Baiona (Baiona e Baredo) houbo incidentes en dous colexios electorais. Simpatizantes monárquicos, aproveitando que era a hora para comer e a práctica ausencia de votantes, romperon as urnas coas papeletas dentro, polo que os presidentes desas mesas suspenderon o sufraxio.⁶³

Non foi ese o único incidente da xornada electoral. Polo outro bando tamén se produciron coaccións graves que levaron á detención dos irmáns Francisco e Joaquín Mandado Marcote, Rafael Freire Mosquera, militantes da Sociedade de Traballadores do Mar-UXT de Baiona, que foron postos á disposición do Xulgado de Vigo por delito electoral, despois da denuncia presentada polo presidente da Xunta Electoral do Censo e por varios veciños do municipio.⁶⁴

O escrutinio certificou o triunfo da conxunción republicano-socialista.⁶⁵

61 *El Pueblo Gallego*, 19 de abril de 1931

62 *Ibid.*, 26 de abril de 1931

63 *Ibid.*, 2 de xuño de 1931.

64 *Faro de Vigo*, 2 de xuño de 1931

65 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 6 de xuño de 1931.

TÁBOA 31. Escrutinio eleccións municipais en Baiona. Maio 1931

Distrito	Candidato	Parroquia	Votos
1º	Vicente Vázquez	Baiona	211
1º	Aurelio Alar	Baiona	210
1º	Policarpo Vilar	Baiona	209
1º	González Cadilla	Baiona	205
1º	Valentín Puga	Baiona	202
1º	Francisco Sánchez	Baredo	159
1º	Barreiro Granja	Baredo	157
2º	S. Fernández Peón	Sabarís	183
2º	A. Villafines	Sabarís	182
2º	F. Táboas Trigo	Belesar	176
2º	Albino Misa	Belesar	176
2º	R. Martín Vega	Sabarís	129
2º	Fdo. Besada	Baíña	127

FONTE: Arquivo Municipal de Baiona.

No distrito 1º, como cada elector podía marcar cinco candidatos para escoller sete, o voto en bloque, con lixeiras variacións, dos simpatizantes da conxunción republicano-socialista fixo que aparecesen como máis nomeados os integrantes deste grupo, os cinco primeiros de Baiona, a parroquia maior das dúas do distrito, e os outros dous electos, veciños de Baredo. No 2º distrito o escenario foi o mesmo, aínda que os candidatos a marcar da lista serían catro. Os membros da conxunción coparon os postos de cabeza repartidos entre dous veciños de Sabarís e dous de Belesar. Ata completar un total de seis representantes entrou outro por Sabarís, co que formou maioría esa parroquia, e o último concelleiro correspondeu a Baíña.

Para realizar unha análise sobre o perfil ideolóxico dos concelleiros electos, dividíremolos en *puros* (aqueles que non ocuparan ata este momento cargo político ningún) e *contaminados* (aqueles que si o fixeron baixo a Monarquía ou a Ditadura ou ambas). Tamén é necesario considerar o seguinte: durante unha etapa sen eleccións, como a de Primo, onde todos os nomeamentos de edís eran levados a cabo pola autoridade provincial, como así tamén se fixo durante períodos da Monarquía na que, por diferentes causas, nomeáronse concelleiros de maneira interina sen pasar polas urnas, non era fácil desairar e contradicir a autoridade negándose a aceptar o cargo a non ser que fose por motivos de idade ou saúde. Tendo en conta iso, podemos dicir que todos os electos do distrito nº 1, estarían encadrados na categoría de contaminado, xa que tanto Aurelio Alar como Policarpo Vilar exerceran como edís, aínda que por pouco tempo, coa Ditadura, Vicente Vázquez e González Cadilla coa Monarquía e despois tamén coa Ditadura, e Valentín Puga tiña unha folla de servizos curta colaborando, tamén, con Primo de Rivera. Aínda que no seu descargo hai que dicir que, no escaso tempo que asistiu ao ditador, solicitou varias veces a dimisión sen éxito.

A nivel socio-económico, nese grupo había dous importantes armadores, Policarpo Vilar e González Cadilla, e o maior industrial conserveiro do municipio, Valentín Puga. Aurelio Alar rexentaba un café-bar, Vicente Vázquez tiña negocios de ferraxería, Barreiro Granxa e Francisco Sánchez, propietarios agrícolas, aínda que este último acabaría terminando os seus estudos e exercendo a profesión de mestre.

Chama a atención, en cambio, que ningún dos concelleiros do distrito nº 2 ocupara cargos políticos nas administracións locais anteriores. Houbo unha renovación total das elites gobernantes, sendo isto algo excepcional e que non se deu en ningún dos distritos electorais dos municipios da comarca. Todos os concelleiros eran *puros*. Algúns, como Besada, Albino Misa e Táboas, vivían das rendas dos seus negocios en América e das súas importantes propiedades agrícolas; Martín Vega era socio do serradoiro e muíños de cal na sociedade Barreiro, Martín e Cía., a fábrica que xeraba a maior ocupación da comarca; Villafines tiña un pequeno negocio de albanelaría cos seus fillos, e Fernández Peón gañaba moi ben a vida como perito agrícola, era o único que tiña un título universitario conseguido na Escola Superior de Peritos Agrónomos en Madrid. As fontes orais consultadas lembran que os veciños se dirixían a el con moito respecto e dignidade; era sen dúbida o concelleiro máis culto do novo executivo.

En canto á ideoloxía política, eran doce concelleiros republicanos e un socialista. O militante do PSOE era Agustín Villafines González, que tamén exercía como presidente do Sindicato de Edificación de Baiona e os seus contornos. Por parte dos republicanos, figuraban o presidente da agrupación local da ORGA, Fernández Peón, os simpatizantes rexionalistas Román Martín, Vicente Vázquez, Francisco Sánchez e José Barreiro Granxa, que se afiliarán máis adiante no Partido Galeguista. Ademais, formaban parte da corporación os seguidores do Partido Republicano Radical, tales como Aurelio Alar, Fabriciano Táboas, Albino Misa e González Cadilla. O Concello completábase con Valentín Puga, presidente da Xestora republicana, Fernando Besada, un novo republicano con etiqueta indefinida, membro dunha coñecida familia monárquica de San Pedro da Ramallosa e, por último, Policarpo Vilar, de ideoloxía católica conservadora. Será un dos fundadores da agrupación local de CEDA.⁶⁶

66 Fernández Peón, natural de Viveiro, casado en primeiras nupcias en Lugo, enviuvou novo e trasladouse a Vigo, onde abriu un despacho profesional para máis tarde facer o propio en Sabarís. En 1914 casa con Carmen Pérez Giráldez, dunha das familias máis importantes desa parroquia a nivel económico e con vinculacións co clero: o tío de Carmen era o arcepreste do Val de Miñor. Foi presidente da Sociedade en Defensa da Árbore e escribiu varias colaboracións na prensa local de Baiona. En 1929 foi elixido secretario da Sociedade Agraria *A Reconquista* de Sabarís e membro do Comité da Federación Provincial Agraria. Acompañará a Casares Quiroga no seu periplo político, comezando na ORGA, ata rematar, finalmente, en Esquerda Republicana. Carmen Garvín (1913), nada e veciña de Sabarís, que de nova serviu na casa de Fernández Peón, comentounos que pronto tivo teléfono no seu domicilio e que ía facer a compra a Vigo no seu coche: “Era un señor moi respectable, os veciños dirixíanse a el como Don Salustiano e moita xente ía pedirlle consello para comprar ou vender leiras e doutras cousas antes de tomar decisións”. Esa opinión era coincidente coa de Mario Acevedo Prado (1917), electricista cuxa familia vivía moi próxima ao domicilio de Fernández Peón (Entrevista con Carmen Garvín e Mario Acevedo realizada polo autor o 30/10/2009).

Doutra banda, Román Martín Vega era de orixe salmantina, aínda que nacido na Guarda, cursou o bacharelato no colexio dos Xesuítas desa localidade, xa que o seu pai exercía de practicante sanitario nese centro. Estudou despois na Escola de Artes e Oficios de Pontevedra. Casa en Sabarís coa filla do veterano loitador agrario Ventura López, que era dono dun serradoiro e dun forno de cal, onde, primeiro, empeza a traballar, e despois, á morte de Ventura, pasa a xestionalo formando unha sociedade mercantil. Como empresario participou en varios proxectos, pero como político só se lle coñece a súa afiliación ao Partido Galeguista. Carmen Martín López (1923), a súa única filla viva, lembrábanos, can-

Todos xuntos constituíron o 6 de xuño a primeira corporación democrática de Baiona. Nesa mesma sesión plenaria procedeuse á elección de cargos. Xa desde as primeiras votacións evidenciouse unha rivalidade que viña de antigo na política local deste concello, que sempre estivo latente e que tiña como protagonistas os dous núcleos máis importantes: Baiona e Sabarís. Isto facía, tradicionalmente, que os escrutinios levados a cabo nas sesións plenarias sobre cuestións que afectaban a intereses desas parroquias se sacaban adiante atendendo a criterios localistas. O dilema entre política e parroquia resolveríano os concelleiros, moitas veces, colocando os intereses das localidades por encima de formulacións ideolóxicas ou consignas partidistas. Se unha desas decisións importantes afectaba á titularidade da Alcaldía, entón os concelleiros da vila manobran para conseguir a maioría e que a cadeira presidencial fose ocupada por un concelleiro veciño da capital.

Segundo ese criterio, os concelleiros do Distrito 1º votan unidos a Vicente González Cadilla⁶⁷ (Baiona) que saíu elixido alcalde cos sete votos dos seus compañeiros de distrito, mentres os edís do distrito 2º apoiarán o veciño e candidato Martín Vega (Sabarís) cos seus seis votos. O mesmo sucede coa elección do 1º tenente de alcalde, sae elixido Vicente Vázquez cos sete votos dos concelleiros do seu distrito contra os seis de Albino Misa. A elección do 2º tenente de alcalde suscitou maior consenso e apóiase a Francisco Sánchez con dez votos, a clave está en que non é veciño de Baiona senón de Baredo, o que non provoca o rexeitamento dos bandos contendentes. A única concesión ao distrito de Sabarís será o apoio para que Martín Vega saia elixido para o cargo de síndico.

Pola súa banda, en Gondomar a rutineira campaña electoral soamente se viu sobresaltada pola rotura da placa que sinalizaba a rúa *Conde de Gondomar*.⁶⁸ Quizais por iso o alcalde solicitoulle ao gobernador que enviase a Garda Civil aos colexios electorais de Gondomar e Vincios.⁶⁹ A pesar deses temores, os novos comicios celebráronse sen incidente ningún e co triunfo da conxunción republicano-socialista en todos os distritos, entre outras posibles circunstancias, porque non se presentou á loita electoral ningunha candidatura do outro bando. Contabilizouse unha importante participación, preto de mil votos emitidos, é dicir, ao redor do oitenta por cento do total do censo electoral, a pesar da campaña que fixeron algúns monárquicos a favor da abstención, o que di moito do bo traballo levado a cabo polos caciques locais, esta vez ao servizo da República, á hora de carrexar os votantes ás mesas electorais coma nos vellos tempos da Monarquía.⁷⁰

do a visitamos, que o seu pai “falaba sempre en galego con todos os veciños e tiña un anel, con forma de selo, coa bandeira de Galicia que nunca quitaba” (Entrevista realizada polo autor o 8/07/2012).

67 González Cadilla naceu en Baiona en 1877, era fillo de pescador, polo que desde moi cedo a súa vida estivo vinculada ao mar. O seu matrimonio con Josefa González Alonso, filla única dun adiñeirado emigrante a Brasil, permitiulle ascender ata patrón de pesca e armador. Concelleiro desde moi novo, xa que a primeira vez que alcanzou un escano municipal tiña 26 anos, sendo adicto ao deputado Urzáiz; co paso dos anos mudaría para recalar no grupo maurista e finalmente colaboraría co Directorio desde o posto de concelleiro. A súa experiencia como pescador levouno a formar parte de delegacións de pesca provinciais e rexionais que viaxaron a Madrid en busca de solucións para o sector. Colaborador na creación da sociedade mariñeira A Anunciada e do Pósito de Pescadores de Baiona, onde ocupou diversos cargos directivos en diversas etapas. Morreu en 1946 á idade de 69 anos. Entrevista realizada polo autor con Carmen González Rodríguez (1927), neta de González Cadilla, na súa casa de Baiona o 15/X/2012.

68 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 116, Libro de Rexistro de Entrada 116/3. Documento do 20 de maio de 1931. Finalmente as pescudas determinaron que non se produciu ningún atentado, senón que fora produto do estado de embriaguez dun funcionario municipal.

69 *Ibíd.*, caixa 124, Libro de Rexistro de Saída 124/1. Data 28 de maio de 1931.

70 *El Pueblo Gallego*, 2 de xuño de 1931.

TÁBOA 32 : Escrutinio eleccións municipais en Gondomar. Maio de 1931⁷¹

Distrito	Candidato	Parroquia	Votos
Paradela	Pablo Nieto	Gondomar	283
Paradela	Emilio Eiras	Gondomar	271
Paradela	J. Hermida Losada	Gondomar	271
Paradela	Rogelio Lorenzo	Gondomar	262
Paradela	Francisco Roade	Mañufe	259
Paradela	Manuel González Fernández	Donas	252
Paradela	A.Pazos Acevedo	Donas	248
Paradela	José Pequeño	Borreiros	244
Morgadáns	José Gonda Martínez	Couso	155
Morgadáns	J.Couto Couto	Morgadáns	154
Morgadáns	Manuel Cambra	Peitíeiros	154
Morgadáns	José Vargas	Peitíeiros	153
Morgadáns	M García Pendás	Morgadáns	153
Morgadáns	José Pérez Rodríguez	Chaín	151
Vincios	M.A. Figueroa	Vincios	159
Vincios	Juan Pérez Troncoso	Chaín	153
Vincios	Domingo Pazos	Vincios	131
Vincios	Antonio de Lis	Vilaza	109

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar. Elaboración propia.

Pablo Nieto destaca como o líder emerxente do Gondomar republicano. A pesar de ter conexións co pasado, é capaz de aglutinar ás novas elites locais e captar as non tan novas baixo a bandeira do Partido Republicano Radical. Primeiro búscase o equipo e despois decidírase en que partido lles conviña adscribirse.

⁷¹ Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 3 cartafol 3/9. Acta da Xunta Municipal do Censo Electoral do 4 de xuño de 1931 asinada polo seu secretario Remigio Muíños.

A corporación reunida o 5 de xuño, elixiu:⁷²

Pablo Nieto Virosta, alcalde⁷³

Rogelio Lorenzo González, 1º tenente de alcalde

Manuel García Pendás, 2º tenente de alcalde

Juan Pérez Troncoso, 3º tenente alcalde

Pola súa composición social, as profesións dos edís son as típicas das elites rurais: todos son propietarios agrícolas e ademais uns viven das rendas que lles producen os seus negocios, en Uruguai, Arxentina e mesmo en Cuba e en Brasil, xa que unha parte moi importante son emigrantes retornados: Nieto Virosta, González Fernández, Pequeño Rodríguez, Gonda Martínez, García Pendás, Pérez Rodríguez, Couto Couto, Cambra Pérez, Rodríguez Figueroa e Pazos Alonso polo menos. Outros son donos da tenda-bar da parroquia, como Antonio de Lis, o mesmo Pazos Alonso ou Pérez Troncoso —este último fora militar e conservaba a graduación de capitán na reserva—, hai tamén un ex- futbolista do Celta de Vigo, José Hermida, un propietario dun negocio de carpintería Rogelio Lorenzo, un madeireiro como Ángel Pazos e un secretario de xulgado, o mesmo Nieto. Entre eles hai, ademais, varios dos maiores contribuíntes das parroquias, como Antonio de Lis (Vilaza), Manuel Ángel Figueroa ou Domingo Pazos (ambos de Vincios).

En canto á súa *pureza* ou grao de contaminación política, podemos dicir que existe unha porcentaxe pequena de contaminados, algo máis dun 16%, o que quere dicir que só tres de dezoito concelleiros participaron en corporacións anteriores á República (Roade, de Lis e Pérez Troncoso). É certo que houbo algunha que outra colaboración coa Monarquía en forma de alcalde de barrio entre os *puros*, como o socialista Rogelio Lorenzo ou os agrarios Pequeño Rodríguez e Vargas Lorenzo. Mais con quen hai que facer unha reflexión á parte é co alcalde Pablo Nieto que, aínda que é certo que non ocupou ningún escano nos parlamentos municipais anteriores a 1931, si é verdade que foi un importante cargo da Unión Patriótica e do Somatén durante os anos do Directorio. Por último, algúns ocupaban cargos parroquiais, como as presidencias das sociedades agrarias, a de Borreiros para Pequeño, a de Gondomar para o mesmo Nieto. Doutra banda, Couto era o presidente da Asociación Hijos de Morgadáns.

A nivel político, a maioría dos concelleiros afiliáranse ao Partido Radical, un total de dezasete. A pesar de que o goberno local completábase con Rogelio Lorenzo, que era o único concelleiro socialista, podíase dicir que o Concello de Gondomar, no seu comezo, era practicamente monocolor.

Aínda que era pequeno o número de concelleiros que ocupara un escano municipal en réximes anteriores e que formaban parte da primeira corporación re-

72 *Ibid.*, caixa 36, Libro de Actas da Comisión Permanente 36/5. Sesión plenaria do 5 de xuño de 1931.

73 Pablo Nieto Virosta naceu en Celanova (Ourense) en 1893, xa que o seu pai ocupaba un posto na Administración local dese municipio. O traslado do seu proxenitor a principios de século ao Val de Miñor, primeiro como secretario do Xulgado de Gondomar e a partir de 1905 en Nigrán, púxoos en contacto coa comarca. Moi novo emigrou a Arxentina e á súa volta contrae matrimonio en Nigrán, entrando en xuño de 1913 a traballar no concello de Gondomar como oficial segundo interino; ao ano seguinte xa ocupou esa praza en propiedade. Apareceu moi brevemente como secretario municipal nos inicios do Directorio, substituíndo o depurado Urbano Alonso. Pronto dimitiu para seguir a carreira de secretario xudicial, antes da proclamación da República, nos concellos de Mos e Bueu. Ocupou cargos directivos no Somatén e na Unión Patriótica e a comezos de 1931 era o presidente da Sociedade Agraria de Gondomar. Entrevista realizada polo autor coa súa filla Esther Nieto Villamarín (1913), o 25/11/2011 no seu domicilio de Vigo.

publicana de Gondomar, si que unha parte importante deles tiveran unha relación directa ou indirecta coa Monarquía, coa Ditadura, ou ambas. Nese senso eses republicanos de nuevo cuño eran a expresión da capacidade de adaptación dos notables locais e as súas clientelas ás cambiantes circunstancias políticas (Prada, 2013: 238) e os radicais foron os máis beneficiados polo desembarco das elites monárquicas nalgúns partidos republicanos.

En Nigrán o triunfo alcanzouno a coalición republicano-socialista, a única candidatura que se presentaba e que contaba, ademais, co apoio das sociedades agrarias. Así quedou o resultado tras o escrutinio.⁷⁴

TÁBOA 33 : Escrutinio eleccións municipais en Nigrán. Maio 1931

Distrito nº 1 Nigrán (sección única). Número de votos.

	M. Sanromán	M. Estévez	Rodríguez Calvín	Costas Rial
Secc. Única	153	152	152	68

Distrito nº2: San Pedro, dúas seccións: San Pedro e Santiago

	P. Salgueiro	E. Rial	Iglesias Portela	Núñez Rouco	Misa Valverde
1ª sección	122	120	115	55	55
2ª sección	18	18	17	74	74
Total	140	138	132	129	129

Distrito nº 3: dúas seccións: Priegue e Panxón

	M. Alonso	J. Sanromán	Glez. Vidal	Rogelio Rguez.	J. Sanjuán
1ª sección	223	223	223	223	114
2ª sección	113	113			
Total	336	336	223	223	114

Fonte: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

Na sesión inaugural desa lexislatura (5 de xuño) procedeuse aos nomeamentos dos cargos directivos deste novo goberno.⁷⁵

Para alcalde elixiuse a Manuel Alonso González, de Priegue, que fora primeiro tenente de alcalde na corporación anterior.

1º Tenente de Alcalde a Manuel Sanromán García, de Nigrán.

2º Tenente de Alcalde: Eduardo Rial Fernández, de San Pedro (Souto).

3º Tenente de Alcalde: José Sanjuán Lorenzo, de Panxón.

O resto do equipo de goberno: Manuel Misa Valverde, de Parada; José Vicente Sanromán Pérez, de Panxón; Rogelio Rodríguez Rodríguez, de Chandebrito; Manuel González Vidal, de Priegue; Manuel Estévez Iglesias, de Nigrán; José Rodríguez Calvín, de Camos; Pedro Salgueiro Rial, de San Pedro (Mallón); Joaquín Iglesias Portela, de San Pedro (Cabreira); Eugenio Núñez Rouco, de Parada; Antonio Rial Lomba, de Panxón; Manuel Costas Rial, de Camos.

Nesta listaxe, a porcentaxe de pureza é moi alto, se temos en conta que soamente atopamos un concelleiro *contaminado*: o veterano Manuel Misa Valverde, que

⁷⁴ Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 37 cartafol-Expediente Eleccións 1909-1983.

⁷⁵ *Ibd.*, caixa 2037, Libro de Actas 2037/3. Sesión plenaria do 5 de xuño de 1931.

formou parte das lexislaturas monárquicas desde 1916 ata a irrupción de Primo de Rivera. Non imos ter en conta para esta clasificación os tres concelleiros, ademais do alcalde, que integraron a candidatura que se presentou ás eleccións do 12 de abril, por exercer o seu mandato no período republicano e co consentimento das autoridades republicanas.⁷⁶

Canto á súa ideoloxía,⁷⁷ a corporación estaría composta por dez republicanos, un socialista, un agrario e tres independentes. Pero pasado un mes e por mor das eleccións constituíntes, o seu carné político experimentou lixeiros cambios: dous socialistas, Iglesias Portela e Núñez Rouco, un republicano de esquerdas Sanromán García, un agrario laico, Rial Fernández, un agrario católico, Sanjuán Lorenzo, e todos os demais, ata quince, levarán a indefinida etiqueta de republicanos sen máis.⁷⁸

É interesante resaltar a relación directa entre a práctica desaparición dos monárquicos e o crecido número de republicanos independentes nos municipios Aparece a figura do concelleiro acomodaticio (Prada Rodríguez, 2013: 235-237), sen afiliación política concreta e que pode instalarse en calquera partido, goberno ou réxime. No caso do Concello de Nigrán ata, 11 concelleiros respondían, polo momento, a esas características. Foi a única corporación do Val de Miñor nesas circunstancias.

Canto ao nivel socio-económico, os membros dese equipo de goberno, aínda que eran propietarios agrarios, non estaban entre os máis adiñeirados, se exceptuamos o alcalde Alonso González, que era comerciante e posuía varios muíños que o convertían no maior contribuínte, polo concepto industrial, de Priegue, e a Manuel Misa Valverde que o era, á súa vez, de Parada, polo concepto de urbana. Polo demais, González Vidal era industrial, Núñez Rouco carpinteiro, Rodríguez Calvín ferreiro e Rogelio Rodríguez canteiro.

Destacar tamén, que unha parte importante da corporación estaba constituída por emigrantes americanos: Manuel Alonso, Manuel Costas, Manuel Estévez, Manuel González Vidal, Eduardo Rial e José Sanjuán.

Unha semana despois de constituírense as corporacións republicanas celebráronse unhas eleccións de carácter doméstico: as de xuíz e fiscal municipal cuxos nomeamentos, coa chegada da República, non recaerán nas Audiencias Territoriais, previa presentación de candidatos por parte dos concellos, como sucedía na monarquía, senón que se converterán en cargos plebiscitarios. Xa en maio, o titular de Xustiza, Fernando dos Ríos, consciente de que a xustiza municipal era un baluarte caciquil desde o que se cometían as maiores arbitrariedades, sinalou que era un deber patriótico remover a Xustiza municipal.⁷⁹

Alcalá Zamora asinou a Lei do 8 de maio, sobre a Organización da Xustiza Municipal. O mesmo executivo convocou votacións para o 7 de xuño co fin de elixir xuíces locais e os seus suplentes, e, tamén, fiscais e suplentes, para poboacións que non fosen cabezas de partidos xudiciais e que tivesen menos de 12.000 habitantes. Aplicaríase a Lei Electoral de agosto de 1907 e exercerían os seus dereitos os veciños maiores de vinte e cinco anos que xa figurasen inscritos no censo. Aínda que o mesmo presidente da República advertiu dos riscos da elección popular dos xuíces (Del Olmo, 1997: 699-720).

76 O final do período republicano a porcentaxe de concelleiros *contaminados* será dun 13% do total. Foi o municipio da comarca con maior participación de concelleiros *puros*.

77 *Faro de Vigo*, 2 de xuño de 1931.

78 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 24, Expedientes de Cargos Municipais 1840-1984. Trátase de atender unha orde do gobernador civil do 30 de setembro de 1932 onde solicitaba dese concello a relación de concelleiros con expresión da afiliación política de cada un deles.

79 *Faro de Vigo*, 22 de maio de 1931

“Si quien detenta un Juzgado lo hace a título de republicano o de monárquico o de socialista o de integrista (...), las sentencias que dicte será muy raro que tengan algo que ver con la Justicia, porque aún suponiéndole hombre de rectitud absoluta, le será muy difícil resistir a las pasiones de la fracción que lo ha sacado vencedor”.

A conxunción republicano-socialista presentou os seus candidatos buscados cun perfil militante. Ao non atopar oposición nas urnas por incomparecencia do bando contrario, saíron os seguintes:

En Baiona, o xuíz electo foi Horacio Ante Rodríguez, de Sabarís, sen antecedentes políticos pero dunha familia de ampla tradición realista. O seu pai, José Ante, fora concelleiro monárquico aínda que militando nas filas do agrarismo. Horacio, que estaba moi próximo a Fernández Peón e á ORGA, acabará formando parte da agrupación local de Esquerda Republicana en 1936. O suplente será o histórico militante do PSOE e da U.X.T, Bernardo Seoane. Para fiscal, os electores elixiron a Manuel Fernández e como suplente a Alfonso Míguez.⁸⁰

Gondomar foi o único concello no que se tentou articular unha candidatura alternativa aos republicanos. Os monárquicos fracasaron no intento de convencer o anterior xuíz, o avogado Arturo Estévez, home próximo a Fernando Villamarín, con importantes contactos e recoñecida influencia no municipio, que se resistiu ás presións dos seus partidarios e renunciou a participar anunciando a súa dedicación ao libre exercicio da avogacía.⁸¹ Nesa situación os militantes republicanos van copar todos os postos da maxistratura local: o Xulgado será administrado polo ex-monárquico Domingo Vila Manzanares, sendo o seu suplente o agrario, Domingo Bravo Caneda. Ambos, veciños da parroquia de Gondomar. En canto aos fiscais, a confianza veciñal foi para o home de prol José Quintas Santiago, ex-concelleiro tanto coa Monarquía como coa Ditadura. O seu suplente será Manuel Salgueiro Salgueiro.⁸²

En Nigrán, pola súa banda, triunfaron nesas singulares eleccións o republicano Bernardo Pérez Gallego, como xuíz titular, Manuel Valverde González, de San Pedro da Ramallosa, socialista e membro da Sociedade Agraria desa parroquia, como xuíz suplente, e José Misa González como fiscal titular (Priegue) home de confianza do novo alcalde, Manuel Alonso, a pesar de que no pasado exercera de concelleiro, aínda que só por seis meses, no primeiro goberno local do Directorio.⁸³

Esta será a primeira e última vez que a xustiza municipal se someta ao escrutinio popular. A norma, que en 1931 se puxo como exemplo da instauración dunha xustiza democrática, vai ser tachada dous anos despois de “decreto inoportuno” xa que, no verán de 1933, o ministro da Gobernación Casares Quiroga decidiu a supresión da elección para a designación dos xuíces e a volta ao sistema tradicional, xa que segundo o ministro:

“España, justo es confesarlo, no era precisamente un marco adecuado para el sistema de elección popular de jueces municipales cuando, a raíz del advenimiento de la República, se implantó este. Ya que es un error creer que puede resultar eficaz la elección en la esfera de la justicia (...) ya que cuando la política entra en un tribunal la justicia escapa de él”.⁸⁴

80 *El Pueblo Gallego*, 10 de xuño de 1931.

81 *La Voz del Miñor*, 6 de xuño de 1931.

82 *Faro de Vigo*, 7 de xuño de 1931.

83 *Ibid.*, 13 de xuño.

84 *Ibid.*, 18 de agosto de 1933. Declaracións do ministro Casares Quiroga

Os xuíces van exercer as súas responsabilidades con certos reproches ás corporacións locais. Precisamente, o recentemente estreado xuíz de Nigrán, Bernardo Pérez, certificaba, tras unha visita de inspección aos sotos da Casa do Concello, o abandono dalgúns servizos, tales como os calabozos xa que “el depósito de detenidos reúne las condiciones de una cuadra, sin albergue, ni se les facilita luz a los detenidos”.⁸⁵ Xa non era a primeira vez que se cuestionaban as condicións de hixiene do depósito de detidos de Nigrán; en abril de 1929 fuxiu un preso deixando unha nota na súa cela onde participaba ao xuíz que abandonaba o cárcere por ser *una pocilga*.⁸⁶ Nin sería a última, xa que, en 1933, outro preso escapou do calabozo despois de prenderlle lume á mesma Casa Consistorial.⁸⁷

85 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 229, cartafol 229/2.

86 *El Pueblo Gallego*, 17 de abril de 1929.

87 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2037, Libro de Actas 2037/5. Sesión plenaria do 8 de outubro de 1933.

Capítulo 4

OS PARTIDOS POLÍTICOS

As forzas políticas de implantación estatal e tamén rexional foron constituíndo comités locais nos centros urbanos e mesmo nas parroquias da comarca. Esa tarefa levouse a cabo de maneira gradual e progresiva. Unhas xa existían, como as agrupacións do PSOE de Baiona e Gondomar, e outras creáranse inmediatamente despois de proclamarse a República, caso da ORGA en Sabarís ou o Partido Radical en Belesar ou Gondomar, e así un detrás doutro. Pódese afirmar, por tanto, que, a finais de 1933, a maioría dos partidos con certo ascendente entre o electorado tiñan representacións en todo o Val de Miñor.

Se atendemos á distribución territorial desas agrupacións, podemos afirmar que, na comarca, cada municipio optou por un modelo distinto á hora de apoiar as diferentes opcións políticas. Baiona caracterizouse pola súa diversidade partidista. Así, a primeira corporación estará formada por formacións e correntes políticas adictas aos galeguistas, orguistas, socialistas, dereitistas e radicais, a pesar de que non se levara a cabo a creación dalgúns partidos adictos a esas ideoloxías.

Gondomar, en cambio, será patrimonio case exclusivo, durante os primeiros anos, do Partido Radical, que contará co apoio da case totalidade das antigas elites e tamén das novas. Ante a ausencia dos demais partidos, a alternativa política quedaba en mans dunha reducida agrupación socialista e posteriormente da minoría agraria, en espera da eclosión das dereitas. Con todo, as distintas eleccións van reflectir o poderío do binomio radical-dereitas.

En Nigrán, a etiqueta de republicanos exhibida en repetidas ocasións polas elites corporativas non clarificaba a súa posición real. Despois dun inicio onde os radicais parecían contar con posibilidades de situarse, a aproximación da maioría dos concelleiros ao PRG e, posteriormente, á Esquerda Republicana, configurou cos socialistas a maioría política no Concello. As dereitas, en principio, aglutinaron a oposición extraparlamentaria ante a ausencia dunha agrupación radical consistente.

4.1. OS PARTIDOS OBREIROS

Empezando a análise polos partidos da clase traballadora, as agrupacións locais do Partido Socialista Obreiro Español xa levaban funcionando en Baiona e Gondomar antes do golpe de estado de Primo, aínda que legalizaron as súas Casas do Pobo e organizacións a mediados do anos vinte, concretamente en 1924. Os socialistas recorreron á UXT como apoio das súas actividades e propagandista da súa ideoloxía. Nas pequenas localidades e no mundo rural PSOE e o sindicato era algo que se entrelazaba. O Presidente do sindicato era o secretario da agrupación socialista ou viceversa. (González Probados, 1990: 168). Seguindo ese esquema, en Baiona, os seus principais promotores serán os dirixentes sindicais da UXT: o panadeiro Bernardo Seoane Vázquez, alias Fasquías, natural de Ribadavia (Ourense), que emigrara a Gondomar onde instalou unha tafona e onde se caracterizou polo seu proselitismo e divulgación das ideas socialistas. En 1924 trasladouse a Baiona e, apoiado polo fillo, Ignacio Seoane, aglutinou os simpatizantes do partido socialista e constituíu o comité da vila. Contará coa participación de Agustín Villafines Bautista, mestre de obras e sindicalista, que

organizou a sección socialista da parroquia de Sabarís conseguindo por este partido un escano en Baiona nas municipais de maio de 1931. Con Villafines colaborarán Luís López Luís e o mestre de Belesar Manuel Cuña Cuña, que chegou a formar parte da xestora republicana, aínda que este último pronto abandonará a localidade por traslado profesional en 1932. En plena República sumarase ao partido, entre outros, o mestre Benito Ramallo Gómez, natural de Noia (A Coruña) e destinado en 1932 ás escolas graduadas da vila, e o tamén mestre de Baredo, Amado Rodríguez.

A súa verdadeira forza residía na súa unidade cos sindicatos obreiros, onde os seus líderes tamén ocupaban cargos directivos: o Sindicato de Oficios Varios de Baiona e que posteriormente pasou a denominarse Sindicato da Edificación de Baiona e os seus contornos-UXT. Os socialistas tamén controlaron, no comezo do período republicano, o sector pesqueiro grazas á creación do Sindicato de Traballadores do Mar-UXT, aínda que axiña foi absorbido, en 1932, pola competencia (CNT).

Pola súa banda, os socialistas de Gondomar foron organizados polo mesmo Seoane cando este tiña a panadería en Gondomar, antes de trasladarse a Baiona. O seu testemuño recolleuno Rogelio Lorenzo, carpinteiro e mestre de obras, veciño da vila e único representante socialista no goberno local. Igual que acontecía en Baiona, contaban co apoio do Sindicato Obreiro do Ramo da Edificación-UXT. O presidente dese sindicato, Rodríguez Gómez, foi membro da xestora republicana en abril de 1931. Na etapa final da República, os socialistas contaban con algún líder parroquial, como José Gesteira e Feliciano Loureiro Graña por Peitieiros e José Pérez Pérez por Morgadáns.

En cambio, o PSOE de Nigrán tardou máis en constituírse.⁸⁸ A súa adscrición no Libro de Rexistro de Asociacións non se levou a cabo ata comezos de 1934, e iso que na primeira corporación republicana figuraban dous concelleiros adictos ás ideas socialistas e que a sociedade agraria de San Pedro da Ramallosa formaba parte da organización: non en balde foi convidada a participar nas reunións do Comité electoral do PSOE de Vigo de cara ás eleccións constituíntes. Nesa reunión participaron o concelleiro Joaquín Iglesias Portela e o directivo agrario desa sociedade José Valverde González.⁸⁹ Mesmo en setembro de 1933 o candidato socialista ao Tribunal de Garantías Constitucionais ía contar cos apoios de tres concelleiros desa corporación e a principios de novembro dese mesmo ano formarán un comité de apoio aos socialistas cara ás eleccións dese mesmo mes. A pesar diso, non foi ata 1934 cando se oficializou a constitución do comité local, grazas ao impulso do mestre foráneo Vázquez Grela, que ocupará o cargo de Presidente. Vicente Panteón Salgueiro, Vicepresidente; Abilio González Pérez, Secretario; José Valverde Méndez, Vicesecretario; José Rodríguez Gómez, Tesoureiro; Pedro Negro Fresno, Vicesoureiro.⁹⁰

O partido tamén se estendeu polo municipio nomeando delegados polas parroquias: Antonio Couso Fernández, Arturo Pérez Vilas, José Álvarez Basuín, Prudencio Pérez Iglesias, Joaquín Iglesias Portela, Ramón Vidal Iglesias, José Pérez Valverde, Manuel Rguez, José Hermida, Fernando Alonso, Alfonso Senra, José Otero, Pedro Negro, Prudencio Rial, José Pérez, José Valverde e Manuel Cadaval.

Contará co aval do Sindicato da Edificación de Nigrán-UXT. E, nunha situación moi similar a Baiona, a influencia que nun principio ía ter o PSOE sobre o sindicato marítimo *El Despertar del Valle* rematará en 1932, tras a integración destes na sindical anarquista.

En canto ao Partido Comunista, non constatamos organización ningunha no Val de Miñor (Santidrián Arias, 2008) e os votos que vai obter ao longo das distintas

88 Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Sección Goberno Civil, Libro de Rexistro de Asociacións. Data de inscrición do documento, 22 de febreiro de 1934.

89 *El Pueblo Gallego*, 9 de xuño de 1931.

90 *Ibid.*, 10 de marzo de 1934.

eleccións foron practicamente inexistentes. Soamente nos meses finais da República aparecen referencias en Baiona coa presenza de Cabrera Petroño como concelleiro na Xestora da Fronte Popular e membro do Comité Prol-Autonomía representando ese partido. En Gondomar tamén hai que facer referencia á existencia de mencións, en meses anteriores ao golpe de estado de xullo de 1936, que sinalaban o mestre José Cribeiro e o sindicalista Rodríguez Gómez dentro da ideoloxía comunista.

Mencionar, dentro do bloque obreiro, a presenza do Partido Sindicalista de Anxo Pestana en Baiona baixo o liderado dos irmáns Agustín e José Villafines González, o primeiro dos cales tamén formou parte da Xestora fronte-populista dese municipio.

4.2. AS FORZAS REPUBLICANAS

Por parte da esquerda burguesa, os seus simpatizantes estaban agrupados ao redor da ORGA, primeiro, do Partido Republicano Galego (PRG) despois e, finalmente, Esquerda Republicana (ER). O comité inaugural da Organización Republicana Galega no Val de Miñor constituíuse en Sabarís en maio de 1931,⁹¹ grazas ao impulso do seu presidente Salustiano Fernández Peón, adicto a Casares Quiroga. Acompañano Ángel López Cons, alias O Xuncaleiro, agricultor da mesma parroquia e neto do histórico loitador agrario Ventura López, e Horacio Ante, primeiro xuíz republicano, que o seguirá por todo o seu periplo político ata terminar xuntos no partido de Azaña. Os seus principais apoios electorais proviñan de Sabarís xa desde o principio, onde tamén contará coa familia Amorín e co médico municipal Benito Fariña, cuñado de Horacio, xa que na vila non ían ter tanta aceptación. Non era, a nivel xeral, unha agrupación política de masas, senón un partido de notables, de dirixentes, que ía ter nas súas filas comerciantes, profesionais liberais, propietarios agrícolas etc. (Velasco, 1991: 191) Competía pola mesma militancia e por un semellante apoio electoral coas demais forzas políticas republicanas de esquerda. Contou, ademais, co apoio dos gobernadores civís, todos eles correligionarios do partido, durante o bienio reformista. Foron a presenza política e as prolíficas iniciativas municipais de Fernández Peón as que foron suficientes para outorgar a ese partido un poder que non se correspondía coa escasa capacidade de mobilización dos seus militantes.

Tras o seu paso polo PRG, converxeron en Esquerda Republicana, ao mes seguinte, marzo 1936, do triunfo da Fronte Popular, elixindo como: Presidente, Salustiano Fernández Peón; Secretario, Eleuterio Amorín Rodríguez; Tesoureiro, Horacio Ante Alonso; Vogais, José Amorín Rodríguez e Ángel López Cons.⁹² Aínda que non foi ata a asemblea provincial dese partido realizada en xuño, cando se aprobou a súa admisión.

En Gondomar, a ORGA non tivo ningún tipo de protagonismo nos primeiros impulsos políticos republicanos; a voracidade do Partido Radical acaparábao todo. Houbo que esperar ata decembro de 1932, data en que se constituíu a agrupación local do Partido Republicano Galego: Presidente, Etelvino Pérez Vigo (médico, natural de Meaño). Vicepresidente, Manuel Rial Salgueiro, comerciante. Secretario, Roberto Álvarez Abreu, propietario. Tesoureiro, Luis Hermida Losada, industrial. Vogais: Manuel Rial Hermida, Severino Pérez e Evaristo Bravo Barreiro.⁹³ Un comité local formado por homes de nivel económico e prestixio na localidade.

91 *Faro de Vigo*, 26 de abril de 1931.

92 *El País*, 18 de marzo de 1936

93 *Faro de Vigo*, 10 de decembro de 1932.

Posteriormente, en abril de 1936, algúns acompañarán a Pérez Vigo no seu paso a Esquerda Republicana: Álvaro Pérez Iglesias, Fernando Míguez Carrera, Roberto Álvarez Abreu, Joaquín Couto Couto (concelleiro), Urbano Gonda, José Pequeño Rodríguez (alcalde) Luciano Folgoso, Jesús Portas e José Vargas Lorenzo (concelleiro). Á beira dos asinantes empezaron a mobilizarse, entre outros, elites parroquiais fundamentalmente agrarias, como o concelleiro Emilio Eiras Sierpe, de Gondomar, os irmáns Trigo e Faustino Gaviño por Borreiros; Anxo Pazos Acevedo (concelleiro), Arturo Estévez Pérez, Manuel Morgadanes Martínez e Urbano Diz Morgadanes por Donas, Antonio Silva Álvarez, Domingo Domínguez Pérez por Mañufe, Manuel Araujo Barbosa, Manuel González Lira e Manuel Méndez por Vilaza, os irmáns Alonso Fernández, Manuel Fernández González e Silverio Martínez Figueroa por Vincios, Manuel Pérez Domínguez, Domingo Mariño e Manuel Misa Míguez por Peitieiros, Luciano Martínez Dornas e Maximino Torres Torres por Couso.⁹⁴

Dos membros do PRG soamente repetían presidente e secretario. O resto desapareceu da primeira liña, quizais pola integración do novo grupo na Fronte Popular con socialistas, comunistas e sindicalistas ou para deixar paso a personaxes de máis peso político no escenario local, tales como o alcalde Pequeño Rodríguez, que abandona a súa indefinición ideolóxica como agrario para converterse en adicto de Azaña despois do seu paso, non exento de crispación, polo Partido Radical. Destacaban tamén os ex- concelleiros radicais Pazos Acevedo, Couto Couto e Vargas Lorenzo, este último protagonista do proceso de secularización de cemiterios na súa parroquia (Peitieiros), e líderes agrarios como Urbano Diz e Manuel Silva. Pola súa parte, Roberto Álvarez Abreu ocupara un escano municipal na Ditadura e Álvaro Pérez Iglesias era fillo dun alcalde no mesmo período.

O momento da irrupción da ORGA-PRG no escenario político de Nigrán foi máis confuso. Por unha banda, os republicanos electos nos comicios locais de maio proclamáronse, na súa maioría, coa etiqueta de republicanos sen máis, sen ningún tipo de aclaración; por outra, o feito de que o radical Emiliano Iglesias fose o candidato máis votado nas Constituíntes de xuño, fundamentalmente na parroquia do alcalde, e, por último, as crónicas hostís contra este goberno local por parte do Pueblo Gallego, un xornal proclive á ORGA, e do seu correspondente, o mestre Álvaro Rey Alar, tamén simpatizante desta formación, inclínanos a pensar que, nun primeiro momento, unha parte importante dos edís de Nigrán, co alcalde á cabeza, non estaban na órbita dese partido republicano.

Pero, a principios de 1933, a prensa⁹⁵ citaba a Severino Alonso Gonda como presidente do PRG de Nigrán e hai que destacar o seu ascendente sobre o alcalde, Alonso González xa que, este último, fora o máis fiel colaborador de Alonso Gonda durante a súa etapa como alcalde da Monarquía e primeiros meses da República, polo que non era descartable o paso a ese partido e con el os republicanos da corporación. Esta opción gaña máis forza cando, en setembro dese mesmo ano, a maioría da corporación outorgou o seu apoio ao candidato do PRG ao Tribunal de Garantías e, posteriormente, tras a resaca da Revolución de outubro de 1934, o goberno radical-cedista fulminou os edís desa localidade, co que queda claro que estaban moi lonxe das posicións que defendían tanto Lerroux como Gil Robles.⁹⁶

94 *El País*, 2 de maio de 1936.

95 *Faro de Vigo*, 22 de abril de 1933. O motivo da noticia era o traslado dos líderes do Partido Republicano Galego a Gondomar e a outros municipios ao sur da provincia. Nesa visita estiveron acompañados en todo momento dos médicos Pérez Vigo e Alonso Gonda, presidentes respectivos dos comités locais deste partido en Gondomar e Nigrán.

96 A vinculación de Alonso Gonda co alcalde e a maioría do goberno local púxose de manifesto

En 1936 faise referencia á agrupación de Esquerda Republicana de Nigrán e ao seu presidente, o médico Severino Alonso Gonda, a cuxo lado debería estar o alcalde repostado e unha parte importante da corporación.

4.3. O NACIONALISMO

O Partido Galeguista de Baiona tiña algunha tradición autonomista; foi o único concello do Val de Miñor onde tiveron certo encaixe as ideas galeguistas. En cambio, en Gondomar e Nigrán non contaron coa militancia suficiente para abrir delegacións locais. Non nos consta a existencia deste tipo de organización nestes dous últimos concellos nin na prensa rexional, provincial e local, nin na documentación atopada en arquivos públicos ou privados nin nas fontes orais consultadas.

A agrupación do Partido Galeguista en Baiona tivo orixe no Grupo Autonomista desa localidade organizado por Rodríguez de Vicente e o estudante de Maxisterio José Veyra⁹⁷ durante os anos finais da Monarquía e nos tempos do Directorio. Agora, a principios de 1932, vai competir cos radicais en fichar homes de prol do antigo réxime con tirón electoral que compartirán o seu carné rexionalista con republicanos e galeguistas auténticos. Xa nos discursos en actos de afirmación da República, como na festividade do Día de Galicia, en reunións publicitarias sobre o Estatuto etc. predominaban as ideas rexionalistas e autonomistas de matiz conservador.⁹⁸ O partido contará con certa influencia na parroquia de Sabarís, onde existía unha sección da Mocidade Galeguista (Beramendi, 2007: 886) na vila e tamén na parroquia de Baredo. Era o único partido dos municipios que estamos a estudar cuxo rexistro de militancia coñecemos; un grupo moi reducido, por unha banda, pero moi significativa por outra, e na que axiña se producirán importantes readaptacións.⁹⁹

cando, á morte do médico titular Castro Somoza, sacouse a praza para cubrir de forma interina, adxudicándolla ao ex-alcalde sobre outros candidatos por unha inmensa maioría de votos incluído o do alcalde. Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2037, Libro de Actas 2037/5. Sesión plenaria do 29 de xaneiro de 1933. Xa no verán de 1935, cando o mesmo Alonso Gonda gaña as oposicións a médico titular de Nigrán, provocou o malestar e a retirada do proceso avaliador do médico dereitista Jacobo Martínez Pereira por entender que o tribunal era parcial xa que estaba formado polos médicos Benito Fariña de Sabarís e Pérez Vigo de Gondomar, que eran amigos e correligionarios do Partido Republicano Galego de Alonso Gonda. *Ibid.*, Libro de Actas 2037/7. Sesión plenaria do 13 de xullo de 1935.

97 *El Pueblo Gallego*, 4 de xuño de 1931.

98 *La Voz del Miñor*, 30 de xullo de 1932, intervención do médico baionés Francisco Caballero no banquete conmemorativo do Día de Galicia en Baiona.

99 Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Sección Goberno Civil. Listaxe de socios do Partido Galeguista. L-7428. Documento con data de 15 de xaneiro de 1933.



A CEDA de Gondomar:

1. Latino Salgueiro (Presidente) 2. Faustino Alonso (Vicepte.) 3. Méndez Misa (Concalleiro)
4. Pereira Espinosa (Vogal). Fotos cedidas polas familias.



P. Galeguista de Baiona:

1. Martín Vega 2. Pazos Nartallo 3. Francisco Trigo 4. Eduardo Lira. Fotos cedidas polas familias.



P. Radical de Nigrán:

1. Eugenio Costas 2. Eugenio Misa 3. Manuel Crespo 4. Valentín Castro. Fotos cedidas polas familias.



P.S.O.E. de Nigrán:

1. Vázquez Grela (Presidente) 2. Vicente Panteón (Vicepte.) 3. Iglesias Portela (Concelleiro)
4. Núñez Rouco (Concelleiro). Fotos cedidas polas familias.

TÁBOA 34: Militantes do Partido Galeguista-Baiona

Nome	Idade	Profesión	Localidade
Francisco Trigo Rey	34	Correos	Baiona
F. Vázquez Ratel	24	Mariñeiro	Baiona
Héctor Barreiro	23		Baiona
J. Pazo Nartallo	33	Armador	Baiona
M. Martínez Rodríguez	37	Mecánico	Sabarís
Celestino Álvarez	48	Industrial	Baiona
J. Barreiro Granja		Propietario	Baredo
J. Misa Rodríguez	42	Agricultor	
Francisco Sánchez		Mestre	Baredo
J. Barreiro Álvarez	53	Farmacéutico	Baiona
Eduardo Lira López	32	Empregado	Baiona
R. Martín Vega	43	Industrial	Sabarís
Vicente Vázquez	35	Comerciante	Baiona
Jesús Suárez			

FONTE: Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

A análise desa listaxe de afiliados lévanos a concluír que estaba formada por personaxes de prestixio dentro da sociedade baionesa. Contaba co alcalde Vicente Vázquez, co 1º tenente de alcalde Román Martín, de Sabarís, co concelleiro da parroquia de Baredo José Barreiro Granja, que tamén era o presidente desa Sociedade Agraria, o tamén concelleiro Francisco Sánchez, do mesmo Baredo. Igualmente formaba parte dese selecto grupo o armador Pazo Nartallo, que era o presidente da Patronal do sector pesqueiro de Baiona e fora membro da Xestora republicana de 1931, e, por último, Francisco Trigo, xefe de Correos. Chama poderosamente a atención a militancia galeguista da prestixiosa familia Barreiro, representada polo seu patriarca José Barreiro, farmacéutico, último alcalde da Monarquía (1918-1923), e que, co correr dos anos, sería o primeiro alcalde da Xestora franquista.

Desde outro punto de vista, a creación desa agrupación, no que aos seus líderes se refire, tivo que ver coa deslocalización política de certas elites do municipio ante esa nova etapa, o que conduciu a unha aproximación entre eles por motivos de parentesco, amizade, corresponsabilidade en sociedades mercantís, etc. aínda que tamén estaban nese grupo galeguistas convencidos. Así, Pazo Nartallo era familiar de Vicente Vázquez, este á súa vez érao de Florentino Vázquez Ratel; José Barreiro Álvarez era pai de Héctor Barreiro Troncoso, e o farmacéutico e Román Martín Vega eran antigos alumnos dos Xesuítas e socios na fábrica de serrar e muíños de cal Barreiro, Martín e Cía.

Excepto Martín Vega, “el simpático gallego enxebre”¹⁰⁰ e Francisco Trigo, que permaneceron fieis ao galeguismo e que deron mostras de atoparse no partido adecuado,

100 Así o cualificou o xornalista do *Faro de Vigo*, 20 de xaneiro de 1933.

case todos os demais personaxes citados pertencían a correntes e pensamentos conservadores, tanto con anterioridade como con posterioridade a esas datas. Á parte das razóns familiares ou de simpatía, tamén hai que ter en conta que cando entraron no galeguismo, a principios de 1932, aínda as forzas de dereita católicas, como a URD, non estaban consolidadas na comarca, por iso buscaron encaixe entre os rexionalistas, á espera de tempos máis clarificadores. Foi, por tanto, unha militancia artificial e ao cabo de moi pouco tempo acabaría abandonando para atopar acomodo entre as dereitas, que era o encadramento lóxico de acordo co seu ideario. O caso oposto represéntao Lira López, que en 1936 vai formar parte de Esquerda Republicana.

En Gondomar, os galeguistas contaron cun importante propagandista: o mestre de Morgadáns, o poeta Victoriano Taibo, que foi un fixo nos mitins e reunións, acompañando os líderes do partido.

4.4. O PARTIDO RADICAL

O centro-dereita no Val de Miñor estaba representado polo Partido Republicano Radical (PRR). O partido de Lerroux dispuxo de importantes apoios electorais nesa comarca grazas ao empuxe e influencia do deputado Emiliano Iglesias. Ideoloxicamente e nas súas actuacións pretendían distanciarse tanto da dereita monárquica como da esquerda radical obreira. (Prada Rodríguez, 2005: 238-239) (Grandío Seoane, 2010:74). Ambos autores coinciden en que os radicais pretendían ser unha alternativa con matices centristas, antigaleguistas e polo tanto opositores ao Estatuto de Galicia.

Canto aos seus líderes, á beira de republicanos sinceros había outros dirixentes sen demasiados escrúpulos á hora de admitir como compañeiros de viaxe ex-monárquicos ou ex-upetistas. O mesmo Partido Radical, nunha circular publicada en agosto de 1931, avogaba por facilitarlles a militancia, sen mirar os antecedentes políticos, a todos aqueles que estivesen interesados. É máis, animábase a todos os afiliados a recibir con amabilidade os recentemente chegados, independentemente do seu pasado (Ruiz Manjón, 1976: 223). O mesmo Lerroux chegou a afirmar en agosto de 1931 que “muchos realistas convencidos ofrecían mejores garantías que aquellos recién llegados, aquellos que vienen a ver si pueden ordeñar la vaca” (Townson, 2002: 91).

En Baiona os radicais controlaban a parroquia de Belesar xa desde os comezos do período republicano, onde constituíran unha agrupación en 1931.¹⁰¹ Foi o seu feudo máis importante con dous representantes na primeira corporación. O seu líder era o

101 Convocatoria dun mitin radical celebrado en setembro de 1931 na parroquia de Belesar::

PARTIDO REPUBLICANO RADICAL

“Ciudadanos, cuando parecía que surgía en España un régimen de orden, justicia y libertad con el advenimiento de la República, se desencadenaron contra aquel, los elementos anarquizantes y disolventes capaces de apoderarse de la nación para aniquilarla y destruirla si las gentes sensatas y de orden no dan muestras de civismo y ciudadanía oponiendo al pistolero audaz y al incendiario cobarde el gran dique de contención que es en este caso el partido republicano radical agrario (acaudillado por Alejandro Lerroux) al cual todos como un sólo hombre debéis pertenecer si queréis que España no perezca y vuelva de nuevo a surgir pujante y floreciente en el concierto de las naciones para orgullo nuestro y admiración del extranjero. Pero como quiera que para pertenecer a un partido político se necesita conocer su programa, un grupo de entusiastas del partido radical agrario os invita al gran mitin que se celebrará el próximo domingo a las tres de la tarde en Belesar con Emiliano Iglesias, José López Otero, Ramón Salgado y los maestros nacionales Vidal de Bustamante y Blanco Cabeza”.

ex- monárquico Manuel Nartallo, emparentado por matrimonio coa poderosa familia dos Táboas, formada por clérigos, comerciantes e concelleiros de gran influencia na parroquia. Tamén dirixía a sociedade agraria, cuxos recursos humanos e materiais vai poñer a disposición do partido. O seu control sobre a localidade de maneira directa ou por intermediarios estendeuse ata xuño de 1936, cando abandonou a Xestora fronte-populista e marchou a Bos Aires dando por finalizada a súa carreira política. Da importancia desa agrupación no conxunto dos radicais de Baiona dá unha idea o feito de que dos catro edís que chegou a ter esta forza política no Concello despois das eleccións de maio, dous deles, Fabriciano Táboas e Albino Misa, pertencían a esa parroquia. A agrupación da vila constituíuse a principios de 1932; destacan entre os seus militantes o primeiro alcalde electo republicano, o armador Vicente González Cadilla, e o hostaleiro, tamén edil, Aurelio Alar; en Sabarís, cos agrarios Juan Manuel Martínez e Antonio Giráldez Acevedo, que chegarían a ocupar o cargo de concelleiros, así como co presidente da sociedade agraria *A Reconquista*, Belarmino Misa. Tamén contaban con importantes adeptos entre os socios do Pósito de Pescadores e da Asociación Benéfica de Mariñeiros *La Anunciada* de Baiona, xa que o mesmo González Cadilla gozaba, en ambas sociedades, de amplo predicamento. En Baredo tamén estaban ben colocados dentro da súa sociedade agraria.

Os seus militantes e simpatizantes figuraban nos cadros directivos das sociedades de recreo e lecer. Ao principio foi un dos principais refuxios da maioría dos caciques parroquiais ex-monárquicos, ante a ausencia de alternativas pola súa dereita. Tiña afiliados influentes en todas as parroquias e, ás veces, conxunturalmente, recibían apoios electorais dos clans conservadores, como así ocorreu nas eleccións de 1931, nas que este partido contou con aval da familia de Ulpiano Nogueira, de pasado maurista xa que o seu fillo, o avogado Miguel Nogueira, era o apoderado electoral de Basilio Álvarez nos tempos en que o cura de Beiro formaba parte da lista radical (Tezanos Gandarillas, 1997: 151-177).

En Gondomar, os radicais enviaron os seus estatutos ao Goberno Civil para a súa aprobación en maio baixo o epígrafe, bastante usual daquela, de Centro Republicano Cultural. Na primeira semana de xullo asinaron a acta constitutiva.¹⁰² Xa fose formando parte da Federación Republicana Galega, xa como compoñente da conxunción republicano-socialista ou competindo en solitario, foi o partido máis importante do municipio, tanto polo número de militantes como pola categoría xerárquica dos postos que ocupou nas distintas administracións.

O grupo radical, baixo o liderado de Pablo Nieto, mostrouse disciplinado e unido, pero varias circunstancias empuxárono, primeiro, á ruptura e, máis tarde, á desaparición, coma no resto de España. En clave local as causas foron, en primeiro lugar, a marcha de Nieto da Alcaldía e do municipio por motivos profesionais. En segundo lugar, o feito de que algúns dos concelleiros radicais pertencesen ás sociedades agrarias e a maioría delas acabasen apoiando os partidos de esquerda, o que levou varios edís a saíren do partido e, por último, a crise producida como consecuencia das loitas de poder dentro da corporación que conducen, primeiro, á quebra ao propio grupo radical e posteriormente á súa descomposición a finais de 1935.

Neste período as corporacións foron de maioría radical, aínda que con matices importantes, excepto a relativa á Fronte Popular, onde o partido xa deixara de existir. O mesmo pódese dicir dos alcaldes. Entre os seus dirixentes houbo de todo, ex-upetistas, ex-monárquicos, republicanos de conveniencia pero tamén demócratas convencidos.

102 Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, Sección Goberno Civil, Libro de Rexistro de Asociacións. Documento con data de inscrición do 2 de xullo de 1931, co título de Agrupación Republicana Cultural.

As elites políticas do Partido Republicano Radical de Gondomar ao longo do período republicano foi a seguinte:

Directiva fundacional do Partido Radical (1931). Presidente, Remigio Muíños Castro; vicepresidente, Pablo Nieto Virosta; tesoureiro, Daciano Andión Martínez; secretario, Claudio Albés Jiménez; vogais: Eladio Ferreiro Otero, José Quintas Santiago e José Hermida Losada.¹⁰³

Directiva Partido Radical (1932). Presidente, Eladio Ferreiro Otero; vicepresidente, Remigio Muíños Lojo; secretario, Enrique Rodríguez Márquez; tesoureiro, Daciano Andión Martínez; vogal de Propaganda, Rogelio da Granxa.¹⁰⁴

Directiva Partido Radical (1933). Presidente, José Quintas Santiago; vicepresidente, Manuel Martínez Pousadela; secretario, Enrique Rodríguez Márquez; tesoureiro, Daciano Andión Martínez; vogais: Santiago Fernández Estévez, Claudio Albés e Domingo Vila.¹⁰⁵

E en 1934, reelixiuse o mesmo equipo cun único cambio: o tesoureiro será agora Vicente Penedo.¹⁰⁶

A agrupación de Gondomar terá un importante peso en Pontevedra grazas ao prestixio que tiña Pablo Nieto entre os mandos radicais; forma parte do estado maior do xefe Emiliano Iglesias e participa no proceso constituínte do partido a nivel provincial acompañado por Daciano Andión Martínez, importante poder fáctico desde o seu posto de recadador de impostos no concello. Nieto é nomeado vogal da Xunta Provincial en representación do Partido Xudicial de Vigo. Foi o primeiro paso no seu currículo político ata alcanzar o Goberno Civil de Xaén durante o mandato de Portela Valladares, en vésperas da Fronte Popular.

A primeira directiva elixiuse cando aínda non se apagaran os ecos do esmagador triunfo radical nos comicios municipais. Colocouse, como presidente honorífico, o secretario do Xulgado Remigio Muíños Castro, por ser “el republicano mas antiguo de la localidad, su republicanismo data de su infancia y de su juventud, y sin vacilaciones”.¹⁰⁷ Afirmación de dubidosa credibilidade dada a colaboración activa do mesmo Muíños co réxime monárquico e con Urzáiz en todos os procesos electorais e administrativos desde comezos de século.

Nieto Virosta rodeouse de homes de confianza, todos eles cunha posición moi influente e que cubrían todas as parcelas da sociedade e da política gondomareña, entre os cales soamente aparecía un concelleiro en activo, Hermida Losada, que vai actuar como nexo de unión entre o partido e o executivo local e que ao cabo sería o sucesor na alcaldía. Polo demais, acompañao o ex-monárquico, ex-upetista e fiscal municipal Quintas Santiago, que tamén alcanzará a presidencia do Concello, o xefe da recadación Andión Martínez, que loxicamente se ocupará da tesourería, o xefe de Correos, Albés Jiménez, e o mestre Ferreiro Otero. É importante sinalar a presenza entre a militancia radical do secretario, Domingo Álvarez, que en ningún momento vai esconder as súas simpatías políticas nin manter certa pose de neutralidade debida ao seu cargo, xa que mesmo participa en reunións públicas.

A finais de marzo de 1932 prodúcese a renovación da directiva radical, tendo en conta a inminente renuncia da Alcaldía de Nieto Virosta por motivos profesionais. A presidencia do partido recaeu no mestre Eladio Ferreiro, que fora no pasado director das Escolas U.H.A. Val de Miñor, concelleiro durante a Ditadura e líder do

103 *Faro de Vigo*, 4 de xullo de 1931.

104 *Ibíd.*, 30 de marzo de 1932.

105 *El Pueblo Gallego*, 15 de xaneiro de 1933.

106 *Ibíd.*, 19 de xaneiro de 1934.

107 *Faro de Vigo*, 4 de xullo de 1931.

Somatén e a Unión Patriótica. Os cambios directivos máis importantes supuñan un xesto á base electoral católica, nun momento en que empezaba a organizarse a dereita confesional na comarca. Ferreiro incorpora dous mestres moi clericais e moi respectados nas respectivas comunidades escolares como eran Rodríguez Márquez (Morgadáns), veciño de Gondomar, histórico director das graduadas da vila e notario eclesiástico da parroquia, que ocupa o cargo de secretario, e o mestre de Mañufe, tamén concelleiro na Ditadura, o upetista agrario Rogelio da Granxa, nomeado en principio para este destino polo bispo de Tui, por ser unha escola de fundación, e que se encarga da nova área de propaganda.

A principios de xaneiro de 1933 produciuse a correspondente renovación anual. Imos obviar comentarios sobre o currículo dos directivos que repetían, aínda que seguiremos insistindo na importante traxectoria monárquica e upetista de Quintas Santiago, que agora ascende á dirección do partido. Quintas introduce nos postos de mando elementos da vella garda, como Martínez Pousadela, antigo alcalde monárquico, Domingo Vila Manzanares, experto *muñidor* electoral, actual xuíz municipal, que xa viña desempeñando ese cargo desde antes da proclamación da República, e o presidente dos agrarios da parroquia de Chaín, o tamén ex-monárquico e ex-concelleiro con Primo, Santiago Fernández Estévez. É dicir, un comité que se caracterizaba polo control de Pablo Nieto, agora ausente, por medio dos seus leais colaboradores, polo dominio, sen oposición, da escena política en Gondomar e pola ausencia de membros da corporación, quizais coa intención de separar os órganos do partido das tarefas específicas da xestión de goberno. Polo momento aínda non se barruntaban as tempestades que estarán a piques de romper o partido no último terzo dese ano. E xa en 1934, coa agrupación radical xa fraccionada, levou a cabo a reelección da directiva coa incorporación do comerciante da vila, Vicente Penedo, como novo tesoureiro.

Repasando os compoñentes das distintas xuntas directivas e os nomes de militantes e simpatizantes que asisten a actos políticos, lúdicos, festas e homenaxes que foron convocados polo Partido Radical, podemos afirmar, con rigor, que os distintos órganos de dirección, así como os asociados máis influentes desta organización local de Gondomar, tiñan, na súa gran maioría e dentro do seu historial político, un pasado monárquico ou upetista ou, mesmo, ambos á vez.

Non figuraba no Libro de Rexistro de Asociacións do Goberno Civil ningunha inscrición referente á presentación de estatutos e, por suposto, da súa aprobación, de Centro Republicano Radical ou agrupación similar da mesma ideoloxía política pertencente a Nigrán. Os republicanos que compuñan o goberno local deste municipio eludiron afiliarse ou apoiar a partido ningún. Pasadas as eleccións constituíntes, todo facía supor que aos elementos radicais tocaríalles unha fracción do poder municipal e que parte das súas elites locais formarían parte dese partido. Feito que non sucedeu.

Como nomes propios e adictos ao líder provincial radical, Emiliano Iglesias, están o mestre de Parada e líder agrario desa parroquia, Sebastián Pena, presidente da Asociación de Mestres Nacionais do Partido Xudicial de Vigo. Posteriormente simpatizantes radicais saen á luz por mor da composición da coalición radical-cedista de 1934, que coloca na Alcaldía o armador Costas Guisande, que lidera o concello e os radicais ata a vitoria da Fronte Popular.

Fóra de Gondomar e da parroquia de Belesar de Baiona, o partido Radical non logrou imporse de maneira clara, por número de militantes ou simpatizantes, en ningunha outra localidade do Val de Miñor, a pesar dos excelentes resultados electorais que obtivo. Mesmo, en ocasións, foi recibido con desagrado na comarca, sendo boi-

coteado nalgún mitin, coma no celebrado a finais da primavera de 1932, en San Pedro da Ramallosa, onde os seus líderes foron increpados por militantes anarquistas, xa que, aínda que os radicais non formaban parte do Consello de Ministros, identificábanos co réxime pasado: “unos burgueses deseños de figurar en algo que durante la dictadura constituía el somatén y ahora forman el comité del partido lerrouxista”.¹⁰⁸

4.5. AS DEREITAS

A caída da Monarquía puxo de manifesto, en xeral, a incapacidade do sector conservador e católico para articular, desde o primeiro momento, unha estratexia e un proxecto común que representase, dentro da nova orde republicana, o seu electorado tradicional. A cuestión relixiosa ía ser unha das bases ideolóxicas que unifiquen as dereitas do país e aglutinen os sectores católicos ao redor dunha organización, que adoptará distintos nomes tales como Acción Nacional, Acción Popular, CEDA, que en Galicia será identificada como URD (Unión Rexional de Dereitas). Pódese definir a esa organización como unha fusión de grupos conservadores e tradicionalistas cuxa base social se interesa por manter o “*statu quo*”. As súas formulacións tiñan tres puntos en común: a conservación da “orde social”, un absoluto rexeitamento do sistema republicano e a supervivencia da relixión como elemento consubstancial á sociedade española. (Grandío Seoane, 1998: 13)

Na comarca, a Unión Rexional de Dereitas organizou a primeira agrupación en Sabarís. A inscrición levouse a cabo en abril de 1932,¹⁰⁹ e competirá co Partido Radical polos favores dos ex-monárquicos. A prensa local católica dispensoulle unha entusiasta acollida á súa presentación que tivo lugar en maio no Salón Miramar daquela localidade. O mitin contou coa presenza do líder da URD en Pontevedra, o médico Lis Quibén. A masiva afluencia de veciños ao acto pódese interpretar como o interese dunha parte importante do electorado conservador e católico de Baiona en buscar unha mellor defensa do seu ideario tras a moderación política dos radicais e, a teor dos resultados obtidos por este partido nas eleccións de 1933, con certeza que a atoparon nesa organización confesional. Os seus principais activos foron, en Sabarís, o médico Manuel Quintero Vilas, Amalia Gama, Vicente Mosquera e Román Costas.¹¹⁰

Os dereitistas de Baiona, por esas mesmas datas, constituíron a súa agrupación:

Presidente, Julián de Revollar; vicepresidente, Carmen F. Pereira; secretario, José Casal de Rey; vicesecretario, Policarpo Vilar; tesoureiro, Emilio Cepa; vicetesoureira, Carmen Troncoso de Barreiro. Vogais: Leonardo Sánchez, Concha Isla, Vicenta

108 *Solidaridad Obrera*, 4 de xuño de 1932, artigo asinado polo anarquista, veciño de Sabarís, José López Luís (non empregou, nesta ocasión, o pseudónimo de Saluto como era habitual) que levaba por título “Un mitin Republicano Radical que fracasa porque los anarquistas los abuchean y acusan de cómplices de las deportaciones”. Tras cualificar os organizadores do acto de “zoquetes con dinero”, ridiculizou o deputado radical López Varela, quen ao rematar o mitin achegouse aos anarquistas e sostivo con eles certa controversia ao afirmar, o deputado, que estaba de acordo cos obxectivos do ideario anarquista e que soamente discrepaba sobre o procedemento levado a cabo para conseguilo.

109 Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Sección Goberno Civil. Libro de Rexistro de Asociacións. Data de inscrición do 22 de abril de 1932.

110 *La Voz del Miñor* do 30 de abril de 1932 anuncia o mitin da Unión Rexional de Dereitas no Salón Miramar de Sabarís, para o cal se solicitaron máis de mil invitacións. O acto estaba organizado pola presidenta, Amelia Vila Gama, e Manuel Quinteiro Vila.

Olaguibel, Eva Rodríguez, Luz Refojo, Amparo Villar, Ernesto Ramos, Juan Blanco, Bernardo Miniño, Remigio Liendra, José Pereira e Julián Salgado.

Destacar que entre a militancia se encontraban dous ex- alcaldes monárquicos, o seu presidente Julián de Revollar e José Pereira Domínguez, e un concelleiro en activo, o armador Policarpo Vilar Ochoa. Tamén estaban presentes representantes das familias monárquicas do municipio *de toda la vida*, como os Olaguibel, os Salgado e os Casal de Rei... Todas as mulleres estaban vinculadas ás asociacións relixiosas da vila. Destacaba a presidenta das Damas Apostólicas, Carmen F. Pereira. Tamén figuraba Carmen Troncoso, a muller do ex- alcalde monárquico José Barreiro Álvarez, que por agora aínda militaba nas filas do Partido Galeguista. A nova agrupación contaba con preto de 700 socios.¹¹¹

En vésperas das eleccións xerais de novembro de 1933, procedeuse a un cambio parcial na directiva, que, con toda probabilidade, xa se renovara no principio do ano. Como consecuencia, a dirección da URD local quedaba así:

Presidente, Ricardo Agustí Sanjuán; vicepresidenta, Felisa Lojo González; tesoureiro, Policarpo Vilar; viceteseira, Julia González de Casal de Rei; contador, José Barreiro Álvarez; vicecontador, Manuel González; secretario, Vicente Casal de Rei; vicesecretario, Ramón Maciel. Vogais: Alicio Cedeira, Juan Blanco, Ramón Naveira, Anxo Rodal, José Vázquez González, Vicenta Olaguibel, Ramona García, Amparo Barreiro, Columba Barcia, e Concepción Isla.

Tamén se nomearon comisións de propaganda. A masculina conta con Emilio Cepa (director), José Barreiro Troncoso (vicedirector), Joaquín López, Luís González, Jesús Santodomingo, José Carneiro Jaldra, Francisco González Iglesias e Evaristo Vilar. A feminina estaría formada por: Carmen Troncoso de Barreiro (Directora), Señora de Revollar (Vice), Perfecta Santos, Pilar, viúva de Simóns.¹¹²

O novo presidente, Agustí, era de orixe catalá, comerciante e industrial (fábrica de xabóns). Chegará a ocupar a Alcaldía durante o primeiro franquismo. Destacar entre a militancia católica os propietarios Vicente Mosquera e Martínez Barros por Sabarís, e o ex-alcalde republicano e ex-galeguista Vicente Vázquez por Baiona. Colabora co partido, pero de forma máis discreta, o secretario municipal, Joaquín Peralba. Outra novidade importante foi a incorporación ás filas católicas de José Barreiro Álvarez despois de desertar do galeguismo. No novo partido, o ex- alcalde monárquico e primeiro alcalde franquista coincidirá coa muller e os fillos, e cunha ideoloxía máis acorde coa tradición familiar.

Paralelamente constituíuse a Mocidade de Acción Católica como a rama política xuvenil da URD. O seus dirixentes serán os fillos ou parentes próximos de destacados militantes do partido confesional. Así, en Baiona, o liderado recae sobre José, o fillo maior da familia Barreiro-Troncoso, cuxos proxenitores, de marcada tradición monárquica, como vimos, ocupaban postos de relevancia na franquía política relixiosa. Para o segundo mozo, Héctor, o seu pai, que nun principio lle fixo o carné do Partido Galeguista, reconvértelo agora, como militante xuvenil católico, dentro da executiva presidida polo primoxénito.

Presidente, José Barreiro Troncoso; vicepresidente, Luís Vilar Bernárdez; secretario, José M^a Fernández; vicesecretario, José Solla Collazo; tesoureiro, Alfonso Martínez Paulo; bibliotecario, Martín Varela Spuch.¹¹³ En 1934 prodúcese a renovación da metade da executiva, coa entrada de Héctor Barreiro Troncoso como secretario, Manuel F. Pereira como vicesecretario e Joaquín Goce como bibliotecario.

111 *Faro de Vigo*, 20 de abril de 1932

112 *Ibíd.*, 15 de outubro de 1933.

113 *Ibíd.*, 6 de febreiro de 1932.

En Sabarís o modelo foi parecido. A presidencia dos mozos católicos recae no médico Jesús Quintero Casás, fillo do presidente da sección local da URD da mesma parroquia. As conseguíntes renovacións anuais mantivérono na presidencia ata 1936, en que cedeu o cargo ao seu irmán Manuel, o que convertía a esa organización nun monopolio da familia Quintero, algo similar ao que sucedía en Baiona coa familia Barreiro. As diferentes directivas agruparon a Celso Milleiro, Antonio Niel Villamarín, Ramón Mosquera, Albano Gonda, Manuel F. Casal, Adolfo Bicada, José Vieitez, Antonio Ferreira Pontes, Esmeraldo López Solla, José Cuevas, José Gonda, Álvaro Valverde, Ricardo Acevedo, Arturo González e, por suposto, o seguinte da saga Quintero, Gerardo Quintero Casás.¹¹⁴

La Voz del Miñor, que exercerá como portavoz dos intereses relixiosos da dereita da comarca, recibira con entusiasmo a creación da URD e despois publicitará e dará cobertura aos seus mitins e actividades a través das Mocidades Católicas e asociacións femininas como as Fillas de María, Damas Apostólicas, Congregación de Catequese, entre outras. Pola súa banda, os párrocos *conducían* os seus fregueses, a través do púlpito, con sibilinas campañas de afiliación, primeiro en Baiona e despois en toda a comarca. Tras a constitución deste partido, ese semanario lanzou unha ofensiva non só contra os republicanos de esquerda, senón contra o Partido Radical, que era o máis directo competidor no filón dos votos conservadores, sabedores de que aos radicais se aproximaran moitos católicos e monárquicos resignados ante a ausencia dunha alternativa á conxunción republicano-socialista, e que viron nos radicais o único contrapeso sólido e organizado nos primeiros compases do novo réxime. E é que ante a inexistencia dunha organización republicana conservadora, os radicais fixéronlles un xesto a eses posibles votantes con propostas de rumbo dereitista, tales como a defensa nos concellos do clero afectado pola lexislación anticlerical do goberno; e sobre todo, que eles exercerían a oposición ao goberno republicano. (Grandío Seoane, 2010: 75)

Agora que se creara esa alternativa que *La Voz del Miñor* pretendía que fose a casa común dos católicos, chegara o momento de desgastar os radicais. Inician a súa ofensiva no mes de maio de 1932; aproveitando un mitin do Partido Radical en Baiona, o semanario acusaba os seguidores de Lerroux de falsos dereitistas:

¿Se habrán dado cuenta los que pregonan ser derechistas que la doctrina que defienden no es ortodoxa ni tiene nada de derechas? Si no se dieron cuenta son tontos y si se dieron que se enmienden sus farsantes”.¹¹⁵

En principio, católicos e conservadores confiaban nel como un mal menor, pero axiña decepcionou a moitos cos seus pactos e componendas. Co paso dos meses todo foi a peor, as súas últimas actuacións públicas só serviron para distanciar máis o líder radical dos votantes das dereitas.¹¹⁶

Un ano despois, e preto das eleccións, abundaba nesa mesma opinión o líder provincial da URD. Lis Quibén contaba que nos seus desprazamentos con fins propagandísticos polas vilas de Pontevedra atopara moitos dereitistas que se afiliaran ao Partido Radical como a mellor opción para defender as súas crenzas, as súas facendas e os seus bens, pois o programa dese partido era practicamente idéntico ao das dereitas españolas. E concluía a súa exposición:

114 *Ibíd.*, 30 de xaneiro de 1936.

115 *La Voz del Miñor*, 14 de maio de 1932.

116 *Ibíd.*, 28 de maio de 1932.

“Habr  llegado el momento de preguntarle a esas personas que presumen de derechistas cual es el camino que van a seguir ahora que vieron rodar por el suelo del desenga o el castillo de sus ilusiones (...) Pronto arrancar n la venda que cubre sus ojos y comprender n que mal se puede defender los principios del programade las derechas con ministros, que como diputados antes los han combatido”.¹¹⁷

En Gondomar a URD inscribiuse a principios de 1932, na mesma li a que Saba r s e Baiona, e xa en maio ti a d as secci ns locais con m is de medio milleiro de adheridos (Grand o Seoane, 1998: 107) incl ndo as mulleres, a nda que desco ecemos o nome dos militantes que constitu ron a primeira directiva. Un mes antes de novembro de 1933, e co obxectivo de apoiar o partido nas elecci ns, form ronse comit s de afiliados en todas as parroquias, a nda que soamente temos noticias da composici n de tres delas. En Borreiros, cuxo presidente foi o ex-agrario Manuel Gir ldez Gonz lez, destacaban os ex-concelleiros mon rquicos Casto Fajo Pinz s e Manuel Cambeiro, e ademais, Jos  e Emilio Costas Fidalgo, Severino Mart nez Fidalgo, Manuel Cameselle Gir ldez, Jos  Rodr guez Longres, Enrique Castro Vargas e Jes s Gonz lez Barreiro. No comit  de Vincios, o seu presidente, Jos  Salgueiro Comesa a, era un antigo upetista e membro do Somat n; eran elementos destacados Jaime Rial Gonz lez,  ngel Fern ndez Gonz lez, Bernardo Pi eiro Fern ndez, Jos  Otero Fern ndez e Inocencio Fern ndez P rez, que despois chegar a a alcalde na etapa franquista. E, por  ltimo, en Cha n, o presidente era Manuel Salgueiro Rial, acompa ado de Leandro Dom nguez Hermida, Manuel Rial Salgueiro, Jos  Salgueiro Troncoso e Manuel Couto Bravo.¹¹⁸

A principios de febreiro de 1934, e no medio do entusiasmo xerado nos dereitistas polos bos resultados electorais, celebrouse unha Xunta Xeral na que participou como convidado o recentemente elixido deputado por Pontevedra Nicasio Guisasaola, na que se procedeu   renovaci n da direcci n:¹¹⁹

Pte, Latino Salgueiro, m dico; vicepte., Faustino Alonso Pinz s, comerciante; secretario, Ram n Meijide Camb n, pr ctico farmacia; vicesecretario, Domingo P rez Rguez, m dico; tesoureiro, Ram n Salgueiro Espinosa, m dico; vicetesoureiro, Alfonso N  ez Sanrom n, comerciante. Vogais: Gonzalo Cortinas Copena (Ma ufe), Manuel Gonda P rez (Couso), o concelleiro Avelino Iglesias Fdez (Peitieiros), Manuel Couto Rodr guez (Morgad ns), Manuel Matogueiras Quintas (Vilaza), Manuel Gir ldez Glez (Borreiros), Jes s Pereira Espinosa (Donas), Jos  Salgueiro Comesa a (Vincios).

Latino Salgueiro un a   condici n de m dico municipal a pertenza   influente familia Salgueiro de Vilaza e aos Pereira do Abelar (Gondomar). A s a muller era da familia Espinosa, os primeiros farmac uticos da vila; no seu equipo integrara o fillo, Ram n Salgueiro, e o compa eiro de profesi n, Domingo P rez, as  como o seu familiar Jes s Pereira, unha parte da familia Gonda de Couso e outros cat licos influentes.

Tam n aqu  a Mocidade Cat lica act a como viveiro de militantes, que, a nda que nun principio van integrarse en CEDA, non faltar  quen posteriormente se postule a favor do Bloque Nacional e mesmo da Falanxe. Baixo o lema “Religi n, Cultura y Moralidad” a agrupaci n dos cachorros cat licos constitu use en abril de 1932.

117 El art culo escrito en Pontevedra el 12 de septiembre de 1933, fue publicado en la *La Voz del Mi or*, el d a 30 del mismo mes.

118 *Faro de Vigo*, 24 de outubro de 1933.

119 *Ib d.*, 14 de febreiro de 1934

Presidente, Alfonso Núñez Sanromán; vicepresidente, Manuel Copena Araújo, tesoureiro, Faustino Blanco; secretario, Ramón Meijide Cambón; vicesecretario, Ramón Vicente Álvarez; vogais, Marcelino Alborés e Enrique Rodríguez Pérez.¹²⁰

Nas eleccións de febreiro de 1936 apoiarán a CEDA unha parte importante dos empregados públicos: o secretario Urbano Alonso, os administrativos Casimiro Alonso e Enrique Rodríguez Pérez, o depositario José Bravo Fernández, o aparelador José Cervera Segalá, a farmacéutica Modesta Costas González, así como outros.¹²¹

En Nigrán este partido concentrábase sobre todo en San Pedro da Ramallosa e Panxón. Para atraer simpatizantes católicos e co obxectivo de aumentar o número de afiliacións, organizouse un mitin coa presenza dos principais líderes provinciais. Os promotores, os médicos Manuel Rubido Diéguez e Jacobo Martínez Pereiro, destacados membros da URD local, acompañan a convocatoria cun manifesto que viña ser como a presentación dos principios do partido.¹²²

“Todos conocéis los principios tradicionales que nos regían: acrecentado catolicismo, unidad nacional, familia al estilo patriarcal genuinamente pacífica, basada en el cristianismo. Ello nos regalaba el orden y, como base del bienestar económico y social; la propiedad privada, en nuestra Galicia nos ha librado de las acometidas revolucionarias que vienen practicándose, por ejemplo en Extremadura y Andalucía....”

Na maioría dos actos públicos que celebraba a URD producíanse algúns altercados e asubíos por parte das esquerdas. Era unha práctica case xeneralizada na que se lanzaban reproches en voz alta que obrigaban os líderes católicos a posicionarse. Así, en xuño de 1933, o dirixente vigués, Méndez Brandón, tivo que aclarar, ante as protestas dun espontáneo, que o seu partido non era un partido monárquico, e que a “Patria, España, está por encima de todo: de la monarquía y de la república”.¹²³

Posteriormente os católicos contarán cos mestres de Panxón, Camos e Parada, Álvaro Mourelle García, José García López e Benjamín Fernández, e co proselitismo político que levará a cabo o párroco de Panxón, Jesús Espinosa. Destacados militantes tamén serán Joaquín Fontán Ozores, Manuel Rial Rial, Juan Fernández Pérez, Telmo González Grova, o notario Francisco Javier Alfaya e, por suposto, os concelleiros Carlos Valverde González, Manuel Fernández Rodas, Manuel González Lorenzo, Rotilio González Cadaval e Florencio Valverde Fajo, que formarán parte do goberno local de Nigrán despois da purga levada a cabo como consecuencia dos sucesos de outubro de 1934, aínda que este último terminará militando na Falanxe. Simpatizan coa dereita católica o secretario municipal, Román de Lis, así como Manuel Pérez Sanromán, Manuel Valverde Fernández e José Mogines Otero, estes últimos acabarán formando parte das corporacións franquistas.

Pola súa banda a Mocidade Católica desa localidade inauguraba, en maio de 1934, o seu local social. O presidente, Fernando Pérez Pérez, acababa de participar na II Asemblea Diocesana das Mocidades Católicas celebrada na Guarda.¹²⁴

120 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 81-1932. Documento con data de 24 de agosto de 1932.

121 *Ibíd.*, caixa 84. Documento con data de 21 de agosto de 1936.

122 *Faro de Vigo*, 8 de xuño de 1933. Asinado polos médicos Jacobo Martínez Pereiro e Manuel Rubido Diéguez.

123 *Ibíd.*, 8 de xuño de 1933.

124 *Ibíd.*, 1 e 26 de maio de 1934.

Os seguidores do ministro Miguel Maura fundan o Partido Republicano Conservador, que aglutina, entre outros, os ex-monárquicos nostálgicos, ex-mauristas, moitos dos cales xa militaran, durante o reinado de Alfonso XIII, no partido do seu pai Antonio Maura. O momento da constitución tivo moito que ver coa inminente convocatoria electoral, onde participa o avogado e candidato a deputado en Cortes Fernando Villamarín. Entrarán nunha dura competencia, con radicais e cedistas, por pescar no mesmo caladoiro de votos católicos e conservadores¹²⁵

Na etapa monárquica, os mauristas de Baiona contaran co maior número de afiliacións a favor da súa causa de todo o Val de Miñor, tamén alcanzarán importantes parcelas de poder nas institucións locais e, con todo, agora e a pesar da súa colaboración no triunfo electoral radical de novembro de 1933, non pasarán de ser un partido testemuñal. Un mes antes das eleccións, elixiron a seguinte directiva:

Presidente, Gerardo González Fernández; vicepresidente, Manuel Fernández Méndez; secretario, Ramón Troncoso Pérez; vicesecretario, Rotilio Niel Fernández, tesoureiro, José Pereira Troncoso. Vogais: Francisco Sánchez González, Manuel Domínguez Barreiro, Casimiro Salgueiro Agrelo e Celestino Álvarez Estévez.¹²⁶

Destaca a presenza do fillo do último alcalde monárquico de Baiona, o comerciante Pereira Troncoso, o transportista Celestino Álvarez, ex- militante do Partido Galeguista, o tamén ex-militante galeguista e mestre de Baredo Francisco Sánchez González, que exercía de concelleiro na corporación; o antigo maurista e notable de Baiona Ramón Troncoso, socio, co citado Pereira, do serradoiro Barreiro, Martín e Cía.; o propietario adiñeirado de Baíña Casimiro Salgueiro Agrelo; o industrial de Sabarís Rotilio Niel. A presidencia recaeu en Gerardo González Fernández, de Belesar, retornado de Bos Aires en 1929, cunha importante posición económica, ex-concelleiro monárquico que evolucionará cara a postulados máis reccionarios ata ocupar a xefatura da Falanxe durante os primeiros anos do franquismo.

En Gondomar e Nigrán tamén se constituíron, a mediados de outubro de 1933, senllas agrupacións locais.¹²⁷ En Gondomar formaron a súa directiva:

Presidente, José Luis Rodríguez; vicepresidente, Pablo González Tejero; secretario, Ventura Fontán Domínguez; vicesecretario, José Fernández Fernández; tesoureiro, Manuel Núñez Méndez. Vogais: José Márquez Pérez, Manuel Álvarez Prado, Xeneroso Rodríguez Caeiro e Antonio Salgueiro Troncoso.

Era un equipo formado por ex-monárquicos experimentados na acción política municipal, xa fose ao servizo da Coroa, xa co Directorio. Así, Gonzalo Tejero, Ventura Fontán e Márquez Pérez foron concelleiros monárquicos, e Núñez Méndez tamén co ditador. Rodríguez Caeiro fora electo en abril de 1931 polo artigo 29. O presidente Rodríguez, con todo, era un indiano retornado sen ningún tipo de experiencia política. Empresarios, comerciantes, propietarios e rendeiros formaban este grupo composto, na súa maioría, de vellas glorias ex-monárquicas.

Esa agrupación local estará apadriñada polo deputado Fernando Villamarín, que era o principal referente. Este posuía unha notable ascendencia política sobre os veciños deste concello, particularmente na parroquia de Mañufe, onde tiña o seu bastión electoral e tamén raíces familiares, e colaborará de forma moi activa no triunfo da candidatura radical-conservadora nas eleccións de novembro de 1933.

125 Formará parte dunha candidatura de coalición co Partido Radical pola provincia de Pontevedra nas eleccións lexislativas de 1933. Sairá elixido deputado.

126 Curiosamente a acta orixinal consérvase no Arquivo Municipal de Nigrán. Arquivo Falanxe, caixa 10, cartafol F10/1. Documento do 1 de outubro de 1933. Tamén no *Faro de Vigo*, 5 de outubro de 1933.

127 *Faro de Vigo*, 17 de outubro de 1933.

En Nigrán, e baixo os auspicios do mesmo Villamarín, constituíuse no mes de outubro, o mesmo domingo que en Gondomar, o partido dos republicanos mauristas:

Presidente, Bernardo Vázquez Álvarez; vicepresidente, José Valverde Vidal; secretario, José Valverde González; vicesecretario, Robustiano Costas; Tesoureiro, Benjamín Calvo Areal. Vogais: José Comesaña, Eugenio Costas Alonso, Angel Costas González e Manuel Fernández.¹²⁸

Bernardo Vázquez, o seu presidente, realista no pasado, era un dos maiores contribuíntes do municipio. As súas rendas tiñan que ver con diversos negocios relativos ao comercio, muíños fariñeiros e mesmo no sector pesqueiro. Do resto da executiva destaca o propietario Benjamín Calvo Areal, alcalde monárquico, seguidor de Urzáiz durante unhas cantas lexislaturas, o comerciante José Valverde González, agrario upetista e concelleiro ao servizo do Directorio e, por último, Eugenio Costas Alonso, que formará parte do goberno local de coalición Partido Radical-CEDA, constituído a finais de 1934.

4.6. OS MONÁRQUICOS

Este repaso polos partidos políticos da República terá o seu epílogo coa extrema dereita, concretamente co Bloque Nacional. A autoridade provincial aprobou o regulamento para a constitución na comarca da Federación do Bloque Nacional do Val de Miñor o 2 de xuño de 1935 e cuxa residencia oficial estará establecida na casa de Adela Ozores no barrio de San Pedro da Ramallosa. Posteriormente, o 31 de agosto, o Bloque xa contaba cunha organización mixta en Sabarís, e con comités locais no tres concellos.¹²⁹

Baiona: Ramón Sánchez, Francisco González, Alicio Cedeira e Ramón Naveira.

Gondomar: Moisés Alonso Fernández, Manuel Ozores, Benito Costas, Jesús Costas e Juan Durán.

Nigrán: Ignacio Barros, Andrés Abal, Enrique Valverde, Carlos Valverde, José Alonso Brito e Francisco Alonso.

Santa Cristina (organización mixta): Presidente, Ramón Mosquera Vidal; vicepresidenta, Alcira Niel de Costas; secretario, Celso Milleiro Sampedro; tesoureiro, Román Costas Diego e vicetesoureiro, Veremundo Vieitez Penedo. Como vogais figuraban Ramón Sánchez, José Rial, Álvaro Valverde, José Martínez Barros, Casimiro Vidal, Constante Lago, María Freiría, Dores Pita, Zoraida Freiría e Moisés Alonso.

O Bloque Nacional tivo desde o principio disputas con CEDA, que vía como o seu principal competidor electoral facía a súa aparición nunha comarca onde, ata ese momento, os votantes católicos e de dereitas permaneceran fieis ás súas consignas. De feito, na directiva de Baiona aparecían antigos simpatizantes do partido católico, como Alicio Cedeira e Ramón Naveira, así como o secretario municipal, Joaquín Peralba. O deputado monárquico Lis Quiben nunha carta que lle enviou ao tamén deputado Andrés Amado o 6 de marzo de 1935, referíase a Peralba, desta forma: (Grandío Seoane, 1999: 25).

“Se trata de una persona de nuestra confianza a pesar del cargo que ostenta, y con una valentía sin igual así lo proclama. Con decirle que to-

128 *Ibíd.*

129 *Ibíd.*, 19 de xullo de 1935.

dos los asuntos del Concello (que es del Partido Radical) me los interesa a mi, ya está dicho todo.”

Militantes destacados eran Ramón Mosquera Vidal, o matrimonio Román Costas (presidente do Sindicato Católico de Sabarís) e a súa esposa Alcira Niel, María Freiría, emparentada con Vicente Mosquera, Martínez Barros e Avelino Gonda de Sabarís, Ventura Blach Guerra e Abilio Cabrera Petroño de Baiona, así como os directivos das mocidades católicas Celso Milleiro Sampedro e Álvaro Valverde.

Por Gondomar, Benito Costas, alcalde ex-monárquico. Por Nigrán, Ignacio Barros, o farmacéutico Andrés Abal, o concelleiro Carlos Valverde, o upetista e cabo do Somatén Francisco Alonso, e o tamén colaborador do Directorio Enrique Valverde. Máis tarde incorpóranse o médico Jacobo Martínez Pereiro deste último municipio ou o concelleiro de Gondomar, ex-maurista, Jesús Mariño, que foi destituído en 1935 da corporación polo gobernador civil por pasarse ao partido de Calvo Sotelo.

Con esta organización á alza e o constante goteo de militantes católicos ás filas do Bloque, a conta do desgaste que a acción de goberno estaba a producir nas filas de CEDA, o seu presidente provincial, Celso Méndez Brandón, con vinculacións persoais con Baiona, tentou cortar ese transvasamento de afiliados cara aos monárquicos cunha queixa pola inclusión de militantes do seu partido na directiva do Bloque.

“Pretenden engañar a su propio partido (...) y sobre todo a su ilustre y prestigioso jefe el señor Calvo Sotelo, no creo que les agradezcan este procedimiento tan poco serio, que en nada favoreceal partido y a su jefe, dignos por todos los conceptos de mejor y más leal proceder”.¹³⁰

Seis meses despois, a comezos do ano 1935, o presidente Ramón Mosquera Vidal comunica á directiva do partido o espectacular aumento no número de afiliados levado a cabo nos últimos meses do ano anterior, xa que, se a finais de agosto,¹³¹ data da súa constitución, contaban con 45 socios, no principio do ano ían alcanzar a cifra de 2.347 seguidores en todo o Val de Miñor.

130 *Faro de Vigo*, 27 de julio de 1935.

131 *Ibíd.*, 5 de xaneiro de 1936.

Capítulo 5

AS ELECCIÓNS CONSTITUÍNTES DE XUÑO DE 1931

En vésperas da celebración das eleccións para xuíces e fiscais municipais, o Goberno provisional da República promulga o Decreto de convocatoria de eleccións para as Cortes Constituíntes, cuxa data de celebración, aprobada polo Consello de Ministros, sería o día 28 de xuño.¹³²

Sen tempo para proceder a retirar as urnas dos colexios, iniciouse a campaña electoral por toda a comarca. A instauración do réxime republicano acelerará os movementos sociais e a concienciación das masas, o que cambiou as prácticas políticas nos municipios rurais. Moitos veciños perderon o medo a participar en mitins, manifestacións, etc., xa que agora percibíase a súa presenza con normalidade e non como algo excepcional, o que non sucedera nas etapas anteriores. Isto sería consecuencia, entre outros factores, da influencia dos retornados da emigración, das elites rurais non campesiñas, da prensa local, do progresivo crecemento da alfabetización ou da figura do obreiro agricultor (Cabo Villaverde, 2007: 101).

Iso fixo que os partidos políticos pateasen os concellos dando mitins ao aire libre, en locais cerrados, nos palcos de música, en tabernas, visitando negocios e, ao mesmo tempo, atraendo simpatizantes ou captando afiliados. Os máis activos foron os radicais, co líder, Emiliano Iglesias, á fronte. A presenza nas súas filas do cura e avogado Basilio Álvarez mobilizou a familia de Ulpiano Nogueira de Baiona, xa que o seu fillo Miguel traballaba de pasante no despacho que tiña o candidato en Madrid. Ulpiano, tamén avogado, personaxe en Baiona, fixo campaña a favor dos radicais, a pesar de ser católico, partidario dos gobernos de orde e estar conceptualizado como *muy de derechas*.¹³³ Os galeguistas, con Castelao e Paz Andrade, deron mitins por Baiona e Gondomar. A ORGA, que tiña o seu bastión en Sabarís, tamén se fixo notar. Os socialistas desembarcaron os seus dirixentes, sobre todo

132 *El Sol*, 4 de junio de 1931. O mencionado Decreto constaba de tres artigos que veñen precedidos dunha parte expositiva onde o Goberno lembra que as datas máis prezadas para eles foron o 14 de abril e tamén será o día que se abran as Cortes Constituíntes. Manifestaba que se convocaban esas eleccións para consolidar a revolución española e marcaba a folia de roteiro deste futuro parlamento ao encomendarlle, sobre todo, a redacción da Constitución e do Estatuto de Cataluña. “Artículo 1º.- Las Cortes Constituyentes compuestas por los elegidos por sufragio popular directo, se reunirán para la organización de la República, en el Palacio del Congreso el día 14 del próximo julio. La Junta preparatoria de diputados electos se celebrará el día 13 a las 19 horas. Artículo 2.- Las Cortes se declararán investidas con el más amplio poder constituyente y legislativo. Ante ellas, tan pronto queden constituidas, resignarán sus poderes el Gobierno Provisional de la República y, sea cual fuera el acuerdo de las Cortes, dará cuenta de sus actos. A las mismas corresponderá, interín, no esté en vigor la nueva Constitución, nombrar y separar libremente la persona que haya de ejercer, con la Jefatura Provisional del estado, la presidencia del Poder ejecutivo. Artículo 3.- Las elecciones se celebrarán conforme al Decreto de 8 de mayo último y la Ley Electoral de 1907, en toda España, el 28 de junio. Si en alguna circunscripción o capital hubiera lugar a una segunda elección, está se celebrará el 5 de julio.

Madrid, el 3 de junio de 1931. Firmado por el presidente del gobierno provisional Niceto Alcalá Zamora y, a continuación, todos los ministros.”

133 Un par de anos despois Ulpiano Nogueira escribía artigos onde confesaba a súa admiración por Mussolini, ao que cualifica de redentor de Italia, e lamentaba que España non tivese un home coma el. Nesa época considerábase un home adicto a Gil Robles. *La Voz del Miñor*, 2 de setembro de 1933.

de Vigo, para facer proselitismo político, e a UXT, que dominaba os sindicatos da construción do Val de Miñor, arrimou o ombreiro e botou unha man na campaña socialista. Outras veces a estratexia electoral levaba a conxunción republicano-socialista-agraria a participar conxuntamente nos mitins.¹³⁴

O 8 de xuño Miguel Maura envioulles aos gobernadores civís instrucións con relación ao período preelectoral, onde lles esixiu neutralidade, non intervención nos concellos e respecto á liberdade de prensa e á legalidade.¹³⁵

Con todo, esas eleccións non se caracterizaron polo debate político, sobre todo pola pouca ou nula actividade que despregaron as antigas elites monárquicas; a maioría delas empezaban a situarse, fundamentalmente á sombra, cando non dando a cara nas organizacións republicanas. O Partido Radical e incluso o Partido Galeguista nutriranse deles sen ningún rubor e abriran as portas da militancia a personaxes de currículo monárquico. Os líderes municipais e, por extensión, os provinciais, deses dous partidos, especialmente o primeiro, non desprezaron a ocasión de captar ou consentir dentro das súas filas todo o máis representativo do caciquismo monárquico ou de elementos da Unión Patriótica e do Somatén. Incluso algúns realistas e upetistas non tiveron ningún problema en ascender no organigrama e situarse, xa desde o primeiro momento, entre os directivos locais de ambos os partidos, en moitos casos, por decisión da militancia; o que demostrou a fácil acomodación que tiveron as elites antigas ao réxime republicano. Así o proclamaba Castelao nas Cortes en maio de 1933.

“Cando vino la República (...) resucitaron muchos caciques muertos y olvidados, que se infiltraron en los partidos republicanos invocando su condición de perseguidos”. (García, 1978: 69)

134 Mitin galeguista en Gondomar (*El Pueblo Gallego*, 12 de xuño), mitin da conxunción republicano-socialista en Baiona, Gondomar e Nigrán (*Ibíd.*, 21 de xuño), mitin galeguista en Nigrán (*Ibíd.*), mitin radical-agrario en Nigrán (*Ibíd.*, 23 de xuño), Mitin de Alianza Republicana en Baiona, Gondomar e Nigrán (*Ibíd.*, 25 de xuño), mitins radical-agrarios na Ramallosa (*Ibíd.*, 26 de xuño), mitin da conxunción en Nigrán (*Ibíd.*, 27 de xuño).

135 “1.- Es obligación inexcusable de V.E. mantener una neutralidad absoluta en la contienda electoral, limitando toda su actuación al sostenimiento del orden público y a cumplir estrictamente la ley.....me verá obligado a sancionar la conducta de cuantos gobernadores dejen de observar la imparcialidad que en ejercicio de su cargo exijo. 2.-Se abstendrá durante el período electoral de enviar delegados de su autoridad a los Ayuntamientos, ni de suspender a estos en sus funciones, sin previa autorización mía y justificación plena de la necesidad de orden público que aconseje la medida. 3.-Los gobernadores no podrán decretar detenciones gubernativas u otras medidas de rigor....en todo momento dirigirse a este ministerio en consulta, si las circunstancias especiales aconsejaran adoptar medidas de carácter extraordinario. 4.- Autorizará V.E. los actos públicos encaminados a la propaganda de los ideales políticos en lucha en las próximas elecciones y los delegados de su autoridad, en dichos actos, velarán por el mantenimiento del orden y tomará nota detallada de las manifestaciones de carácter delictivo que pudieran hacer los oradores.... 5.- Al amparo de esta libertad legal que el Gobierno reconoce tratarán algunos elementos de producir excitación del ánimo público con fines de desorden o realizarán actos encaminados a perturbar la paz pública, proceda V.E. con toda energía a reprimir tales desmanes, entregando a la autoridad judicial a los autores y promotores, y clausurando, previa consulta conmigo, los centros o domicilios de las agrupaciones políticas o sociales causantes del trastorno. 6.- Respetará V.E. la libertad de prensa para criticar la obra del Gobierno y exponer ideas y tendencias políticas, pero procederá sin demora a la recogida y clausura de los periódicos que aconsejen la violencia o prediquen la rebelión cualquiera que sea su tendencia /...”. *El Sol*, 9 de junio de 1931.

Os comicios estiveron regulados polo Decreto do 8 de maio de 1931, que anulaba o polémico artigo 29 e facía outra serie de modificacións á Lei electoral de agosto de 1907, das cales citaremos a substitución dos pequenos distritos unipersonais por circunscricións máis amplas. Xeralmente, o distrito vai pasar a ser provincial, onde os intermediarios electorais terían máis dificultades para interferir na vontade do votante. Con todo, no debe desta normativa queda o feito de que non se garantía o voto secreto, xa que non se dispuña de cabina electoral nin de sobre para introducir a papeleta nin tampouco se pedía a cédula persoal para asegurar a identidade do votante.

Nesas condicións, os homes maiores de vinte e tres anos acudiron ás urnas nos colexios electorais de Baiona, Gondomar e Nigrán sen que se rexistrasen incidentes e votaron da seguinte forma:¹³⁶

TÁBOA 35: Escrutinio eleccións a Cortes en Baiona. Xuño de 1931

Candidato	Partido	Votos
E. H. Botana	PSOE	402
Alejandro Otero	PSOE	394
M. Varela Radío	FRG	392
B. Osorio Tafall	FRG	380
J. Poza Juncal	FRG	369
J. Gómez Osorio	PSOE	366
Emiliano Iglesias	P. Radical	366
Eugenio Arbones	PSOE	359
L. Gómez Paratcha	FRG	345
Basilio Álvarez	P. Radical	344
Alfonso Castelao	Gal. Indep.	288
R. Valle Inclán	P. Radical	253
Ramón Cabanillas	Gal. Indep.	214
L. do Río Carnota	Dereita Liberal	211
V. Paz Andrade	Gal. Indep.	210
Amado Garra	Rad. Agrario	214
J. López Varela	Rad. Agrario	178
Ramón Salgado	Rad. Agrario	172
Concepción Alfaya	P.R. Vigués	28

FONTE: *Faro de Vigo*

136 *Faro de Vigo*, 30 de xuño de 1931

No reconto que fai Xusto Beramendi, tendo en conta os votos obtidos polos partidos políticos que se presentaron ás eleccións, o escrutinio neste municipio quedaría como segue: (Beramendi, 2007: 831)

Partido Galeguista de Pontevedra: 288 votos.

Partido Republicano Radical: 366 votos.

Federación Republicana Galega: 392 votos.

PSOE: 403 votos.

Radicais/Agrarios: 304 votos.

TÁBOA 36: Escrutinio eleccións a Cortes en Gondomar. Xuño 1931¹³⁷

Emiliano Iglesias	P. Radical	909
E. H. Botana	PSOE	906
M. Varela Radío	FRG	904
J. Gómez Osorio	PSOE	877
Alejandro Otero	PSOE	866
B. Osorio Tafall	FRG	857
Eugenio Arbones	PSOE	825
J. Poza Juncal	FRG	818
L. Gómez Paratcha	FRG	689
Basilio Álvarez	FRG	277
L. do Río Carnota	Dereita Liberal	160
J. López Varela	Rad. Agrario	126
Alfonso Castelao	Gal. Indp.	76
V. Paz Andrade	Gal. Indp.	60
Ramón Cabanillas	Gal. Indp.	56
Concepción Alfaya	P.R. Vigués	17
Alonso Ríos		17
Amado Garra	Rad. Agrario	11
Ramón Salgado	Rad. Agrario	2
R. Valle Inclán	P. Radical	2

FONTE: *Faro de Vigo*

No municipio de Nigrán fixéronse públicos os resultados electorais máis completos da comarca, ao darse a coñecer os votos obtidos polos candidatos en cada unha das parroquias. Os respectivos escrutinios reflectiron o seguinte resultado.¹³⁸

¹³⁷ *Faro de Vigo*, 1 de xullo de 1931

¹³⁸ *El Pueblo Gallego*, 1 de xullo de 1931.

TÁBOA 37: Escrutinio eleccións a Cortes en Nigrán. Xuño 1931

	Nigrán	S. Pedro	Parada	Priegue	Panxón	Total
Varela Radío	77	313	13	2	105	510
Otero Fernández	36	313	17	12	124	192
Poza Juncal	36	303	13	2	116	480
E.H. Botana	85	313	32	5	139	574
Bibiano Osorio	34	313	13	2	112	474
Gómez Osorio	37	313	13	2	111	476
Gómez Paratcha	35	313	13	2	111	473
Emiliano Iglesias	85	313	50	134	129	711
Eugenio Arbones	35	313	13	2	129	480
López Varela	55	4	48	132	26	265
Ramón Salgado	59	3	48	136	26	270
do Río Carnota	2	4	0	0	2	8
Basilio Álvarez	9	4	3	1	0	17
Alfonso Castelao	63	4	0	1	43	111
Paz Andrade	33	4	0	1	43	81
Ramón Cabanillas	64	4	0	1	44	113

FONTE: *El Pueblo Gallego*.

Amado Garra e Concepción Alfaya, do Partido Republicano Vigués, fora desta táboa, conseguiron un número de votos moi escaso. Outra vez Beramendi fixo un cálculo dos votos obtidos polos partidos políticos en Nigrán: (Beramendi, 2007: 831)

Partido Galeguista de Pontevedra	113 votos
Partido Republicano Radical	711 votos
Federación Republicana Galega	510 votos
PSOE	492 votos
Radicais/Agrarios	270 votos

Á vista destas cifras procede subliñar que os republicano-socialistas se impuxeron con claridade nos tres municipios. Hai que ter en conta que no escrutinio se deron unhas diferenzas, ás veces pequenas pero outras veces significativas, no total de votos individuais emitidos en favor dos seus candidatos, porque a pesar de que militantes e simpatizantes da coalición apoiarían, en xeral, o conxunto da lista, con todo, o maior coñecemento duns candidatos sobre outros ou/e unha proximidade persoal máis achegada entre determinados aspirantes a deputados e as elites parroquiais ou/e algún tipo de diferenza ou xenreira por parte do electorado cara a algún, fixo que entre os mesmos compoñentes da candidatura houbera, nalgúns casos, distancias considerables. Así, mentres no colexio electoral de San Pedro da Ramallosa

(Nigrán) todos os coligados recibiron o mesmo número de votos, 313, na parroquia de Priegue, a diferenza entre o candidato que máis votos recibe e o que menos é de 132 votos: por Emiliano Iglesias responden 134 apoios, en cambio, no resto da lista, ningún candidato da coalición supera os 12 votos; é máis, a maioría deles quedan en dous. No resto dos colexios electorais de Nigrán as diferenzas entre os candidatos republicano-socialistas seguiron existindo pero sen as desigualdades nin as similitudes sinaladas anteriormente.

Por partidos políticos, os candidatos do PSOE gañaron en Baiona, sen ningunha dúbida, apoiados polo valor engadido que supuña a presenza do sindicato obreiro da construción e da clase mariñeira, ambos vinculados á central socialista, e quedaron ben colocados en Gondomar e en Nigrán. O Partido Radical foi o máis votado en Gondomar e Nigrán, mentres que os galeguistas cumpriron con dignidade en Baiona, tendo en conta que participaran en solitario neses comicios, pasando nos outros dous concellos practicamente desapercibidos. Pola súa banda os orguistas, que estiveron bendicidos polo gobernador civil, colocaron os seus representantes entre os primeiros postos do escrutinio, en toda a comarca.¹³⁹

O socialista Enrique H. Botana foi o candidato máis votado en Baiona. En Gondomar, o triunfador foi o radical Emiliano Iglesias, que xa empezaba a crear as bases sobre as que vai estender a súa influencia neste municipio. Co goberno local maioritariamente radical ao seu servizo, van iniciar unha feliz relación política que se prolongará ata o segundo semestre de 1933, que é cando aparecen as primeiras discrepancias importantes entre os radicais. Iglesias tamén gañou con autoridade en Nigrán, só perdendo ante os socialistas no colexio electoral de Panxón, o peirao mariñeiro do distrito, que contaba cun activo sindicato de pescadores que axiña se integrará na UXT. Doutra banda, destacar a súa vitoria esmagadora, compartida cos seus futuros delfíns Salgado e López Varela, en Priegue, onde estes últimos conseguiron a metade dos votos de todo o distrito. Sendo Priegue a parroquia do alcalde e, á vista destes resultados e da enorme diferenza entre os candidatos radicais e o resto de aspirantes, non é arriscado supor cara a onde ían as simpatías políticas da primeira autoridade neses primeiros meses da etapa republicana. As mañás electorais de Iglesias tamén beneficiarían os compañeiros, xa que os seus acólitos non soamente traballarían para a súa elección persoal senón que, de rebote, para toda a candidatura republicana socialista, de aí o avultado do resultado e a diferenza cos outros partidos situados fóra da coalición.

Por outra banda, esas eleccións debuxaron con claridade meridiana o mapa político partidista nas tres localidades durante a alborada da República. Máis pluralismo en Baiona con tres partidos dominantes: Partido Radical, ORGA e PSOE, cuxo poderío nesas eleccións, dos dous últimos, vai ser inversamente proporcional á súa representación na Casa do Concello pola súa exíguua presenza. Por último, o Partido Galeguista que, aínda que tivo un resultado moi discreto, ten unha importante representación na corporación. En Gondomar e Nigrán o escenario político presentárase, en principio, máis reducido, co Partido Radical como forza maioritaria no primeiro deses concellos. Pola súa banda, en Nigrán, a pesar do triunfo radical, a maioría republicana seguía sen definirse respecto da súa filiación partidista. Por último, estas votacións colocan o PSOE como forza secundaria en ambos os municipios.

Aínda que a Comisión de Actas provincial validase os resultados electorais, despois de resolver algunha que outra reclamación, os recontos de Baiona antóllanse

139 *Faro de Vigo*, 27 de xuño de 1931. O candidato agrario-radical Ramón Salgado dirixiu unha carta a Alcalá Zamora, e ao ministro da Gobernación, un telegrama protestando pola parcialidade electoral do gobernador civil.

más creíbles, (Beramendi, 2007: 832) mentres que en Gondomar e nalgunha parroquia de Nigrán existen serios indicios de que se podería producir unha fraude electoral a favor do candidato radical a xulgar polas alegacións presentadas.¹⁴⁰

JUNTA PROVINCIAL DEL CENSO ELECTORAL
ACTA DEL ESCRUTINIO GENERAL, DE 2 DE JULIO DE 1931. MUNICIPIO
DE NIGRÁN

“Reclamación sobre la sección primeira, distrito nº 3, Priegue, que presenta el candidato galeguista Valentín Paz Andrade por cuanto el sobre con el acta fue depositado el día 30 de xuño y, por tanto, no inmediatamente al terminar la elección; además consta que fue mandado en una ambulancia que hacía de transporte para su traslado a la capital, sin que apareciera el sello que aseguraba que el documento se había enviado certificado, aunque en el sello de entrada en Pontevedra si apareciera como pliego certificado. Los también candidatos Salgado y López Varela, adictos a los republicanos radicales, se opusieron a esa reclamación, exponiendo el último que la estafeta de correos de Nigrán no estaba habilitada para certificar documentos. Paz Andrade continuó su exposición agregando que el sello de revisión que figuraba en esa acta no pertenecía a dicha estafeta, que era la que figuraba en el *Boletín Oficial* como habilitada para el caso, sino en una ambulancia que decía Vigo-Santiago.

Municipio de Nigrán. Reclamación sobre la sección segunda del tercer distrito por el candidato Salgado que protesta de la admisión de un sobre electoral y pide que no se escrute la votación correspondiente al acta, por cuanto aquel, aún habiendo sido depositado en la estafeta correspondiente, no lo fue inmediatamente, como dice la ley, sino al día siguiente. El candidato dice que hace esa protesta como primeira de otras, en contestación a la anterior de la minoría galeguista. La Junta acuerda que se escrute el acta de referencia.

La Junta, respecto a la resolución pendiente del Distrito 3º, sección 1ª, Priegue, acuerda que siendo la misión de esta Junta la de escrutar sin poder anular actas, se escruten las de referencia, sin perjuicio de hacer constar en acta, como ya se hicieron, las anomalías denunciadas”.

140 Arquivo Histórico da Deputación Provincial, caixa 13378, Libro de Actas da Xunta Provincial do Censo Electoral. (1926-1931). Acta do Escrutinio Xeral, 2 de xullo de 1931. Municipio de Nigrán.

Capítulo 6

O BIENIO REFORMISTA

Nas eleccións triunfou a coalición republicana-socialista. En clave nacional, o executivo resultante sustentábase sobre unhas bases parlamentarias moi diversas que abarcaba dende a esquerda socialista a dereita republicana, unha circunstancia moi problemática para gobernar con eficacia nestes momentos históricos: a instauración dun novo réxime político. (Juliá Díaz, 2003: 76)

A nivel local, superado o vórtice electoral, a política volve centrarse en abordar e buscar solucións aos problemas que expoñen os veciños. Para iso, os gobernos locais repártense o traballo creando as comisións plenarias de acordo co artigo 60 da Lei Municipal de 1877: Facenda, Beneficencia, Policía Urbana e Rural, Matadoiros e Mercados e, por último, a comisión de Agricultura, o que non representaba ningunha novidade sobre as corporacións da Monarquía. Para completar a antiga lexislación que se estaba aplicando nos concellos, o goberno republicano converte o Estatuto Municipal de 1924 (Primo de Rivera) como dereito supletorio ata que se promulgasen novos preceptos legais para a administración local, o que levou a cabo con moita calma, co que se demostraba que a normativa municipal era un tema de perfil menor na axenda das súas prioridades, máis preocupado por levar a cabo reformas de maior calado, como as políticas descentralizadoras con vistas a encaixar as reivindicacións catalás e outras dentro dunha nova organización territorial. Que o Parlamento tivo pouco interese en crear unha lexislación local propia e diferenciadora dos réximes pasados constátase en que non vai aprobar unha nova lei municipal ata final de outubro de 1935. Soamente ao final da súa vida logra a II República ter a súa propia representatividade municipal. (Martínez Marín, 1989: 88)

6.1. O PLURALISMO PARTIDISTA DA CORPORACIÓN DE BAIONA

A corporación de Baiona era heteroxénea. As diverxencias ideolóxicas e os distintos intereses dos seus membros manifestáronse xa desde as primeiras reunións. Os veciños esperaban solucións eficaces e, sobre todo, inmediatas para mellorar a súa calidade de vida, con todo, atopáronse con que, en principio, practicamente todo seguía igual. Por non cambiar, nin sequera era novidosa a figura do alcalde, González Cadilla, vello coñecido da localidade que xa tivera antigas responsabilidades municipais, nada menos que desde principios de século e que para nada representaba a imaxe de renovación que se pretendía exhibir nesta nova etapa política. A decepción dunha parte da veciñanza manifestábase nas sesións plenarias, con apupos e murmurios de desagrado ante as intervencións dos edís máis conservadores e ante as ameazas de desaloxo por parte do alcalde. Todas esas expresións de contrariedade suscitaron a complicidade dalgúns concelleiros que, desde o primeiro momento, empezaron a organizarse como oposición á autoridade municipal e que estaba integrada, fundamentalmente, por Fernández Peón (ORGA), Agustín Villafines (PSOE) e Martín Vega (Galeguista) que nas súas intervencións públicas marcan diferenzas co pasado monárquico, exhiben un talante democrático e levan un control rigoroso da xestión. Do outro bando, é dicir, próximos ao alcalde, sitúanse os edís radicais: Aurelio Alar, da vila, Fabriciano Táboas

e Albino Misa, ambos os dous veciños de Belesar. Estes contarán, puntualmente, co concelleiro da futura URD, Policarpo Vilar.

Os primeiros pasos da primeira lexislatura republicana vanse caracterizar, durante o mandato de Vicente Vázquez, dado o brevísimo exercicio de González Cadilla, por unha avalancha de mocións, debates e a aprobación de numerosas propostas e iniciativas que alcanzaban todas as competencias da administración local. Aos clásicos proxectos de construción de camiños, fontes e lavadoiros, que todas as corporacións se ven obrigadas a afrontar, por ser as máis demandadas polos veciños, uníranse, entre outras, peticións de novas escolas nas parroquias, así como de material escolar e o oportuno mantemento dos seus locais.

Por outra banda, quérese facer publicidade da imaxe de renovación coa sanción dunha serie de propostas de consumo interno, para xustificar o cambio, distanciarse da política antiga e tamén para aparentar que se liquidara o dominio das vellas elites. Así, resucitouse a comisión de investigación, algo moi ao uso nos cambios de réxime para inspeccionar a actividade levada a cabo nos últimos dez anos polas diferentes corporacións.¹⁴¹ Para funcións de asesoramento, contratouse un avogado de confianza, Raimundo Vidal Pazos, agrario, republicano próximo a Basilio Álvarez e que tiña aberto un bufete en Sabarís.¹⁴² Ao mesmo tempo, deron un golpe de autoridade ao rebaixar o poder do secretario e limitar as súas funcións políticas ao simple asesoramento cando lle era demandado. Pídeselle que non interveña no pleno, que debía de absterse de tomar a palabra xa que non tiña nin voz nin voto.¹⁴³ Aprobáronse tamén unha serie de medidas contraditorias de perfil laicista, que analizaremos máis adiante, referidas ás cerimonias eclesiásticas, cemiterios e persoal relixioso do hospital público da vila. E canto á beneficencia, prohibiuse a mendicidade nas rúas e a exhibición de chagas, feridas ou malformacións e propúxose a creación dun censo onde se diferenciásen os pobres susceptibles de axuda municipal e “los que tienen falta de voluntad para el trabajo”.¹⁴⁴ Os primeiros, ademais, disporían de asistencia médico-farmacéutica financiada polo Concello, aínda que isto último xa formaba parte do programa de beneficencia dos gobernos monárquicos.

En canto ás políticas sociais que fan referencia aos campesiños pobres, Fernández Peón, ao mesmo tempo que se discutía a Reforma Agraria no Parlamento, suxeriu, en xuño de 1932, a necesidade de que o Concello adquirise en arrendamento parcelas de terra de labradío para concedelas gratuitamente para o seu cultivo “de hortalizas y legumes a los pobres, de modo que no exista nadie que carezca de una parcela de tierra, ni nadie que deje de cultivar su parcela desde el momento que le sea ofrecida”.¹⁴⁵

Abundando no tema agrario, o mesmo edil pretendía que a corporación valorase a posibilidade, se se daban as condicións legais para iso, da cesión gratuíta dos terreos por parte dos propietarios ociosos, en aplicación do Decreto de Laboreo Forzoso do 7 de maio de 1931.

A pesar das boas intencións, as dificultades chegaban cando se poñían en marcha os procedementos administrativos para levar a cabo eses e outros proxectos. Neste caso, a moción trasladouse á Comisión de Agricultura, o que supuxo a retardación do proxecto e o seu posterior abandono. Por iso, ao ano seguinte, o mesmo Peón insistía na idea de que no municipio existía unha gran cantidade de terreos cuxos cultivos se atopaban totalmente abandonados, polo que propuña que se levase a cabo unha

141 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 16 de agosto de 1931.

142 *Ibid.*, caixa 6, cartafol 1932. Documento con data de 12 de febreiro de 1932.

143 *Ibid.* caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 18 de xullo de 1931.

144 *Ibid.* Sesión plenaria do 16 de agosto de 1931.

145 *Ibid.* Sesión plenaria do 26 de xuño de 1932.

investigación co fin de obrigar os propietarios ao seu cultivo forzoso.¹⁴⁶ Esa moción correu igual sorte que a anterior: primeiro someteuse a aprobación, a continuación habería que confeccionar a listaxe das leiras que se atopaban desatendidas, despois teríaselles que comunicar a eses propietarios as consecuencias que lles podía carrexar o ter os predios nesas condicións. Salvo o acordo plenario, obviáronse os seguintes pasos, polo que este proxecto nin sequera se tentou.

Pero as mocións intervencionistas sobre a terra de Fernández Peón foron máis alá, expoñendo, sen ningunha consecuencia práctica, que se estudase a adquisición do corredor que comunica a vila coas praias, propiedade do Castelo de Monterreal.

Este prolífico concelleiro tamén fiscaliza o urbanismo local e propón sancións para os que constrúen as vivendas sen a licenza correspondente, ata o extremo de, se fose necesario, chegar a demolición da construción se a obra sen autorización prexudicaba ao interes público.¹⁴⁷

No capítulo orzamentario, e ante os escasos recursos, a corporación decreta que os desprazamentos dos concelleiros para algunha comisión ou encargo oficial fosen a conta do seu peto particular e as dietas correspondentes pasasen a engrosar a partida da beneficencia. Nun exercicio de transparencia, tomouse en consideración unha proposta de Fernández Peón para que se editase mensualmente unha folia gratuíta, Boletín Municipal, onde se podería ler información sobre os acordos municipais, estado de gastos e asuntos de interese para os veciños. E nun intento de exemplaridade, propónse sancionar economicamente o absentismo dos concelleiros aos plenos sen xustificar, fose cal fose a súa etiqueta política.¹⁴⁸

Pero será a mobilización do sector pesqueiro provocada, a partir do 20 de xuño, pola folga de mariñeiros e pescadores do porto de Baiona (á que nos referiremos no capítulo 11) a que dará lugar á primeira crise da corporación, xa que colocaba no epicentro do conflito, e nunha situación política comprometida, o alcalde González Cadilla, cuxa actividade privada era a de armador.

Despois de presidir o goberno durante as primeiras semanas, ausentouse ante as interpelacións constantes dos concelleiros,¹⁴⁹ que aproveitaron o paro para desgastalo, o que provocou que abandonase as responsabilidades políticas por incompatibilidade coa súa profesión. Ante a ausencia reiterada de González Cadilla, que soamente asistira a tres sesións corporativas das trinta e dúas que se celebraron desde que fora designado para o cargo, e a proposta de Fernández Peón, acordouse, o 16 de decembro,¹⁵⁰ por unanimidade dos asistentes, suspendelo das súas funcións. Unha resolución ilegal, contraria a lexislación e que será rectificada polo Goberno Civil anos despois. En febreiro deuse un paso máis para a súa destitución, ao declarar vacante o cargo de alcalde por renuncia tácita, xa que non volvera polo Concello desde o 18 de xuño de 1931. O alcalde considerou inadecuado o exercicio do seu cargo coa situación creada pola folga de mariñeiros e pescadores deste porto, pero, terminado o conflito en agosto dese mesmo ano, continuaba sen volver e nin achegar causa ningunha que xustificase o abandono das súas funcións.¹⁵¹

146 *Ibid.*, caixa 69, Libro de Actas 69/4. Sesión plenaria do 28 de maio de 1933.

147 *Ibid.*, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria de 15 de febreiro de 1932.

148 *Ibid.*, Sesións plenarias de 18, 26 de xullo e 25 de agosto de 1931.

149 O alcalde dixo non saber oficialmente nada dunha posible convocatoria de folga de pescadores, ante unha pregunta do concelleiro socialista Agustín Villafines en sesión plenaria do 16 de xuño. Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. E así llo comunicou ao Goberno Civil en oficio nº 117. *Ibid.*, caixa 220, Libro de Rexistro de Saída 220/1. Documento con data de 18 de xuño de 1931.

150 *Ibid.* Sesión plenaria do 16 de decembro de 1931.

151 *Ibid.* Sesión plenaria do 29 de febreiro de 1932. A moción, que fora presentada por Villafines,

A campaña de acoso continuou o mes seguinte, cando o propio alcalde en funcións, Vázquez, remitiu á Casa do Pobo de Vigo, a pedimento da Sociedade de Traballadores do Mar de Baiona (UXT), as dilixencias instruídas durante a folga mariñeira a Cadilla, esta vez na súa condición de armador, por se se estimaba procedente unha intervención contra el.¹⁵²

O desaloxo do alcalde de elección popular culminou un ano despois do seu nomeamento. A proposta de elección dun novo presidente, presentada o 8 de xuño de 1932, non conseguiu a unanimidade da corporación. Os edís discrepantes¹⁵³ sostiñan que o concello non podía proceder á destitución dun cargo político sen a formación do correspondente expediente, e que a remoción ou suspensión do alcalde do seu posto era competencia exclusiva do Goberno Civil e sempre precedida dunha sentenza xudicial firme. Vázquez, en cambio, defendeu o procedemento que levaba a cabo a corporación:

“No se trata de ninguna renuncia, suspensión ni sustitución, sino sencillamente de cubrir en legal forma unas vacantes reconocidas por abandono del cargo o por dimisión justificada y reconocida como tal por la Corporación por lo que el acto que se realizaba era perfectamente legal y de competencia propia y exclusiva del Ayuntamiento”.¹⁵⁴

Todo estaba pactado e decidido. Pola maioría dos concelleiros asistentes, seis votos a favor e unha papeleta en branco, acordouse o ascenso do tenente de alcalde, Vicente Vázquez, á primeira maxistratura municipal, que xa viña exercendo de maneira interina desde agosto pasado, elixindo a Román Martín (Sabarís) primeiro Tte. alcalde, e a Policarpo Vilar (Baiona) 2º Tte. alcalde. O cargo de síndico recaeu en Peón (Sabarís).¹⁵⁵

Esta nova repartición equilibraba os poderes territoriais, xa que agora Sabarís quedaba ben representada nos órganos de dirección do Concello. O novo alcalde era natural de Baiona, casado en Baíña e con intereses económicos en Sabarís, polo que podía adoptar unha posición máis centrada que o anterior nas pugnas territoriais. Vázquez representaba, co carné político na man, un cambio respecto ao alcalde cesado, aínda que o verniz republicano e galeguista que agora o impregnaba non era suficiente para tapar a súa adhesión, poucos meses antes, á Monarquía e á Ditadura, onde ocupou diversos cargos nas corporacións, a semellanza de González Cadilla. A estas alturas, cos diferentes partidos políticos xa formados ou en proceso de consolidación, podía pensarse que a presenza dun afiliado ao Partido Galeguista na presidencia do Concello era un triunfo dos republicanos en Baiona; ou, visto desde outra perspectiva, o insuficiente poder político ou os exiguos escanos municipais que sumaban os concelleiros dos partidos da coalición gobernamental debeu ser unha causa importante para non poder presentar unha alternativa autenticamente repu-

concluía considerando a Cadilla dimisionario de concelleiro e alcalde, propondo declarar vacante o cargo, comunicarllo ao interesado e proceder á elección dun novo alcalde, dando conta ao gobernador civil.

152 *Ibid.*, caixa 220, Libro de Rexistro saída 220/1. Documento rexistrado con data de 14 de marzo de 1932.

153 O concelleiro Aurelio Alar, que defendeu a ilegalidade da substitución do alcalde, proclamou o seu desacordo e a súa intención de absterse, mesmo cando se lle lembrou que estivo presente no acordo plenario que declarou vacante a praza de alcalde. Ao final, e en vista de que a lexislación o obriga a participar nas votacións que se celebren, votou en branco. Alar era adicto aos radicais igual que González Cadilla. *Ibid.* Sesión plenaria do 8 de xuño de 1932.

154 *Ibid.* Sesión plenaria del 8 de junio de 1932.

155 *Ibid.*

blicana, conformándose, como un mal menor, con apoiar a candidatura de Vicente Vázquez que, doutra banda, fora o concelleiro máis votado nas pasadas eleccións.

O goberno local, que iniciara a lexislatura con trece concelleiros, axiña reduciu este número a dez debido ás renuncias presentadas e aceptadas dos concelleiros Sánchez González, por emigrar a Arxentina, e Puga Franco, por enfermidade, así como a ausencia e posterior destitución do anterior alcalde González Cadilla.

A oposición política, ou polo menos as posturas críticas co novo equipo republicano-socialista-galeguista, organizábase, sobre todo na vila de Baiona e en Sabarís, onde existían grupos que conspiraban contra o goberno local. Xa aos poucos días de tomar posesión do seu cargo, Valentín Puga presentaba a dimisión que, aínda que non foi aceptada, tiña como causa “ser objeto de amenazas para impedir su actuación como concejal”.¹⁵⁶

Era tan evidente que o réxime republicano se instaurou en Baiona, como notorio era que unha parte moi importante da poboación seguía ideoloxicamente moi próxima aos principios monárquicos e, ademais, algúns nin sequera o disimulaban, e o máis grave era que na corporación se coaron certos concelleiros, de dubidosa fe republicana, que non deixaban pasar a ocasión de criticar, mesmo fóra da Casa do Concello, o mesmo goberno local do que formaban parte. Os republicanos entenderon que esas condutas eran indignas nuns representantes elixidos polo pobo e, en sesión secreta, Fernández Peón increpou os que vilipendiaban o goberno local en charlas de rueiros ou faladoiros de café:

“Cuando la crítica que se hace es además falsa y las afirmaciones que se lanzan también son falsas y se apartan en absoluto de la realidad, entonces el acto en si se sale ya de lo tolerable y el procedimiento es bajo, canalla y miserable”.¹⁵⁷

A intervención de Peón indignou os radicais Fabriciano Táboas e Albino Misa, o que motivou unha serie de protestas que aproveitou Aurelio Alar para sacar a colación acordos polémicos aprobados en datas pasadas e así criticar a subvención concedida polo Concello para financiar os gastos dos mariñeiros imputados por terrorismo na anterior folga pesqueira con motivo do seu traslado a Vigo para declarar ante o xuíz. O abandono da sesión por parte dos concelleiros *ofendidos* e por outros que os apoiaban marca un antes e un despois, xa que dá por finalizada a etapa de colaboración e empeza outra caracterizada pola formación de dous bandos antagonistas que van convivir nesa corporación. Nun lado, sitúanse os republicanos auténticos, como Peón, Martín Vega, Villafines e Puga, aínda que este último dimite antes de fin de ano e, no outro lado, os republicanos dubidosos, como Aurelio Alar, Albino Misa, Fabriciano Táboas e Policarpo Vilar. O resto, incluído o alcalde, oscilarán nas súas posicións.

Ao ano seguinte, ex-monárquicos, disfrazados de novos republicanos, incluídos algúns membros da corporación, inician unha campaña de acoso ao mestre de Belesar, Manuel Cuña, afiliado do PSOE e membro da 1ª Xestora republicana. As accións estaban dirixidas polo home forte da parroquia, ex-concelleiro da monarquía e presidente da sociedade agraria *La Unión*, Manuel Nartallo, e os seus seguidores. Un deles, o seu cuñado e concelleiro radical, Fabriciano Táboas, xa acusara o mestre de faltar a clase de maneira reiterada para ocuparse de asuntos políticos e deixar no seu lugar persoas sen o correspondente título profesional, incluso un “imposibilitado fisicamente”.¹⁵⁸

156 *Ibíd.* Sesión plenaria do 21 de xuño de 1931

157 *Ibíd.* Sesión plenaria de 20 de setembro de 1931.

158 *Ibíd.*, caixa 6, cartafol 1931, 13 de novembro de 1931.

Agora darán un paso máis e dedicaranse a boicotear o labor educativo de Cuña a base de ruidos, cornetadas, ata foguetes na porta da escola, sobre todo no día en que o mestre ensaiaba cos alumnos o himno de Riego para poder participar na Festa Escolar da Paz con motivo dos actos conmemorativos do 1º de maio, o que obrigou o docente a clausurar a escola por uns días ata a intervención do gobernador civil.

Estas circunstancias provocaron as protestas do mestre Víctor Fraíz, presidente da Asociación de Traballadores do Ensino de Vigo-UXT, sindicato ao que tamén pertencía Cuña, que nunha nota de prensa terminaba interrogando a autoridade provincial: “Señor Gobernador, pueden tolerarse estas cosas en los tiempos que corremos?”.¹⁵⁹ O poncio ordenou á Garda Civil instruír un atestado contra Nartallo e os seus colaboradores, entre os que estaba o citado Táboas.¹⁶⁰

Pero Manuel Cuña non se atopaba só. Co apoio das familias dos alumnos e da Sociedade Campesíña Belesar-Sabarís de credo anarquista¹⁶¹ continuou o labor pedagóxico e a loita contra os elementos contrarios á República en Belesar, e así presentou unha queixa ante o Concello solicitando o relevo da bandeira monárquica que, entrelazada coa bandeira de Arxentina, se atopaba gravada na fachada da escola, xa que consideraba que eran impropios dun edificio oficial os atributos apuntados e ofensiva a bandeira monárquica.¹⁶²

Pero nin as ameazas do Goberno Civil aos acosadores nin certo apoio popular que lle brindou a parroquia libraron a Cuña da persecución dos radicais de Belesar, o que propiciou o traslado da súa actividade profesional en 1933, cansado das constantes dificultades que se poñían ao seu labor educativo.

Dentro da corporación, as relacións políticas entre os seus compoñentes radicalizáranse, sobre todo, por mor dunha querela criminal presentada contra o secretario, pola suposta falsificación dunha acta sobre a adopción ou non dun acordo plenario. A conxunción republicano-socialista acusou a oposición de presentar a denuncia e esta argumentou a ilegalidade do mencionado acordo, que facía referencia á aprobación das cotas do repartimento sen que nese momento estivesen presentes, como marcaba a lei, a totalidade dos membros das Xuntas parroquiais que xestionaban a adxudicación dese imposto.¹⁶³ O demandante foi o concelleiro de Baredo, Francisco Sánchez, que empezaba a distanciarse do Partido Galeguista ao que, inicialmente, estaba adscrito. En 1933 formará parte dos republicanos mauristas.

Uns días despois, o socialista Villafines sinalou que ex-concelleiros monárquicos influían nalgúns rexedores actuais e dedicábanse a criticar o goberno municipal. Apuntaba, na súa denuncia, contra o xa mencionado Manuel Nartallo, que tamén era o presidente do Partido Radical en Belesar e con moito ascendente, tamén, sobre a limítrofe parroquia de Sabarís. Villafines manifestou que Nartallo celebraba reunións clandestinas pola noite co obxectivo de obstaculizar as iniciativas do Concello e desacreditar o réxime democrático. Pediu que, a ese bando, a corporación o declarase inimigo do novo réxime e mais que se lle aplicase a Lei de Defensa da República. Co apoio de Fernández Peón e de Martín Vega, acusou de complicidade a varios membros do equipo de goberno que estaban ausentes nesa sesión, en alusión a Albino Misa e Fabriciano Táboas, homes de confianza de Nartallo. A corporación subscribiu un texto, a modo de censura, onde manifestaba o seu desgusto coa conduta

159 *El Pueblo Gallego*, 3 de maio de 1932.

160 *Faro de Vigo*, 3 de maio de 1932.

161 *El Pueblo Gallego*, 28 de maio de 1932.

162 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 6 cartafol 1932. Documento con data de 1 de xuño de 1932.

163 *Ibíd.*, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 19 de xuño de 1932.

deses edís.¹⁶⁴ Fernández Peón mostrouse satisfeito co documento aprobado e lanzou unha advertencia: “esto debe ser el principio de medidas contra concejales que vienen obstruyendo la labor municipal y que tienen como fin boicotear la República”.¹⁶⁵

Non terminan aquí os exemplos de deslealdade dos monárquicos cara ao réxime republicano. Algúns viñan de lonxe, mesmo días antes de tomar posesión a Xestora; o último alcalde monárquico, Pereira Domínguez, ordenou desposuír os gardas da insignia republicana no seu uniforme “con un desprecio y grosería sin precedentes”.¹⁶⁶ Xa consolidada a República, moitos vapores e barcas seguían navegando coa bandeira de antes. Incluso na oficina de Correos da vila, como na de Sabarís, colocado na parede, á vista de todos, atopábase o escudo monárquico; no cuartel da Garda Civil, nas fins de semana arriaban a insignia do novo réxime e, por se acaso, advertiuse á banda de música de Baiona que todos os concertos e audicións deberían iniciarse e rematarse co himno nacional. Incluso os compoñentes da banda estarían obrigados a instar o público a escoitar o himno coa debida corrección e respecto. Por último, lembróuselles aos mestres a obrigación de ter izada a bandeira nacional na escola os días de festa, aínda que se daba a circunstancia de que na escola de nenas de Baiona non existía nin bandeira nin hasta para colocala. E en iguais circunstancias se atopaban os edificios escolares de Baíña e Baredo.¹⁶⁷

Os republicanos *puros* presentan unha e outra vez mocións de reafirmación republicana, como na que expresan a súa satisfacción ante o fracaso do intento de golpe de estado do xeneral Sanjurjo¹⁶⁸ ou na que convencen a maioría de que se aprobase a participación de Baiona na homenaxe ao vello republicano de Sabarís Ventura Estévez, ao que Fernández Peón lembraba:

“Toda su vida luchó por la Libertad y la Democracia, para el cual tiene el pueblo una deuda de gratitud y respeto que debe ser saldada mediante un sentido homenaje, que exprese al hombre honrado y fervoroso luchador la alta consideración en que el pueblo le tiene”.¹⁶⁹

O código de conduta dese vello republicano inspiraba a Fernández Peón e Villafines, que non fraqueaban no seu empeño de desenmascarar os reaccionarios da corporación. Neste sentido hai que entender a presentación dunha moción conxunta, onde tachaban de colaboradores da ditadura tanto o anterior alcalde como o vixente e facíanos responsables de que a democracia non entrase na Casa do Concello, polo que lles retiran a confianza. Ás diferenzas ideolóxicas uníanse agora as discrepancias sobre a súa xestión administrativa, acusación fundada no abandono das súas responsabilidades políticas. O motivo desta actuación era, segundo eles, que a Presidencia do Concello estaba sometida a misteriosas e inexplicables influencias.¹⁷⁰

164 *Ibid.* Sesión plenaria do 19 de xuño de 1932. Unha das probas nas que baseaban a súa acusación aos concelleiros de Belesar Albino Misa e Fabriciano Táboas de ser cómplices da conspiración contra o sistema republicano é o apoio dado por eles a unha querela criminal contra o secretario do Concello por suposta falsificación dunha acta plenaria.

165 *Ibid.*

166 *Ibid.*, caixa 257, cartafol 257/6. Informe á alcaldía do xefe da garda municipal, 21 de abril de 1931.

167 *Ibid.*, caixa 220, Libro de Rexistro de Saída 220/1. Documentos rexistrados a 18 de marzo, 12 de abril e 5 de setembro de 1932. Tamén *Ibid.*, caixa 6, cartafol 1932. Documento con data de 22 de marzo de 1932.

168 *Ibid.*, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 16 de agosto de 1932

169 *Ibid.*, caixa 6, cartafol 1932. Levada ó pleno municipal do 26 de abril de 1932.

170 *Ibid.*, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 18 de setembro de 1932.

A devandita moción propuña tres medidas para a rexeneración da política municipal do goberno local, que resumidas eran:

- 1.- Que o Concello se reunise nunha ou máis sesións extraordinarias e que nelas se examinasen detidamente os acordos tomados pola actual corporación, os que foran executados xa e os que estivesen pendentes de realización, e, neste último caso, valorar as escusas que o alcalde presentase, por non levar a cabo os acordos ao seu debido tempo.
- 2.- Analizar o incumprimento pola Presidencia dos seus deberes como xefe da Administración Municipal.
- 3.- Proposicións e acordos en relación cos dous números anteriores.

O alcalde, Vicente Vázquez, trataba de manter os equilibrios de poder dentro do goberno entre os republicanos convencidos, por unha banda, e os oportunistas ou nostálgicos, por outra, e para iso adoptaba a postura de apoiar case todas as iniciativas que propuñan os primeiros, para non executar case nada que supuxese unha crispación ou enfrontamento entre os concelleiros dos dous bandos, o que ía conducir ao descontento duns e doutros. Esa moción podía entenderse como unha recusación en toda regra ao alcalde e ao resto do equipo de goberno, na que os asinantes mostraban a súa desilusión pola ineficacia do labor de cara aos anhelos que os veciños depositaran no novo réxime.¹⁷¹

Esta postura crítica levou o galeguista Martín Vega a distanciarse dos seus socios parlamentarios, cos que levaba o peso das iniciativas municipais desde o comezo da lexislatura. Ao fin e ao cabo militaba, de momento, no mesmo partido que o alcalde e, en consecuencia, aínda que mostrou o seu acordo con algunhas das demandas do documento, rexeitou a moción, como así o fixeron a maioría dos concelleiros. Posiblemente a oposición en Madrid do Partido Galeguista respecto da coalición gobernamental influíu nese distanciamento. Oposición que se centrou sobre todo nos temas agrarios e de aranceis e que se vai incrementar o ano seguinte co Tratado de Uruguai. (Beramendi, 2007: 924 e ss.)

A pesar do fracaso desa iniciativa, o certo é que o Concello non era atendido coa dilixencia necesaria. Así, pouco tempo despois, o Ministerio de Traballo ameazou con sancións ao alcalde se non creaba o Rexistro de Colocación de Obreiros, xa que levaba máis dun ano de atraso, e que debería estar integrada por un vogal obreiro, outro vogal patrón e presidido por outro asalariado designado por ambas as representacións. Así mesmo ordenábaselle remitir a copia do censo obreiro.¹⁷²

A presentación, debate e votación da moción anterior significou un punto de inflexión nos equilibrios de poder no equipo de goberno, xa que supuxo o deterioro das relacións políticas entre os dous homes máis influentes da parroquia de Sabarís e garantes das esencias republicanas da corporación. A alianza que existía ata o de agora deu paso ás descualificacións e rifas persoais, sobre todo cando, o 23 de outubro, Fernández Peón ofendeu verbalmente a Martín Vega con motivo dunha suposta actuación deste último no auxilio a unha veciña nun accidente de tráfico en Sabarís e que rematou, despois dunha violenta discusión, cun intento de agresión por parte de Peón, o que obrigou o alcalde a suspender a reunión.¹⁷³

171 *Ibíd.*, caixa 6, cartafol 1932. Moción presentada no pleno anterior. Tamén recollida na acta do pleno.

172 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 99, cartafol 99/20. Documento con data de 20 de maio de 1933.

173 *El Pueblo Gallego* recolleu a noticia dun accidente con atropelo en Sabarís, culpando de neglixencia a Martín Vega por obstaculizar o ingreso da muller ferida no hospital municipal de Baiona, sendo ao final trasladada a Vigo. O Concello, en sesión plenaria do día 18 e a pedimento do propio

Ese foi o pretexto que esgrimiron os radicais Alar, Táboas, Misa e o cedista Policarpo Vilar, para desacreditar o outro bando. En ausencia de Fernández Peón e os seus apoios, prepararon unha ofensiva contra el postulándose a favor de Martín Vega. O texto presentado, despois de lamentar os sucesos acaecidos na última sesión plenaria, responsabiliza a Peón de ser o único promotor deses acontecementos por levar a debate un tema tan incómodo como banal que trouxo como consecuencia a agresión a un compañeiro de corporación. Acúsano de deslealdade cos seus colegas de goberno

“Una conducta indigna con sus compañeros por sus destemplanzas adoptadas siempre en los debates contra todos los que no comparten su manera de pensar y que causaron más de un desagradable incidente, por la serie de proposiciones irrealizables y fantásticas inadecuadas a la actual situación municipal (...) con la atmósfera de desprestigio que creó y está alimentando en contra de la vida municipal desacreditando a los compañeros de Corporación a los que no se recata en juzgar como muy inferiores a él y por las censuras, vituperios y críticas gratuitas y tendenciosas que siempre y en todas partes hace del Ayuntamiento y de sus compañeros por lo que no están dispuestos por más tiempo a consentir esta serie de menosprecios y menoscabos de este señor.”

Os asinantes manifestan que Fernández Peón pretendía ser o líder da corporación e que a súa conduta soberbia e a maneira de expor as propostas foran un obstáculo para que o equipo de goberno realizase un traballo eficaz. Aprobaban un voto de censura e rexeitan compartir actos municipais con Peón se non lles presenta á corporación, en xeral, e a Román Martín Vega, en particular, escusas que lle desen cumprida satisfacción.¹⁷⁴ Os novos *jefes* do goberno reclaman a unión de todos os concelleiros por riba de consideracións persoais ou políticas, para poder reconducir a deteriorada situación económica do Concello como paso previo á programación de proxectos e plans de gasto. Primeiro, polo tanto, trataríase de xerar recursos financeiros para despois abordar obras e proxectos. Todo o contrario do que crían eles que era a folla de ruta das políticas implementadas por Peón.¹⁷⁵

A partir de entón, Martín Vega e Fernández Peón só chegarán a acordos puntuais e moi específicos, xa cando se trate de defender os intereses da súa parroquia, tales

Martín Vega, enviou unha carta ao *Faro de Vigo* que rectificaba a versión do devandito xornal: “este Ayuntamiento vio con disgusto las censuras que en el diario de Vigo *El Pueblo Gallego* correspondiente al 15 del actual, se dirigen a un señor concejal de esta Corporación, por su intervención en el accidente sufrido en Sabarís por una vecina de dicho barrio que fue alcanzada por una camioneta. Que la intervención en el hecho del aludido concejal, según el testimonio unánime de muchas personas que presenciaron los hechos, fue digna del mayor encomio y mereció general aplauso, ya que dicho señor se ocupó de que fuera recogida la víctima y atendida convenientemente, ayudó a colocarla en un automóvil particular y que se le prestaran los primeros auxilios y dispuso, por fin, su urgente conducción a un establecimiento adecuado en que primero pudiera recibir asistencia facultativa. Actuación que lejos de merecer censuras, es digna de las mayores alabanzas, y así lo reconoce esta Corporación”. No pleno seguinte foi cando Peón recolleu o parecer dalgúns veciños e do médico Benito Fariñas (simpatizante de ORGA) para corroborar a noticia de *El Pueblo Gallego* e atacar a Martín Vega. *El Pueblo Gallego*, 15 de outubro de 1932, e *Faro de Vigo* do 23 de outubro do mesmo ano. Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 23 de outubro de 1932.

174 *Ibid.*, caixa 6 cartafol 1932. Documento presentado ao pleno municipal do 30 de outubro de 1932.

175 *Ibid.*

como investimentos en obras públicas, ou para dar o nome de rúas e prazas de Sabarís a ilustres personaxes da historia de Galicia, como Concepción Arenal, Rosalía de Castro, Curros Enríquez, mártires de Carral, Pardo de Cela e Xelmírez.¹⁷⁶ Os concelleiros radicais non conseguiron, a pesar de saíren na súa defensa, atraer cara ás súas posicións políticas a Martín Vega. Todo o máis que se chegou a implicar o galeguista foi no compromiso de estar sempre ao seu lado para todo o que significase utilidade e proveito para o melloramento e adianto do municipio e da rexión.¹⁷⁷ Pero o que si lograron foi desestabilizar a maioría republicano-socialista-galeguista. Crecidos ante esa situación, decidiron non facer acto de presenza nas sesións plenarias desde o verán de 1933, co que boicotearán a aprobación de investimentos por non reunir o quórum esixible para iso. Esa obstrución supuxo, de feito, a paralización da xestión municipal. Os concelleiros cumpridores pediron sancións exemplares contra os ausentes, pero o alcalde, coa súa política de acougo, non as executou e, como máximo, aprobouse en contra deles un simbólico voto de censura.¹⁷⁸

Baiona vivía unha situación de crispación e enfrontamentos, pero unha cousa eran as rifas persoais e antagonismos referentes a temas domésticos, onde a cúpula dos partidos políticos apenas interviña, e outra moi distinta cando se trataba de asuntos que afectaban á política nacional ou á coalición republicano-socialista.

Foi nese contexto cando se celebraron unhas eleccións onde soamente emitían o seu voto os concelleiros co fin de representar a Galicia no Tribunal de Garantías Constitucionais. Con este motivo o 3 de setembro de 1933 todos os edís fan piña ao redor dos seus candidatos.

O aspirante do Partido Republicano Galego, o enxeñeiro das Obras do Porto da Coruña, Emilio Pan de Soraluce, recibiu 5 votos: Peón, Martín Vega, Barreiro, Besada e Vicente Vázquez; o candidato do Partido Radical, o xuíz de Monforte de Lemos (Lugo) Luís Villanueva Gómez, recibiu 3 votos: Alar, Táboas e Misa; o médico coruñés, Jaime Quintanilla Martínez, o candidato do PSOE, 1 voto: Villafines. E 1 voto en branco do dereitista Policarpo Vilar.¹⁷⁹

A estas alturas da lexislatura, e a pesar das diferenzas persoais, os concelleiros republicanos da conxunción aínda controlaban o goberno local, pero xa non actuaban como ao comezo do seu mandato. A xestión diaria das necesidades, as complicadas xestións, o desgaste persoal, así como os escasos medios con que contaban para solucionarlos, rebaixáralles o idealismo e achegáraos á política real, coas súas limitacións económicas á hora de levar a cabo certos proxectos ou reformas. No debate dos orzamentos para o ano 1934, Peón esixe que se doten de partidas suficientes os servizos de primeira necesidade e, pola contra, que se supriman as subvencións que lles concedían á música e ás festas patronais, xa que os contribuíntes non podían soportar tantos tributos; e, doutra banda, tamén demanda unha rebaixa de impostos. Pero cadrar o balance de ingresos e gastos correspondíalle a Villafines, ao que non quedou máis remedio que adoptar unha posición máis pragmática xa que, como membro da Comisión de Facenda, era coñecedor das dificultades financeiras polas que pasaba o Concello e, ademais, tiña a tarefa de confeccionar o borrador dos orzamentos e a responsabilidade de buscar o crédito necesario con que soste eses servizos públicos

176 *Ibíd.*, caixa 54, Libro de rexistro de Saída 54/2. Sesión plenaria do 2 de xullo de 1933.

177 *Ibíd.*, Sesión plenaria do 30 de outubro de 1932.

178 O concelleiro galeguista Martín Vega xa pedira para os concelleiros ausentes sancións nos plenos de 17 e 24 de setembro. O propio Martín propuxo e sacará adiante o voto de censura por obstrución contra Táboas, Alar, Misa e Besada, aínda que na súa proposta non os nomeou. *Ibíd.*, 22 de outubro de 1933.

179 *Ibíd.*, caixa 69, Libro de Actas 69/4. Sesión plenaria do 3 de setembro de 1933.

dos que falaba Fernández Peón. Por iso Villafines vaise situar en contra desa formulación, xa que consideraba pouco viable proceder a unha rebaixa de impostos.

“...se hace necesario realizar obras como son los grupos escolares, que resultaran reproductivas, porque llevan consigo la desaparición del pago de los alquileres actuales, y el (impuesto) repartimiento girado por la cantidad actual representa una base sólida para ejecutar tales obras y atender a las necesidades municipales, sin llegar al déficit al final del ejercicio.”¹⁸⁰

A convocatoria de eleccións xerais a celebrar o 19 de novembro impulsou de novo a actividade política, con mitins e propaganda dos diferentes partidos que concorrían a elas. A conxunción republicano-socialista chegaba moi desgastada e desunida e temíase unha campaña coma as de antes, con fraudes electorais e presións sobre os votantes. Martín Vega lembra que a lei prohibía as coaccións para captar votos e acusou as asociacións de damas católicas do municipio, vinculadas aos partidos da dereita, de poñerse a iso, o que considerou *indigno*. Para evitalo pediu que se exercese unha maior vixilancia e se fixese un chamamento a esas sociedades de crentes para que buscasen outra forma de obter votos e que deixasen de coaccionar os obreiros e familias máis humildes, polo que propón que no caso de que persistisen nesa forma de actuar se denunciase á autoridade provincial “porque dentro de una república democrática no deben darse estos espectáculos”.¹⁸¹

6.2. O DOMINIO DOS RADICAIS EN GONDOMAR

En Gondomar, despois das eleccións municipais, os militantes do Partido Radical coparon a case totalidade dos escanos da corporación e contarán, ademais, coa colaboración dunha parte moi importante das forzas vivas do anterior réxime, mesmo coa súa afiliación.

O goberno, baixo o liderado de Pablo Nieto, gozou dunha etapa de estabilidade. O alcalde, era coñecedor do aparello burocrático local por exercer desde administrativo a secretario interino, o mesmo tempo, estaba ben visto dentro do partido. A relación de Pablo Nieto e da agrupación local de Gondomar coa cúpula radical era moi fluída. Eran seguidores leais do deputado Emiliano Iglesias, ao que apoiarán en todos os seus empeños e estarán ao seu lado en todas as dificultades. Así mandaron telegramas de adhesión, tanto os concelleiros radicais como o comité local, cando o Parlamento lle retirou a acta de deputado por incompatibilidade moral ao probarse que mantiña contactos con Juan March, exiliado e procesado por aquel tempo, ao que informaba das deliberacións que se producían nas Cortes. Esa relación con Iglesias foi especialmente produtiva, a nivel persoal e político, para Pablo Nieto.¹⁸²

Por iso botou man dos deputados radicais cando era necesario xestionar subvencións, axudas ou investimentos e tamén para solucionar problemas que excedesen a capacidade e as competencias da institución municipal. Obras públicas por unha banda, unha estafeta de Correos por outra, creación de escolas, incluso o asesoramento e instrucións para saír ao paso dalgunha moción politicamente comprometida

180 *Ibíd.*, caixa 70, Libro de Actas 70/1. Sesión plenaria del 12 de noviembre de 1933.

181 *Ibíd.*, Sesión plenaria do 12 de novembro de 1933.

182 *Faro de Vigo*, 6 de decembro de 1931.

da, como a que enviou o alcalde de Figueras a todos os municipios, onde pediu apoio para que se prohibise o exercicio do cargo de concelleiro a cantos o desempeñasen na Ditadura. Evidentemente un goberno composto por unha maioría radical non podía aprobar unha moción que ía contra a liña de flotación da súa estrutura orgánica, repleta de ex-concelleiros monárquicos e upetistas.¹⁸³ O mesmo que pasaba co Partido Radical nalgúns concellos de Galicia: era a filiación preferida polos ex upetistas (Ben Ami, 1990: 376). Na propia corporación de Gondomar exercían edís radicais nesas circunstancias, a pesar de que o concelleiro Pazos Alonso lembrou o dano que lle facían á República individuos que pasaron ás súas filas despois de colaborar coa Ditadura. Rexeitouse a proposta por ser atentatoria contra a soberanía popular e lesiva para os dereitos dos cidadáns.

En cambio, outras propostas cheas de simbolismo republicano son aprobadas, tales como nomear alcalde honorario de Gondomar o alcalde de Jaca, Pío Díaz, por ser o primeiro alcalde que proclamou a República; ou colaborar con vinte e cinco pesetas para erixir un monumento aos militares Fermín Galán e García Hernández, protagonistas do errado intento republicano de levantamento militar. E, como non, aproveitando tamén a sanción da Constitución de 1931, felicítase a Niceto Alcalá Zamora polo nomeamento como presidente da República e colocouse o seu retrato no salón de sesións.¹⁸⁴

Tamén se toman acordos para favorecer a transparencia da xestión, polo que se colocan bandos polas parroquias cos acordos da corporación que poidan ser de utilidade informativa para os veciños. Por último, outros ditames de tipo práctico, como obrigar os comerciantes a que abandonen as medidas antigas e utilicen o metro e o quilogramo nas súas transaccións.

Non faltarán críticas contra o Goberno da nación polo proxecto de implantar novos impostos. Nieto, aproveitando as boas relacións coas sociedades agrarias do municipio non en balde había varios militantes agrarios na Corporación, autoriza e favorece a celebración dun mitin por parte desas organizacións para oporse a tal pretensión.¹⁸⁵

Na cuestión das bandeiras, mentres a Garda Civil pediu unha insignia republicana para ondear no mastro do cuartel os días de festa nacional, Pazos Alonso conseguiu que se comprase unha bandeira galega para izala á beira da bandeira española cando procedese. A pesar diso, aínda quedaban distintivos do réxime anterior, como os que aparecían na tenda e posto de venda de tabaco da parroquia de Donas, cuxo propietario, o monárquico José Estévez, era o pai do último xuíz realista. Pero, aos poucos, esas situacións íanse corrixindo e, por agora, aos monárquicos bastáballes con disimular o seu fervor nostáxico e atopar acomodo entre os republicanos radicais, que os recibían cos brazos abertos.¹⁸⁶

Nesta etapa, a personalidade e a talla política do alcalde, Pablo Nieto, mantiña a corporación unida e sen fisuras. As distintas correntes que puidesen existir no partido quedarían solapadas polo seu liderado. Os debates, cando existían, eran de luva branca, as cuestións que se expuñan no pleno aprobábanse ou rexeitábanse por una-

183 O remate da República, a porcentaxe de concelleiros que tiveran responsabilidades na Monarquía ou/e na Dictadura foi do 19% do total.

184 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 22, Libro de Actas 22/3. Sesións plenarias do 13 de novembro e 11 de decembro de 1931, 8 de xaneiro e 22 de abril de 1932


185 *Ibid.*, caixa 81. Documento de 19 de novembro de 1931. Esta convocatoria de mitin foi asinada polo concelleiro Pequeño Rodríguez, presidente da Sociedade Agraria de Borreiros, e José Pino Carrera, presidente da Sociedade Agraria de Donas.

186 *Ibid.*, caixa 80, cartafol 1931. Carta da alcaldía a José Estévez Martínez para que retire a bandeira monárquica, 17 de xullo de 1931.



Alcaldes de Baiona:

1. González Cadilla 2. Manuel Godoy 3. Valentín Puga 4. Vicente Vázquez. Fotos cedidas polas familias.





Concelleiros Partido Radical de Baiona:

1. Albino Misa 2. Belarmino Misa 3. Fabriciano Táboas 4. Nartallo Quinos. Fotos cedidas palas familias.



1. Cabrera Petroño (concelleiro P. Comunista Baiona) 2. Joaquín Peralba (secretario concello Baiona) 3. Policarpo Villar (concelleiro CEDA Baiona) 4. Bernardo Seoane (concelleiro PSOE Baiona). Fotos cedidas polas familias.



Gobernadores civís de Pontevedra: 1 Armando Peñamaría (El Pueblo Gallego 19-V-1936)
2. Calviño Domínguez (Vida Gallega 20-V-1931) 3. Ángel del Castillo (Vida Gallega 10-VI-1933) 4. Víctor Becerra (El Pueblo Gallego 21-XI 1-1933).

nimidade. Os antigos caciques parroquiais e os notables da vila estaban integrados, na súa maioría, na estrutura do partido; o temor que se instalou en moitos deles coa chegada da República era cousa do pasado, os seus intereses económicos e políticos seguían intactos. As sociedades agrarias, os mestres de maior influencia, o xuíz, o fiscal, o recadador, o servizo de Correos, incluso o secretario do Xulgado, van formar parte desa maquinaria ben engraxada que era o Partido Radical local.

Non había bandos contrarios á vista nin se esperaban, e, se aparecesen, non terían oportunidade, polo momento, de deseñar alternativas de poder ao que xa existía. Quizais esaxerando un pouco poderíamos dicir que tal era o dominio dos radicaís no mandato de Nieto, que Gondomar e Partido Radical tiñan os mesmos obxectivos e intereses. Que o Concello e o partido eran un. Cando algún concelleiro se poñía inquieto, por se podía prexudicar á República a recollida de firmas levada a cabo por certas señoras, Nieto tranquilizábao e aseguráballe que “es un asunto de escasa importancia (...) las personas con responsabilidad no tienen que ver con eso”.¹⁸⁷

O punto de inflexión desa estable e monótona situación política chegou cando o alcalde presentou a renuncia do seu cargo ao ser nomeado secretario do Xulgado de Salvaterra (Pontevedra). Na carta de despedida, Nieto confesou, non sen amargura, que tivo o inimigo na casa, xa que non contou para o seu proxecto republicano co apoio, eficacia e dilixencia do aparello administrativo, mesmo ao máis alto nivel, do Concello.¹⁸⁸ Os empregados públicos eran maioritariamente afíns á Monarquía, cun alto absentismo e unhas prácticas laborais de escaso rendemento e mesmo de hostilidade á autoridade política, o que levara o alcalde a adoptar medidas disciplinarias con algún deles.

A elección do seu substituto xa non reuniu, en principio, o consenso suficiente, xa que necesitou de dúas votacións para conseguir os apoios necesarios, a pesar de que o candidato era o tapado de Nieto. Na primeira elección, José Hermida Losada quedou moi cerca da maioría absoluta para asumir o cargo. Nunha segunda volta, unha semana despois, o 24 de xuño de 1932, consegue once votos que lle valeron para converterse en presidente deste goberno local.¹⁸⁹ Personaxe moi popular nos medios de comunicación polo seu pasado como deportista de certo nivel e, a pesar de ser un dos concelleiros con máis apoios entre os votantes nas pasadas eleccións, o seu paso pola política foi moi fugaz, xa que durou no cargo un mes e medio. Presentou a renuncia ao trasladarse a Tui para xestionar unha empresa familiar no sector do transporte.¹⁹⁰

No breve interregno que se abriu para nomear substituto, a alcaldía interina recaeu sobre o Tte. alcalde e socialista Rogelio Lorenzo. De inmediato, empezou a evidenciarse que a unanimidade existente ao principio da etapa republicana, tiña os días contados. A primeira discrepancia tivo que ver cun asunto protocolario. Debateuse se procedía asistir a unha invitación feita polo concello de Vigo con motivo do traslado das cinzas desde a catedral de Ourense ao cemiterio de Pereiró-Vigo do que fora coronel dos exércitos nacionais durante a ocupación napoleónica, Bernardo González do Val, “Cachamuíña”.

187 *Ibid.*, caixa 36, Libro de Actas da Comisión Permanente 36/6. Sesión plenaria do 23 de xullo de 1931.

188 En clara alusión á falta de sintonía que tivera durante este tempo co secretario municipal, Domingo Álvarez. Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 81 cartafol 81/1. Mesmo tivera que tomar a dolorosa decisión de suspender de emprego e soldo durante quince días o auxiliar de secretaría Enrique Rodríguez Pérez, fillo do seu amigo e colaborador Enrique Rodríguez Márquez, polo seu estado de embriaguez, escándalo público e rotura da placa Avda. Conde de Gondomar.

189 *Ibid.*, caixa 22, Libro de Actas 22/3. Sesións municipais de 18 e 24 de xuño de 1932.

190 José Hermida Losada (Gondomar), Moi popular en Gondomar polo seu pasado brillante como futbolista do Real Club Celta de Vigo, fíxose cargo, co seu irmán Ángel, aos poucos días de ser elixido alcalde, da empresa de autobuses *El Pájaro Blanco* en Tui.

Xurdiron dous estados de opinión, un que sostiña que había que mandar, por cortesía, unha representación en homenaxe a un loitador contra a invasión francesa e un forxador da independencia de España, e outros concelleiros, con ideais antimilitaristas e contrarios ao heroísmo guerreiro, encabezados polo alcalde en funcións Lorenzo, que crían que non se debía asistir a estes actos. O desacordo resolveuse a favor dos primeiros despois dun primeiro empate na votación.¹⁹¹

Se para suceder a Nieto necesitáronse dúas voltas, para elixir o terceiro alcalde republicano foi necesario que os concelleiros votasen ata en tres ocasións. É significativo que a falta de consenso para elixir o presidente do Concello durante o mes de agosto ou a ausencia dun candidato que aglutinase as distintas sensibilidades políticas dos concelleiros tivese como consecuencia a elección por unha exigua maioría relativa de José Pequeño Rodríguez¹⁹² o 26 dese mesmo mes.¹⁹³ Este nomeamento foi máis pola negativa de posibles candidatos a aceptar o posto que polas expectativas iniciais que suscitaba o alcalde electo. O propio Pequeño, que mantivera discrepancias na confección do orzamento, manifestouse descontento do seu nomeamento pola razón de que lle resultaba pesada a execución daquilo que ía en contra das súas conviccións.¹⁹⁴

Pero unha vez que Pequeño se fixo cargo do poder, a súa primeira decisión foi ampliar o horario de atención ao público de dúas a sete da tarde para atender as reclamacións veciñais. Iso si, o alcalde advertiu que se abstivesen de utilizar subterfuxios e recomendacións á hora de achegarse ao seu despacho, xa que todas as peticións que lle demandasen soamente poderían atopar solución dentro da legalidade, pois o ideario político do seu mandato era demostrar que Gondomar era cumpridor da lei.¹⁹⁵

A dimisión dos dous alcaldes anteriores foi o comezo dun goteo de renuncias que chegou a afectar a finais de 1933, aproximadamente, a un terzo da corporación e, por tanto, limitar a súa capacidade de xestión e decisión ao non poder completar o quórum necesario para aprobar proxectos municipais. Da lista orixinal renunciaron os seguintes corporativos: Pablo Nieto Virosta (20-5-1932), José Hermida Losada (29-7-1932), Juan Pérez Troncoso (5-8-1932), Domingo Pazos Alonso (2-9-1932) e Manuel García Pendás (9-9-1932). Posteriormente van dimitir José Pérez Rodríguez (14-2-1934) e Manuel Cambra Lorenzo (21-2-1934).

Na mesma reunión en que se elixiu alcalde a Pequeño, nomeouse unha comisión de concelleiros co fin de elaborar un informe para presentar no Congreso Municipalista que tería lugar na Coruña o 11 de setembro. Na súa estrea, como presidente, encabezará a delegación de Gondomar cun documento que alcanzou a unanimidade dos edís:¹⁹⁶

191 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 22, Libro de Actas 22/3. Sesión plenaria do 5 de agosto de 1932.

192 José Pequeño Rodríguez nacera en Vilariño, Municipio de Nigrán. Casou en Borreiros (Gondomar) e emigrou a Montevideo e Bos Aires, onde tiña intereses económicos vinculados cos negocios da carne. Á súa volta foi alcalde de barrio na Monarquía. Pequeño Rodríguez ocupaba o cargo de presidente da Sociedade Agraria de Borreiros, a súa parroquia de residencia, cando se proclamou a República. Chegou á política, precisamente, da man dos agrarios. Sendo xa concelleiro, ascendeu á presidencia da Federación Agraria do Val de Miñor, que reunía case todas as sociedades agrarias do municipio. Militante inicial do Partido Radical, terminou integrado en Esquerda Republicana en 1936.

193 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 22, Libro de Actas 22/3. Sesión plenaria do 26 de agosto de 1932.

194 *Faro de Vigo*, do 1 de setembro de 1932

195 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 32, Libro de Bandos 32/2.

196 *Ibid.*,caixa 22, Libro de Actas 22/4. Sesións plenarias de 2 e 9 de setembro de 1932.

“1.- Que se concediera a los municipios amplia autonomía administrativa que comprendería: a) La repoblación forestal a efectuar entre el Estado y los municipios, sin intervención de las Diputaciones provinciales. b) La construcción de los caminos vecinales, también, sin la intervención de las Diputaciones. c) La concesión a los Ayuntamientos del impuesto de las cédulas personales.

2.- Facultar a los Ayuntamientos para retribuir a los alcaldes en la proporción de sus trabajos y a los concejales en su caso.

3.- La beneficencia municipal concebida en el sentido de no crear más atenciones que las actuales, modificando legalmente las existentes”.

Aínda que en sesión plenaria de principios de setembro e antes de partir para A Coruña a delegación de Gondomar, vai completar a lista de esixencias cunha petición máis, cual era

“4.- Que sea libre la caza en Galicia (en las propiedades de cultivo) para los respectivos dueños a fin de evitar los enormes perjuicios que causa en los sembrados y huertas tanto caza menor como mayor”.

En plena efervescencia localista na provincia, o propio Pequeño Rodríguez asistiu, un mes máis tarde, á Asemblea de alcaldes de Pontevedra, na capital, onde vai defender a acta que outra comisión de concelleiros elaborara:

“1.- En los municipios rurales, las obras cuyo coste no excediera de 30.000 pesetas, podrán ser proyectadas y dirigidas por peritos aparejadores o constructores prácticos, sin que fuera necesaria la firma ni la intervención de arquitectos. Razones: a) la inmensa mayoría de los agricultores eran simples braceros que con el producto de su trabajo y escasos recursos edificaban sus propias viviendas en plan de máxima economía. No sucedía lo propio en las ciudades. b) muchas veces empezaba a construirse, en el municipio rural, a base de una hipoteca que pesaba sobre él, no soportando su dueño los honorarios del arquitecto, so pena de arruinarse o construir, amén de que en las aldeas no se hacía menester la dispendiosa técnica de los señores arquitectos.

2.- Que en dos meses, por lo menos, antes de celebrarse la Asamblea General de los municipios españoles, se remitieran a todos los Ayuntamientos de España las ponencias para su discusión y aprobación con las rectificaciones que se creyeran pertinentes.

3.- Que los caminos vecinales se construyeran exactamente como antes del advenimiento de la Dictadura, o sea bajo la dirección de la Jefatura de Obras Públicas y la administración de los Ayuntamientos, que tan excelentes resultados diera, demostrándose que estos administraban recta y provechosamente.

4.- Supresión del 20% que gravitaba sobre aprovechamiento de bienes de propios y del 10% de aprovechamientos comunales.

5.-Libre destilación del orujo de uva.

6.-Libre introducción de maíz en proporción de las necesidades de Galicia”.¹⁹⁷

197 *Ibíd.*, caixa 1557. Documento elaborado por Pequeño Rodríguez, Rogelio Lorenzo e Francisco Roade, 14 de outubro de 1932.

Gondomar non delegou o voto en Vigo, como fixeron outros concellos, senón que participou de maneira moi activa. De feito foi o único do Val de Miñor que concorreu con relatorios ás dúas reunións.

O novo alcalde, Pequeño Rodríguez, compartía ideais agrarios e asociativos co 1º tenente alcalde, Rogelio Lorenzo. Non era de estrañar, polo tanto, que, con eles na ponte de mando, os movementos agrarios e sindicais de Gondomar atopasen unha vía de información e participación nos asuntos máis importantes da axenda política local, tales como a imposición de arbitrios e impostos, o orzamento anual, investimentos en obras públicas, etc.; incluso, ás veces, botábase man desas sociedades para tarefas de mediación e apoio ante a administración provincial. Todo isto a través de reunións mantidas entre os concelleiros, as sociedades agrarias e sindicatos, onde o alcalde, á vez que líder agrario, informaba dos proxectos e xestións da corporación e recollía propostas e suxerencias que estes lle facían, para presentar nos plenos para a súa aprobación.

Esa maneira de cogobernanza reflectiuse na asemblea da Federación Agraria do municipio a finais de 1932 para tratar asuntos relativos a orzamentos e investimentos, que entraban de cheo nas competencias do executivo local. En outubro, os delegados agrarios non se limitaron a recibir información de parte do seu presidente e alcalde á vez, senón que acordaron, por unha banda, facer unha listaxe de camiños de urxente realización, e, por outra, que o orzamento do ano seguinte, 1933, non debería exceder do de 1930. Dita Federación conxúrase para que este documento económico, que necesariamente tería que aprobar a corporación, fose confeccionado por un comité formado por agrarios desta asociación e referendado pola Asemblea Xeral desta Federación. Actuando como goberno de facto, presentaron á asemblea o proxecto orzamentario para 1933, que debería ser asumido pola corporación, co fin de trasladar a influencia agraria á administración do Concello.¹⁹⁸

O documento en cuestión vai impor unha innegociable serie de recortes nas contas públicas co obxectivo de nivelar os orzamentos sen ter para iso que suprimir servizos necesarios nin establecer novas cargas impositivas:

- 1.- Redución do persoal de empregados públicos coa eliminación de dúas prazas de gardas xurados.
- 2.- Eliminación de 21.000 ptas. da partida de obras públicas.
- 3.- Rebaixa substancial da partida de expropiacións, que se trasladará ao concepto de reparación de camiños e fontes.
- 4.- Tamén sufrirán rebaixas outras partidas menos importantes sen especificar nin cales eran nin a súa contía.

Para finalizar, adquirese o compromiso de que este proxecto de orzamento deberían asumilo os concelleiros agrarios pertencentes á Federación Municipal e defendelos diante dos outros compañeiros de corporación co fin de que o documento aprobado respondese ás formulacións e cumprise os obxectivos trazados por esa organización.¹⁹⁹

Como se pode deducir, esta maneira aberta e nova de xestionar a política local de forma simultánea cos axentes agrarios, e que invadía as competencias dos rexedores electos, non figuraba nin no espírito nin na letra do programa radical, polo que a súa posta en escena enfrontou a Pequeño Rodríguez cunha parte dos compañeiros tanto no goberno municipal como no propio comité local do Partido Radical, que enten-

198 *El Pueblo Gallego*, 16 de outubro de 1932

199 *Faro de Vigo*, 16 de novembro de 1932.

dían que esa forma de compartir as decisións con organizacións politicamente non representativas era como unha cesión de soberanía, menoscababa a autoridade política da corporación, menosprezaba a vontade popular, xa que aos concelleiros reservábaselles o papel de comparsas coa única misión de dar o visto e prace aos proxectos aprobados polos agrarios. En consecuencia, defenden unha administración máis unitaria, centrada exclusivamente no protagonismo dos edís e nos acordos plenarios sen interferencias, tal como se levou a cabo durante o mandato de Pablo Nieto. De continuar con este modelo de corporación que convertía as asociacións agrarias nun goberno na sombra, a ruptura a curto prazo sería inevitable, coa formación de dúas correntes no partido e na corporación. Isto levou ao alcalde e aos seus seguidores, os concelleiros agrarios e os socialistas, a unha confrontación permanente, no pleno e fóra del, co resto do goberno local e co partido, que vai ter importantes consecuencias para a unidade dos radicais. Os tempos pasados eran unha ficción. En realidade, a marcha de Nieto abriu a caixa de Pandora aflorando as distintas correntes que convivían na organización radical, polo que os inevitables desacordos levaranos, primeiro, á ruptura e, posteriormente, á desaparición.

O opoñente principal de Pequeño e líder dos concelleiros descontentos, foi o radical Manuel Ángel Figueroa; un dos maiores contribuíntes da parroquia de Vincios que, apoiado por unha parte importante da corporación e moi pronto pola agrupación local radical, vai acosar o alcalde pleno tras pleno socavando os seus apoios parlamentarios á hora de aprobar proxectos e de realizar investimentos.

As discrepancias entre eles xurdiron desde o primeiro momento e reflicten as dúas sensibilidades políticas que coexistían no seo da corporación á hora de expor e resolver un conflito doméstico. Este conflito ímolo poñer como exemplo por consideralo representativo das dúas maneiras de planificar e levar a cabo unha obra de interese público. Aínda que a primeira vista poida parecelo, non se trata dunha cuestión menor; referirémonos á instalación da iluminación na parroquia de Vincios, obra pública moi valorada nas aldeas e de común aceptación á hora de gañar vontades, manter influencias e premiar fidelidades. E en parte diso se trataba, tendo en conta, ademais, que Figueroa Rodríguez era concelleiro electo por esa parroquia. O proxecto, que foi redactado e levado a cabo por unha comisión edilicia da que formaba parte o mesmo Figueroa,²⁰⁰ foi aprobado sen ningún tipo de reparos nin obxeccións, pero inmediatamente contestado por varios veciños da localidade, instigados pola Sociedade Agraria de Vincios. Pretendíase con esas presións obrigar a corporación a rectificar o proxecto, pois parecía, e esa era a queixa principal, que o seu deseño estaba pensado para *colocar las luces* en camiños e nas casas dos apoios electorais que tiña Figueroa. A pesar de que se recibe no Concello unha carta doutros veciños da localidade en apoio do proxecto “las lámparas de luz no deben trasladarse a otra parte”, os concelleiros agrarios, co alcalde á cabeza, conseguiron os votos suficientes para modificar o trazado anteriormente aprobado.²⁰¹

Pequeño e os seus estaban polo labor de acougar os ánimos dos agrarios incorporando as súas alegacions ao proxecto. Pero non ía a resultar sinxelo. O que se xogaba nesa parroquia, un dos seus celeiros a nivel electoral, era moito. Figueroa tiña mando en praza: por unha banda era o líder do Partido Radical en Vincios e, por outra, era o nomeado polos radicais locais para exercer o labor de contrapeso

200 O conflito xurdido con motivo da iluminación de Vincios entre Figueroa e os seus partidarios e o alcalde Pequeño, co apoio dos agrarios desa parroquia, pódese seguir no Arquivo Municipal de Gondomar no cartafol 216/5 ou no Libro de Actas das distintas sesións plenarias onde se abordou o tema e que citamos.

201 *Ibid.*, caixa 22, Libro de Actas 32/4.

ao alcalde no goberno. Pequeño, co apoio da sociedade agraria, trataba de minar o poder que exercía Figueroa, acabar co seu dominio caciquil e desprazalo da toma de decisións a favor dos agrarios ou, polo menos, conseguir que estes participasen nos asuntos da parroquia como facían sociedades homoxéneas noutros lugares do municipio. Polo seu lado, Figueroa, apoiado polos seus fieis na localidade e no Concello, acusou o alcalde de querer modificar un proxecto aprobado e de asistir a unha reunión clandestina cos agrarios de Vincios ás costas do goberno local, onde se conspirou contra Figueroa e pactouse a volta atrás do mencionado acordo. Mentres tanto a sociedade agraria, sentíndose amparada polo alcalde, enviou á corporación a nova localización dos puntos do novo alumeado.²⁰²

Pequeño, pola súa banda, defendeu a legalidade da súa actuación e o uso das súas competencias para rectificar un acordo plenario se ao pobo non lle convencía, co que colocaba a sociedade agraria por riba da autoridade do goberno. Figueroa, en cambio, trataba de preservar a supremacía da corporación, lexitimada polas eleccións, o que lle permitiría seguir mantendo a súa capacidade de decisión, sen compartir cos agrarios asuntos políticos e de xestión que afectaban á parroquia.

Ese conflito, que comezou en outubro de 1932, non se resolveu ata mediados de 1934. Neste tempo non faltarán intentos de buscar unha aproximación de ambas as posturas; o socialista Rogelio Lorenzo tentou conciliar cunha postura intermedia: que a planificación quedase como estaba e no orzamento do ano seguinte incrementaríase a partida da iluminación para satisfacer os veciños desa parroquia; pero a intransixencia do concelleiro e da sociedade agraria, mantendo os seus respectivos apoios e posicións, enquistaron a posible solución. En principio, pretendeuse que fosen os veciños da parroquia, acudindo ás urnas, quen avalasen ou non, nunha especie de referendo, a redacción do proxecto. Figueroa mobilizou os seu leais, pero os agrarios, temerosos do resultado, boicotearon o acto ao non permitir o acceso ao colexio electoral que se constituíu na súa sede social.²⁰³ Antes de que o conflito se eternizase, o alcalde, impondo a súa autoridade, incumprindo o acordo plenario anterior e facendo uso do voto de calidade, tomou partido e decidiu modificar o proxecto no sentido pedido pola sociedade agraria, o que socavou o poder de Figueroa que quedou ninguneado diante dos seus paisanos.

En marzo de 1934 o novo gobernador civil, de obediencia emilianista-radical, cubriu as vacantes dos concelleiros dimisionarios e fíxoo con homes leais ao Partido Radical, o que minguou os apoios de Pequeño. Coa entrada dos novos edís interinos a correlación de forzas no goberno local modificouse, inclinándose para o bando de Figueroa, que aproveitou a maioría radical para dobregar os agrarios e solicitar que se repuxese o proxecto orixinal, o mesmo que inicialmente se aprobou, e como tal se fixese executar. Gañou a votación sometendo o alcalde e facendo patente os escasos respaldos cos que contaba Pequeño neses momentos²⁰⁴

“el alcalde José Pequeño, con menosprecio del respeto y acatamiento que deben merecerle, aunque no los comparta, los acuerdos de la Corporación que preside, hubo de saltarse a la torera (se refiere al alumbrado) y atribuyéndose facultades dictatoriales dispuso que las lámparas en

202 *Ibíd.*, caixa 216, cartafol 216/7. Carta da Sociedade Agraria de Vincios do 5 de febreiro de 1933.

203 *Ibíd.*, caixa 23, Libro de Actas 23/1. Sesións plenarias 31 de xullo, 28 de agosto e 2 de outubro de 1933.

204 *Ibíd.* Libro de actas 23/2. Sesión plenaria do 16 de abril de 1934. Finalizaba a súa intervención, pedindo o apoio dos concelleiros para que se repuxese o proxecto de iluminación aprobado inicialmente no pleno. Así se fixo por maioría.

cuestión se colocaran, no en los lugares señalados, sino en los que él ordenó (...) tal barbaridad constituye una usurpación de funciones y una ofensa intolerable a los concejales que votaron el acuerdo. Y contra este semejante atropello protesto y reclamo con tanta más energía, cuanto lo hecho por la Alcaldía, ha dado lugar, para mayor sarcasmo, a que fuese objeto de una comida que por parte de unos vecinos le ha sido ofrecida para festejar y celebrar la colocación de las luces donde se encuentran ahora. Es el advertir que el acuerdo incumplido se adoptó con el voto en contra del Sr. Pequeño, lo que hace creer que se halla dispuesto a que sea su voluntad y su criterio los que prevalezcan en todos los casos”.

En defensa do alcalde, saú a sociedade agraria, cun escrito de 150 firmas, onde se lle retira a confianza ao concelleiro e procédese á súa expulsión da que, como socio e ex-directivo, tamén formaba parte. Os agrarios pediron que o proxecto modificado, que coincidía cos seus intereses, se mantivese tal como se aprobara. A pesar da derrota parlamentaria, Pequeño emitiu unha providencia onde facía súas as peticións dos agrarios e mantiña o acordo favorable a estes.²⁰⁵

Pero volvendo atrás, a mediados de 1933, os radicais xa non confiaban no alcalde nin na súa cada vez máis exigua maioría. Sospeitan que o grupo de Pequeño xa non era leal ao partido, que seguían as consignas das sociedades agrarias, polo que empezaron a negarlles o seu apoio a algunhas das propostas da Alcaldía. Non era de estrañar, así, que Pequeño tivese dificultades para aprobar peticións tan triviais como que se lle concedesen as dietas que lle supuñan os billetes do tranvía eléctrico que o transportaba desde a súa casa ao Concello, xa que argumentaban que o cargo de alcalde era “gratuito y honorífico”;²⁰⁶ ou cando tratou sen éxito a compra dun álbum da República e outra vez manifestaron os radicais que iso “a los vecinos no les importa nada”.²⁰⁷

O certo era que Pequeño e os concelleiros agrarios levaban un tempo desviándose das políticas do Partido Radical, como, en xeral, todo o movemento agrario²⁰⁸ (Alfonso Bozzo, 1976: 229). Por un lado, pola súa sintonía persoal e coincidencia coas formulacións dos seus compañeiros esquerdistas, o concelleiro Rogelio Lorenzo, o seu mellor apoio no goberno local, e José Cribeiro na Agraria do Val de Miñor. Por outro, e non menos importante, pola recente incorporación desa agrupación na Federación Provincial Agraria con sede en Lavadores. En xuño de 1933 decidiran presentar a solicitude de admisión e en setembro serán aceptados. En outubro do mesmo ano, ante

205 *Ibid.*, caixa 216, cartafol 216/7. Documento con data de 17 de maio de 1934.

206 Argumentaba Pequeño que o despacho diario da Alcaldía obrigábalo ao desprazamento no tranvía eléctrico desde a súa casa de Borreiros á vila e que, sobre todo nos días de feira, tiña que comer na fonda xa que eses días os veciños aproveitaban a súa presenza nela para resolver asuntos no Concello, pagar arbitrios, o que requiría a súa participación para evitar irregularidades. Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 23, Libro de Actas 23/1. Sesión plenaria do 31 de xullo de 1933.

207 *Ibid.*, sesión plenaria do 21 de agosto de 1933.

208 A historia da República estará marcada, no movemento societario agrario, polo progresivo crecemento e a progresiva confluencia dos sectores socialistas e paragaleguistas, á vez que a case desaparición do agrarismo radical e católico. Este feito atópase, sen dúbida, conectado coa errónea política respecto ao campesiñado galego do goberno Lerroux-Gil Robles (o convenio con Uruguai, a paralización de toda reforma agraria...). Esa confluencia terá tamén un factor importante cos sectores independentes e de esquerdas do agrarismo que representaba a Federación Provincial de Pontevedra.

a convocatoria das eleccións de novembro de 1933, os agrarios de Gondomar fan súa a recomendación da Provincial para que se votase os candidatos de esquerda.²⁰⁹

Se temos en conta ademais que a Federación Agraria Provincial non vía con bos ollos a dobre militancia dos seus afiliados, isto debeu supor un dilema persoal para Pequeño e os agrarios radicais. Incompatibilidade que se resolveu decantándose cara a posicións cada vez máis afastadas da súa orixinal militancia e que se transformou nunha auténtica crise o 3 de setembro de 1933 con motivo da elección dos representantes para o Tribunal de Garantías Constitucionais.²¹⁰ O Partido Radical, a nivel nacional, tomara moi en serio estas votacións co fin de desgastar o goberno Azaña, polo que instaba os seus a velar pola pureza do sufraxio estando presentes no acto de elección.²¹¹

Pequeño e os seus traspasan a liña vermella da pertenza ao partido e rompen a disciplina de voto. Seis concelleiros radicais van apoiar o candidato do Partido Republicano Galego, Emilio Pan de Soraluce: Pequeño Rodríguez, Pazos Acevedo, de Lis Rodríguez, Cambra Lorenzo, Eiras Sierpe e Francisco Roade. O candidato do Partido Radical, Villanueva Gómez, foi votado polos leais: Vargas Lorenzo, Couto Couto, Pérez Rodríguez, Figueroa Rodríguez e González Fernández. O candidato socialista Quintanilla contou, como era previsible, co voto de Rogelio Lorenzo.²¹²

A postura dos concelleiros rebeldes non sorprendeu os radicais locais. Nesas días os rumores sobre unha posible traizón estendéronse por todo o municipio e a prensa pedíalles a Pequeño e aos seus seguidores responsabilidade co compromiso radical.

“Se puede pronosticar un posible resultado ya que se da el caso de que en Gondomar la mayoría de los concejales son del Partido Radical y sería de lamentar que a causa de manejos encubiertos, de quienes carecen del más elemental sentido de lo que es una afiliación política, la votación causara un resultado imprevisto”.²¹³

Ese golpe de efecto estivo meditado e preparado, levouse a cabo de maneira voluntaria e sen presións externas, pois aínda que a Federación Agraria Provincial recomendou que se apoiasen os candidatos de esquerda, tamén era certo que deixou liberdade de voto aos seus afiliados nunha elección de perfil menor como era esa.²¹⁴

A reacción do Partido Radical foi inmediata. As eleccións xerais estaban ao virar a esquina e esa insubordinación tiña que atallarse cun golpe de autoridade. Nunha convocatoria asemblearia que presidiu o líder provincial, Emiliano Iglesias, aprobouse por unanimidade expulsar do partido os seis concelleiros insubmisos e celebrar unha homenaxe para premiar a fidelidade dos corporativos leais á organización.²¹⁵

O goberno local estaba agora dividido en dous bandos, produto das loitas internas de poder, dentro e fóra da Casa do Concello. A nivel oficial conséntase a ruptura cando o alcalde Pequeño Rodríguez deu a coñecer a localización política da corpora-

209 *El Pueblo Gallego*, 25 e 26 de outubro; 1 e 3 de novembro de 1933. Os agrarios vinculados á Federación Provincial foron nesas eleccións coligados co Partido Galeguista e Acción Republicana.

210 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 23, Libro de Actas 23/2. Pleno do 3 de novembro de 1933.

211 *Faro de Vigo*, 2 de setembro de 1933. Tamén *El Pueblo Gallego* do día 3 do mesmo mes.

212 Arquivo Municipal Gondomar, caixa 23, Libro de Actas 23/2. Sesión plenaria 3 de novembro de 1933.

213 *El Pueblo Gallego*. 3 de setembro de 1933.

214 *Ibíd.* 3 de setembro de 1933.

215 *Ibíd.*, 21 de setembro de 1933. Tamén en *Faro de Vigo* do 24 de setembro.

ción: cinco concelleiros do Partido Radical: Figueroa Rodríguez (Vincios), González Fernández (Donas), Couto Couto (Chaín), Vargas Lorenzo (Peitieiros), Pérez Rodríguez (Chaín). Cinco concelleiros independentes: Pequeño Rodríguez (Borreiros), De Lis Rodríguez (Vilaza), Roade Alonso (Mañufe), Cambra Lorenzo (Peitieiros), Pazos Acevedo (Donas). Un concelleiro socialista: Rogelio Lorenzo (Gondomar). Un concelleiro do Partido Republicano Galego: Eiras Sierpe, que vai ser o único dos rebeldes que se atreveu a aceptar o novo compromiso partidista.²¹⁶

6.3. A UNIFORMIDADE REPUBLICANA EN NIGRÁN

Despois da atípica chegada da República a Nigrán, e unha vez celebradas as eleccións locais, esperábanse con certa impaciencia as decisións iniciais do primeiro Concello democrático. A corporación tratou os asuntos rutineiros propios de comezo de lexislatura, tales como a ineludible comisión de investigación que revisaría os gastos e ingresos da Ditadura, adxudicación dos concelleiros ás distintas comisións de goberno, nomeamentos de cargos de segundo nivel, como os alcaldes de barrio. Pero, o 12 de xullo e nun exceso de celo rupturista, toman a decisión de suprimir o nome de Praza Manuel Lemos ao edificio do mercado de San Pedro da Ramallosa, retiran a placa que se colocara na fachada e substitúeno polo nome de Praza da República, cando existían no municipio rúas e avenidas que ben podían levar dignamente ese nome.²¹⁷

A reacción da veciñanza foi de indignación, xa que este mercado fora financiado case na súa totalidade por Lemos,²¹⁸ á parte doutros investimentos de interese público, como a creación das *Escuelas Unión Hijos Americanos Val de Miñor*, axudas á casa da Sociedade Agraria de S. Pedro e, recentemente, a intención de construír, pola súa conta, unha estrada á beira da praia de Lourido.²¹⁹ Esas actuacións e outras, de carácter filantrópico, valéronlle no seu momento o título de Fillo predilecto de Nigrán concedido por unanimidade polo mesmo Concello.

A opinión pública e os veciños fixeron presión sobre a corporación para que rectificase ese acordo, lembrando aos concelleiros que:

“El pueblo no los ha llevado al Consistorio para que se ocupe de satisfacer cuestiones o venganzas personales, sino para que laboren por el progreso del distrito y para que defiendan sus intereses morales y materiales (...) El acuerdo en cuestión ha desagradado al público, y nosotros haciéndonos eco de sus deseos, protestamos contra el descabellado proyecto del Ayuntamiento de Nigrán y le rogamos (...) que recapaciten los concejales sobre la grave falta que han cometido y anulen el acuerdo que ha causado general disgusto en el pueblo sin proporcionarle beneficio alguno”.²²⁰

216 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 28, cartafol 28/4. Documento do 25 de setembro de 1933.

217 Arquivo Municipal Nigrán, caixa 2037, Libro de Actas 2037/3. Sesión plenaria do 12 de xullo de 1931.

218 Do orzamento da obra cifrado en 22.000 pesetas, Manuel Lemos supliu con 18.000 pesetas a insuficiente subvención de 4.000 pesetas que achegou o Concello. *El Pueblo Gallego* 15 de xullo de 1931. Tamén *Faro de Vigo* da mesma data.

219 Arquivo Municipal Nigrán, caixa 2037, Libro de Actas 2037/3. Sesión plenaria do 24 de maio de 1931.

220 *El Pueblo Gallego*, 15 de xullo de 1931.

O goberno foi consciente de que a situación se lle escapaba das mans. Deixárase levar por unha actuación frívola e vingativa e o desgaste político empezaba a ser notorio, polo que deron marcha atrás con rapidez e, unha semana máis tarde, aceptaron as razóns esgrimidas por varios veciños deixando a placa co nome de Manuel Lemos na Praza de Abastos de San Pedro da Ramallosa.²²¹

A polémica decisión transcendeu o debate local e fíxose un oco na política nacional, xa que varios deputados constituíntes presentaron unha interpelación destes feitos ante o Goberno. Existía unha opinión favorable cara a Lemos en todos os ámbitos políticos; o mesmo gobernador civil referíase á praza de abastos da Ramallosa como unha obra que fora doada *esplendidamente*. Para contestar tal requirimento, o Ministerio da Gobernación pediulle información á primeira autoridade provincial que, á súa vez, demandou do alcalde un imparcial e exacto informe.²²²

Non será a última vez que Manuel L. Lemos adquira protagonismo na política local, desta volta pretende construír unha avenida nos terreos comunais que limitaban con praia América (Lourido). A obra ía ser financiada por Lemos e, como compensación, pediu que se lle cedesen os terreos sobrantes tras a apertura da estrada para utilízalos para quioscos, bancos, cadeiras e outros servizos para os veraneantes. O proxecto e as demandas formuladas, foron aprobadas pola corporación.²²³

Pero este acordo non deixou contento a todo o mundo. Os presidentes das Sociedades Agrarias de Priegue, Panxón, S. Pedro e Nigrán participan á corporación que, aínda que están conformes coa aprobación do proxecto e cesión dos predios comunais para a construción da vía, non o estaban, en cambio, coa doazón dos terreos sobrantes a un particular xa que consideran que debían seguir formando parte do inventario municipal. É significativo que a defensa do proxecto urbanístico correse a cargo do concelleiro Iglesias Portela:

“Como concejal socialista tengo que protestar de que se trate de obstaculizar la obra que en playa América (Lourido), realiza el señor Lemos dando con ello trabajo a muchos obreros, que de no ser así, quizá hoy careciesen de un pedazo de pan, dada la escasez de trabajo existe hoy en la actualidad, al mismo tiempo que crea una fuente de riqueza para este municipio con la urbanización de esa zona hasta hace muy poco tiempo convertida en un arenal”²²⁴

Remataba a intervención advertindo de que, de triunfar a proposta das sociedades agrarias, poñería o seu cargo ao dispor da Alcaldía.

Despois deste envite, a moción agraria foi desestimada, o mesmo que o seu recurso de reposición exposto a finais de xaneiro do ano seguinte, xa que coa cesión dos terreos sobrantes o goberno afirma que non se prexudica en nada a los intereses comunales, pois esos terreos cedense ao señor Lemos a cambio dunha obra que devandito señor “paga de mucho más valor”

Igual que en Gondomar, as *agrarias* de Nigrán axiña empezaron a posicionarse e a querer participar e influír na toma de decisións da corporación, aínda que non sempre o conseguiron. Tampouco evitaron a reposición por parte do goberno local, no cargo de recadador de impostos, de Lucindo González Quintas por sentenza do Tribunal do Contencioso Administrativo. O Ministerio do Interior

221 Arquivo Municipal de Nigrán, *Ibíd.* Sesión plenaria 19 de xullo de 1931.

222 *Ibíd.*, caixa 2071, Libro Rexistro de Entrada 2071/2. Documento de 31 de xullo de 1931.


223 *Ibíd.*, caixa 2037, Libro de Actas 2037/4. Sesión plenaria do 17 de xullo de 1932.

224 *Ibíd.*



Alcaldes de Gondomar:

1. Bravo Caneda 2. Pequeño Rodríguez 3. Pablo Nieto 4. Quintas Santiago. Fotos cedidas palas familias.



1. Antonio Silva (líder agrario) 2. Domingo Álvarez (secretario concello de Gondomar) 3. J. Cribeiro (alcalde de Gondomar) 4. José Hermina (alcalde de Gondomar). Fotos cedidas polas familias.



Concelleiros de Gondomar:

1. Domingo Pazos 2. Eiras Sierpe 3. M. Angel Figueroa 4. Pazos Acevedo. Fotos cedidas polas familias.



Concelleiros de Gondomar:

1. Antonio de Lis 2. José Gonda 3. Manuel Cambra 4. Rogelio Lorenzo. Fotos cedidas palas familias.

prohibía expresamente a destitución de empregados públicos por motivos políticos. As sociedades agrarias de Priegue, Parada e Panxón só podían amosar a súa desconformidade por unha decisión que ía favorecer un antigo empregado dunha administración local monárquica.²²⁵

Neste municipio rural e disperso era necesario construír vías públicas que comunicasen as parroquias entre si e estas coas vías provinciais e xerais. Cuns presupostos limitados, a decisión política de abrir estes camiños convertíase nunha verdadeira loita dentro da corporación, resolta na maioría dos casos por coincidencia de intereses persoais, electorais e de clientelismo entre os concelleiros, máis que por motivos de planificación, solidariedade ou de interese xeral. Foi ese proceso de selección para a construción dun camiño o que levou a Nigrán á primeira confrontación política da recente lexislatura.

O veciño Francisco Barros Leal xa presentara en novembro unha excepcional oferta que a corporación aínda non valorara. En xaneiro volveu insistir na súa proposta, que consistía en solicitar ao Concello a construción dun camiño público que unise Ceán, parroquia de Nigrán e sede da Casa do Concello, coa estrada xeral Pontevedra-Camposancos. Para facilitar o acordo, o peticionario ofrecía as cesións gratuítas ao municipio de todos os terreos necesarios para a construción deste camiño, prometendo, ademais, unha contribución económica, coa maior cantidade posible, dos veciños dos lugares por onde atravesase dita calzada.²²⁶

A cuestión era que xa existía proxecto técnico e orzamento para un camiño que comunicaría a parroquia de Parada tanto con San Pedro da Ramallosa como con Gondomar, obra recoñecida como urxente e acordada para a súa construción inmediata, xa que ese lugar carecía en absoluto de vías de comunicación e achábase illado do resto do termo municipal.²²⁷ A pesar de recoñecer varios edís as presións que exerceu sobre eles Barros Leal para que apoiasen a súa proposta, o que viciaba a toma de decisión, o primeiro tenente de alcalde Sanromán García, defendendo os intereses da parroquia de Nigrán, pediu que se tomase en consideración a construción do camiño de Ceán en primeiro lugar, conseguindo que se sometese o dilema a votación. O proxecto do camiño de Parada ía aglutinar os concelleiros das dúas parroquias directamente beneficiadas, Parada e San Pedro da Ramallosa, mentres que o camiño a Ceán conseguiu os apoios dos demais concelleiros ao redor de Sanromán, para o cal era a mellor opción, e Panxón, para a cal era a menos mala.²²⁸

Os veciños de Parada consideráronse agraviados, polo que convocaron unha manifestación, facéndoa coincidir coa celebración dunha sesión plenaria. Liderada polos concelleiros Manuel Misa Valverde, Eugenio Núñez Rouco e polo mestre Sebastián Pena, concentráronse nas portas da Casa do Concello portando a bandeira republicana. Uníronselles veciños de San Pedro da Ramallosa que, encabezados polos concelleiros Pedro Salgueiro Rial e Joaquín Iglesias Portela, fixeron causa común con eles.²²⁹ A arenga de S. Pena solicitou xustiza para a parroquia e, ao mesmo tempo, reclamou confianza para o equipo de goberno, así como orde e civismo nos seus comportamentos. Estas foron as demandas dirixidas e entregadas ao concello:

225 *Ibíd.*, Libro de Actas 2037/3. Sesión plenaria do 9 de agosto de 1931.

226 *Ibíd.*, Acta da sesión plenaria do 10 de xaneiro de 1932.

227 Intervención do concelleiro de Parada, Misa Valverde, no pleno do 10 de xaneiro de 1932, para defender a prioridade do camiño da súa parroquia, xa que sospeitaba que, con este novo proxecto de camiño que se presentaba, o que se pretendía era obstaculizar e atrasar as comunicacións de Parada. *Ibíd.*

228 *Ibíd.*

229 *El Pueblo Gallego*, 19 de xaneiro de 1932. Tamén *Faro de Vigo* do día 22 do mesmo mes.

“1. Protestamos energicamente contra el acuerdo tomado el día 10 de actual, en cuanto es lesivo a intereses generales y perjudica a terceros; pidiendo que antes que comience la construcción del camino vecinal Telleiras- Ceán, se haga la petición oficial y estudio del camino Telleiras-Canido.

2. Que en los actuales presupuestos municipales de 1932 se incluya la cantidad que corresponda abonar al Concello para la inmediata construcción del camino vecinal 182 que, partiendo de la Ramallosa, pasa por Parada”.²³⁰

Cos asistentes ás portas deu comezo a sesión plenaria onde Misa Valverde, Salgueiro Rial e Iglesias Portela elevaron unha protesta polo acordo anterior que anulaba a prioridade da construción do camiño de Parada. Á corporación non lle quedou máis remedio, aínda que non conseguiu a unanimidade, que adoptar unha solución de compromiso que contentase as dúas partes: se por unha banda cede ante a presión veciñal reincorporando a partida orzamentaria para o camiño de Parada, por outra mantivo o convenio do último pleno e consignan outra cantidade para satisfacer os concelleiros demandantes do camiño público de Ceán.²³¹

A decisión do goberno local de recuar ante a intimidación dos veciños de Parada e S. Pedro tivo consecuencias. O Sindicato Católico Agrario de Panxón, a Sociedade Agraria e Cultural de Priegue e varios veciños de Nigrán enviaron escritos, cun mesmo texto consensuado, solicitando que se remitise ao Xulgado un informe que relatase os feitos que tiveron lugar nesa sesión plenaria e que non podían quedar impunes. Crían que serían constitutivos de delito xa fose pola manifestación tumultuosa dos veciños, xa fose por coaccionar e ameazar a corporación. Pediron que se aplicasen medidas de exemplaridade, para evitar que casos análogos atentasen contra o prestixio e decoro da corporación, así como contra a libre deliberación para adoptar os acordos que estime máis acertados aos intereses municipais.²³²

A inhibición do equipo de goberno non deixou satisfeito o grupo de concelleiros pro-camiño Ceán. Pero o alcalde adoptou unha política apaciguadora e non deu curso aos escritos xa que esa manifestación fora autorizada por el, e en ningún momento “se cometió desorden ni delito alguno”.²³³ Afirmación que tamén compartía o *Faro de Vigo*, que se posicionou claramente a favor dos manifestantes: “jamás se ha visto

230 No mesmo documento reivindicativo manifestaron as súas intencións cando fan constar que “nuestra actitud de hoy no es de rebelde hostilidad ni protesta contra la actuación noble y reconocida labor administrativa de los que habéis venido aquí con la representación del pueblo soberano, puesto que por su libérrima voluntad os ha votado para esos merecidos cargos. No obstante habéis de permitirnos que, como ciudadanos libres y en lícito uso de los sagrados derechos que nos concede este bendito régimen republicano de democracia, recordemos a nuestros ediles que, su noble misión sería velar por igual los intereses de todo el distrito que representáis atendiendo aquellas justas mejoras que por justicia y equidad merezcan especial atención, sin tener en cuenta si son o no de sus respectivas parroquias, basta que estén dentro del municipio, ya que sois los representantes de todo el Ayuntamiento, no de una determinada parroquia”. Firmado por los siguientes vecinos de Parada: Sebastián Pena, Marcelino Méndez, José Otero, Delfino Núñez, Ramón Villar, Antonio Duarte, Juan Valverde y José Villar. Archivo Municipal de Nigrán., caixa 226-1932. Documento de 11 de enero de 1932.

231 *Ibíd.* Aprobouse a cantidade de 6.000 ptas. como parte do primeiro prazo que lle correspondía aboar ao Concello para que puidese comezar a construción cando a Deputación provincial o ordenase e tamén se acordou consignar en orzamento 1.750 ptas. para o proxecto técnico do camiño de Ceán.

232 Archivo Municipal de Nigrán, caixa 226-1932. Documento con data de 27 de xaneiro de 1932.

233 *Ibíd.*, caixa 2037 cartafol 2037/4. Sesión plenaria do 13 de marzo de 1932.

en este municipio una manifestación popular tan correcta (...) no hubo ni un grito de protesta, ni un solo gesto que pudiera ofender a personas o entidades”.²³⁴

Os conflitos non deron tregua á corporación. Na disputa anterior o executivo non tivo máis remedio que ceder ante a presión veciñal e isto trouxo consecuencias colaterais, que afectaron a un dos líderes da sociedade agraria de Parada, o mestre da mesma parroquia, Sebastián Pena, que era, ao mesmo tempo, o presidente do Consello Local de Primeiro Ensino. O resentimento en contra del, por unha parte do goberno, manifestouse días despois, cando Pena tivo que informar das propostas deste Consello. As súas intervencións foron interrompidas con saídas de ton, comentarios improcedentes e desprezativos cara á función educativa. O máis grave foi a conduta do alcalde que non soubo corrixir esas actitudes, nunha falta de delicadeza co mestre. Mesmo tentou levantar a sesión en plena exposición do invitado.²³⁵

O tamén mestre e xornalista Álvaro Rey Alar criticou o alcalde e a corporación polo seu comportamento con Sebastián Pena e pola falta de sensibilidade cara aos temas educativos, seguido dunha mensaxe:

Señor Gobernador Civil de la provincia ¿No puede V.E. con su autoridad amonestar severamente a esos enemigos de los intereses del distrito de Nigrán que se reúnen en el Ayuntamiento todos los domingos, para que entren por el camino de la razón y del sentido común y no conviertan las sesiones en funciones de circo con todo.²³⁶

Despois da réplica levada a cabo polo alcalde defendendo a honra e dignidade dos compoñentes da corporación, seguida da dúplica do reporteiro mantendo os termos do seu escrito, as sociedades agrarias de Panxón, Priegue, Parada e San Pedro da Ramallosa, aproveitando a celebración do 1º de Maio, cerraron filas co Concello e contra o *artículo insidioso* que ridiculizaba á Corporación, polo que solicita, a esta, que esixa responsabilidades ao xornalista e informe do seu proceder ao gobernador civil.²³⁷

Ao mesmo tempo que se resolvía o conflito dos camiños veciñais, ábrese outra fronte que ten que ver co abastecemento de peixe no mercado cuberto de San Pedro da Ramallosa ao producirse un paro, como protesta, das vendedoras. O goberno aprobara un pequeno aumento no imposto co que tiñan que contribuír as pescantinas que ocupaban os postos de venda por desenvolver esa actividade. Iso provocou que abandonasen dita instalación. O conflito agravouse no mes de abril pola incompatibilidade coa recadadora dos mencionados tributos.²³⁸

El Pueblo Gallego, exercendo, unha vez máis, de oposición ao goberno local, censurou a corporación por non amparar con firmeza a funcionaria ante as presións das vendedoras, as cales para forzar a negociación ausentáronse da praza e colocaron as

234 *Faro de Vigo* 22 de enero de 1932.

235 *El Pueblo Gallego*, 28 de abril de 1932.

236 *Ibid.* A sucinta confección da acta da sesión plenaria non recollía os diálogos que levaron a cabo en ese punto da orde do día e que reflicte o xornalista nese diario: “El presidente del Consejo Local, el maestro Sebastián Pena, emplazaba al gobierno local para el traslado urgente de la escuela de niñas de San Pedro, ya que estaba instalada en una cuadra de mulas y pidió al alcalde que nombrara una comisión de dos concejales para encontrar una nueva ubicación. El alcalde invita al concejal de San Pedro a buscar un local de mejores condiciones: el concejal aludido contesta: “¿Quién, eu? Por min xa pode a maestra morrer abafada ali”. El alcalde se dirigió al otro concejal de esa parroquia y recibió la siguiente contestación: “Eu tampouco vou. Eu xa saquei a miña filla dalí porque non se aguanta co cheiro”.

237 *Ibid.*, 13 de mayo de 1932.

238 *Faro de Vigo*, 24 de abril de 1932.

súas cestas de peixe ao aire libre, unhas na chaira onde tiña a parada o tranvía, outras do outro lado da ponte que limitaba Nigrán con Baiona.²³⁹ O goberno debateu a reprobación das pescantinas contra a recadadora municipal e acordouse chamalas a declarar, o que se interpretou como unha falta de autoridade.²⁴⁰

Coa xustificación do alcalde, Alonso González, no mesmo xornal, púxose de manifesto o intento das autoridades de resolver o conflito pola vía negociadora, fronte aos que defendían que non se debía nin recibir nin escoitar as vendedoras de peixe ata que non depuxesen a súa actitude rebelde. As conversas fracasan pola intransixencia que mostraron as pescantinas, quen mantiveron unha posición inamovible en defensa das súas reivindicacións.²⁴¹ Ante o acoso legal ao que a corporación as someteu, trasladáronse aos límites do municipio de Baiona, co que, impotentes os concelleiros para resolver o conflito, desatáronse todo tipo de propostas tales como establecer “fielatos”, prohibición do tránsito, boicot e mesmo pedir axuda a elementos alleos ao concello, que se desestiman por medo a que desen lugar a incidentes ou alteracións da orde pública.²⁴² Ao final, as vendedoras viron prohibida a súa actividade comercial e expulsadas de Baiona por estar dentro dos seus límites e por consideralas un perigo para o tránsito rodado, co que se viron obrigadas a dar por terminado o paro e regresar ao mercado cuberto da Ramallosa.²⁴³

O 3 de setembro celebráronse os comicios para elixir os vogais por rexións para formar parte do Tribunal de Garantías Constitucionais, que tiveron lugar en todos os concellos. As posicións dos corporativos, únicos electores, estaban moi claras:

Emilio Pan de Saraluce, do Partido Republicano Galego, dez votos.

Jaime Quintanilla Martínez, do Partido Socialista Obreiro Español, tres votos.

Villanueva Martínez do Partido Radical, non recibiu ningún apoio.²⁴⁴

Antes das eleccións xerais de novembro, algúns partidos políticos estatais ou rexionais xa tiñan representación no municipio. Para empezar, as orixes ideolóxicas e partidistas do goberno local eran un tanto difusos, como o demostra o feito da rápida localización nas filas republicanas dunha parte importante dos membros da corporación de abril de 1931 que foran elixidos polo artigo 29 e que enviaron a súa adscrición ao Goberno Civil como rexionalistas, o que se podería entender como próximos á ORGA ou á Federación Republicana Galega. Coa repetición das eleccións a finais de maio, xurdiu unha corporación de republicanos e socialistas. Os resultados dos comicios constituíntes demostraron a fortaleza da conxunción, pero non permiten dilucidar con claridade as etiquetas partidistas dos edís. O triunfo dos radicais agrarios en Parada e Priegue nestes comicios facía supor as simpatías que espertarían estes por riba dos demais en ambas as parroquias. Se a actividade do mestre de Parada, Sebastián Pena, activista agrario e afín a Emiliano Iglesias, influíu,

239 *El Pueblo Gallego*, 10, 24 e 28 de abril de 1932.

240 Arquivo Municipal Nigrán, caixa 2037, Libro de Actas 2037/4. Sesión plenaria do 24 de abril de 1932.

241 *El Pueblo Gallego*, *ibíd.*

242 *Ibíd.*, 4 de maio de 1932.

243 O gobernador civil vailles prohibir a venda do peixe ao pasar a ponte da Ramallosa, xa dentro de Sabarís (Baiona). A corporación dese municipio mesmo chegou a ofertarlles que se establecesen na praza do mercado de Sabarís. Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria 15 de maio de 1932.

244 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 39, cartafol 39/19. Acta de votación para a elección de vogais do Tribunal de Garantías Constitucionais, 4 de setembro de 1933.

con toda seguridade, no resultado favorable para os radicais nesa localidade, tamén poderíamos extrapolar (e con máis fundamento) esta análise á parroquia de Priegue e concluír que o mesmo, ou maior ascendente, se cabe, tería o alcalde, ao mesmo tempo comerciante e muiñeiro desa parroquia, Manuel Alonso, no esmagador apoio que recibiron Iglesias, López Varela e Salgado. Sería moi difícil de explicar que este triunfo, coas diferenzas tan grandes que se produciron entre eles e os demais candidatos presentados, fora alleo ás habilidades electorais do alcalde e os seus.

A relación do alcalde cos radicais, se é que a houbo, debeu quedar aí ou foi diluín-dose, xa que en outubro de 1932, contestando un requirimento urxente do Goberno Civil sobre a ideoloxía dos membros da corporación, deu como resultado, por unha banda, que a totalidade do goberno local mantiña a mesma filiación política coa que se presentou ás eleccións municipais de maio pasado, e por outra, que a maioría do Concello, incluído o alcalde, se esconden baixo a denominación pouco clarificadora, para estas alturas da lexislatura, de republicanos. Igual de confusa é a ideoloxía do concelleiro Eduardo Rial, que aparece como agrario, e rematan a listaxe o republicano de esquerdas, Sanromán García, e os socialistas Joaquín Iglesias Portela e Eugenio Núñez Rouco, que son os únicos que o teñen claro desde o principio.²⁴⁵

Ao ano seguinte, a finais de setembro e inmediatamente despois de celebrarse as eleccións ao Tribunal de Garantías, o gobernador civil repite a enquisa, cuxa información segue igual de imprecisa ca a anterior. A única novidade radicaba no pase do corporativo Manuel Sanromán García do epígrafe Republicano-esquerda a simplemente Republicano.²⁴⁶

Quizais a toma de posición dos edís respecto das votacións para elixir os membros do Tribunal de Garantías arroxeou un pouco de claridade sobre a afinidade partidista deses concelleiros, ata ese momento teoricamente neutrais. O achegamento da maioría da corporación ao Partido Republicano Galego, ao que tamén pertencía o ex-alcalde Severino Alonso, parecía evidente, máis se temos en conta a estreita relación que unía a este co actual alcalde, Manuel Alonso. Significar, por outra banda, o apoio de Rial Fernández ao candidato socialista. Por último destacar, tamén, que a pesar de que se trataba dunhas eleccións non representativas, o candidato radical non contou con ningún apoio desta corporación, o que manifesta con claridade a ausencia de representantes dese partido na institución municipal e, por extensión, o nulo ascendente que tiña este partido sobre o goberno local.

245 *Ibíd.*, caixa 24. Expedientes de cargos municipais. Documento do 5 de outubro de 1932.

246 *Ibíd.* Documento do 25 de setembro de 1933.

Capítulo 7

AS ELECCIÓN DE NOVEMBRO DE 1933

Na mañá do 9 de outubro Alcalá Zamora fíxolle entrega a Martínez Barrio, naquel momento xefe do goberno republicano, de dous decretos. Polo primeiro disolvíanse as Cortes Constituíntes, mentres que polo segundo se convocaban eleccións lexislativas. Mentres que nun o presidente xustificaba a súa decisión nas dificultades para conformar unha maioría absoluta, que garantise a estabilidade, coas actuais forzas políticas que compuñan a Cámara, o que esixía “buscar la orientación y armonía definitiva, acudiendo a la consulta directa de la voluntad general”, no outro fixaba o día 19 de novembro de 1933 como día de celebración das eleccións. (Villa García, 2011: 122-123)

Este sufraxio constituíu o primeiro plebiscito democrático e, tamén, por primeira vez, votaron as mulleres nunhas eleccións xerais. Celebráronse de acordo coa Lei electoral de agosto de 1907 e o Decreto do 8 de maio de 1931 con algunhas lixeiras modificacións. Soamente faltaba engadir que as eleccións se levarían a cabo utilizando o censo electoral confeccionado polo goberno Azaña, o que se traducía nun escano máis na provincia de Pontevedra, é dicir, trece.

A campaña electoral foi, a diferenza da de xuño de 1931, moi intensa desde o seu comezo ata o final:²⁴⁷ mitins de todas as forzas políticas, propaganda masiva por todos os centros urbanos e rurais,²⁴⁸ mobilización de dirixentes e militantes, anuncios na prensa tanto partidista como independente. Nese senso, en novembro de 1933 inaugúrase en España as eleccións de masas. (Villa García, 2011: 20) Na provincia ningún medio foi neutral: *El Faro de Vigo*²⁴⁹ a favor das dereitas, *El Pueblo Gallego*,²⁵⁰ apoiando, con gran aparello propagandístico, o seu dono, Portela Valladares, e iso que se presentaba por Lugo, o semanario *La Voz del Miñor*, único xornal que se editaba na comarca, pola súa natureza católica, pedirá o voto para Unión Rexional de Dereitas. Este último cualificou as eleccións de farsa xa que con elas comezaría o transvasamento de personaxes dun partido para outro segundo conviñese, en referencia ás elites que non tiñan opinión estable nin partido fixo e si soamente tiñan intereses particulares que atender e resolver:

“Los chaquetas vueltas, como les decimos aquí, quieren y hasta exigen que los demás sean seguidores de su antojo y capricho. ¿Y cómo quieren que así sea si los hemos visto ayer escopeteros de un partido y

247 O xornal madrileño *La Libertad* fai este comentario ao final da campaña electoral: “Jamás se ha conocido en España una fiebre propagandística como la desarrollada en estos días. Ante las elecciones generales a diputados a Cortes, y es que nunca el pueblo se ha interesado tan directa e íntimamente como ahora en la política nacional. La razón de ese interés y de ese fervor en las propagandas electorales no escapará al menos avisado”. Citado en *El Pueblo Gallego* do 19 de novembro de 1933.

248 No centro urbano de Baiona durante toda a campaña estiveron todas as rúas cubertas con carteis electorais polo que os veciños lle piden ao Concello, unha vez rematado o proceso electoral, que os retiren “por ser antiestéticos”. *Faro de Vigo* 28 de novembro de 1933.

249 *Ibid.*, 19 de novembro de 1933.

250 *El Pueblo Gallego*, 18 de novembro de 1933.

hoy ya militan en otro y mañana ni en el de hoy ni en el de ayer sino en el del sol que más le calienta por imperativo de la tripa o afán de mando”.²⁵¹

Polo Val de Miñor patearon os líderes principais e secundarios dos partidos e coalicións contendentes buscando reafirmar o apoio dos seus e tratando de convencer os indecisos. Para empezar, a elite radical provincial, con Emiliano Iglesias, López Varela, Ramón Salgado, Fernando Villamarín e Leandro do Río Carnota. Estes dous últimos, membros do Partido Republicano Conservador que non tiñan presenza nas corporacións, pero co importante referente de Villamarín, que aceptara integrarse en coalición cos radicais, xa que a presenza, en solitario, dos conservadores na loita electoral antollábase meramente testemuñal.

O Partido Radical conta co apoio dunha parte importante do grupo municipal de Gondomar e a minoría radical en Baiona, así como das correspondentes agrupacións locais con maior ou menor militancia. En concreto, o candidato López Varela, pola súa condición de mestre e directivo da Asociación Nacional, achega o voto dos docentes do Val á súa candidatura.²⁵² O radical Pablo Nieto, aínda que ausente do distrito, tamén mobilizou os seus seguidores de Gondomar e arredores.

Fernández Tafall, Poza Juncal, Victoriano Taibo, Alexandre Bóveda, Alfonso Rodríguez Castelao e Valentín Paz Andrade fixeron campaña polos republicanos de esquerda cuxos apoios estaban nas alcaldías de Gondomar e Nigrán cos respectivos concelleiros e sobre todo, polo menos a nivel directivo, das Federacións Agrarias de Val de Miñor (Gondomar) e Nigrán. Pola súa banda, o alcalde de Baiona, con militancia galeguista meses atrás, xa se atopaba, por esa data, próximo á URD.

Vázquez Grela, Eugenio Arbones, Praceres Castellanos, Quintanilla e Ignacio Seoane convocan mitins polo PSOE, que contaba co apoio dos tres Sindicatos Obreiros da Edificación da comarca. En Nigrán, o líder socialista local aproveita a preparación das eleccións para reunirse con tres delegados por cada parroquia e que, a falta de sede social, tiñan lugar en propio domicilio, no barrio das Angustias. Tratábase de organizar o comité electoral local que coordinase a campaña e que quedará formado na primeira semana de novembro. A creación deste comité será o impulso que facilitará a constitución da agrupación socialista de Nigrán a comezos do ano seguinte.

Por último, a URD-CEDA achegará ao Val de Miñor a vellos coñecidos de etapas pasadas, como o avogado Celso Méndez Brandón e Honorio Maura Gamazo. Apenas tiña representación municipal no Val de Miñor, fóra de Baiona, onde contaban co armador Policarpo Vilar. Pero gozaba do poder dos medios de comunicación dun dos diarios máis importantes a nivel provincial, *Faro de Vigo*, e co único xornal de alcance comarcal como era *La Voz del Miñor*. Ese mesmo xornal, moi influente entre os cren-tes, levaba xa meses publicando consignas do párroco de Panxón, Jesús Espinosa, co fin de monopolizar o estado de opinión do votante católico:

“NO GASTES UN CÉNTIMO
EN PRENSA QUE NO SEA
CATÓLICA.
NO PERMITAS QUE EN TU
CASA SE LEA PRENSA QUE

251 *La Voz del Miñor*, artículo “Comienza la farsa” 14 de octubre de 1933.

252 A Asociación Provincial de Maxisterio vai pedir o voto (*Faro de Vigo* do 14 de novembro) para López Varela, aínda que tamén para Martín March (PRG). A Asociación de mestres do Partido Xudicial de Vigo (*El Pueblo Gallego*, 3 de novembro), de Lalín (*Faro de Vigo* do 8 de novembro), e de Ponteareas (*Ibíd.*, 11 de novembro) pedirán o voto soamente para o radical López Varela.

NO SEA CATÓLICA.
EL DEBER ES DE CONCIENCIA.
ALGUN DIA DARÁS DE SU
CUMPLIMIENTO CUENTA MUY MUY ESTRECHA
NO TE DEJES ENGAÑAR”²⁵³

En Gondomar os católicos tamén se mobilizaron e un dos principais propagandistas foi o médico Latino Salgueiro que, dous meses despois, alcanzará a presidencia de CEDA local. O clero, en xeral, apoiará os cedistas, polo que se pode dicir que a dereita católica era un dos adversarios a bater nestes comicios.

En plena campaña, os radicais e dereitistas da comarca queixáronse polos desprazamentos dos alcaldes Vicente Vázquez (Baiona), Pequeño Rodríguez (Gondomar) e Manuel Alonso (Nigrán), chamados a Pontevedra polo novo gobernador civil, Isidro Liarte Lausín, de Acción Republicana, que ocupara o seu despacho o 20 de outubro. Especulábase que sería para darlles as consignas oportunas co fin de tentar favorecer os republicanos de esquerda de cara aos próximos comicios.²⁵⁴ A dereita tamén se queixaba de que os seus simpatizantes encheran prazas e rúas de propaganda con alegorías alusivas ás políticas negativas do goberno de Azaña, e moitos deses carteis e pasquíns foran arrincados polos elementos contrarios.²⁵⁵

Se queremos atopar reclamos en contra das dereitas temos que repasar as páxinas doutro xornal local, *El Heraldo Guardés*, da veciña localidade da Guarda, que se distribuía no Val de Miñor, aínda que con moi pouca tirada.²⁵⁶

“LABRADOR, SI VOTAS A LAS DERECHAS
ESTÁS COMPLETAMENTE PERDIDO; PORQUE
VOTAS LOS FOROS Y LAS RENTAS, EL ANTIGUO
CACIQUE QUE TE OPRIMÍA, AL CONDE Y AL
MARQUÉS QUE NADA PRODUCEN Y TODO
COMEN
¡VOTA CONTRA DE ELLOS PARA QUE DESAPAREZCAN
DE UNA VEZ ESOS PIOJOS DE LA HUMANIDAD!
SI VAN A TU PUERTA A PEDIRTE EL VOTO
DENÚNCIALOS A LA ALCALDÍA O AL GOBERNADOR,
POR COACCIÓN.
¡ARRÉALLE!”

Celebradas as eleccións con absoluta normalidade, en Baiona (reconto por partidos) triunfaron as dereitas (890 votos) seguidas dos radicais (375 votos), o que tranquilizou os veciños e fixo que estivesen moi concorridas as rúas e os establecementos da vila.²⁵⁷ En todas as localidades gañaron os *católicos*, excepto en Belesar e Baredo, onde triunfaron os seguidores de Lerroux. Segundo a prensa o apoio do voto feminino cara a esa formación fixo posible unha vitoria tan avultada neste distrito.²⁵⁸

253 *La Voz del Miñor*, 25 de junio de 1933.

254 *Faro de Vigo*, 12 e 14 de novembro de 1933.

255 *La Voz del Miñor*, 18 de novembro de 1933

256 *El Heraldo Guardés*, 18 de novembro de 1933

257 *Faro de Vigo*, 23 de novembro de 1933.

258 *Ibíd.*, 22 de novembro de 1933.

En Sabarís o triunfo foi tamén para a URD, que obtivo unha ampla maioría.²⁵⁹ Votaron 328 electores, máis do dobre dos que máis ou menos adoitaban facelo. A prensa republicana estrañouse de tanta participación e vaino achacar “a la compra de votos”.²⁶⁰ A avalancha de papeletas alongou o escrutinio ata altas horas da madrugada. A abstención situouse arredor do cincuenta por cento no cómputo total do municipio.

En Gondomar o reconto por candidatos das eleccións non diferiu dos resultados obtidos polas distintas opcións políticas na provincia de Pontevedra e quedou así: triunfo dos radicais, bo resultado para as dereitas e o afundimento dos socialistas.²⁶¹

P.Radical	URD	P. Republicano Galego	PSOE
14.123	5.917	2.346	476

Villamarín, integrado nas listas da Coalición Radical, foi o candidato máis votado, cun total de 1.573 votos; Emiliano Iglesias, o líder dos radicais da provincia, obtivo un total de 1.405 votos. Se nos fixamos no resultado individual por parroquias, Villamarín gañou en sete delas, Iglesias foi o máis votado en dúas e na localidade máis pequena, Couso, houbo un cuádruplo empate na cabeza.

A vitoria individual de Fernando Villamarín hai que interpretalo no sentido de que jugaba en casa e por iso contaba cunha posición vantaxosa. Fora xuíz neste Concello durante a Monarquía. Tamén neste período, como deputado provincial, primeiro, e vicepresidente da Deputación, despois, xestionara con eficacia as diversas peticións que os mandatarios locais solicitaban á sede provincial, sobre todo no referente ás obras públicas. E coa mesma dilixencia se conduciu cando as demandas se dirixían ao Parlamento ou ministerios, xa que, despois da morte de Eduardo Iglesias, pasara a ser o representante político do deputado, unhas veces, e ministro, outras, Angel Urzáiz.

O que o votante do rural tiña moi en conta era que Villamarín era un dos seus, xa que este avogado instalado en Vigo tiña profundas raíces familiares en Gondomar, concretamente en Mañufe, terra natal do seu pai, onde era moi respectado. Por iso nesa mesa electoral sacou o maior número de votos conseguidos por un candidato comparándoa coas demais mesas do resto do municipio. A prensa tamén apostaba polo voto feminino como factor determinante para o seu triunfo electoral.

“El voto femenino, que se creía exiguo, dio un grandísimo contingente a la votación, sobre todo las mujeres de los barrios de Nande y Portavedra, que se desvivían por demostrar al proclamado (Villamarín) lo mucho que aquí se le quiere y la gratitud que se le guarda”.²⁶²

Concluimos este parágrafo de individualidades radicais resaltando a presenza do ex-alcalde Pablo Nieto Virosta nesa listaxe. Os seus resultados non se poden verificar como significativos, xa que o partido incluíuno nesa candidatura de recheo,

259 *La Voz del Miñor*, 25 de novembro de 1933. Mostrou a súa satisfacción polo triunfo das dereitas na localidade e felicitou “a todos los que tomaron parte activa en la contienda”.

260 *El Pueblo Gallego*, 29 de novembro de 1933.

261 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 704 cartafol 704/3. Reconto por candidatos. Documento que contén os resultados electorais das distintas mesas parroquiais do concello de Gondomar, enviadas polo alcalde, con carácter de urxentísimo, ao gobernador civil.

262 *Faro de Vigo*, 2 de decembro de 1933.

co único obxectivo de actuar como reclamo electoral dos seus seguidores ante a previsible competencia, tanto da URD como dos Republicanos Galegos. E, a pesar de levar máis dun ano afastado de Gondomar, o seu ascendente político seguía sendo considerable.

Entre os candidatos perdedores, Severino Barros de Lis é o que sae mellor parado: conseguiu 674 votos, sendo o aspirante máis votado das dereitas, gañando ou empatando cos seus compañeiros de lista en todas as parroquias. A razón podía estar nas raíces familiares que tiña en Gondomar; estaba emparentado coa familia de Lis, de talante conservador. Os seus números estaban moi por baixo dos radicais pero moi por riba de socialistas e galeguistas. Para estes dous grupos os resultados foron frustrantes: para o PSOE, o seu candidato mellor valorado foi Enrique Heraclio Botana cuns minúsculos 91 votos entre todas as mesas do distrito, mentres que polos republicanos galeguistas os votantes inclináronse máis polos agrarios da lista que polo resto; así, os máis nomeados foron Alonso Ríos, 271, votos e Ramón Alonso, 257, mentres que Castelao con 175 e Paz Andrade con 168 votos se colocaron entre os menos apoiados da candidatura.

Os candidatos independentes tamén conseguiron algúns votos en Gondomar, precisamente Indalecio Tizón Reboreda, agrario, que fora presidente da Sociedade Agraria de Teis en 1923, alcanzou un total de 62 papeletas no escrutinio xeral, o que o deixou á altura dalgúns candidatos socialistas e iso que non contou coa infraestructura nin co aparello de partido político ningún. A ese independente os electores outorgáronlle algúns votos na maioría das parroquias, pero o groso deles obtívoo en Peitieiros, 29 papeletas, suficientes para superar a case todos os compoñentes da lista da coalición republicano-agrario-galeguista nese lugar. Baste como exemplo citar que, nesa mesa, sacou máis do triplo de votos que Castelao. Tamén aquí conseguiu máis apoios ca a maioría dos dereitistas e máis que todos os candidatos socialistas.

Se a análise a facemos por candidaturas, observaremos que os radicais gañaron en todas as mesas parroquiais sen apenas oposición. Onde recibiron un apoio maior foi, por suposto, na mesa de Mañufe, e onde menos, aínda gañando, foi en Borreiros. Soamente os dereitistas se lles aproximaron algo nesta última e en Donas, estes van ter no casco urbano os apoios máis numerosos. Prevíase máis loita nas parroquias onde estaban asentados os concelleiros expulsados do Partido Radical partidarios dos republicano-agrario-galeguistas e, con todo, a súa influencia sobre os votantes non pasou de ser, na maioría dos casos, testemuñal.

Así, en Borreiros, residencia do alcalde rebelde José Pequeño, o máis que alcanzou un candidato republicano foron 28 papeletas e iso que o mesmo alcalde era o presidente da Sociedade Agraria desta parroquia. En Víncios, onde o movemento agrario era importante, alcanzáronse os mellores resultados, aínda que Alonso Ríos só conseguiu 76 votos mentres que o tirón electoral de Castelao apenas lle valeu para chegar aos 75. En Morgadáns, Castelao apenas alcanzou os 25 apoios a pesar dos esforzos do mestre da parroquia, o poeta galeguista Victoriano Taibo. Aínda que no reconto electoral aparece unido o resultado do escrutinio das localidades de Chaín e Vilaza, non debeu facer mal papel o ex-concelleiro Antonio de Lis nesta última parroquia. En cambio, os resultados obtidos polo médico Etelvino Pérez Vigo, xefe da agrupación local do PRG, e polo concelleiro agrario e ex-radical Eiras Sierpe, na capital, foron mediocres. Iso si, os poucos votos obtidos por esta coalición na mesa principal non foron para os galeguistas, senón para republicanos e agrarios. En parroquias como Donas e Mañufe, que tamén contaban co apoio de senllos concelleiros repudiados, o candidato republicano máis votado tivo que conformarse co apoio dos oito votos dos *familiares* destes edís.

Canto aos socialistas, sufriron unha severa derrota; obtiveron unha mínima representación, se a comparamos co resto de partidos. Contabilizou Enrique H. Botana na mesa da capital 20 papeletas marcadas co seu nome; moi poucos apoios a pesar de residir aquí e ter un pequeno negocio o concelleiro dese partido, Rogelio Lorenzo, e estar asentado, tamén aquí, o sindicato UXT. Outros resultados foron ínfimos: 1 voto para Botana en Mañufe e Borreiros, 3 en Donas e 4 en Morgadáns. E iso que foi o candidato socialista máis votado, tanto a nivel parroquial como municipal.

Por último, a candidatura dos comunistas obtivo 2 votos na parroquia de Donas e 4 no binomio Vilaza-Chaín, para facer un total de 6 apoios.

O triunfo tan contundente dos radicais e das dereitas en Gondomar non se puido levar a cabo sen recibir numerosos votos do elemento agrario. O que nos leva a concluír que a Federación Provincial Agraria sobrevalorou a autoridade das sociedades agrarias municipais e parroquiais sobre os seus afiliados, xa que estes, á vista do resultado do escrutinio, non deberon seguir as consignas das súas directivas que os animaran a votar á esquerda. O que veu demostrar o divorcio existente entre os líderes agrarios e as bases, motivado, entre outras causas, pola ausencia dunha homoxeneidade ideolóxica nestas. E, aínda que non coñecemos os resultados do escrutinio de Nigrán, as votacións deberon ser moi similares ás de Gondomar, sobre todo para os intereses dos agrarios, que enseguida solicitaron licenza á Alcaldía para reunirse e analizar o fracaso electoral e “observar la conducta de sus socios en las pasadas elecciones”.²⁶³

TÁBOA 38: Escrutinio eleccións a Cortes en Gondomar. Novembro 1933

P. RADICAL	Paradela	Mañufe	Donas	Borreiros	Morgadáns	Peitireiros	Couso	Vincios	Chaín-Vilaza	VOTOS
Villamarín	239	309	122	88	238	154	95	184	144	1.573
López Varela	223	303	118	70	237	126	92	101	116	1.386
Sierra	220	303	116	68	235	157	98	100	116	1.413
E. Iglesias	219	302	113	69	235	158	98	95	116	1.405
Millán	216	303	114	69	235	144	98	93	101	1.373
Prieto	215	303	112	68	235	157	98	97	113	1.398
Fontaiñas	214	300	114	68	235	152	92	98	114	1.397
P. Varela	214	302	114	68	235	152	92	95	102	1.374
Salgado	212	300	113	66	235	157	91	98	107	1.379
do Río	192	307	118	71	235	134	83	76	78	1.294
P. Nieto	43	5	3	4	9	3	13	20	41	141

²⁶³ Arquivo Municipal de Nigrán. caixa 2071, Libro de Rexistro de Entrada 2071/1. Documento do 26 de decembro de 1933.

P.R. GALEGO	Paradela	Mañufe	Donas	Borreiros	Morgadáns	Peiteiros	Couso	Vincios	Vilaza-Chaín	VOTOS
Caamaño	23	4	6	27	27	27	13	68	61	256
Paratcha	23	4	7	28	27	27	13	64	61	254
A. Ríos	23	4	7		25	43	16	76	77	271
R. Alonso	21	4		24	25	39	16	68	60	257
Martín March	20	8	8	28		27	13	65	60	229
Taboada	11	2	4	25		21	7		50	120
Bernárdez	19	4	8	27	25	17	13	67	53	214
Castelao	9	3	6	14	25	8	13	75	22	175
Garra	9	2	3	3	25	6	6	68	10	132
Paz Andrade	9	2	5	13	25	13	13	65	23	168
Pardo	8	2	3	26		8	7		40	94
Viana	16	3	3	15	25	7	6	65	36	176

URD	Paradela	Mañufe	Donas	Borreiros	Morgadáns	Peiteiros	Couso	Vincios	Vilaza-Chaín	VOTOS
B. de Lis	142	40	90	65	49	60	35	114	79	674
G. Ramos	137	40	90	65	49	30	35	104	59	609
Guisasola	135	40	89	65	49	27	29	104	59	597
Senra	134	40	90	65	49	30	35	105	59	607
Sotelo	134	40	90	65	48	26	29	104	59	595
Lis Quibén	133	40	90	65	49	27	29	105	61	599
Maura	131	40	89	64	49	28	35	104	59	599
G Señoráns	125	40	87	64	48	27	29	96	58	574
Yáñez	126	35	88	65	48	26	29	104	58	579
Melero	122	35	85	64	48	26	29	17	58	484

PSOE	Paradela	Mañufe	Donas	Borreiros	Morgadáns	Peiteiros	Couso	Vincios	Vilaza-Chaín	VOTOS
Botana	20	1	3	1	4	21	6	8	27	91
Gómez Osorio	18	1	3	1	4	17	6	6	27	83
Arbones	18	1	3	1	4	17	6	3	27	80
Giance	14	1	3	1	4	2	6	3	15	49
A. Otero	14	1	2	1	4	1	6		15	44
Araujo	13	1	1	1	4	1	6	3	15	45
Tilve	13	1	1		4	1	6	3	15	44
Blanco	13	1			4	1	6	3	15	43
Mosquera	13	1	1	1	4	1	6	3	15	45
Mtez Garrido		1	1	1	4	1	6	3	15	32

FONTE: Archivo Municipal de Gondomar. Elaboración propia.

Capítulo 8

O BIENIO RADICAL-CEDISTA

O triunfo das dereitas e os radicais a nivel do Estado e a conseguinte formación do goberno Lerroux non significou, de entrada, cambio ningún na configuración dos concellos. O centro dereita respectou, en principio, os gobernos locais saídos das eleccións de 1931, dos que xa se produciran abundantes renuncias. A principios de 1934 ningunha das corporacións de Baiona, Gondomar e Nigrán estaba ao completo, polo que parecía evidente que os novos gobernadores civís botarían man do nomeamento de concelleiros interinos afíns, aplicando a Lei Municipal.²⁶⁴

E se a isto engadimos as purgas políticas que se realizaron por mor dos sucesos de outubro en Gondomar e Nigrán, atoparémonos que, a finais de 1934, os executivos locais da comarca estarán formados, debido ás designacións gobernativas, por maiorías radicais. En Baiona pola volta de González Cadilla, en Gondomar pola destitución de Pequeño Rodríguez e parte do seu equipo, en Nigrán porque se removera toda a corporación. En todos eses municipios cubriranse as vacantes con concelleiros de signo radical, e en Gondomar e Nigrán, ademais, entrarán a formar parte desas corporacións militantes da CEDA e algúns mauristas.

8.1. BAIONA: A ALCALDÍA EN MANS RADICAIS (XUÑO DE 1934)

En Baiona a xestión do alcalde Vicente Vázquez²⁶⁵ xa non convencía a ninguén, a pesar de que durante un tempo fora un alcalde de compromiso. Certo que era o corporativo que máis votos conseguira nas urnas nas eleccións de 1931 e que no momento da destitución de González Cadilla era o 1º tenente de alcalde e alcalde en funcións, pero xa non tiña apoios estables dentro do goberno. Sobre a súa elección pódese dicir que estivo no sitio adecuado e no momento oportuno. Carecía de adhesións e a pesar diso a esquerda e os republicanos sostíñano para que non caese baixo a influencia da dereita. A súa actuación á fronte da Alcaldía era criticada por todos, mesmo polos compañeiros de partido, tanto en público como en privado, xa fose polas decisións políticas ou pola xestión, motivo máis que suficiente polo que un grupo de concelleiros levaban xa certo tempo conspirando contra él.

264 Artigo 46 da Lei municipal do 2 de outubro de 1877 (*Gaceta de Madrid* do 4 de outubro): “Se procederá a la elección parcial cuando medio año antes, por lo menos, de las elecciones ordinarias ocurran vacantes que asciendan a la tercera parte del número total de concejales. Si las vacantes ocurrieren después de aquella época y ascendieren al número indicado, serán cubiertas interinamente hasta la primera elección ordinaria por los que el gobernador designe de entre los que en épocas anteriores hayan pertenecido por elección al Ayuntamiento”.

265 Vicente Vázquez era natural e veciño de Baiona, onde posuía varios negocios (Ferraxería Vázquez e Gasosas Cruz Verde), pero durante o Directorio tivéraos en Sabarís (Ferraxería Cruz Vermella), o que o facía ser moi coñecido nas dúas parroquias máis importantes do municipio. En pleno exercicio do cargo, decidiu afiliarse, de maneira oportunista, ao Partido Galeguista a pesar de que ocupara cargos municipais coa Monarquía e con Primo de Rivera; por iso, a finais de 1933, xa se aproximou á organización das dereitas de Baiona. Posteriormente ocupará, durante algúns anos, a alcaldía de Gondomar baixo o réxime de Francisco Franco.

A finais de 1933, e tras a celebración das eleccións xerais de novembro, o 1º tenente alcalde Román Martín (Partido Galeguista) encabezou o grupo disidente do que formaban parte opcións políticas tan dispares como Villafines (socialista) e os radicais Táboas, Misa e Alar. O obxectivo era presentar unha moción de censura contra o alcalde para desalovalo do poder, pero, chegado o momento de debatala, os edís radicais, que foron chamados a consultas polo gobernador civil, non fixeron acto de presenza. Todo facía pensar que as presións recibidas en Pontevedra convenceran a maioría dos postulantes da inoportunidade do seu propósito. Román Martín, tacitamente desautorizado, retirou a proposta.

“Por cuanto los demás firmantes de la misma Fabriciano Táboas, Albino Misa, Agustín Villafines y Aurelio Alar no han hecho honor a su firma y a su palabra y no han concurrido a la sesión de hoy, cosa indecorosa e indigna que demuestra la poca capacidad y seriedad de sus actos y al mismo tiempo que dejan de ver con ello ser amparadores de los desafueros y extralimitaciones del señor alcalde al que censuran abiertamente por su actuación tanto política como administrativa.”

Como consecuencia da deserción dos compañeiros de aventura, a Martín Vega non lle queda outra saída que presentar a dimisión, “para el (es) indecoroso pertencer a una Corporación que en tan poca estima tiene su decencia ciudadana”.²⁶⁶

O resto do goberno local vai asumir de bo grado a súa marcha. A desaparición do líder local do Partido Galeguista non ía supoñer ningunha contrariedade para a corporación. É máis, mesmo se acepta a súa renuncia e abandono do Concello con satisfacción xa que os compañeiros de goberno, argumentan agora, non teñen bos recordos do seu traballo.²⁶⁷

Na presentación e posterior fracaso da moción de censura interviñeron varios factores. Por un lado, o candidato alternativo á Alcaldía era Román Martín, o que suscita varios interrogantes: como era posible que un militante galeguista manobrase para desalojar do cargo a un compañeiro de partido? Facíao coa autorización do mesmo partido? A clave estivo en que Vicente Vázquez había pouco que abandonara os postulados galeguistas, desvinculárase do partido e iniciara un movemento de aproximación cara a posturas dereitistas, tal como fixeran outros militantes galeguistas, xa que nesa nova localización ideolóxica era onde se atopaba máis cómodo. Por iso esa conspiración para substituír o alcalde non contara co apoio de Policarpo Vilar, que era o único concelleiro que tiña a URD na corporación, e por este motivo o Partido Galeguista deu luz verde á moción de derrubamento do seu ex-militante.

Doutra banda, parece lóxico o apoio do socialista Villafines á operación contra un alcalde que agora representaba as dereitas, e... ¿os concelleiros radicais? En principio, en clave local e a nivel persoal, estaban de acordo, pero o gobernador civil Becerra abortou a remoción. Ao fin e ao cabo agora os radicais de Lerroux gobernaban en Madrid grazas ao apoio dos deputados das dereitas e non procedía, por tanto, torpedear os novos aliados; por ese motivo fracasou a moción de censura.

Co baile de gobernadores civís que se produciu despois da toma de posesión do goberno Lerroux, chegou a Pontevedra Fernández Gómez que executa una resolución xa preparada por un antecesor, Ángel del Castillo, e que consistía en repor na Alcaldía de Baiona a Vicente González Cadilla, electo en 1931. Esta decisión foi

266 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 70, Libro de Actas 70/1. Sesión plenaria do 24 de decembro de 1933. Tamén en caixa 2 Expedientes de cargos municipais, cartafol 2/3.

267 *Ibíd.*

moi criticada pola prensa republicana, en especial polo diario pontevedrés *El País*,²⁶⁸ vinculado ao Partido Republicano Galego, xa que o alcalde agora repostado e anteriormente destituído polo pleno municipal en 1931 non reclamou cando o apartaron do cargo. O periódico cre que cumpre coa súa obrigaón de informar ao censurar a decisión da autoridade provincial, e que non o move interese partidista ningún xa que o agora ex-alcalde Vázquez *es de derechas*. Fernández Gómez xustificou a reposición de Cadilla como consecuencia da ilegalidade da súa substitución, xa que existían dúas resolucións firmes suspendendo o acordo ilegal da corporación de Baiona destituíndo a González Cadilla de alcalde e de concelleiro, a pesar da notoria incompetencia daquela para a adopción de acordos dese tipo. É máis, a propia corporación reconeceuno nun escrito que elevou ao Goberno Civil e solicitou que se decretasen esas destitucións, por carecer para iso de atribucións. Non obstante, as anteriores comunicacións gubernativas e de acordo coa lexislación local que determina que o cargo municipal unicamente se perde por sentenza firme do tribunal competente, o primeiro tenente alcalde seguiu actuando como alcalde.

“No se puede consentir en contra de todo derecho, un alcalde, sea cualquiera su significación política, se insubordine y pase así por encima de cuanto dispuso la autoridad superior. Me limité a ordenar que se de inmediato cumplimiento a lo ordenado por quien para ello tiene atribuciones”.²⁶⁹

Ese mesmo xornal suxeriu que o anterior gobernador civil, Víctor M. Becerra, dimitira por non someterse ás propostas dos seus correligionarios radicais e que o tema da reposición do alcalde de Baiona era unha delas.

Con esas modificacións, o poder municipal cambiou de bando. Os radicais Alar, Misa e Táboas apoian o alcalde do seu mesmo partido asistindo puntualmente ás sesións plenarias e aprobando as súas propostas. En cumprida vinganza, desapareceu do parlamento local toda a oposición, o ex-alcalde Vázquez, Barreiro Granxa, Villafines e Fernández Peón, co que o goberno quedou reducido a catro ou cinco membros, co cal tampouco puideron abordar asuntos importantes por ausencia de número, pero o que si fixeron foi aprobar as típicas medidas de desquite. Parte delas consistiron na revisión do estado das contas desde o comezo da República, a paralización de proxectos da corporación anterior, negar as subvencións para obras públicas ás parroquias próximas aos afíns dos partidos contrarios e solicitar do Goberno Civil a presenza dunha comisión que inspeccionase o estado xeral do Concello, aínda que ese último punto vano pensar mellor, xa que o desembolso económico que iso suporía e, ao mesmo tempo, a necesidade de dar exemplo de austeridade no gasto público fíxoos desistir.²⁷⁰

A precariedade da corporación aumentou e os seus efectivos aínda se reducirían máis cando, en xuño de 1934, abandona o socialista Villafines por marchar para Bos Aires e o radical Fabriciano Táboas por enfermidade, co que cada bando dispuña dun concelleiro menos. Quen máis notou esa baixa foi o goberno local que quedou baixo mínimos, ao quedar composto na práctica polo alcalde e dous concelleiros.

Era evidente que nesas condicións a corporación non podía funcionar e que era moi difícil, por non dicir imposible, xestionar os asuntos públicos. Así o entendeu o

268 *El País*, 15 de xuño de 1934.

269 *Ibid.*, 16 de xuño de 1934.

270 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 70, Libro de Actas 70/1. Sesións plenarias do 1 de xullo, 24 de agosto e 2 de setembro de 1934.

Goberno Civil, que o 12 de agosto, previa consulta cos mandos radicais locais, decidiu nomear concelleiros interinos para recuperar a normalidade.²⁷¹

Os elexidos foron: Manuel Nartallo Quinós (Belesar) por Fabriciano Táboas Trigo (Belesar); Belarmino Misa González (Sabarís) por Agustín Villafines (Sabarís); Juan Manuel Martínez Martínez (Sabarís) por Román Martín (Sabarís); Antonio Giráldez Acevedo (Sabarís) por Valentín Puga (Baiona-Sabarís); e Domingo Giráldez Durán (Baredo) por Francisco Sánchez (Baredo).

As renuncias dos representantes dos republicanos, galeguistas e socialistas son cubertas por concelleiros afíns ao Partido Radical entre os que se mesturaban principiantes na vida política, como os Giráldez, con veteranos, como Nartallo, Belarmino Misa e Juan Manuel Martínez, con experiencia en réximes anteriores. Pero todos tiñan en común a súa vinculación ás directivas das sociedades agrarias das súas parroquias: Baredo, Belesar e Sabarís. As substitucións fixéronse respectando con exactitude o equilibrio parroquial. É dicir, só se nomearon concelleiros nas parroquias onde se produciran vacantes e eses novos edís pertencían á mesma localidade dos renunciante. A presenza de Nartallo era un recoñecemento ao liderado absoluto que exercía sobre a súa parroquia e, ao mesmo tempo, por ser o presidente da primeira e máis fiel agrupación radical do municipio, así como da sociedade agraria. Ademais como xefe do clan familiar vai substituír o seu cuñado Fabriciano.

Situados nos seus cargos, os novos concelleiros asistiron á recepción que Baiona dispensou ao presidente da República, Niceto Alcalá Zamora, a principios de agosto. Tal foi o boicot da oposición á recepción, a pesar de ser convidados, que os radicais cargaron contra eles “ya que con su ausencia no cumplieron sus deberes como españoles”.²⁷²

Cando estala a Revolución de Outubro, os comportamentos sindicais ante a chamada á folga xeral e ás mobilizacións foron moi distintos en Baiona. Por parte do Sindicato Obreiro non se produciron altercados significativos, aínda que José Villafines (FAI) foi detido o 18 de outubro (González Pérez, 2014: 83).

Nin nas actas das sesións plenarias, nin nos libros de Rexistro de Saída e Entrada de documentos, nin na correspondencia nin na documentación do Xulgado contén información de nada que saíse da rutina cotiá da veciñanza. A prensa local clausurada uns días pola declaración do estado de guerra, informou, xornadas despois, de que as fábricas funcionaran coma sempre.²⁷³ Outra cousa moi distinta foi o sector pesqueiro e conserveiro, pois, a pesar das circunstancias excepcionais en todo o territorio nacional,²⁷⁴ o Sindicato de Mariñeiros-CNT convocou os afiliados e traballadores

271 *Ibíd.*, Sesión plenaria do 12 de agosto de 1934.

272 *Ibíd.*, Tampouco asistiron o párroco e unha comisión de veciños notables que foran convidados.

273 *Faro de Vigo*, 13 de outubro de 1934.

274 *El Pueblo Gallego*, 10 de outubro de 1934. O xeneral xefe da VIII División Orgánica, Pedro de la Cerdá y López, foi o encargado de redactar e de facer cumprir a Lei Marcial. Este é un resumo do seu articulado: Art. 1.- Intimou todos os perturbadores, rebeldes e sediciosos a que no prazo de dúas horas depoñan a súa actitude e se sometan ás autoridades lexítimas, os que así o fixesen quedarán exentos de pena, excepto os autores e xefes de rebelión, sedición e desorde.

Art. 2.- Queda prohibida a formación e circulación de grupos de tres ou máis persoas.

Art. 3.- Queda prohibido aproximarse, desde as seis da tarde ás sete da mañá, ás liñas férreas, de enerxía eléctrica, conducións de auga, cuarteis, polvoreiras, dependencias militares (...) A forza pública poderá disparar sen aviso previo sobre quen se atopasen neses lugares ás expresadas horas.

Art. 4.- Serán repelidos coas armas sen previa intimidación todos os actos de violencia que as forzas encargadas da orde sorprendan e desde logo os atentados en contra delas.

Art. 5.- Serán considerados como reos de rebelión ou sedición común ou militar (...) a) os que ataquen a

a un paro pacífico de catro días que obrigou os pesqueiros a non saír a faenar. O mesmo alcalde, armador de profesión, tivo que ausentarse durante os días posteriores para saír ao mar e compensar así as xornadas perdidas. O día 6 de outubro os piquetes do sindicato anarquista, formados por Francisco Rodríguez González, Guillermo Freire Pereira, Francisco Lijó Pérez, José Rodríguez González, Faustino Rodríguez Vieitez, Jesús Soteliño Rodal, Sabino López Freire, José Villagómez González, Jesús Freire Pereira e Manuel Leyenda Marcote, compareceron na fábrica de conservas propiedade de Julián de Revollar e impediron de maneira violenta que descargase unha camioneta de sardiña que viña da localidade próxima de A Guarda, arroxando ao mar unha parte da mercadoría e espaxando polo chan o resto, polo que foron detidos e postos a disposición do Xulgado de 1ª Instrución de Vigo.²⁷⁵

A causa por coacción contra Francisco Lijó Pérez e seis máis do sindicato anarquista viuse na Audiencia, pedindo o fiscal para cada un deles a pena de dous meses e un día de arresto, 250 ptas. por danos causados e 500 ptas. de multa.²⁷⁶

En Sabarís os piquetes tentaron que as leiteiras non fixesen a repartición cotiá, o que deu lugar a pequenos incidentes tras a intervención da Garda Civil.²⁷⁷ Os servizos públicos dependentes de Vigo. como correos ou os tranvías, sufriron atrasos considerables.

A diferenza dos outros dous municipios da comarca do Val de Miñor, en Baiona a autoridade provincial non aproveitou os sucesos revolucionarios para facer unha crise no goberno local. A reposición de González Cadilla e a remodelación de agosto pasado deberon parecerlle suficiente para sentirse seguro respecto da fidelidade da nova corporación aos intereses do executivo radical.

Este goberno local colabora nos actos de agradecemento ao exército e ao gobernador civil Diego Fernández Gómez pola súa actuación ante os sucesos revolu-

autoridade ou a forza pública. b) os que celebren reunións ou manifestacións non autorizadas. c) os que atenten contra a liberdade de traballo de palabra, por escrito ou con violencia. d) os que por medio de atentados alterasen a orde pública, os que tivesen armas e explosivos sen autorización. e) os que inxuriasen de palabra ou escrita o réxime, autoridades, exército ou inciten á comisión de delitos. f) os que impidan as comunicacións ou os servizos públicos.

Art. 6.- Os comprendidos nos apartados do artigo anterior serán xulgados por tribunais militares en xuízo sumarísimo e suxeitos á disciplina militar.

Art. 7.- Quedan ademais á competencia desa xurisdición: os delitos de rebelión e sedición, delitos con explosivos, as desordes públicas e desobediencia, violación de morada e roubo de armas.

Art. 10.- Castigarase con multas de ata dez mil pesetas actos contrarios á orde pública, aínda que non sexan constitutivos de delito.

Art. 11.- Non poderá celebrarse ningunha reunión, mitin ou manifestación sen o permiso correspondente. As que así se fagan serán disoltas pola forza.

Art. 12.- Someteranse a censura previa, antes de empezaren a circular, impresos e xornais diarios, e incorrerá en multa de ata 10.000 pesetas o editor, director ou empresa que infrinxan a censura establecida.

Art. 13.- Toda persoa que presencie calquera agresión ou acto de violencia estará obrigada a denuncialo e achegar o seu testemuño.

Art.15.- Os funcionarios públicos ou corporacións que non presten o auxilio demandado pola miña autoridade serán suspendidos de emprego e soldo.

Art. 16.- Decláranse incautados os automóviles de carga, viaxeiros e particulares, motocicletas e vehículos de todas clases, quedando prohibida a circulación rodada, sen licenza especial.

275 *Ibíd.*, 21 de novembro de 1934.

276 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 213, Libro de Rexistro de Entrada 213/2. Documento con data de 9 de abril de 1935.

277 *El Pueblo Gallego*, 13 de outubro de 1934.

rios do pasado outubro. Tamén se mostran unidos a principios de 1935 cando acoden á homenaxe de Emiliano Iglesias en Vigo, posteriormente recibido en Baiona²⁷⁸ con honras con motivo da súa despedida, polo seu nomeamento como embaixador en México, xa que en Madrid a cúpula radical dábaos por amortizado no papel de parlamentario e líder provincial. Tamén se decidiu mandar unha comisión do Concello aos actos de exaltación que terán lugar en Pontevedra con motivo da visita do presidente do goberno, Lerroux, a Galicia.²⁷⁹

Era obvio que cos novos nomeamentos a complicidade política se instalase na corporación. As sesións limitábanse á xestión dos asuntos cotiáns, os debates ideolóxicos desapareceron e as confrontacións entre os seus membros tamén. Pola súa banda, o bando da oposición desapareceu practicamente do Concello, ata o triunfo da Fronte Popular.

Os vaivéns lexislativos da República non impedirán o desenvolvemento da organización católica comarcal, que contaba co apoio de boa parte do veciñanza. As delegacións de Baiona, Sabarís, San Pedro da Ramallosa, Panxón e Gondomar contaban con numerosos simpatizantes e a súa programación de actividades ía desde actos relixiosos á realización de acontecementos lúdicos e culturais. Concretamente a sección de Baiona recibiu o encargo das autoridades relixiosas de organizar a III Asemblea das Mocidades Católicas da Diocese de Tui que reunirían 18 delegacións que sumaban, en total, máis de 1600 afiliados.²⁸⁰ O acto contou cos reclamos e a publicidade dos xornais católicos, fundamentalmente de *La Voz del Miñor*, e do seu propagandista máis prolífico, o párroco de Panxón, Jesús Espinosa, que convidaba a colaborar e involucrarse nos preparativos desa Asemblea a todos os veciños católicos:

“Miñoranos, nuestra tradición lo demanda. Nuestras creencias nos lo exige. Dios lo quiere, el Papa lo pide.....unos podrán dar limosna, otros hablar y animar a los jóvenes que aún no forman en las filas organizadas de las juventudes. Todos pueden comenzar ya a pedir al señor que bendiga los trabajos preparatorios”.²⁸¹

O discurso de presentación tivo lugar o 19 de maio polo presidente da mocidade local, José Barreiro Troncoso, ante as delegacións de Mondariz, Tui, Vigo, Bouzas, O Rosal, Baiona, Panxón e Gondomar; a cerimonia inaugural correu a cargo do bispo de Tui, monseñor García e García.²⁸²

Os obxectivos fixados para a súa celebración eran: intercambiar información sobre a acción desenvolvida polos distintos centros católicos, estudar e discutir os relatorios presentados, conferenciar sobre orientacións, recibir leccións prácticas para que a actuación das Mocidades sexa máis eficaz e, naturalmente, “calentar los pechos juveniles con calor vivificante de Cristo”.²⁸³

278 *Faro de Vigo*, 19 de marzo de 1935. Tamén *El Pueblo Galego* da mesma data. *Ibíd.* *La Voz del Miñor* do 23 de marzo. En sesión plenaria do 10 de marzo de 1935, o goberno local xustifica esa homenaxe por “los muchos beneficios que por su mediación se conseguiron recentemente para las industrias de estas localidades”. Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 53/3.

279 Arquivo Municipal de Baiona, *Ibíd.* Sesión plenaria do 2 de agosto de 1935.

280 *La Voz del Miñor*, 9 de marzo de 1935.

281 *Ibíd.*, 13 de abril de 1935.

282 *Faro de Vigo*, 21 de maio de 1935. Na misa inaugural celebrada na Colexiata de Baiona, o Bispo repartiu máis de 600 comuñóns.

283 *La Voz del Miñor*, *Ibíd.*

Os hostaleiros e comerciantes do centro urbano mostraron compracencia ao veren os establecementos cheos de clientes e os ingresos incrementados, pero non satisfixo a todos a presenza da militancia católica. Os simpatizantes de esquerda non deixaron de increpalos e producíronse momentos de tensión, como cando acantazaron os cristais do local onde se celebraban as reunións. O alcalde González Cadilla, para evitar maiores enfrontamentos e coa vista posta na presenza do bispo, esta vez para clausurar esa Asemblea e co fin de non crispas aínda máis o ambiente, prohibiu o desfile das mocidades católicas e das súas bandeiras, a pesar de que os convocadores recibiran resposta afirmativa do Goberno Civil para esa parada²⁸⁴ (Rodríguez Lago, 2004: 27).

Estaba claro que as dereitas se sentían fortes, especialmente nese municipio, e que as elites reaccionarias non aceptaban, aínda a esas alturas, o réxime republicano. Por iso continúan desafiando a legalidade constitucional en Sabarís, coma nos tempos pasados das conspiracións. A mediados de abril de 1935 colocaron, pola noite, unha bandeira monárquica no balcón do edificio da escola de nenas, sita na praza, a poucos metros de onde se celebraba o mercado semanal “fue izada con cobardía y traición que tienen por norma (los monárquicos) proceder siempre”. O feito de que ao día seguinte fose moi concorrido o lugar por ser día festivo e que a bandeira estivese á vista de todos, motivou moitos comentarios. Estaba claro que os simpatizantes monárquicos aínda estaban presentes en moitos distritos do municipio.²⁸⁵

O proxecto de abastecemento de auga e saneamento de Baiona foi un exemplo da participación veciñal na xestión dos servizos públicos e contou coa convocatoria dun referendo para a súa aprobación. A idea desta dotación non era nova. O médico Ignacio Cordeiro, alcalde durante a Ditadura, tentou concienciar a corporación da necesidade deses servizos básicos, coa vista posta na hixiene, salubridade persoal e no turismo. A elaboración do proxecto técnico rematou a finais do verán de 1935, aínda que non suscitou a adhesión de todos os veciños. Como era de esperar, os habitantes das parroquias limítrofes quedaron decepcionados de que non se estendese a auga e saneamento polas vivendas situadas á beira da estrada Baiona-San Pedro da Ramallosa, lugar do Burgo (Baíña) e, sobre todo, Sabarís. Argumentábase por parte dos descontentos que con 400.000 ptas. de investimento resolveríase esa demanda. Pero o Concello non atendeu ditas suxestións e non modificou o proxecto.²⁸⁶

O mencionado documento aprobouse o 20 de setembro. González Cadilla, repasou as necesidades que levaran ao goberno local a abordar ese importante investimento. Por unha banda a carencia de auga en cantidade suficiente para atender as necesidades particulares dos veciños, os cales se vían obrigados a esperar horas e horas ante as escasas fontes públicas existentes e o seu irregular caudal, e iso facía que o exíguo abastecemento con que se contaba situaba a Baiona por baixo do limiar mínimo de vinte litros por habitante que se consideraba indispensable. Se a iso se engadían as defectuosas condicións hixiénicas do depósito e transporte da auga, comprenderase a urxencia de levar adiante, canto antes, a realización dese proxecto.²⁸⁷ Ao feito de dispor os veciños de auga potable de calidade e en cantidade, uníanse razóns de carácter industrial e comercial, como o abastecemento de buques pesqueiros, fábricas de salgadura, de conserva etc. Doutra banda, e baixo o punto de vista hixiénico, produciríase unha considerable mellora coa construción da rede de sumidoiros coa que se pretendía conseguir o aseo e limpeza de todas as vivendas co fin de alcanzar un bo estado sanitario e de salubridade.

284 Un resumo desa Asemblea Diocesana en *La Voz del Miñor* do 26 de maio de 1935.

285 *El Pueblo Gallego*, 17 de abril de 1935.

286 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/3. Sesión plenaria do 20 de setembro de 1935.

287 *Ibíd.*

O alcalde recoñeceu a incapacidade do orzamento para abordar tan importante proxecto e a imposibilidade de aumentar a carga impositiva aos veciños. O modelo de financiamento escollido era un crédito que se puidese amortizar cos recursos ordinarios sen estrangular o mantemento dos outros servizos públicos. De acordo cos proxectos realizados polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Casimiro Juanes, o abastecemento de augas ascendería a 289.058 pesetas e a construción da rede de sumidoiros a 134.344 pesetas, o que facía un total de 423.402 pesetas. A corporación ía contar co compromiso dunha subvención por parte do Ministerio de Obras Públicas que supuña o 50% de cada proxecto, é dicir 144.529 para o abastecemento de augas e 67.172 ptas. para a rede de sumidoiros. Para obter o financiamento do outro cincuenta por cento, o goberno local concertará un préstamo por valor desta cantidade ao interese do 6% anual, emitindo títulos de 200, 500 e 1000 pesetas, amortizables nun prazo de trinta anos contando a partir do ano 1937. Este préstamo estaría garantido, en primeiro lugar, cos ingresos que haberían de obterse dos servizos que levasen a cabo o abastecemento de augas e saneamento e, doutra banda, cos ingresos ordinarios do orzamento municipal.²⁸⁸

O alcalde anunciou que o domingo, 29 de decembro, se celebraría un plebiscito para autorizar á corporación para asinar un empréstito por valor de 211.701 ptas. para realizar a obra. Por unha vez a prensa coincidiu na defensa do proxecto como unha necesidade “no solo por motivos de higiene y comodidad de la vida moderna, sino también debido a ser Baiona un pueblo con población veraniega y turística”.²⁸⁹ Por iso un dos apoios máis importantes a ese proxecto foi a colonia madrileña.

Un par de días antes do plebiscito, González Cadilla publicou un bando explicando os beneficios que para os veciños e para o mesmo Concello reportaría a realización do mencionado plan.²⁹⁰

BANDO:

“1. Suponiendo que de las 490 casas que integran el núcleo de Baiona, se instalara el servicio de aguas en 300, contribuyendo por término medio a razón de 3 ptas. mensuales harían un total anual de 10.800 ptas.

2. La flota pesquera de Baiona y Panxón que en la actualidad cuentan con un mínimo de 20 barcos con un promedio mensual de 40 ptas. por barco harían un total de 9.600 ptas. sin contar con los numerosos balandros, galeones, barcos a vapor, etc. que constantemente comunican con nuestra comandancia de marina preguntando si se puede en este puerto realizar el servicio de aguada.

3. Servicios de hoteles, fábricas de salazón, gaseosas, panaderías, etc. que por su naturaleza tienen que hacer un consumo extraordinario del líquido elemento vamos a tasarle como mínimo por este concepto 2.000 ptas.

4. “Servicio de encascados de aparejos”. Este servicio por el número de los existentes en esta villa, podemos tasarlo, sin temor a equivocación alguna en 1.000 ptas. anuales.

5. Resumiendo: tenemos, pues, de ingresos seguros de ningún género de duda, los siguientes: Primer concepto: casas 10.800 pesetas, segundo concepto: barcos, 9600, tercer concepto: industrias 2.000 y cuarto concepto: “encascados” 1000. Total ingresos 23.400 pesetas. Gastos: un em-

288 *Ibíd.*

289 *El Pueblo Gallego*, 28 de decembro de 1935.

290 No Arquivo particular de Amparo Barreiro, consérvase una copia do bando. Tamén o recolleu o *Faro de Vigo* do 28 de decembro de 1935.

pleado 2600 ptas., intereses del empréstito más prima de amortización 19.652. Total gastos 22.252 pesetas.

O sea, que queda un superávit a favor del Ayuntamiento de 1.148 pesetas el primer año, que aumentará sucesivamente, durante treinta años en que estará concertado el empréstito, al final de los cuales, tendremos un servicio de aguas que será una fuente inagotable de ingresos para nuestro Ayuntamiento.

Por todo ello, vecinos del Ayuntamiento de Baiona, votad como un solo hombre, el referéndum el día 29, con ello lograréis trabajo en las obras a realizar, veréis disminuir el odioso reparto vecinal y el Ayuntamiento de Baiona después de un marasmo de siglos iniciará una carrera de expansión que servirá de orgullo a todos los vecinos de este término municipal, evitando el bochorno que para todos nosotros supondría que por repulsa o apatía vuestra llegase a perderse el referéndum y en consecuencia el Estado retirase el cincuenta por ciento que para esta obra tiene consignada”.

O referendo celebrouse sen incidentes e coa participación masiva dos electores; a favor situáronse 1.031 deles e en contra 298.²⁹¹

Un gran triunfo a pesar da campaña en contra e o voto negativo dalgúns veciños das parroquias limítrofes, fundamentalmente de Sabarís.

“Algunos elementos suspiran por llevarnos a una época de hace ocho siglos, laboran traidoramente en una campaña de artificios y falsedades para conseguir que el pueblo vote en contra del proyecto del domingo próximo.”²⁹²

Pero contra o resultado desa votación interpúxose recurso ante o Tribunal do Contencioso-Administrativo de Pontevedra por parte de Gerardo Solla Fernández, Vicente Táboas Trigo e Veremuno Vieitez Penedo, das localidades de Sabarís e Belesar. O Tribunal fallou o 24 de abril de 1936 declarando nulo o referendo xa que na súa preparación e celebración omitíranse preceptos e requisitos legais.²⁹³ Respectando o fallo do Tribunal, a nova Xestora que fora nomeada pola Fronte Popular abandonou o proxecto.

8.2. GONDOMAR: DEPURACIÓN DOS RADICAIS DISIDENTES. ENTRADA DA CEDA NA CORPORACIÓN

En Gondomar, a principios de 1934, dous novos concelleiros presentaron a renuncia e, en total, xa sumaban sete as vacantes. O último en abandonar o goberno local fora o concelleiro, veciño de Chaín, José Pérez Rodríguez por aceptar o posto de auxiliar de camiñeiro na estrada Vincios-Couso ao seu paso por Morgadáns.²⁹⁴ Ante unha petición do goberno local que lembraba que o número de dimisionarios alcanzaba xa a terceira parte do total da corporación, o gobernador civil enviou o delegado

291 *Faro de Vigo*, 11 de xaneiro de 1936.

292 *El Pueblo Gallego*, 28 de diciembre de 1935.

293 *Ibíd.*, 24 de abril de 1936

294 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 83. Documento de 14 de febreiro de 1934.

Enrique Pérez Fontán,²⁹⁵ que nomeou corporativos interinos ata completar un total de dezasete e non dezaioito, que era o número dos rexedores saíntes das eleccións de 1931. Coa rebaixa dun concelleiro emendouse o erro que se levou a cabo naquelas datas, pola mala aplicación do artigo 35 da vixente Lei Municipal.

Os novos concelleiros eran os propietarios agrícolas Manuel Domínguez Rodríguez, de Couso; Domingo Bravo Caneda, de Gondomar; Rosendo González Piedras, de Morgadáns; o panadeiro Domingo Fernández Carrera, de Gondomar; o madeireiro Ramón Alonso, de Gondomar; e os tratantes de gando Antonio Salgueiro González, de Chaín e Avelino Alonso Pérez, de Vincios.²⁹⁶ Deles, R. Alonso e Domínguez Rodríguez eran os maiores contribuíntes das súas parroquias e, con Bravo Caneda, Salgueiro González e Avelino Alonso pertencían ao grupo de americanos retornados. E aínda que soamente R. Alonso e Domínguez Rodríguez tiñan experiencia de goberno por ocupar escanos durante a monarquía, todos gozaban da confianza do Partido Radical e forman parte dunha campaña política destinada ao desaloxo dos concelleiros da conxunción republicano-socialista, ou próximos a ela, nos municipios onde fose posible, a base de cubrir vacantes que se produciran con militantes ou simpatizantes radicais. Con esta nova corporación, o alcalde, Pequeño, non só quedaba en inferioridade e prisioneiro político dos radicais, que recuperaron a maioría e a iniciativa, senón que se puxo fin á descentralización na dirección política e liquidouse a apertura, o consenso e o pacto cos axentes sociais e agrarios, así como tamén cos socialistas, o que caracterizara a xestión de Pequeño e os seus desde o nomeamento ata a caída en desgraza.

O alcalde e a súa maneira de exercer o poder local foron os grandes derrotados desta renovación. É certo que Pequeño seguía exercendo de presidente do Concello, pero non foi capaz de controlar os resortes da institución municipal porque carecía da capacidade e os apoios necesarios para sacar adiante proxecto ningún. A loita polo control da corporación cae, por agora, ao lado dos radicais que axiña empezarán a exercelo coa elección dun dos seus, Joaquín Couto Couto, para ocupar a segunda tenencia de alcaldía que estaba vacante.²⁹⁷

Aproveitando ese desequilibrio renovouse o conflito da iluminación de Vincios que xa tratamos en páxinas anteriores. É agora cando o concelleiro Figueroa, que conta co consentimento do partido, revestido da autoridade parlamentaria, marca o ritmo da axenda política, e obrigou o alcalde, Pequeño Rodríguez, a rectificar o proxecto da iluminación e, de paso, define o territorio ante o intento de desprazalo ou, polo menos, de minguar o seu dominio na parroquia por parte dunha Sociedade Agraria, que virara as súas posicións afastándose das posturas do Partido Radical e, por tanto, perdera a confianza da nova maioría corporativa.

Neste novo contexto político escenificado polo sometemento do alcalde e do seu bando, son os radicais os que decidirán agora o que se aproba e o que non, aínda que, nalgúns casos, con decisións contraditorias. Así, por exemplo, cando Domingo Pazos Alonso, do bando dos escindidos, apoiado polo alcalde, propón que debido ao escaso orzamento que se estaba xestionando se financiasen os actos festivos do terceiro aniversario da República, cuxos gastos ascendían a cen pesetas, co diñeiro persoal dos membros da corporación, atopouse co rexeitamento dos radicais, aos que, con todo, non lles importou botar man do investimento público para esta celebración. En cambio, cando o socialista Lorenzo pretendeu que Gondomar se adherise á homenaxe que as sociedades agrarias do Val de Miñor lle querían tributar ao histórico

295 *Ibíd.*, caixa 3, cartafol 3/2. Documento con data de 7 de marzo de 1934. n

296 *Ibíd.*, caixa 23, Libro de Actas 23/2. Sesión plenaria do 8 de marzo de 1934.

297 *Ibíd.*, 19 de marzo de 1934.

agrario de Sabarís Ventura López, e pediulle ao goberno local que nomease unha representación para asistir e concedese unha partida orzamentaria para colaborar neses actos, a resposta de Figueroa, convertido no home forte da nova maioría, foi apoiar, moi sutilmente, a primeira proposición e denegar a segunda dada “la escasez de dinero que tiene el Ayuntamiento”.²⁹⁸

A partir dese momento, non se aprobará ningunha moción sen o visto e prace de Figueroa. Non importa que a sociedade agraria da súa parroquia o declare proscrito, xa que esas sociedades cotizan á baixa desde o momento que pediran o voto para a esquerda nas eleccións pasadas. Figueroa é agora o líder de Vincios e os seus veciños así llo recoñecen tributándolle unha homenaxe masiva.

Na outra bancada da corporación, o bando que apoiaba o alcalde atopábase descolocado, sen protección partidista e, enfrontado como estaba cos radicais, non tiña ningún futuro nesa nova conxuntura política. Por iso estableceron contactos en maio (1934) para apoiar a escisión de Martínez Barrio do oficialismo radical de Lerroux. Esa ruptura supuxo a baixa de moitos afiliados radicais en Galicia, en Pontevedra apenas se notou dado o control que tiñan Emiliano Iglesias e os seus fieis sobre a militancia. (Alfonso Bozzo, 1976: 93-94) O Centro Republicano Cultural, dependente do Partido Radical, convocou unha reunión para recuperar a independencia política de acordo co articulado que rexía os seus estatutos. Ante a gravidade da situación tivo que intervir Pablo Nieto, agora alto cargo na organización provincial, para frear o intento do grupo de radicais leais a Pequeño de desertar da disciplina do partido.²⁹⁹

Só era cuestión de tempo; a escusa para defenestrar os díscolos chegou con motivo dos sucesos revolucionarios de outubro. A diferenza de Baiona, que por esas datas xa tiña *radicalizado* o seu executivo e non foi necesaria a intervención do Goberno Civil para renovalo, en Gondomar abundaban os traidores á causa radical. A pesar diso, e coa ausencia do socialista Rogelio Lorenzo, aprobouse cos votos a favor de radicais e ex- radicais unha moción de Figueroa felicitando o goberno central pola represión dos sucesos de Asturias. Ao fin e ao cabo os antigos radicais estaban fóra do partido, pero as súas discrepancias cos seus ex-compañeiros non chegaban a tal punto como para non votar a favor do mencionado escarmento ao levantamento revolucionario. Ademais, nun intento de suavizar o seu posicionamento transgresor, Pequeño apoiou tamén a homenaxe ao exército e á autoridade provincial.³⁰⁰

A pesar deste xesto de boa vontade, a sorte xa estaba botada para os rebeldes e así, o 29 de outubro, o gobernador civil suspende das súas funcións o alcalde, José Pequeño, e os concelleiros Emilio Eiras, Ángel Pazos, José Vargas (ex-radicais) e o socialista Rogelio Lorenzo por non contar coa confianza das autoridades, motivo:

“No haber actuado en los últimos días con la diligencia y actividad necesaria en un momento en que el poder público necesitaba de las mayores asistencias para el restablecimiento del orden y la tranquilidad públicas perturbadas por el movimiento revolucionario”.³⁰¹

Para substituílos e, ao mesmo tempo, cubrir a vacante por defunción do concelleiro Francisco Roade, designa con carácter interino a José Quintas Santiago (Gondomar),

298 *Ibíd.*, caixa 23, Libro de Actas 23/4. Sesión plenaria do 13 de xuño de 1934.

299 *El Pueblo Gallego*. 29 de maio de 1934.

300 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 23, Libro de Actas 23/3. Sesión plenaria do 24 de outubro de 1933. O socialista Rogelio Lorenzo non estivo presente nesa sesión plenaria.

301 *Ibíd.* Sesión plenaria de 29 de outubro de 1934. También en caixa 83-1934, carta do gobernador civil ó alcalde anunciando os ceses, 24 de outubro de 1934.



Concelleiros CEDA-Nigrán:

1. Florencia Valverde Fajo 2. Manuel Fernández Rodas 3. Rotilio González Cadaval 4. Carlos Valverde González.



Concelleiros Nigrán:

1. Eduardo Rial Fernández 2. Manuel González Vidal 3. Rial Lomba 4. Rogelio Rodríguez.
Fotos cedidas polas familias.



Concelleiros Nigrán:

1. J. Vicente Sanromán 2. M. Estévez Vidal 3. M. Misa Valverde 4. Pedro Salgueiro Rial.
Fotos cedidas polas familias.



Alcaldes Nigrán

1. Manuel Alonso 2. Ángel Costas 3. Severino Alonso 4. Román de Lis (secretario).
Fotos cedidas polas familias

Jesús Mariño Domingo (Mañufe), Domingo Méndez Misa (Gondomar), José Pino Carrera (Donas), Casto Fajo Pinzás (Borreiros) e Avelino Iglesias Fernández (Peitieiros).³⁰²

Dos novos cargos, soamente Quintas Santiago e Fajo Pinzás ocuparan cargos corporativos. Tiñan a condición social de comerciantes e propietarios agrícolas.

Pequeño defendeu a súa xestión durante eses días, baseándose en que no municipio non se producira ningún tipo de alteración da orde pública, o paro testimonial dun día polos militantes do Sindicato da construción, fora pacífico. Apoiaba a veracidade destas informacións nos informes que enviou ao comandante militar,³⁰³ así como a posta en marcha dun servizo de orde composta polos gardas xurados e alguacís baixo a autoridade do tenente de Carabineiros de Baiona, que non tiveran que atender incidente ningún. Pero a decisión xa estaba tomada: a Dirección Xeral da Administración, dependente do Ministerio da Gobernación, aprobou a decisión da autoridade provincial de suspender a varios dos concelleiros dese Concello, levado a cabo durante o estado de guerra e en aplicación do artigo 55 da Lei de Orde Pública. A súa saída era necesaria para a estabilidade e o control do goberno local por parte dos radicais. Estes perderan a confianza en Pequeño e non podían contar co seu antigo compañeiro de partido.³⁰⁴

Na mesma sesión plenaria do 29 de outubro, elixiuse alcalde o presidente da agrupación local dos radicais de Gondomar, José Quintas Santiago, e de 1º tenente alcalde a Domingo Bravo Caneda. Por primeira vez entrarán a formar parte da corporación os militantes da URD-CEDA e algúns afiliados republicano-mauristas, formando un goberno local de coalición en consonancia co que ocorría en Madrid, o que supuxo un claro xiro político cara á dereita de acordo coa situación política daqueles momentos.³⁰⁵

En clave local, esa volta de rosca conservadora estaba en relación directa co novo xefe, Quintas Santiago, un dos maiores contribuíntes, americano de Montevideo, un vello simpatizante da Ditadura coa que colaborou e na que desempeñou en varias ocasións o posto de concelleiro desde 1924 a 1930, e mesmo participou na corporación monárquica que precedeu á proclamación da República. Coa chegada desta e nun claro exemplo de camaleonismo político, propio de numerosas elites monárquicas dese período, cambiou o carné da Unión Patriótica polo do Partido Radical e co seu apoio foi elixido fiscal en xuño de 1931. Máis tarde ascende á presidencia da agrupación local, en 1933, que era o posto que ocupaba cando foi nomeado alcalde. Bravo Caneda, pola súa banda, era propietario agrícola e retornado de Cuba, non tiña experiencia na xestión política pero simpatiza, por agora, coa causa radical que o elevou ao cargo de suplente de xuíz en 1931. No momento do seu nomeamento era o presidente da Sociedade Propietaria Agraria de Gondomar, adicta aos radicais desde o comezo da República.

Alcalde, José Quintas Santiago
1º Tenente, Domingo Bravo Caneda
2º Tenente, Joaquín Couto Couto
3º Tenente, Antonio de Lis Rodríguez

Radical
Radical
Radical
Republicano-Conservador

302 *Ibid.*, caixa 23, Libro de Actas 23/2. Sesión plenaria do 29 de outubro de 1934.

303 Enviaba telegramas diarios á Comandancia Militar, dando novidades do estado da orde pública no municipio. O primeiro que mandou dicía así “Recibido telegrama vucencia sobre estado de guerra daré al mismo exacto cumplimiento. Día ayer transcurrido sin novedad”. O alcalde José Pequeño. *Ibid.*, caixa 83, s/d.

304 *Ibid.*, cartafol 83-1935. Documento do 12 de decembro de 1934.

305 *Ibid.*, caixa 23, Libro de Actas 23/3. Sesión plenaria do 29 de outubro de 1934.

Concelleiros, polo Partido Radical: Manuel A Figueroa Rguez, Manuel Domínguez Rguez, Rosendo González Pedras, Antonio Salgueiro Glez, Avelino Alonso Pérez, Domingo Fernández Carrera, Ramón Alonso e Manuel Glez Fernández. Por CEDA: Avelino Iglesias Fernández, Domingo Méndez Misa e José Pino Carrera. E polos republicano-conservadores: Jesús Mariño Domínguez e Casto Fajo Pinzás.³⁰⁶

Con este pacto, os radicais e os seus socios políticos crían que se aseguraban unha lexislatura tranquila, sen sobresaltos, unha corporación sen fisuras, sen rupturas e sen discrepancias significativas. Con todo, xa na primeira sesión plenaria saíron a relucir certas diverxencias á hora de interpretar a xestión económica levada a cabo polos primeiros gobernos locais da República. Avelino Iglesias (CEDA) era un concelleiro peculiar; cando se levou a cabo o seu nomeamento, a prensa agraria tachouno de extranhero. A primeira iniciativa foi dirixirse á sociedade agraria da súa parroquia, Peitieiros, para que convocase a veciñanza co fin de que lexitimase o súa designación por medio dunha votación. Os agrarios non deron conformidade e repudiaron a súa designación.³⁰⁷ A moción que presenta Iglesias recolle o sentir maioritario da poboación: existía unha excesiva cantidade de impostos. Propón botar man do reiterado argumento de auditar o estado das contas desde o comezo da República, para non ser cómplices, diante dos veciños, do desastroso balance da facenda que presentaba a corporación no momento da toma de posesión; ao mesmo tempo, cría que se producira un aumento excesivo e impropio dos orzamentos, tendo en conta as capacidades dese Concello, o que facía que as leis estatais obrigasen a Gondomar a realizar gastos e a pagar impostos que non podía soportar, a non ser mediante enormes sacrificios que soportaban os sufridos contribuíntes. Iso agravábase máis se tiñamos en conta que estes elevados orzamentos, que se aprobaban ano tras ano, eran ficticios, sobre todo, na parte que se referían aos ingresos obtidos.³⁰⁸

O obxectivo que pretendía Iglesias era avanzar un programa moralizador e restrictivo, sen excesos, de acordo co potencial económico de Gondomar e coas súas limitacións e, ao mesmo tempo, que os veciñosoubesen moi ben quen eran as administracións responsables do ruinoso estado do erario público e, por tanto, salvar a responsabilidade propia e a dos seus compañeiros dese desfalco económico.

“Ya que nosotros venimos a esta Corporación dispuestos a efectuar una administración honrada y a no permitir aumento alguno en el presupuesto que pueda hacerlo más gravoso, antes al contrario, disminuirlo, rebajando así, si es posible, los impuestos actuales, debemos actuar a la luz del día, con claridad meridiana, no ocultando ni escamoteando al público la verdad de los hechos, para no vernos envueltos en sus justas repulsas en el día de mañana, toda vez que al público debemos la verdad por entero y nos la debemos a nosotros”.³⁰⁹

Este documento, cheo de realismo e boas intencións, representaba, en rigor, unha emenda á totalidade da xestión económica dos anteriores executivos locais cuxos integrantes formaban parte da actual coalición de goberno. Isto causou malestar entre os seus aliados, e Figueroa supeditou o apoio dos radicais á retirada da parte onde se

306 *Ibíd.*, caixa 83. Documento do 6 de xullo de 1935.

307 *El Tea*, 4 de xullo de 1935.

308 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 23, Libro de Actas 23/3. Sesión plenaria 2 de xaneiro de 1935.

309 *Ibíd.*

cualifica de desastrosa a xestión económica realizada desde 1931. Así se fixo, despois dunha puntual rectificación.

Enseguida xurdiu un novo conflito: a Delegación Provincial de Facenda rexeitou e devolveu o proxecto do orzamento para 1935, por non consignar nese documento os aumentos salariais do persoal sanitario tal como contemplaba a lexislación vixente. Parte do goberno manifestouse a favor de que a corporación dimitise, xa que

“Los médicos están suficientemente retribuidos pues, aparte del sueldo que perciben del municipio de Gondomar, ejercen libremente la profesión y se defienden admirablemente (...) mientras que el pobre labrador e industrial, que soportan las cargas y que a duras penas ganan para comer.”³¹⁰

Recoñecíase que a situación económica do Concello e dos veciños non era a máis oportuna para a esixencia de novas cargas impositivas, sobre todo tendo en conta que por entón non chegaban as remesas de diñeiro dos emigrantes de América polo bloqueo establecido naqueles países contra a divisa española, tendo que regresar alí moitos rendeiros que non se podían soste aquí coas reducidas cantidades de diñeiro que recibían. Isto repercutiu na economía de moitos pequenos labradores e do comercio que, na súa maioría, tiñan traballando neses países parentes que lles remitían cantidades en metálico para afrontar os pagos dos innumerables impostos que sobre eles pesaban, tendo en conta, ademais, que os produtos agrarios non alcanzaban para soste o propietario. Mesmo, debido á crise existente, estábanse efectuando embargos de terreos e vivendas de campesiños. Por iso, a corporación estrañábase de que os deputados da provincia, coñecedores das necesidades e miserias que sufrían os campesiños, permitisen que se aprobase esa Lei de Coordinación Sanitaria, que “es inoportuna y poco democrática”.³¹¹

De todos os xeitos, a CEDA era moi consciente da debilidade dos radicais que, a medida que avanzaba o ano, íase agudizando cada vez máis. En setembro de 1935 a dirección nacional deste partido decidiu que os seus concelleiros deberían abandonar as corporacións que formaban conxuntamente co Partido Radical. A principios de setembro, os concelleiros dereitistas Pino Carrera, Méndez Misa e Avelino Iglesias presentaron a renuncia “por non sentirse apoyados en sus iniciativas encaminadas a sanear la administración”.³¹² Con todo os coligados radicais non admitiron as dimisións.

A pesar deses debates, a xestión política ata as eleccións a Cortes de 1936 foi puramente rutineira. Con algunha excepción, como veremos, os plenos vólvense ocos, tediosos e aburridos. As sociedades agrarias, máis controladas que nunca, apenas contan con marxe política para negociar as súas reivindicacións. O goberno local móstrase colaborador e comprensivo con algunhas, e mesmo asume modestos investimentos en obras parroquiais, pero inquisidor con outras, como a de Borreiros, que presidía o ex- alcalde Pequeño Rodríguez. Tal foi o exceso de celo con que o recadador de impostos trataba algúns dos seus asociados, que obrigou o presidente da Federación Agraria do Val de Miñor, Antonio Silva, ao que a mencionada sociedade agraria acudira en busca de amparo, a pedir explicacións por esa persecución.³¹³

310 *Ibíd.*, sesión plenaria del 5 de enero de 1935.

311 *Ibíd.*

312 *Ibíd.*, caixa 24, Libro de Actas 24/1. Sesión plenaria do 11 de setembro de 1935.

313 *Ibíd.*, caixa 23, Libro de Actas 23/3. Sesión plenaria do 20 de marzo de 1935.

O goberno radical-cedista mesmo tratou de poñer baixo sospeita a xestión de Pequeño Rodríguez, e para iso creou unha comisión de investigación para escudriñar os investimentos levados a cabo en materia de obras públicas durante a parte final do seu mandato. A escusa foi unha denuncia presentada pola Sociedade Agraria de Mañufe, a primeiros de marzo de 1935, sobre as presuntas irregularidades na construción de camiños e fontes públicas na parroquia. Esa circunstancia foi aproveitada por Quintas Santiago para examinar os contratos e obras levadas a cabo nesta parroquia durante os anos de 1933 e 1934.³¹⁴

Os concelleiros radicais Bravo Caneda, Salgueiro González e R. Alonso, que formaban a Comisión de Obras,³¹⁵ visitaron os camiños, interrogaron os veciños e redactaron o informe para depurar responsabilidades por desvío de fondos municipais destinados a obras públicas, o que deu como resultado unha diferenza nas xustificacións económicas, entre o cobrado polos contratistas e o valorado pola Comisión de Obras por un total de cento cincuenta e cinco pesetas.³¹⁶ En cambio, o expediente instruído para investigar as obras levadas a cabo na mesma parroquia no ano 1934 non arroxou ningunha infracción sobre posibles negligencias ou mal uso do orzamento.

Pero as esperanzas de implicar a Pequeño en irregularidades económicas e administrativas frústranse antes das eleccións de febreiro de 1936, xa que a corporación vai entrar nunha fase de crecente descomposición. A CEDA vai asistir de espectadora ao agravamento das loitas internas polo control do goberno local entre os seus socios, loita fratricida entre bandos radicais dentro do Concello. Temos que entender eses enfrontamentos como produto de vellas rifas persoais e axustes de contas do pasado dentro da propia institución municipal.

O detonante foi outra comisión de investigación. Esta vez fora creada en 1933 para abrir unha inspección sobre irregularidades na recadación de impostos durante o Directorio. O seu ditame responsabilizou o actual alcalde, Quintas Santiago, que en 1930 era concelleiro e un dos membros da Comisión Permanente, o que o colocaba nunha delicada situación. Acusábano de dar o visto e prace a unhas contas que aparentemente cadraban, cando en realidade existía un desfasamento entre os ingresos fiscais recadados e o diñeiro ingresado por valor de 3.123,50 ptas. O politicamente relevante era o feito de que, pasados dous anos, novembro de 1935, o goberno presidido polo mesmo Quintas aprobou un informe condenatorio que presentou a mesma comisión investigadora en presenza del, e sen que ningún concelleiro saíse na súa defensa.

O alcalde, nun intento de salvar a súa dignidade, preséntalle a súa renuncia ao gobernador rogándolle que a acepte, xa que despois de que o expediente instruído o considerase responsable do desvío das contas, o seguinte paso sería expedir un mandamento de prema pola cantidade debedora, o que o incapacitaría para seguir desempeñando o cargo. A autoridade provincial denegoulle a petición por carecer de atribucións para esa cuestión.³¹⁷

A Quintas non lle quedou outra que presentar a dimisión, ante a corporación, días despois. Esta abdicación deixa o camiño expedito a Bravo Caneda, que é elixido alcalde en segunda votación o 4 de decembro, sendo nomeado 1º Tte. alcalde Figueroa.³¹⁸

314 *Ibid.*, caixa 477, cartafol 477/1. Carta do presidente da Sociedade Agraria de Mañufe e da Federación Agraria Val de Miñor, Antonio Silva. 5 de marzo de 1935.

315 Nun principio, o concelleiro Jesús Mariño, veciño de Mañufe, formaba parte da Comisión investigadora, pero foi reprobado pola sociedade agraria denunciante, polo que a corporación substituíuno polo concelleiro Ramón Alonso. *Ibid.*, caixa 23, Libro de Actas 23/3. Sesión plenaria do 6 de marzo de 1935.

316 *Ibid.*, Sesións plenarias do 3 de abril e 29 de maio.

317 *Ibid.*, caixa 2, cartafol 2/15. Documento con data do 14 de novembro de 1935

318 *Ibid.*, caixa 24, Libro de Actas 24/1. Sesión plenaria do 4 de decembro de 1935.

A mediados de decembro de 1935 e en plena crise política, o presidente Alcalá Zamora encargou formar goberno a Portela Valladares. Inmediatamente prodúcese no país unha corrente de opinión que, desde distintos sectores, periódicos, diversas ideoloxías e partidos políticos, pídese a reposición dos alcaldes e concelleiros de elección popular, sobre todo despois de que o Consello de Ministros convocase as eleccións para finais de febreiro. Xornais como *El Liberal*, *El Sol*, *Política* ou *El Socialista* postúlanse a favor da reposición desas corporacións, e tamén personalidades como Azaña, Martínez Barrio ou Sánchez Román, líderes socialistas, e outros.³¹⁹

Os gobernadores civís inician o proceso de restauración dos concellos, pero axiña comezaron as protestas por entender que Portela e, no seu nome, o novo gobernador de Pontevedra, Armando Peñarín, aproveitaba eses cambios para nomear xestoras afíns, co fin de consolidar o Partido Centrista cara ás próximas eleccións.³²⁰ As restitucións facíanse segundo convíña á autoridade provincial, que marcaba os tempos, a composición e se a corporación se restituía parcialmente ou na súa totalidade. Non había unha orde expresa desde Madrid, nin unhas pautas a seguir. Á saída do Consello de Ministros do 16 de xaneiro, ao preguntarlle os medios a Portela Valladares se trataría este tema, contestou: “de eso absolutamente nada. No tuvimos tiempo. Este Consejo fue de mucho trabajo”.³²¹

Aínda que no seguinte Consello, do 21, o comunicado oficial manifestaba que o presidente recibira un voto de confianza á súa política no caso concreto da reposición dos concellos, Portela, como ministro da Gobernación, cargo que tamén ocupaba, deu as instrucións necesarias para que as autoridades provinciais actuasen segundo as circunstancias de cada caso. Dito máis claramente, os municipios repóranse de acordo cos intereses electorais dos centristas e a medida que se acheguen as eleccións. Non obstante, algunhas reposicións van ser interpretadas como un intento de Portela de non belixerancia con Esquerda Republicana de cara a posibles coalicións preelectorais ou pactos de gobernabilidade despois das eleccións, aínda que tamén se trataría de socavar os apoios radicais para atraer as organizacións agrarias independentes ou radicais disidentes co fin de agrupalas arredor do proxecto centrista cara aos comicios. (Prada Rodríguez, 2013: 243)

De todos os xeitos, moitos alcaldes e concelleiros depurados en 1934 non permanecían impasibles e acudiran aos tribunais de xustiza sen moito éxito, tales como as corporacións electas de Vigo, Ponteareas ou a de Tui. Nese sentido o ex-alcalde de Gondomar, Pequeño Rodríguez, realizou unha consulta a un periódico ideoloxicamente afín, *El País*, de Pontevedra, sobre os dereitos que lle poderían corresponder en orde ao seu reintegro ás funcións públicas e sobre todo se debería esperar que o gobernador civil ordenase a súa reposición ou se legalmente podería por si mesmo proclamarse. O ditame do asesor legal deste xornal, o avogado Rodríguez Pastoriza, determinaba que os concelleiros e alcaldes foran depostos de maneira ilegal e por tanto non deberían aceptar a reposición gobernativa.³²²

A renovación, aínda que de forma parcial, chegou a Gondomar en plena campaña electoral. O 5 de febreiro o Goberno Civil repuña nos cargos algúns dos concelleiros cesados en outubro de 1934. Ocuparon, de novo, os seus escanos Emilio Eiras Sierpe, Anxo Pazos Acevedo e o socialista Rogelio Lorenzo, xa que pasaran as circunstan-

319 O 18 de decembro e seguintes *El Pueblo Gallego* recolleu as opinións da prensa de Madrid e de líderes políticos sobre ese tema.

320 *El País*, 8 e 11 de xaneiro de 1936.

321 *El Sol*, 17 de xaneiro de 1936.

322 *El País*, 19 de febreiro de 1936. Ditame de Rodríguez Pastoriza.

cias que foran motivo do seu cesamento, aínda que a reposición non era completa xa que non alcanzou o ex-alcalde Pequeño Rodríguez nin a José Vargas, xa que as súas condutas reprochables, en outubro de 1934, foran maiores ca as dos outros concelleiros. Na mesma circular, o gobernador civil ordena o cesamento dos concelleiros interinos Ramón Alonso, Fernández Carrera e do mesmo alcalde Bravo Caneda. Este non acepta de bo grado a súa destitución e, antes de abandonar o cargo, fixo constar na acta a súa protesta polo procedemento empregado contra eles, porque consideraba que obedecían a “intrigas de determinados elementos que desean erigirse en directores de la política local, sin méritos para eso”.³²³

Os tres concelleiros repostos negáronse a aceptar os seus cargos ata que se rehabilitase a Pequeño Rodríguez e José Vargas:

“Rogelio Lorenzo González, Emilio Eiras Sierpe y Ángel Pazos Acevedo hacen constar que estiman legalmente imposibilitados de tomar posesión en las circunstancias en que estas se les ofrece. En efecto con el respeto debido a la autoridad del gobernador civil que en su oficio le manifiesta que se les repone en sus atribuciones edilicias, se creen en la obligación de oponer, por respeto a la investidura que recibieron del pueblo, que en momento alguno perdieron tales prerrogativas, una vez que según la ley sólo los tribunales de Justicia podrán privarles de las mismas. Y en ello, mediante sentencia condenatoria en proceso criminal, que ni siquiera llegó a incoarse por no existir el menor motivo que lo justificase. Que la toma de posesión sólo la verificarían en el caso de que se les permitiese igual ejercicio a los demás compañeros de la Corporación legítima que con ellos fueron simultáneamente suspendidos o sean José Pequeño y José Vargas. Que al determinarse así no lo hacen por un elemental deber de compañerismo, que vendrían obligados a posponer el compromiso adquirido de velar por los intereses comunales, sino, sobre todo, porque permaneciendo la Corporación, aún con su ingreso, integrada por gestores gubernativos, reputan por ilegal tal composición, pues los últimos tienen vencido el plazo que la ley concedía para su interinidad, por lo que, pudiendo estos últimos perseguidos por el delito de prolongación de funciones o usurpación de atribuciones, que el Código Penal previene, desean los exponentes evitar tal complicidad con tal estado de cosas. Y por lo tanto, aplazan su toma de posesión hasta el momento en que sea permitida a todos los concejales de elección popular, hoy suspensos.”³²⁴

Atendendo á súa petición, así o fixo o novo gobernador civil, nomeado pola Fronte Popular, Gonzalo Acosta Pan. Todos xuntos tomaron posesión o 21 de febreiro, poucas datas despois da celebración das eleccións, ocupando a Alcaldía, coma en 1932, Pequeño Rodríguez e reservándose o posto de 1º Tenente alcalde para Rogelio Lorenzo.³²⁵ Con esa corporación, Gondomar afrontará a etapa da Fronte Popular ata o inicio da Guerra Civil.

323 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 24, Libro de Actas 24/1. Sesións plenarias de 10 e 3 febreiro de 1936.

324 *Ibíd.*

325 *Ibíd.*, sesión plenaria do 21 de febreiro de 1936.

8.3. NIGRÁN: DESTITUCIÓN DO CONCELLO. GOBERNO RADICAL-CEDA

En Nigrán, superadas as eleccións de novembro, a corporación seguiu mantendo, en termos xerais, os trazos de unidade na súa xestión de goberno: tras intensos debates, déronse facilidades aos construtores para que edificasen nas dunas de Panxón co fin de diminuír a taxa do paro, e tamén, con algunha dificultade, negociouse co bispado a cesión de terreos para a construción de camiños na localidade de Vilariño, temas ambos que trataremos nos capítulos seguintes.

Polo demais, apróbanse mocións de marcado matiz simbólico, coma o recoñecemento pola morte de personaxes tan significativos para Galicia como Nóvoa Santos e Rodríguez Cadarso, ou darlle a unha rúa en San Pedro da Ramallosa o nome do finado Ventura López. Tamén se apoia o remate das obras do ferrocarril Zamora-A Coruña, así como a contribución con 50 pesetas á homenaxe que se tributa a Pondal en Ponteceso, a mesma cantidade coa que subvencionaban, durante un trimestre, o sostemento das Escolas U.H.A.Val Miñor.³²⁶

En outubro de 1934, a Sociedade de Pescadores *El Despertar Marítimo-CNT* sumouse á folga revolucionaria e boicoteou as faenas dos vapores de pesca recorrendo, nalgúns casos, á violencia, polo que detiveron os mariñeiros Vicente Fernández Sanjuán, Laureano Hermida, Manuel Alonso Comesaña, Ángel González, Manuel Pérez, Eugenio Hermida e Hipólito González. A todos eles aplicóuselles a xurisdición militar.³²⁷ Tamén se apresou o socialista José Vázquez Grela, que foi posto en liberdade provisoria no Nadal coa condición que se presentase todos os días na Alcaldía. Tivo que esperar ata febreiro para quedar definitivamente en liberdade e sobresido o sumario aberto en contra del, por non atopar nin delito nin falta nas súas actuacións.³²⁸

Tras os sucesos de outubro, Nigrán foi o primeiro concello do Val de Miñor en ser destituído e o único que foi deposto na súa totalidade. O procedemento foi o mesmo que en Gondomar: principiábase cun oficio da autoridade provincial onde se lle retiraba a confianza á corporación e o envío dun delegado para cumprir co expediente. Nese caso, a remoción foi máis ampla, pois en Nigrán non exercía ningún afiliado ou, polo menos, simpatizante do Partido Radical nin da CEDA, a quen a autoridade provincial puidese confiarlle a administración.³²⁹ Pablo Nieto, ex-alcalde de Gondomar, foi o encargado de cumprir as ordes do xefe provincial. O 25 de outubro nomeouse a nova corporación.

Por parte do Partido Radical: Ángel Costas Guisande, Manuel Crespo González, Eugenio Costas Alonso, Valentín Castro Costas, Eugenio Misa Rial, Francisco Valverde Otero, Manuel Lorenzo Martínez, Manuel Juste Lago, José Alonso Méndez e Daniel Rodríguez Sanromán. E como concelleiros da CEDA: Carlos Valverde González, Manuel Fernández Rodas, Manuel González Lorenzo, Rotilio González Cadaval, Florencio Valverde Fajo.³³⁰

326 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2037, Libro de Actas 2037/6. Sesións plenarias do 17 de decembro de 1933, 8 de abril, 20 de maio, 30 de setembro de 1934.

327 *Ibid.*, caixa 2071, Libro de Rexistro de Entrada 2071/6. Documento de 11 de novembro de 1934.

328 *El Pueblo Gallego*, 28 de decembro de 1934.

329 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 230, cartafol 230/1 “Correspondencia 1934”. Telegrama da Dirección Xeral da Administración ao Goberno Civil, con data de 12 de decembro de 1934 e este, á súa vez, reenvioullo ao alcalde.

330 *Ibid.*, caixa 2037, Libro de Actas 2037/6. Sesión plenaria do 25 de outubro de 1934.

Ese goberno, coma a maioría dos que se constituirán despois de outubro, utilizou a fórmula de coalición radical-cedista, como parte das contrapartidas políticas que esixira Gil Robles para seguir apoiando a minoría radical en Madrid.

Costas Guisande foi elixido alcalde, Crespo González 1º Tte alcalde, Valverde González 2º Tte alcalde e Costas Alonso 3º Tte alcalde. Toda a directiva do goberno era radical, agás a segunda tenencia de alcaldía que se lle reservou aos católicos.

Esa nova corporación estaba composta, case na súa totalidade, por concelleiros principiantes, xa que soamente Crespo González formara parte, e iso durante uns poucos meses, do primeiro Concello do Directorio. Si, en cambio, algúns pertencían ou estiveran afiliados a sociedades ou sindicatos agrarios. Era o caso dos radicais Costas Alonso (Sociedade Agraria de Priegue) ou Castro Costas (Sindicato Católico Agrario de Panxón) e, por parte dos cedistas, González Lorenzo (Sindicato Católico Agrario de Panxón). Canto ao seu estado económico, todos eran propietarios agrícolas, mesmo algúns figuraban como os maiores contribuíntes. Valverde Otero, polo concepto de urbana, en Priegue; Rodríguez Sanromán, polo concepto de industrial, en Chandebrito. Doutra banda, o alcalde, Costas Guisande, era armador en Panxón; Crespo González tiña un taller de carpintería en Nigrán; Costas Alonso era pirotécnico en Priegue, González Lorenzo, comerciante en Panxón e Gonzalez Cadaval que rexentaba o Bar Centro da Ramallosa. Figuraban como emigrantes retornados, polo menos, Castro Costas, Alonso Méndez, González Lorenzo, González Cadaval, Costas Alonso e Lorenzo Martínez.

A primeira decisión que tomaron, en consonancia cos demais concellos do Val de Miñor, foi, por unha banda, protestar polos crimes e actos vandálicos cometidos no último movemento revolucionario, e, por outra, elevar a súa felicitación ao goberno da nación polo restablecemento da orde.³³¹

Pero se en algo van coincidir o cesado goberno de elección popular e o goberno radical-cedista era no apoio ao despregamento urbanístico que se construíra nas dunas de Panxón. Tamén agora, as organizacións sindicais e agrarias mostráronse a favor da concesión de licenzas e permisos de edificación por parte do concello, co fin de loitar contra o desemprego. Dado que esta cuestión a trataremos con maior profundidade en próximos capítulos, simplemente adiantar que o goberno da conxunción republicana, de elección popular, foi máis permisivo ca o radical á hora de favorecer as obras a pé de praia, pois apenas puxo condicións con tal de beneficiar a creación de emprego. En cambio, o alcalde radical Costas Guisande, tivo que vencer a resistencia dalgúns dos membros da corporación, sobre todo, á hora de facilitar o permiso de construción dun casino-hotel nas dunas de Gaifar-Panaxón, a pesar das compensacións que a empresa ofrecía, tales como un muro fronte á praia, rúas novas que, unha vez construídas, pasarían a ser vías públicas, campos de deportes... Non houbo unanimidade e catro concelleiros votaron en contra desa licenza urbanística. Carlos Valverde motivou a súa negativa ao cuestionar o dominio público sobre as parcelas “por no crer que los terrenos que se cedan sean propiedad del Ayuntamiento y por entender que el acuerdo es ilegal”.³³²

331 *Ibíd.*, caixa 2039, Libro de Actas 2039/1. Sesión plenaria do 28 de outubro de 1934.

332 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2037, Libro de Actas 2037/6. Sesión plenaria do 4 de novembro de 1935.

Capítulo 9

ELECCIÓN DE FEBREIRO DE 1936.

Despois dos escándalos por suborno para introducir máquinas de xogo nos casinos (straperlo) e por malversación de fondos públicos (Nombela) que supuxo o principio do fin para Lerroux e o Partido Radical, a oposición de Gil Robles ás reformas orzamentarias provocou unha crise política e caída do goberno Chapaprieta. A estratexia do presidente Alcalá-Zamora consistiu, por unha banda, en impedir que a CEDA, apoiado no seu maioritario grupo parlamentario, dominase o goberno, e por outro, manter a Lerroux afastado do poder. Para iso, tras varios intentos errados de buscar un primeiro ministro, encarga a formación de goberno a Portela Valladares co obxectivo de “centrar la República”. (Payne, 1995: 285-286-287)

O nomeamento de Portela como xefe do executivo veu acompañado, do decreto de disolución das Cortes. Iniciouse, entón, unha carreira por parte dos gobernadores civís adictos para ir montando a estrutura dunha nova organización, o Partido do Centro Democrático, baixo a sombra do presidente, co obxectivo de poder presentarse nas próximas eleccións xerais como unha opción moderada. O proxecto de Portela e Alcalá Zamora era conseguir un número de deputados dese novo partido nas Cortes resultantes das eleccións que puidese temperar o clima político e gozase dun peso parlamentario suficiente para poder influír na composición do novo goberno republicano. (Mera Costas, 2013: 541-573)

Ante a desfeita do Partido Radical, moitos dos seus dirixentes, que gozaban de certo predicamento no Val de Miñor, pasáronse ás filas centristas, aproveitando o baleiro de poder, tras a marcha de Emiliano Iglesias a México como xefe do corpo diplomático. Por iso os portelistas van tentar, a última hora, con cargos na administración estatal e provincial algúns deses dirixentes, para que cambien de bando, tales como Pablo Nieto, ex-alcalde de Gondomar, nomeado gobernador civil de Xaén, (Serrallonga, 2007: 42) ou José López Varela, deputado radical, levado a Madrid como subsecretario no Ministerio de Traballo. Este último, que sempre fora apoiado polo Maxisterio no Val de Miñor, será candidato na lista do Centro por Pontevedra, así como tamén o loitador agrario ex-radical, Ramón Salgado ou o galeguista Valentín Paz Andrade.

En Gondomar, o municipio máis *emilianista* da comarca, encargouse de recrutar os novos centristas o ex-alcalde Nieto, agora reconvertido ao portelismo. A pesar da distancia que o separaba de Gondomar, encargárase de atender peticións e facer favores para crear un núcleo leal ao Centro cara ás eleccións. O seu primeiro obxectivo foi o alcalde Bravo Caneda, que atraeu non só pola amizade e a militancia compartida durante anos, senón pola súa disposición: “No deje de avisarme de cuantos asuntos les interesen, para empujarlos por mi parte con todo cariño”.³³³

Nieto recorreu aos amigos de Gondomar, aínda que os seus mellores tempos pasaran e, na súa prolongada ausencia, a URD-CEDA fagocitara unha parte importante do botín electoral radical. Aínda así contará, entre outros, co apoio do mestre de Mañufe, Rogelio de la Granja; do mestre de Couso, Juan Antonio Ambros Rodríguez; do funcionario José Salgueiro Moreira; do médico-practicante Manuel Alonso Martínez; dos comerciantes José Márquez Pérez, de Morgadáns, Manuel Rodríguez Longres, de Mañufe, Vicente Penedo Costas, de Bade-Gondomar, José González Rodríguez, de

333 Carta do gobernador civil de Xaén, Pablo Nieto, ao alcalde de Gondomar Bravo Caneda. Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 84, documento con data de 24 de xaneiro de 1936. Unhas semanas despois, o alcalde foi substituído por Pequeño Rodríguez e Nieto dimitiu tras o triunfo da Fronte Popular.

Mosteiro-Donas. En Chaín, o seu home de confianza será o presidente da sociedade agraria e ex-concelleiro durante o Directorio, Santiago Fernández Estévez.

En Baiona, a cúpula radical pasa en bloque aos centristas, empezando polo alcalde de González Cadilla e os seus adictos no casco urbano, o grupo en Sabarís encabézano Belarmino Misa e Juan Manuel Martínez; en Belesar, Manuel Nartallo, e Domingo Giráldez en Baredo que poñen á disposición de Portela unha parte importante da militancia agraria desas parroquias.

A principios de xaneiro de 1936, Alcalá- Zamora convocou eleccións. Portela Valladares desexaba que esa decisión se retardase unas cantas semanas máis para darlles tempo aos gobernadores civís e aos seus apoios a consolidar o proxecto de partido, pero a negativa de CEDA a prorrogar a suspensión das Cortes máis aló dos corenta días establecidos forzou a convocatoria.

“Mis cálculos y mis propósitos eran no publicar el Decreto de disolución hasta bien entrado el mes de febrero (...). Un nuevo partido necesita tiempo para hacerse hueco y entrar en la llamada masa neutra, encauzando sus simpatías y llevando, si gobierna bien, esta ventaja a las organizaciones que habían porfiado en los dos bienios anteriores por hacerlo a cual peor”. (Portela, 1988: 160-161)

Con motivo das eleccións de febreiro de 1936, no Val de Miñor celebráronse actos políticos e de propaganda. Na campaña participaron os candidatos da Fronte Popular que contaban co apoio dos ex-alcaldes de Gondomar e Nigrán; das dereitas, onde participaba o tráfuga Emiliano Iglesias, e do centro, ao que se arrimaron moitos ex-radicais. Pola súa banda, as sociedades agrarias, en xeral, van seguir as recomendacións da Federación Provincial, da que eran adictas, e van tomar posicións en favor da Fronte Popular.³³⁴

El Pueblo Gallego apoiará os centristas, baseando a campaña na figura do presidente da República e, ao mesmo tempo, propietario dese xornal, Portela Valladares. En cambio, *Faro de Vigo* afanouse a favor das dereitas católicas, despois de fracasar no intento de promocionar unha fronte única de centro dereita³³⁵ O xornal dos curas, *La Voz del Miñor*, dirixe as súas arengas para o consumo local dos electores da comarca e publicará semanalmente manifestos, sermóns e todo tipo de mensaxes en favor da causa das dereitas e en contra das esquerdas. Así, a finais de xaneiro estreábase advertindo os campesiños do perigo do marxismo e lembrando cales debían ser as responsabilidades dos electores católicos. Xa na recta final da campaña electoral, as dereitas aceleraron a súa propaganda con recomendacións para organizarse e conseguir o voto.

A campaña foi dura. Panfletos e libelos presentaron os programas de cada bando e, de igual maneira, repudiaron as propostas do adversario. Ao mesmo tempo, a propaganda e os pasquís que as dereitas colocaban pola mañá desaparecían pola tarde, e os carteis que pegaban as esquerdas pola tarde xa non estaban pola noite.³³⁶ A pesar do tempo transcorrido e os cambios acaecidos, os métodos de persuasión e coacción dos tempos da Restauración aínda seguían vixentes, convertendo os reiterados manifestos da nova autoridade provincial, o médico A. Peñamarín, de seu pouco sinceros, de limpeza electoral e libre participación, en papel mollado.

En Baiona houbo denuncias sobre xente que percorría as aldeas de Sabarís e arredores coaccionando para conseguir votos e facendo campaña en contra do réxime

334 *El Pueblo Gallego*, 27 de novembro de 1935.

335 *Faro de Vigo*, 17 de xaneiro de 1936, nunha editorial baixo o título *En esta hora crítica, es indispensable un frente único derechista*, M. Otero Bárcena reprobou a non presentación de todas as dereitas unidas e mostrouse partidario dunha fronte única coa unión de centristas gobernamentais, radicais, cedistas, conservadores, agrarios e liberal-demócratas, polo menos na provincia.

336 *La Voz del Miñor*, 15 de febreiro de 1936.

republicano. Os mesmos veciños denunciaron que as dereitas xa tiñan convencidos a barrios enteiros coa entrega de alimentos e promesas de melloras materiais para eles, se chegaban a triunfar nas próximas eleccións.³³⁷

Os portelistas reciben, a última hora, o apoio do Partido Republicano Conservador de Maura, que non presentan candidatos. Nun manifesto do Comité de Pontevedra, declararon que non simpatizaban nin cos partidos de dereita nin cos de esquerda, pero que ao cidadán conservador, consciente da súa responsabilidade e do seu deber, non lle quedaba outra opción que votar, polo que lle suxeriron á militancia que achegase o sufraxio á candidatura de Centro.³³⁸

O gobernador civil recomendáballes, o 13 de febreiro, aos alcaldes, autoridades e axentes ao servizo deses cargos o deber primordial do mantemento da orde pública e a súa obriga de dar conta de calquera incidente, alteración ou subversión das masas que ocorrese. Así mesmo, chamaba a atención para que se puxesen todos os medios para evitar calquera tipo de coacción sobre os electores ou que lles impedise a libre emisión do voto. Ao mesmo tempo advertía que nin antes das eleccións, nin no día da votación, nin despois, ata transcorrido un tempo prudencial, poderían autorizarse nin permitirse colgadas nos balcóns nin manifestacións na vía pública. A permanencia todo o día 16 dos alcaldes na Casa do Concello e a prohibición de celebrar feiras, festas ou acontecementos deportivos o día das votacións foron outros dos mandatos dese comunicado.³³⁹

A pesar de todas as recomendacións gobernamentais, o certo é que aínda subsistían nas aldeas e vilas galegas os vellos métodos caciquís de manipulación do voto, coma nos tempos da monarquía. Neste sentido, nas eleccións de febreiro non se cumpriron as garantías electorais dunha democracia. En todas as provincias, o resultado final do escrutinio viuse influído por prácticas fraudulentas. (Grandío Seoane, 2010: 234)

As votacións celebráronse utilizando o censo de 1933, por ser o último reconto actualizado, e fixouse un número de trece deputados para a provincia de Pontevedra. Descoñecemos o resultado das votacións nos colexios electorais de Baiona. Nin na documentación existente no Arquivo Municipal, nin no Arquivo Histórico de Pontevedra, nin tampouco no Arquivo Histórico da Deputación de Pontevedra, nin sequera na prensa, atopamos ningunha referencia e moito menos cifras sobre o obtido por cada partido ou candidato. O mesmo podemos dicir das eleccións celebradas en Nigrán.

En cambio, no Arquivo Municipal de Gondomar consérvanse as actas cos datos recolleitos das mesas e que deron como resultado o triunfo esmagador da candidatura de dereitas cun total de 10.860 votos. A candidatura de Centro obtivo 6.194 votos e, en último lugar, situábase a coalición das esquerdas cun total de 4.210 sufraxios emitidos ao seu favor.

TÁBOA 39. Escrutinio eleccións a Cortes en Gondomar. Febreiro 1936³⁴⁰

	Dereitas	Centro	Esquerdas
Barros de Lis	1.102		
Nicasio Guisasola	1.083		
Méndez Brandón	1.073		

337 *El Pueblo Gallego*, 29 de xaneiro de 1936.

338 *Ibíd.*, 9 de febreiro de 1936.

339 *El Pueblo Gallego*, 14 de febreiro de 1936.

340 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 704, cartafol 704/4. Eleccións a Deputados a Cortes, febreiro de 1936. Tamén, con algún erro, en *Faro de Vigo*, 20 de febreiro de 1936.

Casqueiro Paz	1.119	
Díez de Rivera	1.077	
Emiliano Iglesias	1.091	
Vicente Sierra	1.085	
Julio Otero	1.026	
W. González Garra	1.059	
Lis Quibén	1.145	
Portela Valladares	682	
Prudencio Landín	680	
López Varela	672	
Alejandro Mon	716	
Ramón Salgado	635	
Isidoro Millán	631	
Paz Andrade	431	
Jesús Santalo	594	
Pedro Varela	575	
Jesús Garrido	578	
A. Castelao		533
Bibiano Osorio		433
A. Bilbatúa		387
Adriano Romero		388
Celestino Pozas		400
Guiance Pampín		384
Viana Esperón		411
Alonso Ríos		445
Ignacio Seoane		374
Elpidio Villaverde		455

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar. Elaboración propia.

Se analizamos o resultado electoral tendo en conta o número de votos obtidos polos partidos e mesmo os resultados individuais dos candidatos, podemos concluir que as dereitas gañaron na maioría das parroquias, un total de sete, mesmo no colexio electoral de Paradela (parroquia de Gondomar), sede da sociedade obreira, así como nalgúñas tan significativas como Borreiros, veciñanza do ex-alcalde Pequeño, ou Donas, unha das localidades máis importantes do movemento agrario. A

maior parte do antigo caudal de votos radical foi parar á candidatura das dereitas. Iso viña significar que Gondomar era de antigo un concello conservador, mesmo durante a etapa da hexemonía radical.

As esquerdas gañaron ás dereitas en dous colexios electorais. En Peitieiros, por moi estreita marxe, grazas ao empuxe e ao carisma do concelleiro agrario de Esquerda Republicana José Vargas Lorenzo e ao traballo electoral da Sociedade Agraria, e en Vilaza, onde todos os electores das esquerdas votaron en bloque, en forma de lista cerrada, os seus candidatos. A vitoria tivo que ver co importante núcleo sindical existente nesa parroquia. O máis significativo do estudo comparativo destas táboas electorais é sinalar os malos resultados alcanzados pola Fronte Popular no resto do municipio onde mesmo se viron superados polos portelistas en seis parroquias, incluída a capital do distrito.

Canto aos centristas, tampouco alcanzaron os obxectivos. A pesar *de los fichajes*, a presenza de Emiliano Iglesias na candidatura de dereitas e o empuxe de CEDA na localidade van inclinar o voto da maioría da clientela ex-radical a favor das dereitas. Só gañaron na parroquia de Mañufe, feudo electoral do republicano maurista Fernando Villamarín, que aínda que o seu partido non se presentaba, fixo campaña aquí como consecuencia da recomendación feita polo Partido Republicano Conservador aos seus simpatizantes para que apoiasen o partido de Portela Valladares, como xa comentamos anteriormente. Con todo, quedou diante das esquerdas na mesa electoral de Gondomar, así como en Morgadáns, Couso, Vincios e Chaín, onde se notou o ascendente dos señores parroquiais ex-radicais.

A nivel persoal, debeu parecerlle decepcionante a todo un candidato á Presidencia do Estado como Portela Valladares comprobar que non só non foi o postulante máis votado neste distrito, senón que tampouco o era se o comparamos cos outros candidatos do mesmo partido. No cómputo total, dentro da súa propia lista, quedou en número de votos por detrás do seu compañeiro Alejandro Mon e Landa, pero se descendemos ao escrutinio parroquial, comprobaremos que foi superado polos seus colaboradores en case todas as parroquias. E aínda que é certo que avantaxou a Castelao, o candidato máis votado das esquerdas, tamén o é que foi superado pola listaxe ao completo dos postulantes dereitistas.

Nas dereitas, Víctor Lis Quibén, de Renovación Española, foi o candidato máis votado no distrito, incluso o que máis apoios recibiu de todos os aspirantes en xeral, aínda que o triunfo na maioría das mesas parroquiais foi para Barros de Lis de CEDA. O outro compoñente de Renovación, González Garra, tamén superou os mil votos, o que deixaba entrever a popularidade crecente dos homes de Calvo Sotelo nese distrito. Pola súa parte, Emiliano Iglesias cumpriu coma sempre cos seus deberes electorais.

Merece a pena fixarse nalgúns detalles que depararon as votacións, por exemplo, os catro votos que contou Paz Andrade na mesa de Borreiros, que foi a anotación máis baixa das eleccións, aínda que os seus compañeiros non superaron, neste distrito, as catorce papeletas. O mesmo candidato sacou cinco na parroquia de Mañufe, aínda que esta vez todos os demais compañeiros roldaron os douscentos. Non esquecían nesta localidade a defensa legal que fixera ese avogado galeguista, poucos anos atrás, dos presuntos asasinados dun importante veciño desa parroquia. Chamaba a atención o interesante resultado que conseguiu Castelao na mesa electoral de Morgadáns, aínda que o triunfo fose para as dereitas. Contabilizáronselle 89 votos, máis do dobre ca os conseguidos polos seus nove compañeiros xuntos, sacando todos os demais catro cada un. Este resultado é moi probable que se dese polo traballo do mestre galeguista Victoriano Taibo, que exercía aí a docencia, e conseguise que bastantes veciños lle reservasen un oco dentro das papeletas dos votantes dos outros partido.

TÁBOA 40: Resultados nas parroquias de Gondomar. Eleccións de febreiro de 1936

CENTRO	Paradela	Mañufe	Donas	Borreiros	Morgadáns	Peiteiros	Couso	Vincios	Chain	Vilaza
Portela	112	199	22	14	96	19	40	123	47	10
Landín	111	199	18	7	100	19	40	114	42	30
L. Varela	103	199	22	12	97	17	40	123	46	13
Mon	114	201	32	11	98	27	40	122	42	27
Salgado	98	199	18	5	85	15	40	120	45	10
Millan	104	201	15	6	87	15	40	115	18	15
Paz Andrade	96	5	18	4	85	15	40	119	42	10
Santalo	97	199	18	5	54	11	40	118	42	10
Varela Castro	96	199	18	4	61	9	40	118	20	10
Garrido	96	201	32	5	58	13	40	118	19	10

ESQUERDAS	Paradela	Mañufe	Donas	Borreiros	Morgadáns	Peiteiros	Couso	Vincios	Chain	Vilaza
Castelao	50	10	66	32	89	102	37	24	43	80
Fdez Osorio	50	10	66	40	4	87	37	15	44	80
Bilbatúa	43	10	62	29	4	87	37	15	20	80
Romero	48	10	62	27	4	85	37	15	20	80
Poza	49	10	65	32	4	86	37	15	22	80
Guiance	43	10	62	26	4	87	37	15	20	80
Viana	49	10	66	40	4	87	37	15	23	80
A. Ríos	51	10	66	32	4	88	37	29	48	80
Seoane	41	10	62	24	4	85	37	12	19	80
Villaverde	50	64	55	32	4	86	37	14	23	80

DEREITAS	Paradela	Mañufe	Donas	Borreiros	Morgadáns	Peiteiros	Couso	Vincios	Chain	Vilaza
Barros Lis	251	44	119	165	126	93	65	125	44	70
Guisasola	242	44	117	165	124	88	65	124	44	70
Méndez	248	41	118	165	112	87	65	123	44	70
Casqueiro	247	85	119	164	115	86	65	124	44	70
Díez	247	43	119	165	117	85	65	123	43	70
E. Iglesias	247	43	118	165	126	89	65	124	44	70
Sierra	245	42	118	162	126	89	65	124	44	70
Otero	234	42	118	162	124	79	61	123	43	50
Glez Garra	237	80	108	160	110	85	65	121	43	50
Lis Quibén	251	102	120	160	127	90	65	122	43	65

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar.Elaboración propia

Capítulo 10

A ETAPA DA FRONTE POPULAR

Entre o día 16 de febreiro, pola noite, e o 19 levouse a cabo unha campaña programada de axitación e tumultos que intimidou ao goberno Portela, que se negou a tomar medidas de orde pública, ata que precipitou a súa dimisión. O acceso ao poder de Azaña e a Fronte Popular, só tres días despois das comicios e sen rematar o escrutinio electoral é un feito excepcional, *inexplicable* (Alvárez Tardío e Villa García, 2017: 522) só comprensible no contexto de emerxencia creado polo abandono do goberno Portela, ante a presión das masas obreiras que esixían a posta en marcha do programa da Fronte Popular: amnistía, apertura dos cárceres, entrega ás esquerdas dos gobernos locais...

O goberno Azaña herdou de Portela a gestion do resultado electoral e o escrutinio oficial e definitivo, pero a violencia desatada, sen control, entre o día 19 e o 22, fixo que se desenvolvese un reconto pouco transparente e salpicado de presións e coaccións en moitas provincias. En definitiva, o que fose unha xornada electoral aseada, converteuse, en termos xerais, nun reconto adulterado nun contexto de resultados moi igualados e que influíu notablemente na repartición dos escanos, outorgando a vitoria á Fronte Popular. (Alvárez Tardío e Villa García, 2017: 523)

Os comicios de febreiro non foron os únicos que se convocaron neses primeiros meses do ano 1936. O goberno Azaña anunciou eleccións municipais por medio do Decreto do 17 de marzo para celebrar na data simbólica do 12 de abril. Amós Salvador, ministro da Gobernación, xustificaba esa cita pola falta dunha renovación ordinaria, desde o inicio da etapa republicana, desas institucións locais.³⁴¹

Quizais polo déficit de orde pública ou polas reticencias dos socialistas, o certo foi que cando se cumpriran xa algúns prazos administrativos do procedemento electoral, o subsecretario da Gobernación entregou aos xornalistas o Decreto de suspensión dos mencionados comicios,³⁴² permanecendo todas as corporacións, entre elas as do Val de Miñor, tal como se constituíron co visto e prace da autoridade provincial.

10.1. UNHA XESTORA GOBERNATIVA PARA BAIONA

En Baiona, co triunfo da Fronte Popular e tras a formación do executivo republicano, o gobernador civil non ía respectar nin o alcalde nin á corporación saída das eleccións de 1931, como, en cambio, si fixo en Gondomar e Nigrán, quizais porque eses dous concellos tiñan xa unha maioría fronte-populista. Así, seguindo o criterio de ocupar con adictos os concellos, o 20 de marzo cesou todo o goberno local e procedeu a nomear unha Xestora formada por elementos da coalición triunfante.

O novo gobernador, o coruñés Gonzalo Acosta, de Esquerda Republicana e afecto a Casares Quiroga, negociou a nova composición da corporación cos seus correligionarios de Baiona, pero sobre todo co presidente do comité local do seu mesmo partido, Salustiano Fernández Peón. A listaxe que resultou deses contactos e na que se integraron representantes doutros partidos da Fronte Popular, foi a que se enviou

341 *El Sol*, 18 de marzo de 1936.

342 *Ibíd.*, 5 de abril de 1936.

desde Pontevedra ao Concello. Era un goberno pluripartidista, con maioría de concelleiros do partido de Azaña e incondicionais de Fernández Peón.³⁴³

Salustiano Fernández Peón	Esquerda Republicana	Sabarís
Horacio Ante	Esquerda Republicana	Sabarís
Ángel López Cons	Esquerda Republicana	Sabarís
José Amorín	Esquerda Republicana	Sabarís
Leonardo González	Esquerda Republicana	Baíña
Luís López Luís	PSOE	Sabarís
Bernardo Seoane Vázquez	PSOE	Baiona
Román Martín Vega	Partido Galeguista	Sabarís
Manuel Godoy Agrelo	Republicano	Baiona

A nova corporación estaría deseñada a imaxe e semellanza de Fernández Peón, practicamente todo o comité local de Esquerda Republicana de Sabarís estaba dentro da lista de futuribles concelleiros e colocaba tamén o seu home de confianza en Baíña, Leonardo González, é dicir, a maioría no futuro goberno local. Con algunhas mínimas concesións aos outros grupos fronte-populistas, Martín Vega, que era o máis sobresaliente do minúsculo grupo galeguista de Baiona, os socialistas Seoane, da vila, e López Luís, de Sabarís, que tamén ocupaban cargos na UXT local e, por último, Godoy Agrelo, simpatizante republicano desde a chegada do novo réxime.

Sería un equipo onde máis da metade dos compoñentes carecían de experiencia política. Só Peón e Martín Vega, na etapa republicana e Godoy e Leonardo González, nos réximes anteriores, ocuparan responsabilidades edilicias. Ao mesmo tempo conformarían un grupo onde a maioría dos membros serían veciños de Sabarís, sen representación das parroquias de Belesar e Baredo, e o máis significativo sería a ausencia de nativos de Baiona, xa que Seoane era ourensán e Godoy natural de Baíña, aínda que ambos os dous veciños do centro urbano.

Canto á súa condición social: Peón, perito agrícola con despacho propio, Godoy (conservas), Martín Vega (serradoiro e cal) e Seoane (panadería) eran empresarios; Horacio Ante, avogado, exercera de xuíz municipal; Amorín era propietario e recadador de impostos; López Cons, Leonardo González e López Luís eran propietarios agrícolas.

Cando ao día seguinte se celebrou a toma de posesión desa Comisión Xestora, a esquerda obreira rebentou a sesión con apupos e protestas e impediu a súa constitución (Ramos, s/d: manuscrito). Acusaron de conspiración o grupo republicano de Sabarís, responsabilizáronos da repartición pouco equitativa que dera lugar á escasa representación da vila de Baiona no goberno local, así como do excesivo protagonismo de Esquerda Republicana a pesar do escaso ascendente político que tiña sobre as demais parroquias do municipio. Os xestores renunciaron aos seus cargos e o secretario municipal, Joaquín Peralba, foi chamado a consultas a Pontevedra polo gobernador civil, levando consigo as dimisións e unha relación de nomes suxeridos polos veciños, na mesma sesión plenaria, de candidatos máis apropiados para constituír a corporación.³⁴⁴

343 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 213, Libro de Rexistro de Entrada 213/2. Documento con data do 20 de marzo de 1936.

344 Durante a toma de posesión da Xestora efectuada o día 22, os tenentes de alcalde, os socialistas Ramallo e Seoane, recoñeceron nos seus discursos a loita e a determinación do pobo para que se constituíse unha Xestora de acordo coa súa vontade. *Ibid.*, caixa 54, Libro de Actas 54/3. Sesión plenaria do 22 de marzo de 1936.

O día 22, pola tarde, constituíuse de maneira definitiva a Comisión Xestora, esta vez sen protestas, tras os novos nomeamentos da autoridade provincial.

Bernardo Seoane Vázquez	PSOE	Baiona
Manuel Godoy Agrelo	Republicano	Baiona
Luís López Luís	PSOE	Sabarís
Benito Ramallo Gómez	PSOE	Baiona
Agustín Villafines González.	P. Sindicalista	Baiona
Manuel Nartallo Quinós.	Partido Centrista	Belesar
Amando Rodríguez Rodríguez	PSOE	Baredo
Manuel Cabrera Petroño	Partido Comunista	Baíña
Valentín Puga Franco.	Republicano	Baiona ³⁴⁵

Reunidos, elixiron os seguintes cargos:

Alcalde: Manuel Godoy Agrelo.

1º tenente de alcalde: Benito Ramallo Gómez.

2º tenente de alcalde: Bernardo Seoane Vázquez. ³⁴⁶

A radical alteración dos equilibrios políticos no Estado trouxo consecuencias no ámbito local. Iso explicaba que se dese entrada nas novas xestoras republicanas non soamente a republicanos de esquerda ou ao PSOE, senón tamén ao PCE (mesmo onde non tiña organización), tamén a membros de sindicatos e sociedades da máis variada adscrición que si estaban presentes nos comités locais da Fronte Popular (Prada Rodríguez, 2013: 246). E isto foi o que ocorreu en Baiona.

Unha corporación onde gañará peso o sector obreiro coa presenza de catro concelleiros socialistas, un do Partido Comunista e un membro do Partido Sindicalista de Ángel Pestaña e que entre todos conformaban a maioría do goberno local. O abano de representación política era moito máis amplo que na xestora anterior, o mesmo que no aspecto territorial, onde estaban representadas todas as parroquias; aumentáronse os edís por Baiona e todo iso a conta de diminuír os efectivos de Sabarís. Era obvio, Esquerda Republicana, desautorizada polos veciños, renunciou a formar parte do novo goberno.

Botando unha ollada aos currículos políticos e perfís socio-económicos dos compoñentes da xestora, podemos afirmar que era un equipo con clara vocación republicana. A maioría dos seus compoñentes non tiñan experiencia política institucional, aínda que estaban relacionados co mundo sindical e asociativo. Benito Ramallo era natural de Noia, mestre nacional, de *entusiasta* da súa profesión cualificouno o pleno cando toma posesión da escola de nenos de Baiona, en abril de 1932; veciño do casco urbano, ocupaba a presidencia da Xunta Local de Ensino, era socialista. Amando Rodríguez, tamén socialista e mestre, exercía na parroquia de Baredo. Do mesmo sentir político era Bernardo Seoane, ourensán e panadeiro, emigrou de Ribadavia a Gondomar onde montou unha tafona, instalándose posteriormente en Baiona a comezos da ditadura de Primo de Rivera. Era o presidente da patronal Asociación de Panadeiros e tiña un longo pedigree como sindicalista afiliado á UXT. O seu fillo, Ignacio Seoane, veciño de Vigo, fora elixido deputado ao Parlamento nas listas do PSOE. Tamén socialista era o veciño de Sabarís e propietario agricultor, Luís López Luís; igual que Seoane, tiña experiencia en cargos directivos na UXT de Baiona. Máis á esquerda situábase Agustín Villafines González, fillo do único concelleiro socialista electo en

345 *Ibíd.*, caixa 220, Libro de Rexistro de Saída 220/2. Documento con data de 22 de marzo de 1931.

346 *Ibíd.*, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 22 de marzo de 1931.

1931, Agustín Villafines Bautista e, igual ca o seu pai, mestre albanel. Ao emigrar ese a Bos Aires deixoulle o pequeno negocio de construción que rexentaba co seu irmán pequeno José, outro activista da esquerda sindical. Era veciño de Baiona, aínda que natural de Sabarís. Militaba no Partido Sindicalista de Ángel Pestaña, que integrara a esa organización política dentro da Fronte Popular. Para Manuel Cabrera, mariñeiro (Partido Comunista), tamén era a súa primeira participación na política.

Canto aos veteranos, destacaba Manuel Godoy³⁴⁷ que pasou de ser un dos colaboradores de Primo de Rivera e fundador do Somatén en Baiona a alcalde. Tamén Valentín Puga, que levaba uns dez anos como veciño da localidade. Era un industrial conserveiro experimentado, mesmo formara parte da Directiva da Unión de Fabricantes de Conservas de Galicia, socio de Godoy e tamén, coma el, formara parte de gobernos locais no réxime anterior, no seu caso monárquicos. Aínda que tanto a Godoy como a Puga, en reiteradas ocasións, lles solicitaran a renuncia dos seus cargos anteriores, sen conseguilo. Xa nos comezos da República, Puga foi o primeiro presidente da Xestora de Baiona en 1931.

Godoy e Puga eran republicanos moderados e non estaban aliñados coas posicións dos socialistas, nin doutros compañeiros da nova corporación. Pero o que constituíu toda unha sorpresa foi a elección, por parte da autoridade provincial, de Nartallo Quinós para integrar a xestora da Fronte Popular. O seu ideario político e traxectoria persoal estaban nos antípodas de todo aquilo que representaba o programa electoral fronte-populista. Edil monárquico³⁴⁸ desde 1922, líder da agrupación de Partido Radical de Belesar e concelleiro republicano nomeado interinamente polo gobernador civil no bienio radical-cedista. Nunca fora elixido nunhas eleccións democráticas e estaba considerado home de significación monárquica e dereitista, sendo acusado en repetidas ocasións de conspirar contra a República. Despois da desintegración dos radicais, apoiou nas eleccións de 1936 o Centro de Portela Valladares. Era o auténtico xefe da súa parroquia, na que tamén presidía a sociedade agraria. A súa inclusión no goberno local causou certo desconcerto entre as bases republicanas. Quizais a autoridade provincial non atopou un candidato máis adecuado pola parroquia de Belesar ou quizais tivo a esperanza de sumalo ao proxecto republicano; o que si se podía asegurar era que o seu nome non figuraba na relación que enviaron os veciños ao Goberno Civil. Estaba claro que desentoaba nese grupo e que a súa participación non ía ter o protagonismo que tivera en etapas anteriores.

O curto período que durou este equipo de goberno estivo marcado pola inestabilidade na dirección. Ata catro alcaldes se sucederon desde marzo a xullo de 1936, se contamos cos que exerceron ese mandato en funcións por renuncia do titular, e, ademais, tamén se produciron algunhas dimisións de concelleiros, -Puga, por enfermidade-, o que apenas deixou marxe para realizar unha xestión continuada de certa consideración.

347 Manuel Godoy era natural de Baiña pero vivía en Baiona, obtivo o título de Bacharelato no colexio dos Xesuítas de Camposancos -A Guarda. Na Monarquía estivo próximo aos mauristas e despois ocupou a Secretaría municipal durante uns meses coa Ditadura; upetista e membro do Somatén, mesmo participou de varios gobernos no final desa etapa aínda que estivo pouco tempo co Directorio. Era empresario e rendeiro. De mozo tentara, sen éxito, entrar na Academia de Artilería de Toledo, e quizais debido ao seu fracaso a súa nai pagou un par de anos despois 1.500 pesetas para redimilo do servizo militar. Na década do vinte foi presidente do equipo de fútbol de Baiona e tamén do elitista Casino da vila. Posteriormente dedicárase á industria do peixe “Consevas Puga y Godoy”. Solteiro, adoiñado, dirixía nos seus tempos de lecer grupos locais de teatro, actividade á que era moi afeccionado.

348 Con Nartallo, a porcentaxe de republicanos que tiveran responsabilidades en rexímenes anteriores acadou un 36% do total dos concelleiros nomeados pola República. Foi o concello do Val de Miñor, coa maior participación de edís *contaminados*.

Desde o principio os simpatizantes da coalición fronte-populista mostráronse ilusionados coa recuperación do poder local. Calquera escusa era boa para humillar os elementos das dereitas católicas, e así, con motivo da suspensión da festividade relixiosa da Semana Santa, desfilaron polas rúas na noite do Venres Santo para o sábado coa bandeira vermella no alto.³⁴⁹

Para marcar distancias cos gobernos anteriores decidiron un cambio de nome, en clave republicana, dalgunhas prazas e rúas de Sabarís e Baiona. Así, a Praza Vitoria Rodríguez Cadaval pasaría a chamarse Praza da República, a Avenida Julián Valverde chamaríase agora a Rúa do Sarxento Vázquez, e desde o mercado de Sabarís ata a entrada de Baiona chamaríase Rúa de Asturias. En canto ás rúas de Baiona, a Rúa Ángel Urzáiz será a Rúa García Hernández, a Rúa Elduayen será a Rúa de Fermín Galán, Rúa Marqués de Quintanar pasou a chamarse de Pablo Iglesias e a Rúa Eduardo Iglesias chamaríase a partir de agora Rúa de Concepción Arenal. Eses cambios aprobáronse coa oposición de Nartallo que tentou, por unha banda, que non se modificase nome de ningunha rúa e, por outra, en caso de cambiarse como así foi, a súa proposta consistía en manter o nome da Rúa Elduayen e cambiar o nome da Rúa Urzáiz por Rúa Ángel Bedriñana.³⁵⁰

O 24 de maio foi o último pleno que presidiu Manuel Godoy. A súa renuncia foi cuberta por Benito Ramallo como alcalde en funcións.³⁵¹ Non están moi clara a causa, a prensa achacouno a motivos persoais, pero, por comentarios dos seus compañeiros de goberno, podía deducirse que non aguantou a presión á que se viu sometido e por outra banda, as constantes críticas dos sectores reaccionarios. O certo é que unha parte da poboación non se vía representada por ese goberno e recorreu a *habladurías y difamaciones* na rúa, a propagar rumores, sobre todo por parte das asociacións de mulleres católicas vinculadas á URD-CEDA, tales como que a capela de Santa Liberata, propiedade municipal, se cedería ao Sindicato de Traballadores do Mar para que instalasen nela a súa sede. Eses ataques produciron unha gran irritación na corporación que ameazou con levar a cabo medidas incriminatorias, incluso “su detención, si es preciso, para que respeten las instituciones”.³⁵²

As denuncias do goberno local desas mentiras e insidias fixeron que Acosta Pan citase en Pontevedra a Carmen Troncoso, Julia González e Felisa Lijó Lago, todas elas directivas de asociacións relixiosas e militantes da sección feminina da URD, e tamén o párroco de Baña, Francisco Baena, para chamalos á orde.³⁵³

Foi esa campaña de insinuacións a que tamén forzou a dimisión, o 21 de xuño, de Benito Ramallo como alcalde en funcións. Unha parte da veciñanza acusábao de abandono das súas obrigacións como mestre do grupo escolar de Baiona por atender os asuntos políticos. A pesar disto, seguirá como membro da Xestora.³⁵⁴

Máis previsible pareceu a renuncia de Nartallo Quinós. A súa posición dentro do goberno local non era sinxela, non gozaba da confianza dos corporativos, as súas opinións non eran tidas en conta, as súas mocións non se apoiaban e, sobre todo, posicionábase en contra da maioría dos acordos que aprobaba o resto dos xestores e,

349 *La Voz del Miñor*, 18 de abril de 1936. Ese ano coincidiran estas festas relixiosas na mesma semana que a conmemoración do 14 de abril polo que existía certa polémica coa suspensión dos actos litúrxicos. O xornal católico minimiza estes feitos tachando a participación, no retén nocturno, de reducida e ademais composta, tamén, por elementos alleos a Baiona.

350 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 55, Libro de Actas 55/1. Sesión plenaria do 3 de maio de 1936.

351 *Faro de Vigo* do 16 de xuño de 1936.

352 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 55 Libro de Actas 55/1. Sesión plenaria do 21 de xuño de 1936.

353 *Ibíd.*, caixa 213, Libro de Rexistro de Entrada 213/2. Documento do 20 de xuño de 1936.

354 *Ibíd.*, caixa 55, Libro de Actas 55/1. Sesión plenaria do 21 de xuño de 1936.

xa non digamos, se se trataba de debates ideolóxicos. O seu tempo político pasara e a súa forma de facer e entender a política tamén. Non era un home próximo á Fronte Popular senón un monárquico reconvertido; por iso, despois de case tres meses de figura decorativa, presentou a renuncia ao cargo coa escusa de que non dispuña de tempo para dedicarlle ao Concello e da súa inminente marcha a Bos Aires. Aceptouse de inmediato a súa dimisión e sen aludir, nin sequera, á cortesía acostumada nestes casos de reflectir na acta o agradecemento polos servizos prestados.³⁵⁵

A baixa de Nartallo Quinós non supuxo ningún contratempo para a Xestora, e a renuncia de Ramallo tampouco. Bernardo Seoane, que era o tenente de alcalde, asumiu a presidencia no mesmo pleno do 21 de xuño. Desempeñouna menos dun mes. Durante ese brevísimo tempo, ocupou o posto de 1º tenente de alcalde, que estaba vacante, Agustín Villafines González por elección, que pasou a ocupar a Alcaldía en funcións na sesión plenaria do 19 de xullo cando o golpe militar xa estaba en marcha. Esa circunstancia non pareceu preocupar en exceso nin aos veciños de Sabarís, que facían público na prensa do día 18 o seu programa de festas de verán, nin aos membros da Xestora, que nesa mesma data decidiron adquirir unha lámina litográfica do presidente da República, Manuel Azaña, para colocala no salón de sesións.³⁵⁶

10.2. REPOSICIÓN DA CORPORACIÓN DE MAIO 1931 EN GONDOMAR

A vitoria da Fronte Popular non supuxo variación ningunha en Gondomar. En febreiro dese mesmo ano, o gobernador civil saneara a corporación repondo o alcalde e concelleiros de elección popular e realizando unha criba entre os interinos cedistas e radicais, polo que non considerou oportuno nomear una xestora, como se fixo en Baiona. Ao fin e ao cabo o alcalde e a maioría pasaban a mans dos republicanos de esquerda.

Despois das eleccións de febreiro, o Concello volveu aos vellos tempos coma se nada pasase. O alcalde volveu resucitar a dupla formada co seu aliado, o socialista Rogelio Lorenzo, e co apoio sindical e agrario retomaron o dominio do escenario político municipal. O antigo adversario, o ex-radical Manuel Figueroa, adopta un perfil pasivo, cumpre con corrección as súas obrigacións de concelleiro asistindo aos plenos e participando nas votacións, pero xa non ten protagonismo político. Como tampouco o ten a outrora poderosa agrupación do Partido Radical que desaparece. Tamén se reduciron ao mínimo os debates políticos e as discrepancias do pasado; a gobernabilidade limitábase á intentar solucionar as inquietudes veciñais e todo iso sen ningún tipo de sobresaltos.

En marzo celebrouse unha festa patrocinada pola Federación Provincial Agraria con motivo da volta ao poder da corporación de elección popular. Desfilaron todos os sindicatos agrarios, menos o de Morgadáns encabezados polo Comité Electoral das pasadas eleccións que representaba á Fronte Popular. A ocasión era propicia para empezar esa nova etapa republicana cunha serie de reivindicacións. Entregouse ao alcalde un petitorio de propostas para cursar ás autoridades da República. Unha serie de medidas que tiñan como protagonista a política local e algunhas de tipo estatal.³⁵⁷

1.- “Derogación del nuevo impuesto sobre las plagas del campo.

2.- Suspensión de la ejecutoria de la ley de Coordinación sanitaria.

355 *Ibíd.* Sesión plenaria do 1 de xuño de 1936.

356 *Ibíd.* Sesión plenaria do 19 de xullo de 1936.

357 *El Pueblo Gallego*, 12 de marzo de 1936.

3.- Suspensión de nuevas órdenes que graviten sobre los presupuestos de los municipios.

4.- Imposición de que los recaudadores llamados agentes ejecutivos se contraigan al arancel y no hagan de este un acomodo en perjuicio del ejecutado.

5.- Régimen de abaratamiento de los suministros de medicamentos a los pobres.

6.- Traspaso de los gastos de primera enseñanza, en su totalidad, al estado.

7.- Obras públicas para Galicia para contener el paro y la emigración.

8.- Camino vecinal de Gondomar a Chenlo.

9.- Finiquito rápido al problema foral”.

A participación da Federación Provincial neste acto é tamén unha mostra de apoio dos agrarios á corporación e a constatación evidente de que Pequeño Rodríguez e os seus contarán coa tutela e a colaboración da organización agraria municipal nos labores de goberno, da que ademais o mesmo alcalde era presidente. O que se pretendía era volver asociar a organización política local coa estrutura agraria desde a óptica da esquerda. Nese sentido moitos agrarios, entre eles o mesmo Pequeño, aceptarán o carné de Esquerda Republicana, cuxa agrupación municipal se constituíu en maio de 1936.

Coa toma de posesión do goberno Fronte Popular, do que non forman parte nin os socialistas nin as demais forzas obreiras, entrouse nunha fase de tensións, violencia e conflitividade laboral que levou ao ministro da Gobernación, Amós Salvador (Esquerda Republicana), a tomar distintas resolucións para tentar evitar un desbordamento das canles legais en materia de orde pública e seguridade cidadá en todo o territorio nacional, enviando distintas ordes aos gobernadores civís, e estes, á súa vez, aos alcaldes co obxectivo de facelas cumprir pola comunidade.

O 3 de abril a autoridade provincial advertía do perigo que as posibles provocacións de elementos dereitistas deran lugar a unha reacción violenta dos veciños, polo que ordena que se atallen eses actos e se deteñan os axitadores.³⁵⁸ É que en canto se achegaba a data do quinto aniversario da proclamación da República, o goberno temeu que se producise unha onda de manifestacións e desordes, polo que remitiu ás autoridades provinciais unha circular, e estes, a súa vez, aos alcaldes para que tomasen medidas preventivas para manter a orde pública.³⁵⁹

358 Archivo Municipal de Gondomar, caixa 84. Documento con data de 3 de abril de 1936

359 *Ibíd.*, caixa 32, Libro de Bandos 32/2. Documento do 12 de abril de 1936. Bando do alcalde Pequeño Rodríguez.

“Hago saber: Que es propósito firme y decidido del gobierno de la República mantener el orden público en todo el territorio nacional con la máxima energía para evitar que los elementos perturbadores y enemigos del régimen provoque tumultos y motines que degeneren en asaltos e incendios de edificios religiosos, centros políticos y domicilios y fincas particulares, así como otros excesos que dan una lamentable sensación de inseguridad y llevan al ánimo del pacífico y honrado ciudadano la consiguiente intranquilidad y desasosiego que perjudica sensiblemente el crédito nacional. Para ello ha circulado órdenes severísimas a las autoridades provinciales, a las que a su vez lo hacen a las locales, para que no permitan alteraciones de orden recomendando se utilice la fuerza pública, si fuese menester, para reprimir en el acto, cualquier tumulto o motín que se promoviera, exigiéndose estrecha responsabilidad a los alcaldes por lenidad en el ejercicio de las funciones que como delegado del gobierno le están encomendadas. Por fortuna en este término municipal, no se han registrado hechos dolorosos como los acaecidos en otros pueblos de España y que nada favorecen, por cierto, a sus habitantes. Por ello debemos sentirnos orgullosos y satisfechos, pues la conducta seguida por los vecinos de este pueblo, da una idea del grado de civismo en el que se hallan y el respeto que le merecen los principios democráticos en el que se asienta el régimen republicano. Procuremos pues, coadyuvar a la realización de esta

Pequeño Rodríguez mostrouse orgulloso da conduta seguida polos veciños, xa que non se rexistraron feitos punibles, e do respecto que lles merecían a estes os principios democráticos en que se asentaba o réxime republicano, a diferenza doutros concellos.³⁶⁰

A convocatoria das eleccións a compromisarios³⁶¹ que, xunto cos deputados, deberían elixir o presidente da República, non suscitou moito interese. Gondomar foi o único concello da comarca que conservou nos seus arquivos a copia da acta do escrutinio deses comicios celebrados o 26 de abril de 1936. A campaña electoral pasou case inadvertida, e o día das votacións concluíu sen ningún tipo de incidencias, ao contrario que Baiona, onde no colexio electoral de Sabarís, un grupo de individuos penetraron no local ás tres da tarde rompendo a urna para, a continuación, engancharse con votantes e interventores co resultado de dous feridos.³⁶²

O pulso entre a candidatura da Fronte Popular e o seu único competidor, o Partido Conservador, resolveuse a favor do primeiro nunha xornada non exenta de loita política na maioría das mesas electorais e onde os conservadores gañaron en todo un distrito, dos tres que había, e opuxeron forte resistencia noutras parroquias. Hai que manifestar que, a priori, todo indicaba que se expuña a un duelo entre dous adversarios moi desiguais. Por un lado a todopoderosa Fronte Popular, recentemente gañadora dunhas difíciles eleccións lexislativas, que se mostraba cohesionada e que contaba con todos os resortes políticos e administrativos do poder central, provincial e municipal ao seu favor. Por outro, un minúsculo partido político que nin sequera fora capaz de articular a organización e a estrutura necesaria para poder presentarse a elas.

No primeiro distrito, o candidato máis votado, como non, foi Fernando Villamarín. Citamos a Villamarín porque encabezaba a candidatura conservadora, aínda que o resto do equipo obtivo o mesmo número de votos, un apoio fiel á totalidade da lista. No bando político contrario, a Fronte Popular, co mesmo procedemento, todos os candidatos conseguiron tamén a mesma cifra de papeletas.

Se sumamos todos os votos conseguidos polos distintos candidatos das dúas listas, temos o seguinte resultado:³⁶³

Partido Conservador	3.190 votos
Fronte Popular	2.990 votos

Na mesa electoral nº 1, o centro urbano, o triunfo foi para os fronte-populistas, que aumentaran considerablemente os seus apoios con respecto ás eleccións lexis- meritísima obra de pacificación interior del país continuando en la observancia de la conducta seguida hasta aquí, contribuyendo de este modo a afianzar la república, ya que de ello depende el bienestar de la nación y por ende del ciudadano honrado y pacífico. Así lo espero y confío, dad la sensatez de mis administrados, pues sería par mi doloroso aplicar las severas sanciones que la ley determina y que me vería obligado a imponer a los que olvidando sus deberes ciudadanos provoque alteraciones de orden o cometan cualquier infracción de las penas en las leyes vigentes”.

360 *Ibid.* O alcalde vai exhortar os veciños a que colaboren con esa misión que as autoridades emprenderon para a pacificación interior do país, de que forma? “continuando en la observancia de la conducta seguida hasta aquí, contribuyendo de ese modo a afianzar la república, ya que de eso depende el bienestar de la nación y por lo tanto del ciudadano honrado y pacífico”.

361 *El Sol*, 12 e 14 de abril de 1936.

362 *Faro de Vigo*, 29 de abril de 1936.

363 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 704, cartafol 704/4. Documento con data de 26 de abril de 1936.

lativas de febreiro, ata un 200% máis aproximadamente, aínda que por unha exigua marxe sobre os mauristas, 1.500 votos contra 1.200, dos cales non podemos saber ben cantos eran comservadores e cantos eran os votos centristas ou da dereita católica que van apoiar a opción ideolóxica máis próxima, ao non presentarse as súas propias.

Na mesa nº 2, Mañufe, o triunfo foi esmagador para os conservadores, polo efecto Villamarín, deixando a Fronte Popular nunhas porcentaxes reducidísimas, 150 votos, similares aos conseguidos nesta mesa nas recentes pasadas eleccións. Esta foi a única mesa electoral do municipio onde gañou o partido conservador.

Doutra banda, na mesa de Vincios, onde nas eleccións de febreiro se producira o triunfo das dereitas e centristas, agora prodúcese un empate de 1.060 votos entre conservadores e republicanos con outra subida espectacular destes últimos.

En todas as demais mesas dos distritos, o triunfo foi para os candidatos fronte-populistas, aínda que non por moita diferenza sobre os mauristas que, en termos xerais, obtiveron, dadas as circunstancias, un resultado moi digno.

En xuño a tensión política fixo que Azaña elevase o control da orde pública á categoría de materia prioritaria. Prodúcese un exceso de celo que leva á proliferación de elementos armados non oficiais que exercen como axentes da autoridade, arrogándose competencias á hora de practicar rexistros e mesmo detencións de persoas ou de automóviles, sobre todo de elites conservadoras, sen estar facultados para iso. O gobernador civil, en xuño e en cumprimento dos acordos do Consello de Ministros, instou os mandatarios locais á vixilancia e represión desas actuacións que correspondían, en exclusiva, ás forzas da orde pública. Ao mesmo tempo lembrou a Pequeño, como delegado gubernativo que era, a súa obrigaón de evitar todo atentado á propiedade privada, edificios públicos, capelas, conventos, igrexas etc.³⁶⁴

Pequeño Rodríguez enviou unha notificación aos alcaldes de barrio para que colocasen nos sitios de costume:³⁶⁵

BANDO

“1. Queda terminantemente prohibido que en la vía pública o en otro lugar cualquiera actúen como agentes de la autoridad, o se atribuyan funciones de tales, en cualquier forma, individuos que no lo sean.

2. Se prohíbe, igualmente, que sean detenidos en la vía pública los automóviles, por personas que exijan cantidades a sus ocupantes con distintos pretextos.

3. No se permitirá circular por las calles o caminos formando grupos de personas, así como el estacionamiento de estas, en grupos, en las plazas, cruce de calles o caminos.

4. El ciudadano que fuera sorprendido usurpando las funciones de agente de la autoridad, portando armas, provocando tumultos o incitando a que se formen, coaccionando al contribuyente para que se niegue a satisfacer los tributos, incitando a los ciudadanos a cometer delitos de cualquier clase que sean, será detenido y conducido a la cárcel, poniéndolo a disposición de la autoridad que sea competente para conocer del hecho, objeto de la detención.

5. No se podrán declarar huelgas sin cumplir tales requisitos reglamentarios, siendo declaradas ilegales las que se produzcan sin cumplir tales requisitos, así como los lock-outs y paros que se deriven del in-

364 *Ibid.*, documnto de 20 de xuño de 1936

365 *Ibid.*, documento con data de 26 de xuño de 1936.

cumplimiento de las bases acordadas, tanto por los patronos como por obreros, o de los fallos de tribunales y jurados competentes.

6. Los agentes de mi autoridad, entre los que se hallan los guardas jurados, cuidarán de cumplir y hacer cumplir rigurosamente, cuanto se ordena en este escrito, y de no hacerlo, por negligencia, serán considerados como cómplices o encubridores de las faltas o delitos que se cometan, dando lugar la confirmación de la falta al oportuno expediente de destitución.

7. Los expresados agentes, además de vigilar y hacer cumplir exactamente lo ordenado en este escrito, cuidaran con el mayor celo durante las horas de servicio y al hacer el recorrido que le está mandado hacer, de que no se produzcan atentados contra los edificios públicos, iglesias y otros, así como los particulares destinados a vivienda, deteniendo en el acto a cualquier ciudadano que intente ejecutar cualquier delito de los mencionados”.

Polo demais, nos meses que seguiron non se produciu nada máis salientable a nivel político que non fose a negativa, por parte do goberno local, a apoiar o Estatuto de Autonomía ata que non se aceptasen as emendas que se aprobaron no pleno e que estudaremos máis adiante. Tamén cabe destacar a celebración do Congreso da Federación Provincial Agraria en Gondomar, que tamén será analizada en capítulo posterior. Como acto simbólico, resaltar o discurso de Pequeño desde o balcón da Casa do Concello con motivo do V aniversario da República que comezaba así: “hoy se cumplen cinco anos de nuestra niña la República” (Soliño Troncoso & al. 1995: 59).

A xestión dos asuntos cotiáns foi o que caracterizou as últimas semanas da República en Gondomar, onde unicamente merecen ser destacadas as eleccións plebiscitarias sobre o Estatuto de Autonomía que trataremos máis adiante

10.3. O GOBERNO DE MAIO DE 1931 RECUPERA O PODER EN NIGRÁN

En Nigrán, os cambios gobernamentais levados a cabo como consecuencia do xiro electoral de febreiro tamén provocaron movementos na corporación dese municipio. Precisamente o venres 21, poucos días despois de celebrarse o sufraxio, o novo gobernador civil, Acosta Pan, ordenou a substitución da corporación interina radical-cedista e a reposición do concello popular saído das eleccións de maio de 1931, nun acto similar ao levado a cabo na localidade de Gondomar. O alcalde elixido nesa data, Manuel Alonso González, volveu ocupar o seu cargo.³⁶⁶

Con esas disposicións gobernamentais, o novo mapa político do Val de Miñor quedaba rectificado na súa totalidade e, xa fora por reposición, caso de Gondomar e Nigrán, xa fora por destitución, co conseguinte nomeamento dunha xestora, caso de Baiona, o certo é que o poder local ía quedar en mans de rexedores vinculados directamente coa Fronte Popular.

O reencontro coas tarefas de goberno por parte da corporación orixinal republicana en Nigrán supuxo, por unha banda, a continuación do *modus operandi* político do pasado. É dicir, a pluralidade nos debates, diferentes puntos de vista sobre a xestión política e administrativa que chocan entre os concelleiros ao pro-

366 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2039, Libro de Actas 2039/1. Sesión plenaria do 21 de febreiro de 1936.

por distintas solucións aos problemas que se expuñan etc. Iso en ningún momento supuxo un risco de ruptura ou de confrontación seria ou a existencia de grupos de oposición política dentro da corporación que puxesen en perigo a cohesión do equipo de goberno. Doutra banda, a volta á unidade de acción no fundamental, que tantos beneficios achegara nos primeiros tempos da República, tanto co asociacionismo agrario como co sindical.

Esa unidade estaba agora centralizada na Fronte Popular e para celebrar o triunfo convocouse unha manifestación pacífica, similar a outros concellos, e fíxose a entrega á autoridade municipal do reiterado prego de solicitudes para que se executasen ou, no seu caso, se elevasen ás autoridades da República.³⁶⁷

“1.- Clausura inmediata del Centro fascista de Panxón que ostenta el disfraz bajo el título de Autónoma creado con el fin de aplastar nuestros organismos sociales, cuyas amenazas así son divulgadas.

2.- Destitución de funcionarios del Juzgado municipal que se destacan por maniobras caciquiles perturbando la paz ciudadana y elección de los mismos para ocupar sus vacantes.

3.- Fomentar la necesaria Instrucción Pública de primera enseñanza, surtiendo de material suficiente las escuelas del municipio que se hallan en la actualidad en el abandono.

4.- Elevar a los poderes públicos la derogación de la Ley de Coordinación sanitaria que daña la economía municipal, cuyos gastos insoportables aumentan la situación de hambre por los impuestos creados a este efecto para la clase trabajadora.

5.- Recabar de dichos Poderes Públicos la construcción de obras para remediar el paro obrero.

6.- Abolición de cédulas personales sustituyéndolas por las de identidad, y esta expedida gratuita.

7.- Abolición inmediata de los foros

8.- Amnistía total de presos.

9.- Protestar contra el fascismo y la guerra y defender la neutralidad de España ante la próxima matanza bélica que se origina para la defensa del imperialismo fascista.

Es de justicia la máxima atención de nuestras aspiraciones y, en espera del cumplimiento de las mismas por el bienestar de la clase explotada, nos manifestamos cordialmente ante la corporación de su digna presidencia y con un fervoroso y emocionante grito de viva el triunfo del Frente Popular”.

Asinaban esas peticións, en nome do Comité da Fronte Popular de Nigrán, o presidente Ramón Casal e o secretario Abilio González.

Unhas demandas moito máis políticas que as expresadas polos compañeiros fronte-populistas de Gondomar e mesmo con propostas de desquite contra os perdedores das eleccións.

Superadas as celebracións, a corporación deu carpetazo á polémica petición por parte duns veciños de parcelas de monte común para convertelas en cultivo que fora informada favorablemente polo executivo local anterior e que suscitase a oposición dos veciños da parroquia de Chandebrito. O novo goberno púxose ao lado da maioría e desestimou a proposición “No considerar lo que se pide de interés

367 *Ibíd.*, caixa 26, cartafol 26/7. Documento con data do 15 de marzo de 1936:

local, no reunir condiciones de cultivo las parcelas que se piden y hallarse algunas de ellas pobladas de pinos en la actualidad”³⁶⁸

O tema do campo ocupou a atención das autoridades nacionais e provinciais da Fronte Popular. Había unha preocupación pola confusión que podería xerar entre o campesiñado galego a aplicación da Reforma Agraria levada a cabo no sur de España. Gonzalo Acosta, enviou aos municipios un oficio onde, tras lembrar que a mencionada reforma non afecta ao campo galego, alertaba sobre a posibilidade da ocupación de leiras rústicas por asociacións ou organizacións agrarias. Recomendaba dita autoridade aos alcaldes, neste caso a Manuel Alonso de Nigrán, que esas actuacións en forma ningunha habían de tolerarse nin ampararse con actitudes pasivas, senón que haberían de evitarse por todos os medios ao seu alcance. Mesmo utilizar a forza pública se se dese o caso, o imprescindible era evitar as ocupacións e do que puidese suceder responsabilizábase aos mandatarios locais polo que, de non adoptar con dilixencia e rapidez as medidas oportunas, procederíase á destitución fulminante do cargo³⁶⁹

Polo demais, a estabilidade da corporación non foi suficiente para xestionar grandes proxectos para o distrito debido á súa abrupta destitución a partir do golpe de estado de xullo. Con todo, neses escasos meses deulle tempo para protestar contra o novo imposto sobre as pragas do campo que quería levar adiante o goberno central e reafirmar a súa fidelidade aos símbolos da República adquirindo unha bandeira republicana para o frontal da Casa do Concello. Acordouse solicitar que as casas reitorais se reconvertesen en escolas públicas e en casas de mestres para aliviar así a partida de alugueres dos orzamentos municipais. Por outro lado, concedéuselle un anaco de terreo sobranste da vía pública á sociedade agrícola de Priegue para que construíse a súa sede social. A participación de Nigrán no Estatuto de Autonomía e o seu plebiscito formará parte dun capítulo máis adiante.³⁷⁰

10.4. O GOLPE DE ESTADO (XULLO 1936). AS XESTORAS FRANQUISTAS

A adhesión dos cuarteis galegos aos golpistas supuxo o triunfo do pronunciamiento militar en Galicia e o comenzo da represión. Nas principais cidades o ritual de toma do poder non diferiu no substancial: as novas autoridades ordenan ocupar o concello, destitúen as xestoras fronte-populistas e designan unha nova corporación sen que exista un esquema claro de xestión do poder local por parte dos rebeldes que fora máis aló da exclusión dos representantes dos partidos obreiros e da esquerda burguesa identificada coa Fronte Popular. De feito, unha semana despois de declarado o estado de guerra, a nova radiografía do poder local en Galicia distaba moito de terse aclarado. Estaban, por un lado, as capitais e algunhas vilas nas que esas novas corporacións tomaran posesión pero que nin sequera tiveran tempo de definir os principios que haberían de inspirar a súa xestión. Por outro, existían numerosos municipios nos que os rebeldes aínda non designaran a persoal da súa confianza e tamén outros moitos nos que a xestión administrativa fora encomendada a algún responsable da Garda Civil, a algún militar retirado ou era o secretario o que se en-

368 *Ibid.*, caixa 2039, Libro de Actas 2039/1, sesión plenaria de 1 de marzo de 1936.

369 *Ibid.*, caixa 230, cartafol 230/3. Documento do 6 de abril de 1936.

370 *Ibid.*, caixa 2039, Libro de Actas 2039/1. Sesións plenarias do 29 de marzo, 19 de abril, 3 e 26 de maio de 1936.

cargaba de despachar os asuntos de trámite, con ou sen supervisión por parte dos novos amos do poder. (Prada & Grandío, 2014, 32-35)

O primeiro paso na imposición dunha certa unidade de criterio entre os sublevados ten a súa orixe no radiograma enviado polo xeneral Xefe do Exército do Norte o 27 de xullo ás Delegacións de Orde Pública do territorio no que se dispuña a separación do persoal oposto ao movemento dos Concellos, Telégrafos, Teléfonos e Correos. Ese mesmo día foi trasladado ás diferentes Delegacións de Orde Pública e Comandancias Militares, tras o cal os responsables procederon ao “su exacto cumplimiento”. Iníciase entón, como ocorrera en 1923, a etapa dos Delegados Militares, durante a cal unha parte significativa da xestión dos pequenos municipios recae en militares retirados e, en ausencia destes, persoas de orde e de probada solvencia moral, elementos influentes no seo das diferentes comunidades que van ter como primeira misión a de garantir o mantemento dunha embrionaria estrutura de poder local, subordinada aos obxectivos esenciais dos sublevados. Os municipios do Val de Miñor non van ser unha excepción.

En Baiona, a nova Xestora de nomeamento militar reunírase o 27 de xullo.³⁷¹

Alcalde: José Barreiro Álvarez.

1º Tenente Alcalde: Edmundo Salgado Miniño.

2º Tenente Alcalde: Juan Manuel Martínez Martínez.

Xestores: Nicanor González, Alfredo Carrasco, Eugenio Núñez e Avelino González Barreiro.

Entre os elixidos figuraba un representante do clan Barreiro, unha das familias máis importantes do municipio, que tivo entre os seus membros militares e alcaldes, xa fose colaborando con Alfonso XIII, xa con Primo de Rivera. José Barreiro Álvarez, farmacéutico de profesión, era un dos maiores contribuíntes, católico e conservador: era un home de orde. Foi o último alcalde monárquico antes da instauración da Ditadura en 1923. A pesar diso e de que estivo afiliado ao Partido Galeguista durante a República, aínda que logo militou na CEDA, os militares rebeldes confían nel e nómeano primeiro alcalde da etapa franquista. Salgado Miniño, representante dunha recoñecida familia de propietarios de ideoloxía monárquica. Martínez Martínez, dirixente agrario en Sabarís, fora concelleiro con Primo e máis recentemente cos radicais. Avelino González, propietario e directivo do sindicato católico de Baiona. Alfredo Carrasco, comerciante de Baiona. Eugenio Núñez, xastre en Sabarís e activo colaborador do deputado Urzáiz na monarquía. Nicanor González tamén pertencía á elite conservadora baionesa.

A corporación fronte-populista de Gondomar foi sorprendida pola noticia da sublevación dos militares. Ao día seguinte e cando a rebelión xa tomara corpo, formouse o Comité para a Defensa da República integrado por militantes de esquerdas e algún republicano que procederon á incautación de mosquetóns e escopetas que algúns veciños, fundamentalmente cazadores, gardaban nas súas casas, pero non hai presenza de barricadas nin conatos de violencia de ningún tipo. O alcalde, Pequeño Rodríguez, co fin de acougar os ánimos e preocupado pola seguridade dos veciños ante a convocatoria de folga xeral levada a cabo por ese Comité e, nun intento de facer fracasar o golpe dos militares, publicou o seguinte bando:

371 *Ibíd.*, Arquivo Municipal de Baiona, caixa 55 Libro de Actas 55/1. Sesión plenaria 25 de xullo de 1936.

“Teniendo en cuenta las graves circunstancias creadas en virtud de los últimos acontecimientos ocurridos en España y el haberse declarado la huelga general, he acordado que el comercio cierre las puertas el día de hoy a fin de evitar posibles alteraciones del orden público.”³⁷²

Pero o peche durou tres días, ao cabo dos cales e no que sería o seu último comunicado, o alcalde requiriu a todos os comerciantes para que abrisen as portas dos seus establecementos aos veciños, co fin de que se puidesen aprovisionar do necesario para o consumo.³⁷³

Tras o golpe de estado, un destacamento da comandancia militar de Baiona tomou o concello e depuxo a corporación constitucional, e o 25 de xullo designou unha Comisión Xestora que estaba formada por:³⁷⁴

Latino Salgueiro Pereira	Alcalde
José de Lis Rodríguez	1º Tenente de Alcalde
Manuel Núñez Méndez	2º Tenente de Alcalde
Antonio Agustí Montada	3º Tenente de Alcalde
Xestores: José Quintas Santiago e Francisco Vázquez Fernández.	

O seu presidente, que pasou a exercer o cargo de delegado civil e militar, era médico municipal desde facía máis de trinta anos. Nunca tivera cargos políticos na Administración local, pero pola súa profesión era moi coñecido e influente. Home de dereitas na etapa republicana, era un dos líderes que tiña a URD-CEDA, organización da que fora presidente.

No discurso de presentación, Latino Salgueiro manifestou que esa reunión a convocaba por orde do comandante militar de Baiona, que o nomeou presidente da Comisión Xestora do Concello e aos alí presentes vogais da mesma. A Xestora tiña, segundo a opinión de Salgueiro, un carácter administrativo e funcionaría de forma interina ata que se normalizase a administración municipal.

“Perturbada momentáneamente a consecuencia de los sucesos revolucionarios acaecidos en España y que dada la gravedad de la situación que atraviesa el régimen político del país, amenazado por los elementos extremos de caer en manos de los comunistas españoles al servicio de Rusia, espera del conocido patriotismo de los señores que con él van a integrar la Comisión Gestora municipal de Gondomar, sabrán cumplir su cometido con el mayor celo y entusiasmo para liberar a España de la terrible hecatombe que irremediabilmente sería llevada si, oportunamente no hubiese intervenido en esta obra redentora el glorioso y noble ejército español”³⁷⁵

Os vogais José de Lis, Manuel Núñez e José Quintas eran dos maiores contribuíntes do municipio e representaban as políticas do pasado. De Lis serviu á súa Maxestade desde 1916 e, tras a paréntese da Ditadura, foi o último alcalde monárquico antes da proclamación da República. Tiña un negocio de restauración no centro da vila.

372 *Ibíd.* caixa 32, Libro de Bandos 32/2. Documento con data de 20 de xullo de 1936.

373 *Ibíd.* caixa 84. Documento con data de 23 de xullo de 1936.

374 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 24, Libro de Actas 24/1. Sesión plenaria de 25 de xullo de 1936.

375 *Ibíd.*

Núñez Méndez, de adscrición conservadora, era industrial e veciño de Gondomar. Estivera de emigrante en Lima (Perú). Formou parte, durante uns poucos meses do primeiro goberno da Monarquía tras a caída de Primo de Rivera. Quintas Santiago, tamén da vila de Gondomar, pasou por todos os bandos nun exercicio de puro oportunismo político. Primeiro ao servizo da Coroa, despois con Primo de Rivera para, a continuación e en plena República, exercer a xefatura local do Partido Radical e a presidencia da corporación durante uns meses. Por se algo faltaba no seu extenso currículo, ocupará agora un posto na Xestora franquista, para terminar presidíndoa.

En canto a Agustí Montada, catalán de nacemento, veciño de Gondomar, e Francisco Vázquez Fernández, natural e veciño de Mañufe, era a primeira vez que formaban parte dun equipo municipal. O primeiro, que exercía de representante comercial, xa levaba anos ocupando postos importantes na rebotica do poder, era membro da dirección da URD-CEDA, tamén acabará alcanzando a Alcaldía ao cabo de poucos meses; mentres que o segundo era propietario agrícola e indiano retornado que vivía das rendas dos seus negocios en Montevideo.

Con esta corporación, Gondomar rompía coa legalidade republicana e incorporábase ao bando franquista.

Tamén en Nigrán se recibiron as ordes do Goberno Civil con respecto á colaboración das corporacións co mantemento da orde pública. O alcalde republicano, en cumprimento dos mandatos superiores e como delegado que era para este labor, terá que proceder á recollida de armas de quen as tivesen sen legalizar e, se fose necesario e as circunstancias así o aconsellasen, tería que toma-la decisión de intensificar os cacheos e os rexistros domiciliarios.³⁷⁶

Tras o golpe de estado triunfante o 18 de xullo as autoridades militares procederon a nomear unha Comisión Xestora, que quedou constituída así:³⁷⁷

Presidente	Joaquín Fontán Ozores
Vicepresidente 1º	Laureano Lemos Lago
Vicepresidente 2º	Juan Saavedra Ozores
Xestores: Álvaro Mourelle García e Benjamín Calvo Areal (depositario).	

Todos procedían da dereita conservadora católica. O novo alcalde, veciño de San Pedro da Ramallosa, exercera de concelleiro durante a Monarquía. Lemos Lago era membro da dinastía Lemos, tamén de tradición realista. Saavedra Ozores, natural de Baiona e casado na Ramallosa era funcionario, mentres que Mourelle García, natural de Santiago, era mestre de Panxón desde 1923 e, por último, Calvo Areal era un sobrevivente político desde os tempos que exercera como alcalde, en repetidas ocasións, nos anos que precederon ao Directorio.

A nivel económico, todos eran propietarios. Fontán (médico), fixera a súa fortuna en Bos Aires e as súas rendas e propiedades convertérano nun dos maiores contribuíntes do municipio polo concepto de rústica. Calvo Areal era tamén un importante propietario e retornado de Bos Aires. Lemos pertencía a unha familia de importantes negocios de viños e outras actividades en Mendoza-Arentina. Saavedra e Mourelle cobraban as súas retribucións do Estado.

376 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 230, cartafol 230/3. Documento con data de 29 de xuño de 1936.

377 *Ibíd.*, caixa 2038, Libro de Actas 2038/1. Sesión plenaria do 31 de xullo de 1936.

Capítulo 11

O MOVEMENTO OBREIRO. AS SOCIEDADES AGRARIAS.

Coa chegada Segunda República a España reactivouse o funcionamento dos sindicatos obreiros, agrarios e outras organizacións sociais que xa viñan actuando na Ditadura de Primo. Algúns deses colectivos continuaron as súas actividades na paréntese monárquica, pero a instauración da democracia incrementou as ansias reivindicativas da poboación, o que fixo que aumentase a oferta asociativa e a militancia.³⁷⁸

A UXT vai partir con vantaxe tras as prebendas obtidas pola súa colaboración coa Ditadura. Desde o principio deste novo período, monopolizará a organización e orientación dos sindicatos da construción na comarca, excepto na parroquia de Panxón; tamén vai acaparar, de inicio, o movemento reivindicativo de mariñeiros e pescadores, pero a súa moderada e dubitativa actuación na convocatoria e defensa dos conflitos sociais, derivada do seu compromiso político co goberno republicano, fixo que moi axiña sexa substituída polos sindicatos adictos á CNT tanto polo sector pesqueiro de Baiona como en Panxón.

En canto ás sociedades agrarias, a nova lexislación republicana sobre asociacionismo converteraas decontado en sindicatos. No plano organizativo a única novidade foi a constitución de federacións de sociedades agrarias con carácter estable. Primeiro a nivel local, coa Federación Agraria do Val de Miñor que, a pesar desa titulación, soamente reunía os agrarios das parroquias de Gondomar, e coa Federación Municipal Agraria de Nigrán, coas agrarias do mesmo municipio. Posteriormente, coa entrada de ambas na Federación Provincial Agraria de Pontevedra. O asociacionismo agrario de signo católico estaba en retroceso, xa que practicamente deixara de existir en Gondomar e mantiñase nalgúnhas parroquias de Nigrán e Baiona, aínda que nesta última localidade a súa actividade sindical era de perfil menor.

11.1. OS 1º DE MAIO REPUBLICANOS: REIVINDICACIÓNS

O máis representativo e festivo do movemento sindical era a celebración do 1º de Maio que, a partir de 1931, foi declarada Festa Nacional polo Goberno da República.³⁷⁹

Na comarca compartíanse reivindicacións con actividades lúdicas á hora de festexar ese día que tiña o sector obreiro como protagonista. Non circulaban tranvías nin autobuses, os obreiros non acudían ao seu posto de traballo, a maioría dos agricultores deixaron voluntariamente de faenar, tampouco se despachaban asuntos administrativos nas oficinas municipais nin había clases nas escolas, incluso tabernas e comercios pechaban as portas, non só porque a lexislación así o demandaba, senón

378 É curioso o cambio que se vai producir coa chegada da República nalgúnhas organizacións do movemento societario, por exemplo, e a nivel simbólico; á hora de redactar os comunicados, oficios ou cartas á autoridade política local ou provincial, vaise pasar de utilizar a clásica despedida de “Deus garde a Vd. moitos anos” que utilizaban na etapa monárquica á máis revolucionaria de “Saúde e República” que van empregar agora.

379 Decreto do 22 de abril de 1931 onde se ratificou o Convenio de Washington de 1919 sobre a xornada de oito horas e declárase como festivo o 1º de Maio.

porque os sindicatos llo pedían encarecidamente aos alcaldes para evitar “bochor-nosos casos de ebriedad como acostumbran hacerlo este día muchas personas”.³⁸⁰

En Baiona a organización corría a cargo do Sindicato da Edificación que, por medio dun panfleto-programa, convidaba os traballadores en xeral, os estudantes, os labradores e os mariñeiros.³⁸¹ A manifestación partía do seu local social sito en Sabarís, á altura da Porta do Sol, e, acompañada durante todo o percorrido pola banda de música, chegaba ao campo da Palma, onde os líderes sindicais, políticos da localidade e invitados, case sempre da UXT de Vigo, dirixíanse aos participantes da marcha e veciños concorrentes. Pola tarde tiña lugar a parte festiva, xeralmente con merenda campestre, paseos, que, no caso desta localidade, eran marítimos.³⁸²

Outro tanto ocorría en Gondomar. Concentrábanse sobre as dez da mañá na sede do Sindicato da Construción, legalizado datas antes da proclamación da República, á beira do campo da feira do gando, e dirixíanse todos xuntos en manifestación, banda de música incluída, á Casa do Concello portando bandeiras republicanas, insignias obreiras e retratos de Pablo Iglesias e, desde os seus balcóns, os líderes republicanos arengaban o público asistente.³⁸³

En Nigrán o 1º de maio estaba organizado polas distintas sociedades agrarias existentes. Eran elas as que levaban o peso das reivindicacións, xa que nos primeiros tempos da República os traballadores deste municipio estaban integrados dentro da Sociedade Obreira de Baiona. Os primeiros de maio remataban coa interpretación da *Internacional*, o *Himno de Riego* e tamén *A Marsellesa*.

Os políticos locais que interviñan nestes actos representaban a parte máis vermella da corporación; é dicir, os concelleiros socialistas, pero cando non completaban o número suficiente facíanse acompañar de sindicalistas oriúndos ou/e por concelleiros republicanos sensíbles ás demandas obreiras. O 1º de Maio de 1931 presentouno en Gondomar o alcalde da Xestora republicana José Cribeiro, en cuxo discurso recoñeceu que levaba militando no sindicato socialista da UXT desde 1917. Tamén falou o 1º Tte. alcalde, o republicano radical Pablo Nieto.³⁸⁴

En Baiona non convidaron o primeiro rexedor, o republicano Valentín Puga, xa que era un importante empresario e na súa fabrica de conservas traballaban algúns dos manifestantes. O elenco de oradores foi politicamente máis correcto, pertencían a organizacións republicanas de esquerda ou socialistas. As intervencións correron a cargo do panadeiro socialista Bernardo Seoane, do presidente do Sindicato da Construción, o tamén socialista Villafines Bautista, do presidente da ORGA, Fernández Peón, do sindicalista representante dos traballadores do mar, Joaquín Mandado, e do mestre socialista e membro da Xestora republicana, Manuel Cuña. A Casa do Pobo de Vigo enviou, na súa representación, o socialista Antonio Bilbatúa.³⁸⁵

A nivel reivindicativo o máis destacado era a lista de requirimentos que os sindicatos e asociacións entregaban ás corporacións para a súa discusión e a súa posible aprobación e execución, no caso de que a solución desa demanda estivese dentro das súas competencias. De non ser así, daríase traslado aos ministerios

380 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 26, ano 1932. Carta do Sindicato de Obreiros do Ramo da Edificación de Baiona e os seus contornos ao alcalde de Nigrán con data de 24 de abril de 1932.

381 Arquivo de Amparo Barreiro Troncoso. Documento con data de 30 de abril de 1931.

382 No 1º de Maio de 1931 en Baiona, Fernández Peón encabezou a manifestación portando a bandeira republicana. Entrevista realizada polo autor con Margarita Peralba, parente da muller de Peón e moi vinculada á súa familia, o 14/04/2011.

383 *Faro de Vigo*, 5 de maio de 1931.

384 *Ibíd.*

385 *El Pueblo Gallego*, 3 de maio de 1931. Tamén en *Faro de Vigo* da mesma data.

correspondentes ou ao presidente da República. É importante facer un repaso delas xa que mentres unhas evidenciaban peticións con marcado matiz ideolóxico, outras reclamaban solucións que tiñan que ver coas necesidades da poboación. As peticións dos sindicatos aos poderes locais referiranse, sobre todo, a paliar o paro obreiro, polo que instaban os concellos á contratación e construción de camiños ou á solicitude de subvencións á Xunta Nacional do Paro Obreiro para investir en obras públicas que aliviasen a situación económica dos desempregados e, no caso concreto de Baiona, ao ser municipio costeiro, os problemas da pesca e o prezo da sardiña tamén estaban presentes nas súas preocupacións.

Faremos unha comparativa, coa documentación de que dispomos, no seguinte sentido: contrastaremos as reivindicacións levadas a cabo en 1931 en Gondomar e as do ano seguinte en Nigrán. O mesmo coas peticións que solicitaron, no mesmo ano de 1936, as sociedades obreiras de Baiona e Nigrán e, por último, fixarémonos se existen notables diferenzas entre os requirimentos dos primeiros anos da República e 1936, cando xa os sindicatos alcanzaran certa experiencia organizativa nun sistema democrático.

Empezando por Gondomar, o Sindicato Obreiro, fundado nese mesmo ano (1931), non era máis que a reconversión do antigo Sindicato Obreiro de Oficios Varios que existía desde principios de século. As súas peticións foran entregadas polo presidente, o albardeiro Manuel Rodríguez Gómez, ao alcalde, coa misión de que se remitisen ao executivo da República. Resumidas son:³⁸⁶

1. Escola única.
2. Escola para todos os nenos que estean en idade para asistir a elas.
3. Adopción de medidas para resolver a crise de traballo.
4. Seguros sociais para o obreiro en dificultades.
5. Concesión de dereito de voto para os maiores de vinte e un anos.
6. Repoboación forestal.
7. Construcción de casas baratas.
8. Lei que facilite o desenvolvemento de cooperativas obreiras.
9. Aprobación dunha Lei Agraria que regule todo canto se refira á agricultura.

Tratábase de demandas xeneralistas que na súa maioría xa figuraban nos programas políticos dos partidos socialistas e de esquerda e que posiblemente formarían parte da táboa reivindicativa presentada a outros gobernos locais da comarca por organizacións obreiras vinculadas á UXT, que eran case todas. Con ese documento cubríase o expediente, esfumábase o compromiso, ao non contemplar ningunha petición de competencia municipal, e desvíabase a responsabilidade lonxe, tan lonxe como estaban os departamentos ministeriais do goberno da nación. Era tempo para a concordia de republicanos e obreiros e, aínda que esa tranquilidade non vai ser duradeira, por agora non era cuestión de pór en apertos a corporación xa no primeiro 1º de Maio en liberdade, e, sobre todo, en clave local, porque o mesmo Rodríguez Gómez era membro da Xestora republicana de Gondomar.

O ano seguinte, en 1932, celebrouse en Nigrán un 1º de Maio con matices moi distintos ao celebrado en Gondomar o ano anterior. Para empezar, a autoridade provincial suprimiu as manifestacións e mitins ao ire libre para ese día sinalado, podendo en cambio, levar a cabo actos en locais pechados ou ben excursións ao campo. De feito xa non se volverían a celebrar máis Festas de Traballo co formato orixinal ata o ano do triunfo da Fronte Popular.³⁸⁷

386 *Faro de Vigo*, 5 de maio de 1931.

387 *Ibíd.*, 30 de abril de 1932.

Ao non poder celebrarse o tradicional desfile, unha comisión das sociedades agrarias de Panxón, Priegue e San Pedro da Ramallosa, convocadoras do acto, partiron ás nove da mañá desas localidades e citáronse no cruce da estrada de Panxón, e todos xuntos, como unha manifestación encuberta, dirixíronse á Casa do Concello. Os arredores estaban moi concorridos, a comitiva era esperada por numeroso público formado por simpatizantes e socios das tres sociedades agrarias. “Tal era el gentío que debía haber 2.000 persoas”.³⁸⁸

E, todos descubertos, gardaron un minuto de silencio en memoria das vítimas de Chicago de 1886 a proposta do presidente da sociedade agraria de Panxón, Ramón Casal. Despois os comisionados entraron no Concello e entregáronlles ao alcalde e aos concelleiros as peticións, que resumidas eran:³⁸⁹

- 1.- Abdicación total dos foros, subforos, laudemios etc.
- 2.- Libre importación do millo.
- 3.- Intensificar a vixilancia para evitar a introdución clandestina do gando vacún do estranxeiro.
- 4.- Protestar do aumento do 10% da contribución territorial.
- 5.- Supresión das Deputacións Provinciais por consideralas organismos inútiles.
- 6.- Libre destilación do bagazo.

A Sociedade Agraria da parroquia de Parada, que non fixo acto de presenza, sumouse á táboa reivindicativa presentada polas sociedades, peticións que se afasataban das competencias do goberno local e inscribíanse dentro do labor da política nacional.

O destinatario das reivindicacións de Nigrán era o mesmo a quen ían dirixidas o ano anterior as demandas de Gondomar. As boas relacións existentes, así mesmo, aquí, entre a corporación e as sociedades agrarias non eran merecedoras de críticas á xestión municipal nin peticións que puxesen nun aperto os rexedores. Por iso, os requirimentos dirixíanse, tamén aquí, ás máis altas instancias republicanas.

A finais de abril de 1931, o Sindicato de Traballadores do Mar (Baiona) pasouse á CNT e, como veremos, máis adiante seguirá o mesmo camiño o Sindicato *El Despertar del Valle* (Panxón). Esa mutación unida á constitución da *Sociedad de Campesinos de Sabarís e Belesar* polo anarquista José López Luís engadirá unha nova óptica, en clave libertaria, á celebración do 1º de Maio.³⁹⁰ (Fernández & Pereira, 2004:159)

Para empezar, en 1933, os cenetistas do Val de Miñor lanzaron un amplo manifesto, 1886-1º de Maio-1933. *A los trabajadores del Val de Miñor. Dejad que se oiga la voz del pueblo!*, onde se declararon en contra da maneira festiva de celebrar esa conmemoración por parte dos uxetistas e socialistas, fan un chamamento á afiliación e dan a coñecer o seu ideario libertario. Por unha banda demandaban que pasase exclusivamente aos obreiros a distribución e o usufruto da riqueza social, e, por outra, condenaban a celebración do 1º de Maio como día de festa para reconvertelo nunha

388 *El Pueblo Gallego*, 13 de maio de 1932.

389 *Ibíd.*

390 José López Luís, (Sabarís/Baiona, ? – Sabarís, 1936) Militante anarcosindicalista formado en Arxentina, país ao que emigrara cando era moi novo. En Buenos Aires traballou maiormente de chofer, ingresando na FORA na década dos anos 20 e facendo amizade con Diego Abad de Santillán. Expulsado do país americano aos comezos da II República, chegou a Belesar (Baiona) e alí organizou os campesiños do lugar na Sociedade de Agricultores de Sabarís, adicta á CNT. Ben coñecido na Confederación Galaica como orador e colaborador do periódico Solidaridad Obrera co pseudónimo de “Saluto”, foi asasinado xunto co seu irmán Luís nas primeiras semáns da Guerra Civil.

xornada de protesta social. Remataban cun chamamento aos traballadores a asociárense, a combateren as sociedades agrarias e a un boicot á Igrexa e á fecundidade.³⁹¹ A continuación, nun mitin celebrado en Nigrán na mesma Festa do Traballo de 1933, o propio José López Luís ía escandalizar os fregueses da localidade ao rexeitar publicamente a acción divina ao negar a existencia “de ese monstruo creado (...) por la ignorancia humana llamado Dios”.³⁹²

Os anos seguintes e con distintos gobernos, os actos conmemorativos do 1º de Maio quedaron reducidos, como xa comentamos, a actividades en locais cerrados. En 1935 o executivo seguía esgrimindo, sobre as manifestacións públicas, as mesmas razóns que anos anteriores: “podrán dar lugar a trastornos que motivarían la más serias represiones (...) de la calle no puede apoderarse nadie y en ella sólo mandan las autoridades.”³⁹³

A única documentación atopada sobre a Festa do Traballo ordenada no tempo pertence a 1936, relativa ás peticións dos sindicatos de Baiona e Nigrán. Nese ano as manifestacións volvéronse celebrar na rúa: o gobernador civil, Acosta Pan, concedulles autorización aos traballadores despois das promesas que tiña dos organizadores sobre a responsabilidade e disciplina dos manifestantes.³⁹⁴

En Baiona, a Xestora da Fronte Popular recibiu as demandas dos distintos convocadores do 1º de Maio e incluíunas na súa reunión del 7 de maio para o seu debate.³⁹⁵

Por parte das sociedades obreiras, estas foron, resumidas, as súas reivindicacións:

1.- Destruír a cama de cemento que existía no depósito municipal onde durmían os detidos e ocasionalmente os transeúntes pobres que pasaban polo municipio. Aprobouse esta proposición.

2.- Que as latas de conservas que tiñan un prezo de 0,70 ptas. fosen rebaixadas a 0,40 ptas. Despois dun amplo debate, a corporación acordou solicitar á Xunta Provincial de Abastos que incluíse as latas de conservas como produto de primeira necesidade e así poder fixar un prezo de venda ao público.³⁹⁶

3.- Que se constrúisen casas baratas. O pleno municipal aprobou que, cando o Concello estivese saneado financeiramente, faríase un proxecto e solicitaríanse do Estado axudas económicas para realizalo, pois tratábase de resolver un problema perentorio para case todo o municipio.

4.- Que se construíse o varadoiro do Burgo. Os concelleiros decidiron asumilo por unanimidade.

5.- Que se resolvese o prezo mínimo da sardiña. Neste caso concluíuse que a solución desa demanda era competencia do Estado.

6.- Que se construíse un inodoro público máis dos que había en Baiona. O goberno municipal vai contestar a esta petición anunciando que na lonxa xa se está construíndo un e que se incluírían dous inodoros máis.

7.- Que non se tocasen as campás antes do oito da mañá. Aprobouse e daranse as ordes oportunas.

391 Arquivo particular de Amparo Barreiro Álvarez (Vigo).

392 *Solidariedad*, 8 de febreiro de 1936.

393 *Faro de Vigo*, 26 de abril de 1935.

394 *Ibíd.*, 30 de abril de 1936.

395 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 55, Libro de Actas 55/1. Sesión plenaria do 7 de maio de 1936

396 É curioso e significativo que se reivindique esa petición cando o presidente da Xestora é o maior conserveiro de Baiona, Manuel Godoy, un republicano burgués lonxe das formulacións da esquerda obreira.

8.- Que se expulsasen as monxas da administración e atención do Hospital Municipal *Spiritus Sanctus*. Facendo equilibrios para non decepcionar os peticionarios, resolveuse esa delicada proposta pasando o documento á Comisión de Facenda do Concello, para que os comisionados estudasen a viabilidade económica do posible cambio.³⁹⁷

O Sindicato do Ramo da Construción, presidida polo canteiro Ramón Solla, e a Sociedade Cultural Francisco Ferrer, polo anarquista José López Luís, con sede ambas en Sabarís, presentáronlles conxuntamente as súas peticións ao goberno local:

1.- Secularización dos cemiterios: vaise aprobar e efectuarase de acordo coa lexislación vixente.

2.- Levantar un monumento en memoria dos primeiros republicanos que están enterrados no cemiterio civil de Sabarís. Aprobouse atendendo á Lei de Secularización.

3.- Substitución das monxas do Hospital. Non se discutiu porque xa fora tratado.

4.- Que os gardas municipais e os gardas de montes deixasen o seu labor e se dedicasen ao arranxo de camiños veciñais. Aínda que non existía unanimidade, acordouse preguntarlles a eses empregados municipais se algún quería, de maneira voluntaria, cambiar de destino.

5.- Solicitar a liberdade do detido José Urgal. *A corporación contestou que xa se fixo.*

6.- Cambio de rúas de Baiona e Sabarís. *Xa se fixo.*

7.- Condonarlles as multas a varios veciños de Baiona. *Xa se fixo.*

8.- Desarmar todo elemento fascista do municipio. *Nesa petición o alcalde subliñou que antes había que identificalos e que el non coñecía ningún. Ao final acordouse solicitar do Goberno Civil relación de veciños do Concello posuidores de armas.*

9.- Que se resolvese o máis axiña posible o paro obreiro. *O Concello estaba a facer todo o posible para atenuar ese problema, concluíu a corporación.*

10.- Que se lle esixisen responsabilidades á anterior corporación, se houberse causa para iso. *Nun acordo de compromiso aprobouse nomear unha comisión que investigará non só esa corporación senón tamén as anteriores.*

11.- Respecto da prohibición do toque de campá antes das oito; *xa se tratou anteriormente.*

12.- Que se prohibisen os enterros con acompañamento relixioso de acordo coa lei existente. *O goberno local fará cumprir a lei.*

13.- Ordenar o branqueo e saneamento dos edificios por razóns humanitarias e como medio para contrarrestar o paro. *As Ordenanzas Municipais xa obrigaban os propietarios a facelo.*

14.- Nomear un médico municipal, para que estivesen mellor atendidos os enfermos. *O alcalde, Manuel Godoy, viu moi difícil esta proposta por non existir nese momento dispoñibilidade económica.*

15.- Facer os trámites necesarios para encher a marisma de Sabarís e municipalizar as dunas da mesma parroquia. *Farase cando os presupostos municipais así o permitan.*

16.- Implantación da xornada de traballo de 44 horas semanais. *Non foi obxecto de debate por acharse en vigor.*³⁹⁸

397 Esta petición supuña un dardo envelenado para a Xestora, xa que se por unha banda tiña unha coherencia ideolóxica, doutra banda as 1.740 ptas. que cobraban as monxas por todos os seus servizos facían case imprescindibles, xa que sería imposible atopar persoal idóneo, en condicións legais, que realizasen as súas tarefas, e, ademais, a Facenda Local non estaba en condicións de aumentar os gastos de persoal. Arquivo Municipal de Baiona, caixa 55 Libro de Actas 55/1. Sesión Plenaria do 7 de maio de 1936.

398 *Ibíd.*

En canto a Nigrán, a Festa do Traballo de 1936 foi organizada conxuntamente pola Federación Agraria Municipal e polo Sindicato de Obreiros que, por estas datas, xa se independizara do Sindicato Obreiro de Baiona. Non participa o Sindicato Obreiro de Panxón por estar integrado na CNT.

As reivindicacións, resumidas, que se fixeron foron:

- 1.- Derrogación de todas as leis aprobadas polo anterior Parlamento.
- 2.- Concesión de créditos, sementes e elementos técnicos aos campesiños pobres.
- 3.- Anulación de hipotecas, débedas usurarias e foros.
- 4.- Elevación material do nivel de vida do traballador.
- 5.- Establecemento inmediato do subsidio do paro.
- 6.- Urxente contratación de obras públicas.
- 7.- Nacionalización da banca.
- 8.- Disolución de todas as organizacións fascistas e monárquicas.
- 9.- Rebaixa dos impostos aos pequenos produtores.
- 10.- Defensa e melloramento das condicións de vida dos mariñeiros pescadores e exención dos tributos que pesaban sobre eles.
- 11.- Implantación rápida e total da escola única proletarizada desde a primeira infancia á universidade por conta do Estado.
- 12.- Loita diaria contra os perigos da guerra imperialista e a defensa da neutralidade de España.
- 13.- Abolición da Lei de Coordinación Sanitaria.³⁹⁹

Asinárono Floriano Sanromán polo Sindicato Obreiro de Nigrán e os seus contornos e Maximino Misa Puga pola Federación Municipal Agraria de Nigrán.

Para concluír, sobre o modelo organizativo desas efemérides, podemos dicir que en Baiona o movemento obreiro encargouse da celebración desa festa desde o comezo da República e isto era así debido ao papel escasamente reivindicativo das contadas sociedades agrarias que funcionaban nesta localidade e que tiveron neste día tan sinalado, para a clase traballadora, un papel secundario. En Gondomar tamén a organización correu a cargo do sindicato obreiro a pesar do poderío asociativo das sociedades agrarias que, como en Baiona, van ter un papel irrelevante neses acontecementos. A excepción aconteceu en Nigrán onde a convocatoria do 1º de maio estivo a cargo das sociedades agrarias a nivel individual primeiro e federativo despois; iso si, na etapa final da República os sindicatos obreiros van tomar parte na elaboración das conclusións reivindicativas.

En canto á natureza das peticións, examinadas as demandas das asociacións de Nigrán de 1932, anotaremos que hai unha liña de continuidade respecto das reivindicacións apuntadas na conmemoración de 1931, e todo iso porque atendían exclusivamente a parcelas de ámbito nacional, desentendéndose das necesidades internas do Concello, obviando toda crítica ao goberno local e á súa xestión política; non en balde formaban parte desa corporación uns cantos socialistas e agrarios. Tal era o interese dos sindicalistas por deixaren á marxe os rexedores que, de feito, esas peticións enviáronse directamente ao presidente da República sen pasaren pola discusión e aprobación do pleno.

En cambio, en Baiona en 1936, a existencia dunha Xestora da Fronte Popular non foi inconveniente para que sindicatos e asociacións de esquerda elaborasen o seu *cuaderno de quejas* que, á beira dalgunha esixencia de competencia ministerial, estaba repleto de requirimentos en clave municipal. É máis, os documentos reivin-

399 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 26, cartafol 26/7. Documento con data de 15 de marzo de 1936.

dicativos enviáronse á corporación, que se viu obrigada a aprobar ou rexeitar tales esixencias, o que forzaba os concelleiros a posicionárense sobre esas demandas. Unha vía distinta da practicada no municipio de Nigrán.

Non dispomos da documentación necesaria en Gondomar para comprobar a evolución ou continuidade das peticións e se, igual que pasou en 1931, estas seguíronse enviando ao poder central ou se, pola contra, implicábase máis o goberno local con reivindicacións de carácter interno.

Desde o punto de vista da xestión municipal, as demandas non afectaron para nada ás políticas da corporación en Gondomar e Nigrán; en moitos casos, por quedaren as peticións expostas afastadas das súas competencias. En cambio, en Baiona, poderíanse chegar a entender os problemas que tales peticións supuxeron sobre todo para as facendas locais, polo que non era de estrañar que moitas das reivindicacións as aceptasen para salvar o expediente e contemporizar con sindicatos e asociacións, pero que, unha vez que remataba a sesión plenaria, a xestión da case totalidade desas propostas aprobadas quedaban arquivadas.

11.2. OS SINDICATOS OBREIROS E MARIÑEIROS: UXT- CNT

O movemento obreiro en Galicia estará dominado polas centrais sindicais UXT e CNT. Nos primeiros meses da etapa republicana, o sindicato socialista contaba con máis de vinte mil afiliados, dos cales algo máis de nove mil pertencían á provincia de Pontevedra. (González Probados, 2006: 8) Pola súa banda, a Rexional Galaica da CNT tiña, nese mesmo período, máis de trece mil afiliados en toda a rexión. (Barreiro, 1990: 224)

As sociedades obreiras existían, desde que se instalou a República, en forma de sindicatos da construción en Baiona e Gondomar, con influencia no perímetro dos municipios citados; de feito titúlase Sindicato do Ramo da Edificación de Baiona e os seus contornos, e para Gondomar o mesmo. A súa orixe tiña que ver coas antigas sociedades obreiras de principios de século, reconvertidas anos despois, durante a mesma Monarquía, e agrupando distintas profesións baixo o encabezado de Sindicatos de Oficios Varios, de ascendente socialista, para, a continuación, converterse en sindicato sectorial da construción, única actividade que, xunto co campo e o sector pesqueiro, agrupaba a maioría de traballadores destes concellos. No caso de Nigrán, os seus obreiros empezaron militando dentro do sindicato de Baiona e contornos, para constituír o seu propio xa avanzada a República.

A inauguración do sindicato de Obreiros do Ramo da Edificación de Nigrán tivo lugar o 16 de outubro de 1932. O acto, celebrado na súa sede da parroquia de San Pedro da Ramallosa, foi todo un acontecemento e significou a escisión pactada da súa matriz, o sindicato de Baiona. Estiveron presentes o presidente, Telmo Freitas, de Panxón, que tamén o fora do de Baiona, e unha representación de primeiro nivel do PSOE e a UXT dos municipios do Val de Miñor, personalizados polos mestres Luís Villegas Pascual, Manuel Cuña Cuña e José Cribeiro.⁴⁰⁰

Uns meses despois prodúcese a ruptura dos obreiros de Panxón, que constituíron o Sindicato de Oficios Varios desa localidade que, tras militar inicialmente na UXT, ingresa na CNT anarquista a principios de xuño de 1934.⁴⁰¹

400 *Faro de Vigo*, 29 de outubro de 1932.

401 *Solidariedade Obreira*, 9 de xuño de 1934.

Eses sindicatos, como xa comentamos anteriormente, estaban, na súa maioría, dentro da órbita socialista e van manter boa sintonía, primeiro, coas xestoras republicanas de abril de 1931, onde colocaron como integrantes delas afiliados da UXT, e despois cos gobernos locais de elección popular de maio dese mesmo ano e, dentro deles, cos republicanos de esquerda e socialistas, e, finalmente, coas Xestoras da Fronte Popular.

Na súa loita para mellorar o nivel de vida da clase traballadora en xeral e a dos seus afiliados do Val de Miñor en particular, os sindicatos serán prolíficos á hora de interpor rogos e peticións, así como protestas e reclamacións ante os poderes públicos, sobre todo locais, pero tamén provinciais e estatais. O seu obxectivo prioritario foi reducir as taxas de paro, polo que enviaron misivas aos alcaldes para que xestionasen, diante das autoridades, programas de obras públicas, tales como estradas, camiños, fontes, pantanos ou a remodelación e reforma de edificios públicos, como escolas ou casas dos concellos, e mesmo arrombar, exterior ou interiormente, inmobles oficiais e privados como medidas para colocar os obreiros desocupados.

Por iso, deixando a carón sensibilidades ecolóxicas e ambientais, aínda en desuso nese tempo, instan os gobernos locais a pór á disposición das iniciativas empresariais terreos públicos para a súa inmediata urbanización. Tal foi o caso das dunas de Canido e Gaifar en Panxón, onde a Sociedade Agraria da localidade e o Sindicato de Industria Pesqueira-CNT, apoiados por un grupo importante da veciñanza, demándanlle ao Concello, mesmo cunha convocatoria de manifestación, que parcelasen eses terreos, anexos ao litoral e de dominio público, e llos cedesen gratuitamente a quen se comprometesen a edificar. A corporación de Nigrán fíxose eco destas peticións e vainas aprobar porque:

“En la actualidad estos terrenos no tienen valor alguno ni son susceptibles de dedicar a ningún aprovechamiento y que, en cambio, dedicado a edificaciones no sólo se conseguiría hacer de Panxón una hermosa villa de veraneo, como acertadamente dicen los vecinos, sino que sería una fuente de ingresos para el Estado y el Municipio, al pasar a tributar como solares o edificios terrenos que no tributan con una sola peseta”.⁴⁰²

Pronto a urbanización das dunas se converteu nun atractivo negocio, obxecto de desexo por parte dos construtores, polo que a posible ampliación das licenzas de edificación nestes terreos comunais por parte do goberno local foi valorada polos sindicatos como unha oportunidade máis para darlles emprego aos obreiros afiliados que se atopaban no paro. O mesmo concelleiro socialista de Gondomar, Rogelio Lorenzo, mestre carpinteiro, xa colaborara co contratista de Panxón, José Mogines, na construción dunha serie de vivendas na praia desta parroquia.⁴⁰³

Os sindicatos obreiros e sociedades agrarias dese municipio dirixíronse, en xaneiro de 1935, ao concello, primeiro para parabenizalo por empezar a explotación do terreo e o proxecto do muro de contención nas dunas co fin de dispor do lugar e preparar as parcelas para unha futura construción de edificios e, en segundo lugar, para solicitaren que se desen toda clase de facilidades a todas as persoas ou empresas que desexasen construír, por crelas de verdadeiro interese para todo o termo municipal.⁴⁰⁴

402 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2037, Libro de Actas 2037/5. Sesión plenaria de 22 de outubro de 1933.

403 *La Voz del Miñor*, 7 de setembro de 1931.

404 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2037, Libro de Actas 2037/7. Sesión plenaria do 13 de

Pola súa banda, os agricultores e gandeiros viron nese proxecto unha oportunidade de abrir un novo mercado para os seus produtos. Aos mariñeiros e pescadores non lles importará desprazar desa zona os secadoiros de redes que alí tiñan instalados, xa que o aumento de poboación supuña maiores posibilidades de transaccións do peixe.⁴⁰⁵

Os sindicatos tamén se dedicaron a tarefas de control e vixilancia da lexislación laboral. Aos alcaldes dirixíronse as queixas e reclamacións do que eles consideraban actuacións irregulares e mesmo ilegais dos patróns. Así, o alcalde de Nigrán recibiu a denuncia do sindicato da localidade de que algún construtor, como o que facía as obras en Lourido, non empregaba obreiros en paro e instábano para que lles lembrase aos empresarios do sector que cando comezasen as súas obras non se esquecesen de contratar o persoal desempregado do municipio.⁴⁰⁶ Outras veces as críticas tiñan que ver co incumprimento da xornada laboral de 44 horas semanais, por iso acusaron o contratista Jesús do Barrio de que quería facer traballar os obreiros máis horas das que lles correspondían.⁴⁰⁷ Neste mesmo concello, tamén se denunciaron excesos nos horarios dos obreiros forzados polos patróns “en un momento de crisis de trabajo, se está trabajando en obras públicas y particulares de sol a sol”.⁴⁰⁸

Así mesmo, os sindicatos demandaron das corporacións locais o repeso do pan e da carne, e o control de calidade do leite, así como a fiscalización daqueles establecementos privados onde se expendían e elaboraban eses produtos.

Por último, e non menos importante, supervisan a seguridade no traballo, a prevención de accidentes e a rápida e eficaz atención dos lesionados durante a xornada laboral. O procedemento administrativo que se seguía ante esa circunstancia era a apertura de dilixencias, por orde do delegado do Ministerio de Traballo e levadas a cabo polo alcalde e o secretario, co fin de esclarecer os motivos do sinistro e atopar responsabilidades, sobre todo en canto ao incumprimento da lexislación laboral.

Documentación atopada no Arquivo Municipal de Gondomar permitiunos seguir o interrogatorio, posterior a un accidente laboral, a dous obreiros da construción, Isabelino Costa López, de trinta e tres anos, casado, canteiro e veciño da parroquia de Vincios e o accidentado, Alberto Miranda Moraes, de vinte e catro anos, casado, albanel e veciño da vila.

Pregunta 1.- Forma e condicións do contrato que tiñan formalizado.

Resposta.- ISABELINO COSTA: que non tiña contrato de traballo.

ALBERTO MIRANDA: que non tiñan contrato de traballo co patrón.

Pregunta 2.- Se o patrón lles fixo algunha indicación da forma na que tiñan que efectuar o traballo.

Resposta.- COSTA: que o patrón lles sinalou o sitio no que habían de facer o pozo, dirixindo, logo, as obras persoalmente e a forma de efectuar o traballo.

MIRANDA: que o patrón lles sinalou o sitio en que habían de facer o pozo e dirixiu os obreiros nos seus traballos para realizar as obras.

Pregunta 3.- Se os utensilios empregados eran da súa pertenza ou do patrón.

xaneiro de 1935.

405 *Ibid.*, caixa 169, cartafol 169/3. Documento con fecha de 5 de enero de 1935.

406 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 213, Libro de Rexistro de Entrada 213/2. Documento de 12 de maio de 1936.

407 *Ibid.*, caixa 213, Libro de Rexistro de Entrada 213/1. Documento de 4 de xullo de 1933.

408 Carta do Sindicato do Ramo da Edificación de Baiona e seus contornos ao alcalde de Nigrán. Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 228, 20 de xuño de 1931.

Resposta.- COSTA: que os utensilios empregados nas obras pertencían parte ao patrón e parte aos obreiros

MIRANDA que os utensilios e ferramentas de traballo pertencían en parte ao declarante e en parte ao patrón.

Pregunta 4.- Circunstancias e detalles da forma en que ocorreu o accidente

Resposta.- COSTA: Que o día no que ocorreu o accidente, o declarante notou que o seu compañeiro se esvaeceu na superficie, esborallándose e caendo ao fondo do pozo. Ao pedir auxilio compareceron familiares do patrón e outros veciños, o declarante baixou ao pozo e, con axuda e colocando o seu compañeiro nun caixón, subírono á superficie. Unha vez arriba trasladárono á casa do patrón onde foi atendido.

MIRANDA: que o día do accidente foron traballar, coma de costume, Isabelino e el, baixando ao pozo de primeiro, que non lembra cando se mareou, só lembra cando volveu en si no fondo do pozo, ao sacudilo o seu compañeiro, sentiuse ferido e con moita dor e que o subiron á superficie atado nun caixón. Estivo na casa do patrón ata que foi a súa nai a recollelo e levalo ao hospital.

Pregunta 5.- Se o obreiro Isabelino Costa padecía algunha enfermidade da vista, ou se, de un tempo a esta parte, notaba diminución visual

Resposta.- COSTA: que o declarante non padece enfermidade na vista.

MIRANDA: que ignora se o seu compañeiro padecía algunha enfermidade na vista, aínda que non notou nel nada que indicase que padecese esta enfermidade nin que fose curto de vista.

Pregunta 6.- Por que non efectuaran o apuntalamiento do pozo.

Resposta.- COSTA: que non se efectuou o apuntalamiento do pozo porque este se facía en rocha, non crendo, por tanto, que fose necesario, porque non ofrecía perigo.

MIRANDA: que o terreo en que traballaban era de pedra, polo cal non ofrecía perigo.⁴⁰⁹

Nas relación entre o sindicato e o concello tamén houbo momentos de contestación e rebeldía, sobre todo despois do triunfo da Fronte Popular. En maio de 1936 a construción do encoro de Chaín xa comezara. Fora unha obra moi esperada no municipio, xestionada durante varios meses, interviñera o mesmo Pablo Nieto e nela investíranse fondos das partidas estatais destinadas a paliaren o desemprego. O Sindicato da Edificación de Gondomar negouse a colaborar co alcalde na elaboración dunha listaxe de obreiros, xa que nesa relación “se encuentran extranjeros y esquiroles” que non só incumprían a obriga que calquera obreiro que quería acceder a un posto de traballo tiña que acatar e que significaba a militancia na organización, senón que traballarían nas mesmas condicións que os nacionais e os afiliados nas obras do encoro. O sindicato queixábase ao alcalde de que nesas listas os obreiros afiliados figuraban no último lugar, e ameazaba con boicotear a obra xa que, segundo os seus estatutos, era incompatible a convivencia de obreiros sindicados con esquiroleiros.⁴¹⁰

O movemento sindical de pescadores e mariñeiros afecta aos dous municipios costeiros da comarca, concretamente aos portos de Baiona e Panxón. A finais de maio de 1931, o mestre socialista Manuel Cuña creou en Baiona o Sin-

409 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 1557, cartafol 1933. Documento do 31 de outubro de 1933.

410 *Ibid.*, caixa 84, ano 1936. Documento do 25 de maio de 1936.

dicato de Traballadores do Mar que, de entrada, contou con 150 afiliados pero ao que axiña se lle unirán moitos máis ata constituir un sindicato poderoso.⁴¹¹ Na súa primeira asemblea apostaron por integrarse na Federación de Traballadores do Mar-UXT. De feito o sindicato socialista anunciou a súa incorporación o 10 de xuño.⁴¹² O mesmo van facer os 99 militantes do Sindicato de pescadores *El Despertar Marítimo* de Panxón, que se afiliarán á UXT no mes de agosto dese mesmo ano, en plena folga do sector pesqueiro.⁴¹³ Ambas as organizacións incorporaranse á CNT. o ano seguinte.

Tamén tomou protagonismo a Asociación de Mestres Nacionais, que fóra fundada en Gondomar en 1916 con sede na parroquia de Mañufe. En principio, á parte de reivindicar melloras profesionais, serviu para impulsar a vocación política dos mestres nos municipios, primeiro formando parte das directivas das sociedades agrarias, e, xa con Primo de Rivera, incorporándose como concelleiros agrarios nos gobernos locais por decisión das autoridades gobernativas.

Tras a proclamación da República, un número importante dos seus afiliados van posicionarse a favor do Partido Radical. Por Gondomar, Enrique Rodríguez Márquez, Rogelio de la Granja e Eladio Ferreiro, e en Nigrán, Sebastián Pena.

Pero a maioría dos mestres sentíanse máis identificados co ideario socialista e, polo tanto, estaban asociados á Federación de Traballadores do Ensino-UXT. Tal era o caso, por Gondomar, de José Cribeiro, mestre de Donas; Juan Antonio Ambrós, mestre de Couso; Joaquín Fernández Ferrándiz, mestre de Prado-Morgadáns; Gloria Barbazán Fernández, mestra de Peitieiros; Juliana Gómez Martín, mestra de Donas; Luciano Folgar Monteagudo, mestre de Chaín; Prudencio Figueroa, mestre de Vincios; Luciano Cores, mestre de Vilaza; Benedicto Crespo, mestre de Vincios. Tamén hai que contar coa influencia que exerceu sobre eles o mestre e líder sindical Víctor Fráiz, primeiro galeguista, despois socialista e comunista, destinado na escola de Coia-Vigo pero con pasado recente en Vilaza (Gondomar) e que contaba con moito ascendente entre os seus compañeiros de profesión.

En Baiona, ao mestre de Belesar, Manuel Cuña Cuña, había que engadirlle Benito Ramallo Gómez (Baiona), Amando Rodríguez, mestre de Baredo, Julián Carrascal Luengo, mestre de Sabarís, e María Aguiar Piñeiro, mestra da graduada de Baiona.

En Nigrán eran socialistas e uxetistas o mestre de San Pedro da Ramallosa, Luís Pascual Villegas, e o mestre de Nigrán, José Vázquez Grela.

As excepcións ao dominio socialista e radical eran o galeguista Victoriano Tai-bo, mestre de Morgadáns-Gondomar, e o dereitista Álvaro Mourelle, mestre de Panxón-Nigrán.

A patronal tamén se vai organizar. Así, a comezos de xuño de 1932 constituíuse a Sociedade de Fabricantes de Pan do Val de Miñor que agrupaba os industriais panificadores da comarca. Esa asociación empresarial dos panadeiros estaba presidida, curiosamente, polo socialista Bernardo Seoane.⁴¹⁴

411 *El Pueblo Gallego*, 30 de maio de 1931. Apareceron, con Cuña, na primeira directiva: Humberto Cabrera, Urbano Rodríguez, Francisco Mandado, Alfonso Míguez, Guillermo Ferreiro, José Villar, Francisco Lijó, Manuel Leyenda, Manuel González, Máximo González e Manuel Cabrera.

412 *Ibíd.*, 10 de xuño de 1931.

413 *Ibíd.*, 27 de agosto de 1931.

414 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 226, ano 1932. Documento con data de 2 de xuño de 1932. Presidente, Bernardo Seoane; vicepresidente, Enrique Fernández; secretario, Alfonso Valverde; contador, Arturo Almeida; vogais, Luís Hermida, Domingo Fernández Carrera e Manuel Salgueiro.

11.3. O AGRARISMO: A SÚA POSICIÓN POLÍTICA.

En Baiona existían diversas sociedades agrarias representativas de todas as parroquias. En Sabarís atopábase a decana do municipio e unha das máis antigas do Val, a Sociedade Agraria *La Reconquista*, fundada en 1912; seguían a Sociedade Agraria *La Lealtad* de Baíña (1918) e a Sociedade Agraria *La Unión* de Belesar (1921); a Sociedade Agraria de Baredo vaise constituír de novo en 1933.⁴¹⁵ Estas datas que se citan respecto da súa creación son as que reflicten o Libro de Rexistro de Asociacións do Goberno Civil, no cal eran inscritas oficialmente e adquirían visado de legalidade cando se aprobaban os seus estatutos previamente enviados á autoridade provincial. Sabemos que esas asociacións e outras, tamén dos demais concellos da comarca, levaban anos de actividade sen pasar polo Rexistro, polo que a súa constitución real era, nalgúns casos, anterior á sinalada. Mesmo en determinadas parroquias as sociedades agrarias constituíronse con outro nome diferente ao que tiñan actualmente e iso era porque a versión orixinal desaparecera por falta de actividade ou a consecuencia da emigración dos seus líderes, e reapareceran anos máis tarde con denominación distinta. Moitas veces, e durante moito tempo, chegaron a coexistir cos sindicatos agrarios de orixe católica que, a pesar de que algúns foron anulados polo impulso dos primeiros, outros chegaron a sobrevivir mesmo no réxime republicano, aínda que cun programa de actividades moi reducido, a pesar do apoio que lles brindaba o seu voceiro, o semanario *La Voz del Miñor*.

É de destacar que, desde o comezo da República, algúns líderes das sociedades agrarias de Baiona vanse aproximar ao Partido Radical. Incluso formarían parte dos cadros directivos nas agrupacións municipais guiados fundamentalmente polo compromiso coas reivindicacións agrarias dos dirixentes provinciais, Emiliano Iglesias, Ramón Salgado e José López Varela, e pola presenza, nese partido, do líder agrario Basilio Álvarez, que se promocionou politicamente pola súa actuación na loita antiforal. Pero o certo era que, en Baiona, o agrarismo, a diferenza de Gondomar e Nigrán e salvo excepcións, non tivo nin o liderado nin a forza suficiente nin a capacidade de mobilización sobre os afiliados, de cara a influír nos destinos da política local, como si o fixera na etapa monárquica. Nin sequera será tida en conta como forza relevante nos procesos electorais, polo que os agrarios desa localidade serán unha excepción respecto das outras asociacións agrarias da comarca.

As sociedades de Baredo e Belesar serán adictas aos radicais. A primeira ata finais de 1934 e a segunda ata principios de 1936. Incluso ao redor desta última vaise constituír a primeira agrupación lerrouxista de Baiona. Sabarís gozará da sociedade agraria máis numerosa e importante do municipio, e, igual que a de Baíña, contará cunha ideoloxía plural entre os afiliados, aínda que, durante un período importante da República, moitos dos seus dirixentes optaron por apoiar o Partido Radical.

En consecuencia, xa fose polo control dos radicais sobre algunhas sociedades, xa fose por indiferenza reivindicativa, pola súa escasa actividade ou pola influencia da Igrexa, o certo é que se mantiveron afastadas dos organismos asociativos creados a nivel provincial e non participan, en principio, na Federación Provincial Agraria⁴¹⁶

415 Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Sección Goberno Civil. Libro de Rexistro de Asociacións. Documento inscrito o 1 de outubro de 1933.

416 A nova versión da Federación Provincial Agraria reorganízase no Congreso Agrario do Porriño en maio de 1931. Contou coa presenza de Basilio Álvarez e Emiliano Iglesias e foi elixido presidente Ramón Salgado. Foron unhas xornadas polémicas nas que algunhas federacións discreparon cos acor-

de Pontevedra e iso que *La Reconquista* estivera presente no IV Congreso Rexional Agrario do Porriño, en maio de 1931, onde se decidira a creación desta Federación. Terá que pasar un tempo ata que formalicen a súa entrada: primeiro Baredo na segunda metade do ano 1934, e despois Sabarís, cuxo ingreso farase a finais de maio de 1936. En canto a Baredo, esa sociedade agraria acabou rompendo as súas vinculacións cos radicais precisamente despois dos sucesos de outubro de 1934, e Sabarís esperou ao triunfo da Fronte Popular para decidirse a entrar na Provincial, co impulso dunha executiva plural onde convivían ex concelleiros monárquicos, ex upetistas con elementos de Esquerda Republicana, entre os que destacaba o seu líder, o ex concelleiro Fernández Peón.⁴¹⁷

Por lo tanto, ata ese momento os agrarios de Baiona non estarán suxeitos á disciplina de voto que axiña lles impuxo a Provincial ás sociedades agrarias afiliadas cando, no seu momento, decidirá apoiar, nas eleccións, a esquerda. De feito, entre os agrarios do concello, soamente a Sociedade Agraria de Baredo apoiou oficialmente a candidatura da Fronte Popular en febreiro de 1936.

Por último, destacar a fundación, a principios da República, da Asociación de Campesinos que agrupaba agricultores de Sabarís e Belesar, grazas ao traballo do anarco-sindicalista José López Luís, retornado de Buenos Aires, e que enseguida integrou este sindicato na contorna da ideoloxía anarquista.

O agrarismo en Gondomar e Nigrán estaba nun estadio superior ao de Baiona en canto a organización, militancia, actividade e compromiso político. No caso de Gondomar vinculábase ese poder asociativo a que era un municipio exclusivamente agrario e que carecía de sector pesqueiro; un concello onde cada unha das dez parroquias contaba coa súa sociedade agraria creadas ao longo do últimos vinte anos antes da chegada do réxime republicano. Pola súa banda, Nigrán, excepto Panxón, onde unha parte pequena da poboación dependía das actividades do mar, estaba maioritariamente ocupado nas actividades do sector agrícola, o que explica que tamén aquí todas as parroquias contén cunha sociedade agraria. Incluso nalgunha, como naquela localidade, así como en San Pedro da Ramallosa, aínda aguantaban os sindicatos agrarios católicos da Monarquía.

En Gondomar estaban constituídas: A Sociedade Agrícola de Vincios, creada en 1911; era a máis veterana do Concello e unha das máis antigas do Val de Miñor, aínda que foi refundada no verán de 1931. A Sociedade Propietaria Agraria de Gondomar, de 1912, a Sociedade Agrícola de Morgadáns, de 1914, igual que a Sociedade Agrícola *A Unión de Borreiros*. A Sociedade Agrícola *Virxe dos Remedios* de Couso, de 1927; e, finalmente, a Sociedade de Obreiros e Agricultores de Mañufe, a Sociedade Agrícola de Peitieiros e a Sociedade Agrícola de Vilaza, de 1932. No Libro de Rexistro de Asociacións non figura a Sociedade Agraria de Chaín que si, en cambio, apareceu, e en varias ocasións, nas actas municipais e na prensa. Mesmo foi a única sociedade da localidade que participou no Congreso Agrario Rexional do Porriño (1931).

Tamén era probable que os agrarios de Mañufe, Peitieiros e Vilaza estivesen xa organizados tempo atrás, pero sen legalizarse no Goberno Civil ata as datas sinaladas no Rexistro. Mesmo en ocasións sucedía o contrario.

dos do Congreso e algún xornal agrario tachou de ex maurista e ex upetista a Ramón Salgado. Un mes despois saíra elixido deputado constituínte.

417 *Faro de Vigo*, 6 de xuño de 1936; o ingreso desa sociedade agraria de Sabarís na Federación Provincial constou coma se fose unha filial da Federación Municipal de Nigrán, mentres non se constituíse a correspondente Federación Municipal Agraria de Baiona, para o que sería necesario a participación de tres sociedades agrarias deste municipio.

Pero a organización agraria máis poderosa era, sen dúbida, a Federación Agraria do Val de Miñor, fundada en Donas en abril de 1932 e con sede social en Mañufe.

⁴¹⁸ A pesar do seu nome, este movemento societario soamente agrupaba as sociedades agrarias pertencentes a Gondomar e acabarán integrando todas as parroquias, excepto a de Morgadáns. A da vila, cun nome tan significativo como Sociedade Propietaria Agraria, anunciou a súa entrada en febreiro de 1933, aínda que xa levaba algún tempo negociando a inclusión, que presentaba pequenos problemas burocráticos xa que un par de artigos do regulamento interno vulneraban as disposicións polas que se rexía a Federación. A cambio, esta acordou que se lle condonaría a cota de 50 ptas. que deberían pagar todas as sociedades de nova admisión. Esas condicións non convenceron os dirixentes radicais que controlaban esa sociedade propietaria e foron demorando o ingreso, sobre todo pola vinculación desa Federación agraria municipal coa Federación Provincial. A integración dos agrarios da vila na Federación Val de Miñor producírase a finais de 1935 cando estes xa se sacudiran o dominio radical e tomaran a dirección elementos próximos a Esquerda Republicana cunha ideoloxía afín a aquela.⁴¹⁹ Deuse o caso de que a Sociedade Propietaria Agraria se convertería durante unha boa parte do novo réxime no viveiro de cargos e concelleiros do Partido Radical de Gondomar.

As sociedades agrarias, que xa colocaran algúns dos seus nos comicios de abril, van copar a lista de candidatos en maio de 1931, onde case todos eran radicais. O único concelleiro socialista, Rogelio Lorenzo, tamén agrario, chegou a ser presidente desta Federación na etapa final da República. Polo tanto, e nun principio, a case totalidade dos agrarios estaban na órbita do partido de Lerroux, pero unha serie de circunstancias que xa analizamos no capítulo anterior foron afastando moitos deles das posicións conservadoras que representaba o xefe radical da provincia, Emiliano Iglesias, e desprazáronse cara á esquerda, aínda que unha parte importante, sobre todo afiliados de base, van seguir fieis ás posicións radicais.

Coa chegada á Alcaldía, no verán de 1932, de Pequeño Rodríguez, presidente da Sociedade Agrícola de Borreiros e da recentemente creada Federación Agraria do Val de Miñor, as sociedades agrarias atoparon un interlocutor do seu bando e que representaba os seus intereses. Foron tempos de nítida colaboración e notable influencia dos agrarios na gobernabilidade do Concello coas vantaxes e os problemas que iso, tamén, comportou. Nesa estratexia política, os agrarios de Gondomar e Nigrán van estar influenciados polos representantes da Federación Agraria de Tui, que no Congreso Agrario de Lavadores de finais de febreiro de 1932, defendían o control das organizacións agrarias da Administración local e pasar da política nacional, fronte á postura dos agrarios de Lavadores que preferían apoiar os partidos nacionais que máis contraprestacións ofreceran.⁴²⁰

Aínda que todo cambiou; por unha banda, coa solicitude de entrada da Federación Agraria Municipal na Federación Provincial despois do verán de 1933,⁴²¹ a

⁴¹⁸ Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra. Sección Goberno Civil. Libro de Rexistro de Asociacións. Documento con data de inscrición do 24 de abril de 1932.

⁴¹⁹ *El Tea*, 14 de decembro de 1935. A Federación do Val de Miñor deulle o ingreso aos agrarios da parroquia de Gondomar o día 8 do corrente, polo que todas as sociedades agrarias do Concello están integradas na Federación Municipal. Presidente, Vicente Leiras; vicepresidente, Francisco Pérez; tesoureiro, Manuel Pérez; contador, Domingo Rodríguez; secretario, Manuel Sío; vicesecretario, Manuel Dimias; vogais, José Méndez, Emilio Eiras e Manuel Alonso.

⁴²⁰ *El Pueblo Gallego*, 1 de marzo de 1932.

⁴²¹ *Ibíd.*, 25 de febreiro de 1934. O ingreso desa Federación Agraria Val de Miñor de Gondomar na Federación Agraria Provincial levouse a cabo en febreiro de 1934. Para esta data a Federación Muni-

cal pedirá o voto para os candidatos de esquerda nas eleccións xerais de novembro de 1933, en cuxa candidatura se incluíron varios agrarios; e, por outra, co apoio de Pequeño e os seus aliados para o candidato do Partido Republicano Gallego, en contra do candidato radical, nas eleccións para o representante do Tribunal de Garantías Constitucionais, o que levou á ruptura do goberno local, como xa analizamos no capítulo anterior.

Depurados polos sucesos revolucionarios de outubro de 1934, Pequeño e os agrarios de centoesquerda e esquerda foron rehabilitados en febreiro de 1936, en cuxas eleccións apoiaron os candidatos da Fronte Popular.

Xa no Congreso Agrario de Vilagarcía os delegados aprobaran unha proposta de creación dunha fronte única con toda a esquerda republicana contra as forzas fascistas ou de calquera tipo que puidesen pór en perigo a existencia da República, o que de feito situaba o movemento agrario na esquerda parlamentaria. Participando desas conclusións, asistiron as delegacións de Nigrán, Panxón, Priegue, Camos, Parada e San Pedro da Ramallosa, ademais da propia Federación Municipal de Nigrán; por parte de Gondomar fixeron acto de presenza Chaín, Vincios, Vilaza, Mañufe, Peitieiros e Borreiros, ademais de representantes da Federación municipal Val de Miñor- Gondomar. Tamén estiveron convidadas, aínda que sen dereito a voto, delegacións das sociedades agrarias de Donas e Couso.⁴²²

Inmediatamente despois do triunfo da Fronte Popular, o presidente da Agraria do Val de Miñor, o tenente alcalde e socialista Rogelio Lorenzo, foi convocado para participar na directiva da Provincial Agraria que preparaba o congreso anual, que ese ano tería lugar en Gondomar.⁴²³ Ao Congreso asistiron delegacións agrarias de toda a provincia; de Gondomar estiveron representadas todas as parroquias menos Morgadáns. Significativo é que ningunha sociedade agraria de Baiona fixese acto de presenza, a pesar de que esa reunión se celebraba na comarca. A declaración de fe esquerdistista recollida nas intervencións do Congreso e o fracaso colleitado polos radicais nas pasadas eleccións de febreiro colocan xa, sen ningún xénero de dúbidas, os dirixentes das sociedades agrarias do Val de Miñor baixo a influencia da esquerda. De feito, nunha intervención durante un debate no Congreso dos Deputados, o deputado agrarista e dirixente desa Federación Alonso Ríos manifestou: “Yo represento a la Federación Provincial Agraria de Pontevedra, que es una organización de carácter izquierdista”.⁴²⁴

En Nigrán, as agrarias existentes apoiarán a campaña electoral da conxunción republicano-socialista tanto nas municipais de maio coma nas constituíntes de xuño de 1931. Na etapa inicial da República colaboran co goberno local, aínda que ao non estar nin o alcalde nin moitos concelleiros dentro das directivas agrarias, o nivel de empatía non estará á altura de Gondomar, polo que, en ocasións, producíranse lixeiras discrepancias e desacordos.

Hai que destacar que a constitución desa sociedade foi lenta. Xa nos mitins que a Federación Provincial Agraria⁴²⁵ levaba a cabo en xullo de 1932 para dar a coñecer as vantaxes de participar no movemento agrario, o seu presidente, Ramón Alonso

pal contaba coas sociedades agrarias de todas as parroquias, excepto as de Gondomar e Morgadáns, e cunha afiliación duns mil asociados.

422 *Faro de Vigo*, 28 de febreiro de 1934.

423 *El Pueblo Galego* de 25 e 26 de marzo e 1 de abril de 1936

424 *Ibíd.* 22 de abril de 1936.

425 En realidade foi no mesmo mes de xullo cando o Goberno Civil aprobou o Regulamento desta organización. Por tanto é neste mes cando quedou constituída legalmente a Federación Provincial Agraria. Arquivo Histórico provincial de Pontevedra. Sección Goberno civil. Libro de Rexistro de Asociacións.

Martínez, animaba os agrarios de Nigrán a que se constituísen en sociedade para así formar unha Federación coas *agrarias* de Priegue e Panxón, que xa existían.⁴²⁶ A presenza dos directivos agrarios provinciais no municipio deu un impulso societario que culminou coa creación, ese mesmo ano, da Sociedade Agraria Repobladora Forestal de Camos e, en outubro, inscribiuse o Sindicato Agrario Republicano de Parada baixo o impulso do mestre da parroquia, adscrito ao Partido Radical, Sebastián Pena, e do agrario de esquerdas retornado de Buenos Aires, Maximino Puga, que xa levaba funcionando desde principios da República. O mesmo ocorre coa Sociedade Agraria de Nigrán, que non aparecía no Libro de Rexistro de Asociacións, pero fixo acto de presenza no Congreso Agrario de Lavadores de finais de febreiro de 1932, en compañía dos agrarios de Parada e Priegue.

A principios de febreiro de 1934 e na mesma reunión na que se lle concedeu a alta na Provincial á Federación Agraria Val de Miñor de Gondomar, aprobouse tamén o ingreso oficial da Federación Agraria de Nigrán, que xa asistira con anterioridade ás reunións desta organización provincial.⁴²⁷

A nivel de xestión local, as sociedades agrarias da comarca interviñan solicitándolle á corporacións camiños públicos, iluminacións, fontes, etc. Neses casos non abundaban as posturas solidarias e cada organización defendía os seus intereses parroquiais fronte aos das outras sociedades. Outras veces facían de intermediarios entre os veciños e o poder local buscando subvencións ou participando economicamente á beira do concello á hora de compartir proxectos. Tamén loitaban para evitar o aumento dos impostos e estaban representados nas Xuntas de Repartimento Veciñal.

Doutra banda no Val de Miñor funcionaban sociedades benéficas e asistenciais. En Baiona existía desde 1920 o Pósito de pescadores con funcións profesionais, educativas, solidarias e benéficas. Entre os seus presidentes estiveron o armador e primeiro alcalde republicano pertencente ao Partido Radical, Vicente González Cadilla, e o concelleiro dereitista, e tamén armador, Policarpo Vilar. Esa institución mantivo durante uns anos unha escola de ensinanza primaria ata que na segunda parte da Ditadura foi absorbida polo Estado reconverténdoa nunha escola nacional.

A protección e socorro dos pescadores seguía correndo a cargo, por unha banda, da Asociación de Pescadores e Mariñeiros *La Anunciada*, sostida polas achegas dos seus socios, e por outra, do Padroado de Vellez dos Mariñeiros, que se nutría de fondos públicos e privados e que eran xestionados pola Axudantía da Mariña de Baiona.

Tamén en Gondomar seguía funcionando a Sociedade Benéfica *Asilo e Hospitalillo* que fora creada en abril de 1919.

11.4. A CONFLITIVIDADE SOCIAL E INSTITUCIONAL

Pouco tempo despois de proclamarse a República rexístrase xa un incremento da conflitividade social. Primeiro, con motivo dunha folga dos tranviarios de Vigo, convocada o 9 de xuño de 1931, que tamén afectou o escaso persoal que a empresa tiña no Val de Miñor. Como consecuencia, o tranvía eléctrico soamente funcionou entre Ramalloso e Vigo. As comunicacións entre Baiona-Ramalloso-Gondomar quedaron suspendidas. O paro resolveuse en días e o servizo reiniciouse o 13 do mesmo mes.

426 *El Pueblo Gallego*, 27 de xullo de 1932. Un dos acordos do Congreso Agrario do Porriño era que facían falta como mínimo tres sociedades agrarias parroquiais para constituír unha Federación Municipal.

427 *Ibíd.*, 25 de febreiro de 1934.

Doutra banda, a impaciencia dos mariñeiros e pescadores de Baiona e Panxón por conseguir melloras salariais e condicións de traballo máis dignas desembocan na folga de mediados de xuño de 1931, de importantes consecuencias a nivel político en Baiona e que xa analizamos en capítulos anteriores. Este paro enmarcouse dentro do conflito pesqueiro da ría de Vigo que se levou a cabo durante boa parte do mes de maio e comezos de xuño. Pola súa banda, Baiona e Panxón, aínda alleas ao conflito, participan á beira doutros municipios da ría en reunións que foron convocadas para axuntar posturas respecto da pesca da sardiña.⁴²⁸

Satisfeitas as reivindicacións, a principios de xuño, no porto de Vigo, declárase a folga o 20 do mesmo mes polas tripulacións de vapores e traíñeiras de Baiona e, nun perfil máis baixo, en Panxón. Convocados polo Sindicato dos Traballadores do Mar co apoio da UXT de Vigo, a data dos paros non se escolleu ao chou senón que tivo que ver coa próxima celebración das eleccións constituíntes e a presión que isto podía supor para o goberno de Alcalá-Zamora. A existencia do paro pesqueiro é negada en sesión plenaria polo alcalde de Baiona, González Cadilla, aínda que xa era de dominio público e, por suposto, da corporación.⁴²⁹ Hai que ter en conta que o alcalde e o concelleiro Policarpo Vilar eran armadores e, por tanto, partes afectadas nese conflito.

A ausencia de métodos violentos propiciou a mediación da autoridade marítima, pero armadores e mariñeiros non conseguiron alcanzar un acordo á hora de atopar unha saída ao conflito. Os días ían pasando, os armadores confiaban en que os pescadores se reincorporasen ao traballo ao sentirse asfixiados economicamente, pero aguantaron grazas á solidariedade da caixa de resistencia creada polo resto das organizacións obreiras, mesmo de Vigo. A patronal alcanzou un acordo cos tripulantes dos barcos de gasolina e como proba da súa boa vontade e flexibilidade na negociación, publicitaron o convenio asinado, que consistía en “El reparto de veinte partes para la tripulación y diecinueve partes y media para los armadores. Dos cestas y media de matute para la gente y dos para los armadores.”⁴³⁰

Este acordo rompía a unidade dos folguistas e ía endurecer os posicionamentos dos tripulantes dos vapores que non asinaron o acordo e seguían co paro. As semanas ían transcorrendo e non se albiscaba un achegamento entre ambas posturas, o que levou a radicalizar os traballadores, sobre todo a partir de agosto. Alfredo Saralegui, en representación do Ministerio de Trabajo, con experiencia na resolución de conflitos deste tipo e tras oito días de negociacións, conseguiu que os pescadores asinasen unhas bases de acordo que foron rexeitadas pola patronal, a cal aproveitou ese parón negociador para saír faenar sen contar cos tripulantes do Sindicato local. Como reacción a ese novo escenario e para forzar a sinatura dun compromiso, os folguistas pasan á acción directa e realizan unha serie de atentados contra as propiedades dalgúns armadores, entre os que destaca a colocación dunha bomba caseira que estourou na madrugada do 6 de setembro na vivenda do armador e concelleiro republicano Policarpo Vilar Ochoa, causando danos na planta baixa e rotura de cristais por valor de 118 ptas.⁴³¹

428 *El Pueblo Gallego*, 31 de maio de 1931.

429 O Concello de Baiona comunicoulle ao Goberno Civil que os pescadores plantaran a folga pero que non fora anunciado oficialmente. Arquivo Municipal de Baiona, caixa 220, Libro de Rexistro de Saída de documentos 220/1. Documento con data de 18 de xuño de 1931.

430 *El Pueblo Gallego*, 17 de xullo de 1931.

431 Os pormenores do atentado contra Policarpo Vilar cóntanse no xuízo contra Mandado levado a cabo en Vigo, en xaneiro de 1932, e que citaremos nas pp. seguintes.

A autoridade provincial enviou un grupo de gardas civís para reforzar a Comandancia local e deter algúns mariñeiros, entre eles a Joaquín Mandado, membro da dirección do Sindicato dos Traballadores do Mar, que se presentou voluntariamente no Xulgado de Vigo declarándose o único responsable dos feitos. A pesar do seu calculado testemuño, onde negaba a participación doutros militantes sindicais, algúns pescadores máis tiveron que ir testificar, e contaron, para axudar a sufragar os gastos de desprazamento, cunha subvención municipal, o que suscitou as críticas dos concelleiros radicais.⁴³²

A situación facíase insostible. Saralegui cesou como interlocutor ao esgotarse a súa función negociadora, o que obrigou o novo gobernador civil, José Calviño Domínguez, membro da ORGA e home de confianza de Casares Quiroga, a desprazarse a Baiona para mediar na resolución do conflito, que xa afectaba a máis de 500 pescadores. A súa intervención foi tan decisiva que antes de finalizar o mes de agosto alcanzáronse unhas bases de acordo, para volver negociar, que foron asinadas polas dúas partes. Pero isto non supuxo o fin da folga, polo que Calviño citou no Pazo Provincial da Alameda, sede do Goberno Civil, os representantes patronais e sindicais. Por parte dos armadores desprazáronse, entre outros, Joaquín Pazo Nartallo, Policarpo Vilar Ochoa, Ulpiano Vilar Ochoa, Vicente Mosquera, Basilio Lira, Vicente González Cadilla, José Vázquez González e José Vilar Fernández, e por parte dos pescadores e mariñeiros Francisco Mandado, Antonio Davila Rivas, José Vilar, Urbano Rodríguez, Ramón González, Francisco Lijó, Joaquín Mandado e Humberto Cabrera.⁴³³

O acordo alcanzado puxo fin á folga e o 24 de setembro anunciouse que os barcos volvían faenar.⁴³⁴ Os mariñeiros detidos foron todos postos en liberdade, menos Joaquín Mandado, ao que o xuíz de Instrución enviou a prisión acusado de atentado, o que provocou a reacción do goberno de Baiona que, por motivos humanitarios, aprobou unha moción que presentou o socialista Villafines na que se pedía a liberdade provisoria do detido ata a celebración do xuízo:

“Para que pueda, con el producto de su trabajo honrado, atender a la subsistencia de su esposa y de sus infelices pequeñuelos, que no tienen otro patrimonio ni más amparo que el trabajo.”⁴³⁵

O concelleiro Policarpo Vilar acudiu, como mostra da súa vontade por esquecer o suceso, como parte dunha embaixada da corporación que visitou os xulgados para entregar o escrito. O texto da mencionada moción trataba de minimizar os feitos do autor do atentado, ao que se cualificaba de “honrado marinero” e cuxo fin non tería nada que ver cun atentado criminal nin con ánimo de causar vítimas, senón o de atemorizar os patróns e armadores para que se aviñesen a negociar e así acabar dunha vez por todas coa folga. Mandado, tomaría esa decisión:

“Acaso en un momento de desesperación impulsado por la irresistible fuerza del hambre y llevado por un afán, acaso equivocado, pero en el fondo plausible, de ver resuelto este conflicto social.”⁴³⁶

432 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 20 de setembro de 1931

433 *Ibíd.*, caixa 257 cartafol 257/20. Documento con data de 1 de setembro de 1931.

434 *El Pueblo Gallego*, 24 de setembro de 1931.

435 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, cartafol 54/2. Sesión plenaria del 18 de octubre de 1931.

436 *Ibíd.*

Pola súa banda, os mariñeiros e pescadores de Panxón, agrupados na Sociedade *El Despertar del Valle*, deberon convocar o seu paro para principios de xullo a teor do despacho emitido o 3 do mesmo mes polo gobernador civil, Varela Radío, ao alcalde de Nigrán, onde, ante a anunciada folga, convidábo a intervir, ante obreiros e patróns, para buscar unha solución que puxese fin ao conflito que se aveciñaba e, no caso de que xa estivese en marcha, coidar que non se produzan accións violentas.⁴³⁷

Ese sindicato de pescadores non debeu contar cos suficientes apoios no municipio para facer fronte ao inmovilismo negociador dos armadores, polo que, para gañar o respaldo dunha organización sindical de peso, ingresaron, a finais de agosto e en plena folga, na central socialista, como xa vimos.

A pesar dese importante respaldo, a solución do conflito non chegaba e tivo que ser a propia clase mariñeira de Panxón a que tomase a iniciativa e, en colaboración co alcalde, convocase a patronal dese porto para atopar unha saída negociada. A finais de setembro, uns días despois do fin da folga en Baiona, asinou un acordo amigable entre armadores e mariñeiros. Descoñecemos as condicións do acordo, aínda que deberon ser similares ás do municipio veciño e estar influídas pola intervención do mesmo gobernador civil, Calviño Domínguez.⁴³⁸

As consecuencias do conflito pesqueiro foron máis aló da firma do acordo. O 14 de xaneiro de 1932, Mandado foi xulgado na Audiencia de Pontevedra, onde o fiscal pedía, inicialmente, unha condena de cadea perpetua conforme á lei de delitos cometidos con explosivos. A defensa baseou a súa estratexia nun novo testemuño de Mandado no que se declarou inocente xustificando a súa anterior declaración de culpabilidade “para evitar que a Xustiza prendese xente inocente e clausurase a Sociedade”.⁴³⁹ Tras os informes favorables para o reo dos peritos militares e numerosas testemuñas de Baiona no sentido dos bos antecedentes do sindicalista, o fiscal rebaxou a pena. A sentenza da Audiencia condenouno a sete anos de cárcere por atentado con dinamita, pero, coa aplicación dun indulto, ao final quedou reducida a tres.⁴⁴⁰

Os conflitos do sector pesqueiro, en Pontevedra en xeral e en Baiona e Panxón en particular, deixaron maltreitas as relacións do sindicato local coa UXT e coa política do goberno republicano-socialista. A estratexia da UXT consistía en tratar de evitalle problemas ao goberno da coalición; por iso se enfrontaba, en termos xerais, aos conflitos de forma moderada. Así, concretamente, con respecto á folga de Baiona, o delegado da sección pesqueira do sindicato socialista en Vigo, ante as críticas recibidas polo abandono dos pescadores, respondeu que eses mariñeiros declararon a folga sen consultar e actuaron con violencia e atentados. Como consecuencia desa actuación contemporizadora, distintos portos da provincia e da rexión incorpóranse ás filas cenetistas por desafección cara á central socialista “En Galicia se apartan con asco de la UGT por sus reiteradas traiciones” (Pereira, 2010: 155). Iso foi o que sucedeu o 24 de abril de 1932. Manuel Fandiño, secretario da Federación Rexional Pesqueira, en compañía do presidente do Sindicato da Industria Pesqueira de Vigo, anunciaron que o Sindicato de Traballadores do Mar de Baiona decidira darse de baixa na UXT e, por unani-

437 Arquivo Municipal de Nigrán. caixa 2071, Libro de Rexistro de Entrada 2071/1. Documento con data de 3 de xullo de 1931.

438 A convocatoria estaba asinada polo secretario do sindicato mariñeiro de Panxón, encabezábaa cun simbólico “Cidadán Alcalde Municipal de Nigrán” e estaba dirixida aos armadores Manuel Domínguez Macaya, Claudino Chamorro e aos irmáns Manuel e Ángel Costas Guisande. Este último, militante do Partido Radical, será nomeado alcalde a raíz dos sucesos de outubro de 1934.

439 *Faro de Vigo*, 15 de xaneiro de 1932.

440 *Ibíd.*, 17 de xaneiro de 1932.

midade, ingresar nesa Federación de ideoloxía anarquista e, por tanto, na CNT. O mesmo fixeron, pouco tempo despois, os mariñeiros da Sociedade Marítima *El Despertar del Valle* de Panxón.

Axiña os pescadores da comarca se interesan por cumprir os seus deberes e obrigacións coa sociedade anarquista e, aínda que non participaron, coa súa presenza, no pleno do Comité Rexional desta organización en Ferrol, celebrado en agosto de 1932, si estarán representados de forma indirecta xa que contaban cunha importante afiliación de inicio: 100 militantes a sociedade de Baiona e 200 a de Panxón.⁴⁴¹

Ese ingreso produciuse a poucos días da celebración do 1º de Maio, polo que os afiliados do sindicato de pescadores de Baiona desmárcanse, agora, de participar na organización da Festividade do Traballo. O mesmo Joaquín Mandado desde o cárcere de Pontevedra, onde cumpría a sentenza que lle impuxeron uns meses antes, arengaba por carta os seus compañeiros contra o sentido desa efeméride.⁴⁴²

“A mis hermanos los trabajadores de la tierra y el mar
SALUD

Es el 1º de Mayo para todos nosotros un día glorioso, por la gesta heroica de aquellos valientes y abnegados compañeros que pagaron con su vida el atrevimiento y la audacia de lanzar a la faz del mundo capitalista el primer grito de rebelión por la conquista de las ocho horas, pero también es, para nosotros los continuadores de su obra, un día de luto, de tragedia y protesta, no solamente por el crimen monstruoso que cometió el capitalismo norteamericano con estos compañeros inocentes, sino también por la serie de crímenes que han seguido cometiendo todos los capitalismos y todos los gobiernos sin excepción de ninguna clase.

Compañeros, en estos días tristes e interminables en que me encuentro aquí entre cuatro húmedas y sucias paredes, siento la necesidad de desahogarme un poco dirigiéndoos estas mal hilvanadas líneas que forman una voz de aliento para que continuéis luchando sin tregua ni descanso, ya que todavía continúan en pie las causas de esta vida de explotación, de miseria y de injusticias que vivimos la clase productora.

Hoy, como el 1º de Mayo de 1886 y como siempre, se ofrece a nuestros ojos el mismo panorama desolador de todos los tiempos: a un lado miseria, dolor, sangre y cárceles llenas de inocentes y desesperados; a otro lado, riquezas, orgías, banquetes, placeres y derroche sin fin; y todavía tienen la desvergüenza y el cinismo de declarar, estos eternos farsantes, este día de luto y de tragedia, este 1º de Mayo inmortal, en la “Fiesta del Trabajo”. ¡Que sarcasmo! ¡Como si la situación de todos los trabajadores, los que tienen la “suerte” de trabajar y los que tienen la “dicha” de no encontrar trabajo, fueran para hacer fiesta.

Pero yo os digo, no, compañeros no; el 1º de Mayo no es día de fiesta aunque así lo declaren los traidores de Galán y García Hernández, es día de lucha, de revuelta, de protesta contra todos los opresores, contra todos los explotadores y contra todos los cobardes y traidores.

¡Trabajadores de la tierra y del mar! Cuando alguien, sea quien sea, os venga a embaucar con la Fiesta del Trabajo, respondedle, que no, mientras subsistan las causas que originaron en Chicago, los sucesos del 1º de Mayo, que mientras subsistan las injusticias y las tiranías presentes,

441 *Solidaridad Obrera*, 3 de setembro de 1932.

442 Arquivo particular de Amparo Barreiro Álvarez.(Vigo)

hay que luchar sin descanso y sin vacilaciones hasta derrocar este régimen oprobioso y con él a todos los parásitos que bien a costa de nuestro esfuerzo y nuestro sudor.

¡Compañeros: por la gloriosa Confederación Nacional del Trabajo, que nunca desmintió su historia, por el Comunismo Libertario y por la Revolución Social, todos en pie de lucha, unidos como un solo hombre, hasta exterminar a nuestros seculares enemigos: el Capital y el Estado!

¡Salud, Igualdad y Fraternidad! Es cuanto os deseo proletarios del Valle Miñor”.

Joaquín Mandado Marcote. Prisión de Pontevedra, 28 de abril de 1932.

Os conflitos, na ría de Vigo, entre a patronal da pesca e a industria conserveira por unha banda, e os sindicatos do mar adscritos maioritariamente á CNT por outra, foron unha constante ao longo do período republicano. Así, a partir do segundo semestre deste mesmo ano de 1932, convocouse una folga de mariñeiros no porto de Bouzas que afectou a máis de 3.000 traballadores e que durou ata finais dese ano. Foi durante ese conflito cando se produciu o atentado contra Valentín Paz Andrade que exercía de avogado da patronal pesqueira. (Pereira, 2010:168)

A proximidade de Bouzas con Panxón facía que moitos mariñeiros que exercían esa actividade naquel porto pertencesen a esa última localidade. Iso explicaba que as ameazas e coaccións se estendesen a Nigrán, tal como sucedeu co atentado con bomba contra o comercio que tiña Bernardo Vázquez, o cal, no atestado que cubriu a garda civil, declarou que as causas da explosión tiñan que ver coa colaboración do seu negocio cos esquiros, aínda que tampouco se podía descartar o feito de que este industrial tamén participaba en investimentos no sector pesqueiro.⁴⁴³

Se a República comezou a súa andaina na comarca cun conflito pesqueiro, a piques de finalizar esa etapa prodúcese unha nova crise no sector. A orixe do problema está na baixada de prezos que experimenta a sardiña. A esixencia, por parte dos mariñeiros e armadores, dunha cotización maior dese peixe levou ao peche patronal dun bo número de fábricas conserveiras ao comezo da campaña de pesca. Como consecuencia, impúxose a folga na maioría dos portos da ría de Vigo, entre eles Baiona e Panxón. A esixencia dos sindicatos foi dun prezo mínimo de 40 ptas. a cesta dos cen quilos, mentres que a contraoferta dos exportadores e fabricantes rebaixaba as pretensións obreiras a 15 pesetas pola mesma cantidade. (Pereira, 2010:183)

O Goberno Civil insta o alcalde de Baiona a que evite desordes e garanta a orde pública nese conflito. Pero, a pesar do celo posto polas autoridades locais, as xornadas seguintes non estiveron exentas de incidentes, o que levou á orde de detención, executada polo Axudante de Mariña de Baiona, Juan Rufo, do mariñeiro Juan Pazos Fontán, que foi posto en liberdade o día seguinte.⁴⁴⁴ As negociacións levadas a cabo polas partes concluíron cando o gobernador civil, Pan Acosta, ante a falta de avances, promulgou unha resolución que comprometía, de maneira provisional, patronal e sindicatos a un prezo da sardiña entre 20 e 23 pesetas e nunhas determinadas condicións que rematarían a finais do mes de maio.⁴⁴⁵

A volta ao mar das embarcacións decidiuse nunha asemblea na que participaron o poncio provincial, os alcaldes de Vigo e Bueu, exportadores, fabricantes, armado-

443 *El Pueblo Gallego*, 3 de novembro de 1932. Tamén *Faro de Vigo*, día 4 do mesmo mes.

444 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 213, Libro de Rexistro de Entrada 213/2. Documento de 13 e 14 de maio de 1936.

445 *El Pueblo Gallego*, 25 de abril e ss., conflito da sardiña.

res e mariñeiros. Asinaron o acordo Ricardo Mandado de Baiona e José Valtierra de Panxón (pescadores), e Emilio Pena de Baiona e Claudio Chamorro de Panxón (armadores).⁴⁴⁶ Pero ao rematar o prazo que figuraba no acordo asinado reiniciáronse as hostilidades e, a pesar das negociacións, o conflito aínda seguía sen resolver cando estalou a guerra civil.

A medida que se achegaba o fin da etapa republicana recruábanse as tensións e reivindicacións neste sector. Así, solapado ao conflito anterior, prodúcese outro de alcance parcial cando Baiona informa, o 8 de xullo dese mesmo ano, ao gobernador civil da convocatoria de folga da tripulación do barco pesqueiro Uzcudun por mor da actitude do seu patrón polo incumprimento das condicións laborais.⁴⁴⁷

Á parte da pesca e as conservas, a outra industria importante en Baiona era o serradoiro de madeira da sociedade Barreiro e Cía.⁴⁴⁸ la propiedad de *unos negreros* en palabras do anarquista José López Luís en 1934, xa que o único desexo dos patróns é era “amasar fortuna y no se preocupan para nada de la salud y vida de los infelices obreros que tienen la desgracia de sufrirlos.”

Tras a convocatoria de folga, a principios de xuño de 1936, por parte dos traballadores do sector da madeira nos serradoiros de Vigo e do sur da provincia, os obreiros da fábrica de Sabarís sumáronse ao paro por solidariedade cos compañeiros en folga. A inactividade ía durar catro semanas e, ante a falta de acordo, o gobernador civil, Pan Acosta, ía imporlles os seus criterios ás dúas partes. Os socios do serradoiro Barreiro tentaron que os obreiros reiniciasen o traballo o 7 de xullo, pero desistiron ante unha petición da autoridade provincial solicitando un aprazamento ata que se celebrase a última reunión entre a patronal e os sindicatos, o que fixo que a folga non se dese por concluída ata o día seguinte.⁴⁴⁹

No sector da industria do pan produciuse a derradeira crise laboral (xullo de 1936) da etapa republicana en Gondomar. A principios dese mes, a Sociedade de Obreiros Panadeiros enviou unhas bases de traballo para a súa discusión e aprobación á Sociedade de Fabricantes de Pan do Val de Miñor. Ante a actitude pasiva da patronal, que non devolvía resposta algunha, os obreiros informaron o alcalde de que comezarían a folga a partir do día 9 dese mesmo mes.

En realidade, esa extensa táboa reivindicativa era un documento escrito a man que copiaba literalmente o convenio aprobado, no pasado maio, pola Asociación de Fabricantes de Pan e a Sociedad de Obreiros da veciña cidade de Vigo, co visto e prace do Xurado Mixto desa cidade. Entre os aspectos que contemplaban ditas bases atopábanse asuntos relacionados con:⁴⁵⁰

- “1.- El comienzo de los trabajos dentro de la panadería será a partir de las dos de la mañana.
- 2.- Las vacantes de obreros panaderos se cubrirán con personal afiliado a la Sociedad de Obreros Panaderos.
- 3.- Solamente en casos de fuerza mayor se consentirá el empleo de horas extraordinarias.

446 *Ibid.*, 6 de maio de 1936.

447 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 220, Libro de Rexistro de Saída 220/2. Documento con data de 8 de xullo de 1936.

448 *Solidariedad Obrera*, 1 de setembro de 1934.

449 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 213, Libro de Rexistro de Entrada 213/2. Documentos con data de 6 e 7 de xuño de 1936.

450 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 471, cartafol 471/9. Documentos de 4 e 7 de xullo de 1936.

4.- En las panaderías en que trabaje el patrono y sus hijos, aquellos no estarán obligados al descanso semanal pero los hijos, si.

5.- Los talleres estarán provistos de medidas de higiene para el aseo de sus obreros y cuartos para guardar la ropa.

6.- Deberán existir en los talleres, los indispensables medicamentos de urgencia, pagados por los patronos, para posibles accidentes de trabajo.

7.- Se considerarán como días de descanso general, el 1º de Mayo y el 25 de diciembre.

8.- Todo obrero panadero que trabaje en el obrador no podrá hacer ningún reparto de pan.

9.- Los patronos no tendrán ningún tipo de personal que no esté inscrito en la Bolsa de Trabajo. Y en ningún caso podrán hacer trabajos de fabricación y elaboración del pan las mujeres.

10.- Los aprendices solicitarán su ingreso en la Sociedad de Obreros Panaderos. Esos aprendices no tendrán derecho a retribución alguna.

11.-Queda abolida, en las panaderías, la forma de trabajo llamada internado.

12.- Hasta que no se constituya la Bolsa de Trabajo todos los empleados de las panaderías pertenecerán a la Sociedad de Obreros Panaderos.

13.- CUADRO DE SALARIOS

Maestro de pala	9,50 ptas.
-----------------	------------

Maestro de artesano	9,00 ptas.
---------------------	------------

Ayudante	8,50 ptas.
----------	------------

14.-Además de los sueldos fijados, los obreros panaderos tendrán derecho a un kilo de pan al día.

15.-Se respetarán los salarios actuales que sean más elevados que la tabla anterior.

16.- Los obreros que llevaran un año trabajando al servicio de un mismo patrono, tendrán derecho a una semana ininterrumpida de vacaciones retribuidas.

17.- El patrono queda obligado a admitir al personal turnante, siempre que sea apto, a juicio de ambas partes.

18.- Si por disminución de las labores de fabricación, el patrono tuviese necesidad de despedir a un obrero, ese no tendría derecho a indemnización, pero tendría preferencia a ser contratado en caso de necesidad. El turno de esos despidos y readmisiones, se regulará por orden de antigüedad.

19.- La Asociación de Fabricantes de Pan se comprometía a discutir el descanso semanal retribuido y apoyar cualquier iniciativa que cubriera el seguro de enfermedad entre sus obreros.

20.- La jornada será de ocho horas consecutivas, incluyendo en ellas quince minutos para el desayuno.

21.- La duración de este contrato será de dos años que podían ser prorrogados”.

O 7 de xullo o alcalde, Pequeño Rodríguez, convocou ambas as partes para tentar conseguir un arranxo. Tras a reunión acordouse por unha banda aprazar ata o día 20 a próxima asemblea para que tivese tempo a patronal de estudar o documento e, por outro, os obreiros entendían que as condicións das industrias locais non eran as mesmas que en Vigo, polo que pediron unha contraoferta. A cambio conseguiron

que os empresarios acatasen desde ese mesmo momento as bases 2ª e 17ª.⁴⁵¹ A sublevación militar deixaría sen efecto a reunión e a posible solución do conflito.

O resto dos enfrontamentos que houbo na comarca durante a etapa republicana adoptaron un perfil menor, o que non quere dicir que non tivesen certa transcendencia. Xa fosen conflitos onde eses concellos mostraron o seu apoio a reivindicacións rexionais ou provinciais, xa fosen da mesma corporación contra asociacións locais.

Nesta orde inscribíase o apoio de Baiona ao acto de protesta promovido pola Unión de Fabricantes de Conservas de Vigo na que solicitou que se anulase o imposto sobre as latas de conservas que creou a Deputación Provincial, con fins recadadores, xa que afectaría o desenvolvemento industrial do municipio e, como consecuencia, a obreiros e pescadores.⁴⁵²

Noutro conflito de ámbito máis rexional, as corporacións do Val de Miñor, así como tamén as sociedades agrarias, sumáronse á convocatoria que a Federación Provincial Agraria fixo en Vigo para protestar contra a aprobación dun convenio do goberno central e a República de Uruguai para importar 12.000 toneladas de carne conxelada cunha apreciable rebaixa arancelaria a cambio da exportación de cereais e aceite de oliva coas mesmas facilidades, xa que a Federación consideraba que ese acordo era prexudicial aos intereses económicos de Galicia.

Baiona aprobou ese rexeitamento, pero coas reservas dalgún concelleiro, en concreto Fernández Peón, que “conoce Galicia y su manera de ser” e manifesta as súas dúbidas sobre o prexuízo que poida causar este convenio, culpando os intereses políticos da orixe do conflito.⁴⁵³ Gondomar tamén apoia a postura dos agrarios, a pesar de que no seu goberno había algúns concelleiros que tiñan intereses económicos deste produto, sobre todo en Montevideo, e que eran conscientes de que a carne conxelada uruguia que se pretendía importar era máis barata que a propia galega.⁴⁵⁴

A nivel político, os partidos da rexión que non estaban na coalición gobernante, como o Partido Galeguista ou o Partido Radical, trataron de desgastar o Partido Republicano Gallego que formaba parte do gabinete con Casares Quiroga como ministro da Gobernación. Aqueles reaccionaron con rapidez, primeiro cunha tallante declaración do comité provincial e despois nunha reunión celebrada por esa minoría en Madrid coa presenza do ministro, onde acordaron retirarlle o apoio ao executivo se se mantiña a postura de seguir adiante coa firma do Tratado.⁴⁵⁵ Os mitins dados polos republicanos galegos no Val de Miñor reafirmáronse nesa postura. Así, en Nigrán, todos os seus representantes expuxeron os prexuízos que carrexaría para a gandería galega a aprobación deste tratado con Uruguai.⁴⁵⁶

Ante unha pregunta parlamentaria do deputado radical López Varela na que facía alusión ao “apuñalamento que le hace el centralismo a la ganadería gallega”, o ministro Domingo Barnes prometeu que o Goberno se esforzaría en facer compatibles os intereses de Galicia cos do resto do país.⁴⁵⁷

451 *Ibíd.*

452 *Ibíd.*, caixa 70, Libro de Actas 70/1. Sesión plenaria do 10 de xuño de 1934.

453 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 69, Libro de Actas 69/4. Sesión plenaria do 16 de xullo de 1933. O alcalde Vázquez defendía que sendo Baiona un municipio agrícola “debe responder como o fai toda Galicia xa que ese convenio lle resta o 40% á economía galega”.

454 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 23, Libro de Actas 23/1. Sesión plenaria do 3 de xullo de 1933.

455 *El Pueblo Gallego*, 11 de xullo de 1933.

456 *Ibíd.* O representante dese partido a nivel local, o funcionario do concello Manuel Salgueiro, envioulles o seguinte telegrama aos ministros da Gobernación e de Agricultura: “Comité Republicano Gallego de Nigrán visto sentir pobo protesta Tratado Uruguai. Saúdo. Salgueiro presidente”.

457 *Ibíd.*, 7 de xullo de 1933.

En principio todas as forzas políticas galegas, excepto os socialistas, estiveron en contra do Tratado da carne polo impacto que ocasionaría sobre a economía galega. Relatábo con acerto o deputado adicto a Casares, o coruñés Emilio González López, cando se refería a que as principais fontes de ingresos de Galicia “son los giros de América, las maderas y las carnes (...) si dejamos paso al convenio (de la carne) la economía gallega sufrirá un golpe mortal”.⁴⁵⁸

O Goberno seguía retrasando a ratificación do concerto polas Cortes, a pesar de que levaba dezaioito meses rubricado polas delegacións de España e Uruguai, e, antes de tomar unha decisión definitiva, encargoulle un ditame concluínte ao ministro de Facenda. No Consello de Ministros do 7 de xullo, a pesar de dedicalo, case na súa totalidade, a debater o convenio, non se tomou ningunha decisión. O día 14 tampouco, pois vaise trasladar ese documento ás Cortes sen prexuízo de estudar unha fórmula que compensase a Galicia do dano que puidese sufrir, e na reunión ministerial do 21 nin sequera se tratou. E por se iso non engadise máis incerteza, o cónsul xeral de Uruguai ameazaba con aplicarlles o máximo arancel aos produtos españois se non se ratificaba o Tratado xa asinado. O certo era que había unha crecente inquietude no Goberno uruguaio sobre este tema. A proba está na visita que realizou un representante ministerial daquela país ao ministro de Estado, Fernando de los Ríos. A prensa suxeriu que Uruguai lle lembraría a España as enormes vantaxes que contaban na balanza comercial entre os dous países.⁴⁵⁹

Os periódicos de Madrid non entendían a posición rexional de Galicia dentro dunha política de Estado, e no Goberno, a pesar das ameazas ao executivo do ministro Casares Quiroga e o seu grupo, íase abrindo paso a tese, como así sucedeu, de seguir adiante co Tratado a cambio dunha compensación económica para a rexión.⁴⁶⁰

Ante esa situación, a Federación Agraria Provincial convocou para o domingo, 16, en Vigo, unha macro manifestación onde se esperaba que participasen 750 asociacións e sindicatos agrarios que desfilarían polas rúas para pedir a Madrid a retirada do Tratado con Uruguai.⁴⁶¹ Pero esa convocatoria provocou as primeiras gretas na unidade dos partidos políticos: o Partido Radical,⁴⁶² que se ofreceu para a organización dese acto, elevou unha protesta porque se viu desprazado da tribuna de oradores, aínda que, a pesar dese contratempo, recomendou aos seus simpatizantes que acudisen ao acto coas súas bandeiras. Tamén o Comité provincial do Partido Republicano Gallego instou aos seus partidarios a que asistisen. En cambio, os que non fan acto de presenza son militantes e dirixentes socialistas, aínda que eses últimos non eran esperados.⁴⁶³

As sociedades agrarias do Val de Miñor seguiron enviando telegramas de protesta. Así o fixeron Vincios, a Federación do Val de Miñor, o propio goberno local de

458 *Ibíd.*, 12 de xullo de 1933.

459 *Ibíd.*, 11 de xullo de 1933.

460 É curiosa a comparación que fai o deputado radical socialista, López Goicoechea, sobre este tema, xa que, falando de que Casares Quiroga non estaba de acordo coas exportacións, manifestou que o ministro “exportó desde Galicia al resto de España una cantidad de gobernadores que causó más perjuicio que el posible de la exportación de carne congelada”. *Ibíd.*, 22 de xullo de 1933.

461 *El Pueblo Gallego*, 11 e 12 de xullo de 1933.

462 Uns días antes a organización convidara a falar o deputado radical da Coruña Abad Conde, que nin sequera asistiu. En cambio, a pesar de que se desprazou para intervir, non puido facelo o tamén radical Emiliano Iglesias. *Ibíd.* 13 de xullo e *Faro de Vigo* de 18 do mesmo mes.

463 *El Pueblo Gallego*, 18 de xullo de 1933, no relato que fixo este diario dos partidos e organizacións presentes na manifestación, non estaban nin o PSOE nin o PRG. A súa ausencia confirmábaa, uns meses despois e a modo de crítica, o semanario agrario *El Tea*, 4 de outubro de 1933.

Gondomar e tamén os agrarios de *La Reconquista* de Sabarís. Á manifestación e ao mitin presentáronse os devanditos agrarios de Gondomar e Sabarís, e, ademais, a Sociedade de Agricultores de Panxón, e a Sociedade Agraria de Priegue, que desfilaron coas súas bandeiras e insignias.⁴⁶⁴

A pesar desa manifestación de forza e da oposición dos representantes dos partidos galegos no Congreso, o ministro de Comercio declarou a finais de xullo a convicción da ratificación do Tratado de Uruguai polas Cortes.⁴⁶⁵

Outro conflito permanente e común na comarca tivo que ver cos carniceiros polo problema do abastecemento, prezo e calidade da carne e, sobre todo, cos panadeiros pola carestía, peso e presentación das pezas de pan.

En Baiona parecía que as discrepancias entre a corporación e a Asociación de Panadeiros ían a menos. Quizais o feito de que a presidencia da patronal a ocupase o socialista Bernardo Seoane tivese algo que ver. Fose iso así ou non, o certo era que non se libraron das queixas dos usuarios e da requisa das pezas de pan a varios negocios como consecuencia dos repesos efectuados. O alcalde xustificaba esas accións “por exceder o nivel de tolerancia, que é de setenta e cinco gramos por quilogramo”.⁴⁶⁶ Coa chegada da Fronte Popular as queixas aumentaron e delas non se salvou nin o mesmo Seoane, que agora era ademais membro da Xestora. Tivo que explicarlles aos compañeiros do pleno por que o pan que consumían os veciños dese municipio era máis caro ca o pan que se producía en Vigo. A gran panificadora da capital olívica era a responsable, defendíase Seoane, e as pequenas panaderías de Baiona non podían competir cos prezos desa industria xa que iso levaríaos á ruína.⁴⁶⁷

En Gondomar, ese sector sostivo co Concello bastantes máis discrepancias.⁴⁶⁸ En maio de 1932, os panadeiros decidiron pola súa conta elevar o prezo do quilo do pan a 75 céntimos e expender ao público pezas de pan de 250, 500, e 1.000 gramos. Ao mes seguinte o goberno local, ante as reclamacións dos veciños, corrixiu á baixa eses prezos pero autorizou unha suba de 65 a 70 céntimos no pan familiar e de 70 a 75 céntimos no pan de primeira calidade, o quilo, pero sempre que se fabricase con fariña nacional, xa que se era estranxeira non autorizaría a suba.

Os panadeiros non se conforman con iso e pediron que se aumentase a tolerancia no repeso a 100 gramos por quilo ou de 50 por cada medio quilo, en virtude do excesivo prezo, que segundo eles, tiñan actualmente as fariñas. A pesar de que o pedían por un período transitorio ata que baixasen de prezo, non lograron convencer o Concello das bondades desas medidas.⁴⁶⁹

A capacidade dese gremio para reivindicar prezos e pesos non tiña límite. Así, ao ano seguinte, pediron que os autorizasen a fabricar pezas de pan de 950 e 470 gramos ao prezo de 70 e 35 céntimos respectivamente. O motivo era claro: as fariñas volveran subir de prezo e os panadeiros argumentaban que o público se fixaba máis no prezo que no peso. Esa vez, polo menos, conseguiron que a súa proposta fose, polo menos, considerada para o seu estudo e informe. Finalmente o Concello desbaratou os plans dos artesáns ao desestimar a súa proposta e aprobar que o peso das pezas de pan sería de 250, 500 e 1.000 gramos e ademais deberían marcar nas pezas as iniciais

464 *Ibid.*, 18 de xullo de 1933. Os telegramas de protesta figuran no número anterior dese mesmo xornal. Tamén, *Faro de Vigo* do mesmo día.

465 *Ibid.*, 1 de agosto de 1933.

466 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 7 de xullo de 1931.

467 *Ibid.*, Libro de Actas 54/3. Sesión plenaria do 5 de abril de 1936.

468 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 22, Libro de Actas 22/3. Sesión plenaria do 11 de setembro de 1931.

469 *Ibid.* Sesión plenaria do 12 de agosto.

da panadaría e o peso. En compensación, e uns meses máis tarde, o goberno local fixou en 75 céntimos o prezo do quilo de pan.⁴⁷⁰

Por último, os concellos tiñan que asumir e resolver conflitos que os enfrontaban a sociedades privadas e tamén a outras institucións públicas e mesmo municipais, chegando aos tribunais de xustiza para dirimir os preitos expostos.

En Baiona e no verán de 1931, o equipo de goberno acordaba anular en todas as súas partes o contrato de arrendamento do couto de caza que este municipio tiña establecido coa sociedade cinxética *La Bayonesa* con sede en Sabarís para o aproveitamento da caza nos montes públicos de Baiona. A escusa legal era o incumprimento das obrigacións do pago da cota de arrendamento por parte desa sociedade, tendo un descuberto de 1.329,84 ptas. da última anualidade. Pero os verdadeiros motivos do desaloxo dos cazadores hai que buscalos en intereses de tipo ideolóxicos e políticos. Por unha banda, a corporación vai botar man do Estatuto Municipal da Ditadura e da Lei Municipal da Monarquía para asegurar que o goce dos produtos dos bens comunais debería ser gratuíto para os veciños da localidade; para despois pasar a disertacións tales como que o couto de caza era un privilexio establecido por e para determinadas persoas, “algo impropio de una república democrática”, ou que o couto ía en prexuízo da igualdade dos dereitos que todos os veciños teñen sobre os montes públicos. Nesas manifestacións percibíase certo resentimento e desexos de desquite contra a sociedade de cazadores que asociaban cun grupo monárquico do que formaba parte o bando elitista do municipio.⁴⁷¹

O concello argumentou que tomaba esa decisión ante o sentir xeral da veciñanza e que, de oporse aos desexos da maioría, correría o risco de que se producisen graves alteracións da orde pública.⁴⁷² Ademais a corporación tiña claro que esa sociedade de caza tivera trato de favor durante os mandatos de anteriores executivos, xa que se lle concederan subvencións por valor da metade da cota anual e iso fora posible porque un elevado número de concelleiros presentes nas corporacións pasadas eran cazadores e socios da mencionada sociedade.

Dando por feito que ese acordo non tiña marcha atrás, a corporación de Baiona vai trazar as liñas mestras do que sería un novo regulamento de caza para uso e goce dos montes públicos por parte de todos os veciños e de maneira exclusiva. Así, limitaríase a dous días á semana a facultade de cazar durante a tempada e tamén se limitaría a dúas o número de pezas que podería cobrar cada cazador. Así mesmo, crearíase unha licenza cun pequeno arbitrio que compensaría ao municipio a asignación que neses momentos recibía da sociedade *La Bayonesa*.

Os cazadores non quedaron quietos ante o que consideraron un atropelo e interpuxeron un recurso de reposición contra esa decisión que o goberno local rexeitou, para pasar, a continuación, a presentar unha demanda civil contra o concello por danos e prexuízos. Deste xeito conseguiron, por mandato xudicial, que se suspendese o acordo do pleno e que se dese orde á Garda Civil de que se prohibise cazar mentres non se ditase sentenza.⁴⁷³

A corporación local acatou a resolución xudicial e acordou comparecer na causa, ao mesmo tempo tentou politizar o conflito ao acudir ao Goberno Civil para contarlle de primeira man o estado de “excitación popular” en que se atopaban os veciños, xa que o contrato de arrendamento contemplaba que só os socios de *La Bayonesa* po-

470 *Ibíd.*, caixa 23, Libro de Actas 23/1 e /3. Sesións plenarias do 19 de xuño, 14 de agosto de 1933 e 9 de abril de 1934.

471 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 2 de agosto de 1931.

472 *Ibíd.*

473 *Ibíd.*, 15 de setembro de 1931.

dían cazar nos montes públicos.⁴⁷⁴ Pero de pouco serviu o intento de presión levado a cabo diante da autoridade provincial, xa que a resolución xudicial foi nítida e clara e recoñecía que os socios desa sociedade tiñan todo o dereito a cazar nos montes comunais do municipio, polo que se repuña o contrato de arrendamento asinado.⁴⁷⁵ O Concello, desautorizado, declarouse incompetente para ordenar á Garda Civil que levantase a prohibición de cazar e remitiu esa autorización, solicitada polos cazadores, ao gobernador civil. A sociedade *La Bayonesa* cumprirá o contrato de arrendamento ata a súa finalización en outubro de 1933.

A pesar de que ese conflito parecía apagarse, terzou na polémica, sen éxito, a *Sociedad Campesina* de Sabarís-Belesar, que solicitou por unha banda, que se respectasen os acordos da corporación e que se derogase o convenio coa sociedade de caza e, por outra, que se establecese unha cota de dez pesetas anuais por cada licenza de caza concedida.⁴⁷⁶

En Gondomar a disputa co Concello de Vigo tiña a súa orixe a principios de setembro de 1931, data en que lle concederon a esta cidade a condución de augas da conca do río Vilaza, que regaba e fornecía algunhas parroquias, para o seu abastecemento e regadío. Aínda que, xa desde a segunda metade do século XIX, Vigo solicitara en diferentes ocasións, aos gobernos correspondentes, a captación de augas dese río para o consumo dos seus habitantes. Ante as explicacións solicitadas polo goberno local, o Ministerio de Fomento certificou que se adxudicasen 100 litros de auga por segundo do nacente do río para o abastecemento de Vigo. A decisión tomouse pese ás razóns expostas por Gondomar no sentido do estado de pobreza en que quedarían sumidas as parroquias polas que discorría este caudal a pesar das indemnizacións que recibirían, xa que “las tierras quedarían estériles al poco tiempo”⁴⁷⁷

Esa concesión orixina nos veciños queixas e protestas e, como superaran o prazo de seis meses e non houbo ningún movemento sobre o río, Gondomar alegou ante as autoridades que Vigo non dera comezo a obra no prazo regulamentario e, polo tanto, reclamou a caducidade da concesión.⁴⁷⁸ Tratábase de evitar o inevitable. Era unha batalla perdida e, con todo, a cada paso que daba Vigo, Gondomar respondía coas protestas e alegacións correspondentes. Se as obras non daban comezo alegábase, e se comezaban, tamén, e esa vez por iniciar os movementos de terras para a captación de augas sen o permiso correspondente da corporación de Gondomar.

Nun último intento por parar a obra chegouse a pedir informes xurídicos ao bufete do avogado e vello coñecido, Fernando Villamarín, ex-deputado, quen certificou a legalidade da concesión e a ausencia de irregularidades no proceso, aínda que os afectados terían dereito ás indemnizacións polas incautacións. A necesidade de abrir un túnel a principios de 1934 para a condución das augas cara a Vigo e os conseguíntes expedientes de expropiación retardaron a obra, o que aproveitou Gondomar para insistir no mesmo: o atraso da obra xustificaba a caducidade da concesión.⁴⁷⁹

O permiso mantívose, a obra realizouse e as augas do río Vilaza, actualmente río Zamáns, abasteceron de auga os veciños da cidade de Vigo ata hai uns poucos anos.

474 *Ibid.*

475 *Ibid.* Sesión plenaria do 22 de setembro de 1931.

476 *Ibid.*, caixa 6, cartafol 1931. Documento con data de 20 de outubro de 1931.

477 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 22, Libro de Actas 22/3. Sesión plenaria de 10 de setembro de 1931.

478 *Ibid.* Sesión plenaria do 15 de xaneiro de 1933.

479 *Ibid.*, caixa 23, Libro de Actas 23/4. Sesión plenaria do 9 de abril de 1934.

Capítulo 12

AS ELITES E O ESTATUTO DE AUTONOMÍA

O inicio do proceso que conduciría á aprobación do proxecto de Estatuto de Autonomía para Galicia vén marcado pola convocatoria por parte da ORGA-FRG da Asemblea Pro-Estatuto no Teatro Rosalía de Castro na Coruña o mes seguinte da chegada da República, 9 e 10 de maio de 1931, que, posteriormente, pospúxose para o 4 de xuño para facilitar unha participación máis ampla por unha banda e para suavizar as tensións xurdidas co Partido Radical no seo da Federación Republicana Galega por outra (Alfonso Bozzo, 1976: 274). Xa a mediados de abril, Villar Ponte facera unha chamada desde o diario *El Pueblo Gallego* para constituír unha Galicia dentro dunha España federada. Unha reunión na Coruña de afiliados da ORGA nomearon unha comisión para a redacción dun proxecto de estatuto composta polo mesmo Villar Ponte, Peña Novo, Lugrís, Taracido Somoza e Osorio que, co título de Bases para o Estatuto Gallego, apareceron publicadas no mesmo xornal do 27 de maio (Beramendi, 2007: 811).

O peso político da mencionada Asemblea de maio levarao a ORGA, que contaba coa maioría. Os representantes socialistas eran escasos e o Partido Radical non asistiu á convocatoria, do mesmo xeito que as dereitas, os radical-socialistas e a esquerda obreira. É de destacar o exiguo papel xogado polos galeguistas Cabanillas, Castelao, Otero Pedrayo e Risco.

Na prensa rexional houbo división de opinións: mentres que *La Voz de Galicia*, o *Faro de Vigo* e o *Ideal Gallego* mostraron a súa oposición ao texto resultante, *El Pueblo Gallego* apoiouno. Co convincente pretexto esgrimido pola ORGA de preparar as inminentes eleccións a Cortes Constituíntes e o debate e a aprobación do texto constitucional, o citado documento quedou aparcado (Beramendi, 2007: 818)). Deses comicios saíron elixidos novos parlamentarios en Galicia e foron eses deputados os que protagonizan unha reunión o 12 de xullo na Coruña coa presenza da ORGA-FRG e a ausencia dos socialistas e da esquerda española.

Mentres tanto, no verán de 1931 os comités dos partidos que respaldaban a redacción do proxecto de Estatuto de Autonomía dedicáronse a buscar apoios en asociacións culturais, políticas, agrarias e, sobre todo, nos concellos onde contaban con representación. Foi en Baiona, xa que o seu equipo de goberno estaba liderado por un concelleiro da ORGA e outro de perfil galeguista, onde houbo máis sensibilidade estatutaria, ao contrario que en Gondomar, onde a maioría dos corporativos eran radicais e, por tanto, pouco ou nada interesados no tema autonómico, ou en tamén en Nigrán, en cuxa corporación non se conseguiu unha postura común á hora de situarse en favor da consecución dun estatuto rexionalista.

Os traballos preparatorios para aprobar o texto de autonomía en Galicia foron anunciados en Baiona por Fernández Peón (ORGA) e polo tamén concelleiro Román Martín, de ideoloxía galeguista, que actuaron de propagandistas e quixeron concienciar e chamar a atención do resto de compañeiros de corporación cunha proposta xeneralista na que se solicitaba a súa adhesión ao proxecto.⁴⁸⁰

“Planteado en la actualidad el problema de la reestructuración del nuevo estado republicano, es llegado el momento que Galicia manifieste

480 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 16 de agosto de 1931.

solemnemente su voluntad de regirse por si misma en aquellos asuntos que afectan a su vida interna y a su peculiar personalidad como pueblo étnica e historicamente diferenciado dentro de la comunidad hispánica.

En consonancia espontánea con tan trascendente anhelo, han comenzado a producirse ya en las corporaciones y organismos representativos de la vida regional, unos participando directamente en la redacción del proyectado Estatuto, aprobado en la asamblea magna que se celebró en A Coruña el día 4 de junio y adhiriéndose con posteridad a la carta constitucional gallega, sujeta a revisión hasta que sea aprobado su texto definitivo.

Mediante el pronunciamiento popular que ahora se inicia en pro del proyecto de Estatuto, habrá de lograrse que en este histórico instante la mayoría, sino la totalidad de la representación legítima del país gallego aparecerán identificados en la demanda de un régimen de autonomía que facilite, estimule y asegure la prosperidad de nuestra tierra y la libre del absorbente centralismo. Y es de apremiante urgencia que tal manifestación del sentir gallego se realice ostensiblemente, a fin de evitar que al resolverse reclamaciones análogas que otras regiones españolas tienen formuladas que de Galicia, otra vez, preterida y mediatizada o que sus clamores queden desatendidos por no elevarse, avalados por el voto de sus corporaciones populares y en su día del referendo plebiscitario. Por ello los concejales que suscriben proponen:

Que se sirva adoptar el acuerdo de adhesión al proyecto de Estatuto de Galicia aprobado en la Asamblea celebrada en A Coruña el día 4 de Junio último, haciendo suya la demanda de autonomía regional que aquel expresa y dirigiendo la consiguiente petición en tal sentido a la Asamblea Constituyente y al gobierno de la nación.

Baiona, 23 de Agosto de 1931”.⁴⁸¹

Esa moción foi referendada en sesión plenaria por unanimidade.

Co fin de aumentar a nómina dos partidos representados, convocouse outra asemblea de parlamentarios en Madrid a finais de setembro, na que se acordou rexeitar o texto autonómico de xuño da Coruña e elaborar un novo, que se aprobou en Madrid o 15 de outubro (Alfonso Bozzo, 1976: 284). Ao mesmo tempo, nomeouse unha comisión de propaganda autonomista formada por deputados e representantes dos partidos. Ao final, en aras do consenso, aprobouse unha redacción breve de 17 artigos, 2 disposicións transitorias e unha adicional que conformaba un documento de compromiso que non contiña ningún punto obxecto de polémica. A pesar disto, o texto non contou co visto e prace dos radicais, que se foron apartando progresivamente da iniciativa autonomista chegando mesmo ao rexeitamento dese proxecto estatutario, por parte dos parlamentarios da agrupación dese partido en Pontevedra. O Partido Radical emitiu un comunicado sobre os extremismos galeguistas e, no apartado 2, fixa a súa posición autonómica “(...) queremos la descentralización administrativa sin matices separatistas, aspiramos a una España republicana, radical, integral y única”.⁴⁸²

O mesmo fixeron os deputados socialistas no Congreso de Monforte do 17 de outubro. Asinaron que Galicia, neses momentos, non sentía a necesidade dunha autonomía rexional e remataron por condenar “todo intento de nacionalismo idiomático y político en los aspectos federal, económico e separatista”, por tanto rexeitaron a autono-

481 *Ibid.*, Sesión plenaria de 23 de agosto de 1931.

482 *Faro de Vigo*, 7 de agosto de 1931.

mía e só ían aceptar un modelo de descentralización administrativa (Beramendi, 2007: 843). Pola súa banda Alfonso Bozzo atopa “razóns *internacionalistas* no rexeitamento do PSOE á autonomía” (Alfonso Bozzo, 1976: 285). É por iso que, un par de meses despois, a Agrupación Socialista de Pontevedra mostrouse contraria á concesión da autonomía e acordaron inhibirse na campaña de propaganda a prol dela.

A piques de rematar 1931 producíronse unha serie de acontecementos políticos que impulsaron o proxecto autonómico. Por un lado promulgouse a Constitución, por outro, fundouse o Partido Galeguista e, por último, a ORGA vai irromper no Goberno, co que entraría en crise a Federación Republicana Galega. Será o concello de Santiago quen retome a iniciativa: o 27 de abril de 1932 tomou o acordo de dirixirse aos municipios de Galicia co fin de iniciar as xestións para conseguir un Estatuto Rexional. A convocatoria de Santiago ofrecía un proceso novo. Por unha banda era unha institución e non un partido político a organización convocante, e doutra banda que fose en Santiago e non na Coruña, evitaba que a ORGA monopolizase esa nova iniciativa. (Bozzo, 1976: 290-291) Celebrouse a sesión preparatoria o 3 de xullo, que alcanzaría entre outros acordos, o nomeamento dunha comisión encargada da redacción dun novo texto estatutario, que se presentou ao público o 4 de novembro de 1933.

Baiona, convidada a asistir a esta reunión, aprobou adherirse e concorrer á Asemblea, pero concedendo a Vigo a súa representación “con la amplitud que sea necesaria”.⁴⁸³ En Nigrán tamén optaron por delegar no alcalde olívico; aínda que o debate para fixar a posición dese concello sobre a conveniencia ou non de establecer un Estatuto non concitou a unanimidade da corporación. Así, mentres, o edil González Vidal, apoiado por Rogelio Rodríguez, respaldaba a postura de Santiago por considerala de gran interese e conveniencia para Galicia, mostrando o seu apoio á constitución na rexión dunha autonomía, o socialista Iglesias Portela, secundado por Pedro Salgueiro, non se mostraron partidarios da petición de autogoberno, pois prognosticaban o seu fracaso pola falta de preparación dos habitantes. Co voto deses dous concelleiros en contra aprobouse o ditame favorable de Nigrán á súa participación nas reunións preparatorias do Estatuto de Galicia.⁴⁸⁴

En Gondomar, as actas das sesións plenarias non recolleron se se mandou unha representación á Asemblea ou se tamén delegaron en Vigo. O que si sabemos é que o documento aprobado en Santiago chegou á institución municipal para ser estudado e revisado. A corporación tomou moi en serio a fiscalización dese escrito e nomeou unha comisión interna formada polo alcalde, José Pequeño, o Tte. alcalde, Rogelio Lorenzo, e o concelleiro, Francisco Roade, para redactar alegacións ao anteproxecto do Estatuto de Galicia, e, xa en sesión do 10 de outubro de 1932, aprobaron unha serie de emendas ao texto, que foron as seguintes:

O art. 9 no Anteproxecto de Estatuto dicía así:

“O presidente poderá disolver a Asemblea, pero unha soa vez durante o seu mandato, e farao mediante decreto motivado e convocando ao mesmo tempo novas eleccións, que haberán de celebrarse dentro dun prazo de sesenta días.

Se a nova Asemblea, por maioría absoluta, considera improcedente o decreto de disolución, quedará destituído o presidente.

Se a Asemblea, por acordo das súas tres quintas partes, lle retirase a confianza ao presidente, antes de terminar o seu mandato, procederase,

483 *Ibid.*, Sesión plenaria do 31 maio de 1932

484 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2037, Libro de Actas 2037/4. Sesión plenaria do 29 maio de 1932.

en prazo máximo de dous meses, a unha nova elección presidencial”. (Consellería Presidencia, 1986: 348)

Gondomar propón que ao artigo 9 se lle engadise o parágrafo seguinte: “La Asamblea de Diputados de la Región también será disuelta cuando después de transcurrido un año de su funcionamiento, lo pidan Ayuntamientos que representen a más del sesenta por ciento del censo electoral de Galicia, convocándose de nuevo elecciones en el plazo correspondiente”.⁴⁸⁵

O art. 15 no Anteproxecto de Estatuto facía alusión a “(...) Nas escolas primarias da Rexión e nas do Estado, será obrigatorio o ensino das linguas galega e castelá, e nos institutos e Escolas Normais crearase a materia de Lingua Galega”. (Consellería Presidencia, 1986: 350)

Gondomar quere reformalo no seguinte sentido: “En las escuelas primarias de la Región y en las del Estado, solamente será obligatorio la enseñanza del idioma castellano, no creándose, por consiguiente, la asignatura de lengua gallega”.⁴⁸⁶

A razón de que Gondomar opinase así fundábase en que tendendo a humanidade á consecución dun idioma universal, o que faría falta non era o coñecemento de linguas minoritarias, de linguas rexionais, senón a aprendizaxe de linguas dos países cos que imos ter relacións comerciais. Por iso, argumentaban que se debía “En vez de crear cátedras de lengua gallega, crealas de inglés, alemán o de otras lenguas”.⁴⁸⁷ E engadiron que de seguir apoiando as linguas rexionais, deica un pouco o estranxeiro necesitaría ser políglota para viaxar por España, o que sería contraproducente ao progreso do comercio, da industria e do turismo.

O art.16 no Anteproxecto de Estatuto fai referencia a que “(...) en casos graves de desorde pública, O Consello Rexional poderá suspender as garantías dos dereitos individuais, en consonancia coa Constitución, e só no territorio e polo tempo que se considere preciso para restablecer a normalidade”. (Consellería Presidencia, 1986: 350).

Gondomar propón para o artigo 16, a seguinte redacción: “la suspensión de las garantías constitucionales de los derechos individuales, dependerá única y exclusivamente del poder central, conforme establecido en la Constitución de 1931”.⁴⁸⁸

O art. 22 no Anteproxecto de Estatuto referíase a que mentres que o Estado non estableza o imposto xeral sobre a renda, cedería a Galicia en recadación, administración e regulación, entre outros, os que sinalaba o parágrafo 3: “o 20% de propios, o 10% de pesas e medidas, o 10% de aproveitamentos forestais e o canon de minas (superficie e explotación)”. (Consellería Presidencia, 1986: 352).

Gondomar solicita que se suprimiera para el Estado y la Región los impuestos señalados en el párrafo 3.⁴⁸⁹

O art.33 no Anteproxecto dicía que “para a elección desta primeira Asemblea, rexeirá a Lei Electoral do Estado que regulou a de deputados a Cortes Constituíntes da República, correspondendo a cada circunscrición un representante por cada corenta mil habitantes ou fracción similar a vinte mil”. (Consellería Presidencia, 1986: 354).

Gondomar propuña o seguinte: “que cada circunscrición de 80.000 habitantes o fracción no inferior a 60.000 tenga un representante en la Asamblea Regional”.⁴⁹⁰

485 Archivo Municipal de Gondomar, caixa 22, Libro de Actas 22/3. Sesión plenaria do 10 de outubro de 1932.

486 *Ibid.*

487 *Ibid.*

488 *Ibid.*

489 *Ibid.*,

490 *Ibid.*,

Coa presentación destas emendas, Gondomar convértese no único municipio da provincia de Pontevedra que non aceptou o proxecto orixinal e ía propor modificacións ao anteproxecto de Estatuto.

As novas citas foron para os días 17, 18 e 19 de decembro, co fin de aprobar de maneira definitiva, como así se fixo, o texto do Estatuto de Autonomía, que tiña que ser sometido a debate e aprobación polas Cortes do estado. Baiona nomeou como representantes, para asistir a esa asemblea, o alcalde, Vicente Vázquez e o 1º tenente alcalde, Román Martín, ambos militantes do Partido Galeguista, mentres que o de Gondomar enviaba a Santiago o seu alcalde, Pequeño Rodríguez, e o primeiro tenente de alcalde, o socialista Rogelio Lorenzo.

Unha vez aprobado o texto, sen recoller ningunha das emendas propostas por Gondomar, publicítase por toda Galicia a través dos xornais e, sobre todo, en mitins, reunións e asembleas. Ao Val de Miñor achegáronse deputados, políticos e personalidades, sobre todo do Partido Galeguista, explicándolles aos veciños as bondades do proxecto estatutario. Pero o triunfo electoral dos radicais e as dereitas en novembro de 1933 e a formación do goberno por parte de Lerroux coa posterior participación da CEDA no executivo significou a paralización do proceso autonómico. Se o Partido Radical ata o de agora mantivera en canto ao Estatuto desde unha ambigua posición ata a seu rexeitamento, esa última postura reafírmase a medida que se estreitaban as relacións coa dereita tradicional anti-autonómica. (Alfonso Bozzo, 1976: 350).

Cara aos comicios de febreiro de 1936, a autonomía en Galicia aparece como un dos compromisos da campaña electoral e foi coa vitoria da Fronte Popular e a formación dun novo goberno, cando o Estatuto inicia a conta atrás para a súa aprobación. Tras ela púxose en marcha o proceso autonomista. Ante a inminente convocatoria de referendo, o Comité Provincial da Fronte Popular remitiulles unha carta asinada polo presidente, Echevarría Nóvoa, e o secretario, Adrio Barreiro, aos municipios, pedindo que se apoiase a proposta da Coruña para que se activase e se fixasen as datas das votacións do Estatuto aprobado en Santiago, e pediulles, ademais, que se sumasen a iso e colaborasen cunha partida económica para sufragar os gastos, que se calcularon en cincuenta mil pesetas, que ía orixinar o plebiscito e para o mantemento do Comité de Autonomía.⁴⁹¹

Baiona, sumouse a esas demandas e aprobou unha subvención de cen pesetas, que deberían ingresar nunha conta corrente aberta para o efecto nas oficinas do banco Hispano-Americano. Gondomar, pola contra, non estaba conforme con achegar cantidade ningunha mentres non se modificase o Estatuto no sentido que o goberno local propuxera na Asemblea Rexional celebrada na Coruña, é dicir, modificar os artigos 9, 15, 16, 22 e 23, así como que fosen os concellos da Rexión os que votasen o Estatuto e fixasen a residencia do Parlamento.⁴⁹² Nigrán, pola súa parte, adheriuse, co voto en contra do concelleiro Iglesias Portela, pero non apoiaron a concesión de cantidade ningunha por non contar con partida económica dispoñible.⁴⁹³

Faltaba por decidir a data do referendo. O asunto tratouse nunha asemblea celebrada na Facultade de Medicina de Santiago, o domingo 17 de maio, onde se acordou pactar o día da consulta co Goberno, propóndose como data tope o mes de xullo. A

491 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 84. Carta do Comité Provincial da Fronte Popular a Gondomar, 1/6/1936. O Comité apura a colaboración dos Concellos, xa que “no es necesario insistir en la urgencia y transcendencia que significa para Galicia el poder llegar rapidamente a conseguir su autonomía”.

492 *Ibid.*, caixa 24, Libro de Actas 24/1. Sesión plenaria do 6 de maio de 1936.

493 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2039, Libro de Actas 2039/1. Sesión plenaria do 3 de maio de 1936.

reunión, a pesar da presenza dun bo número de alcaldes e concelleiros dos municipios galegos, non contou coa asistencia de representación ningunha, nin partidista nin institucional, de Baiona, Gondomar e Nigrán. Por fin, o 1º de xuño, no salón de sesións do concello de Santiago, o Comité Central da Autonomía acordou a data do 28 de xuño para celebrar o plebiscito do Estatuto. Nesa reunión este Comité recibiu a adhesión da Federación Provincial Agraria de Pontevedra.⁴⁹⁴

Uns días máis tarde o Comité instou todos os alcaldes a que, no prazo de oito días, se constituísen os comités locais. Seguindo esas consignas, no tres municipios créanse comités pro-autonomía, presididos polos respectivos alcaldes e formados por membros dos partidos da triunfante Fronte Popular, que se encargarán da intendencia para o plebiscito, a organización de mitins e a propaganda diaria a favor do si no sufraxio. En Baiona o Comité Pro-Autonomía creouse o 16 de xuño. Estaba presidido polo alcalde, nese momento Benito Ramallo Gómez do PSOE, e por membros da Fronte Popular, tales como Eduardo Lira López, de Esquerda Republicana, Manuel Cabrera Petroño, concelleiro e representando o Partido Comunista, Luís López Luís, concelleiro do PSOE, Francisco Trigo, xefe de correos de Baiona e afiliado ao Partido Galeguista, e, por último, Ramón Solla Fernández, presidente da Sociedade Agraria *La Reconquista* de Sabarís.⁴⁹⁵ Descoñecemos a composición dos comités de Gondomar e Nigrán

A mediados de xuño publicouse a convocatoria do referendo plebiscitario e o 27, na véspera das votacións, o gobernador civil deu a coñecer a circular de costume que se emitía antes de todas as eleccións e que se recolleu no *Boletín Oficial*, onde despois de anunciar a celebración do referendo e resaltar a transcendencia do acto, advertía a alcaldes e forzas da Garda Civil, Asalto e Seguridade, funcionarios de Vixilancia, gardas municipais e gardas urbanos, o deber inescusable de evitar toda clase de coaccións e de garantir a libre emisión do sufraxio durante a votación nos colexios electorais. Remataba o comunicado responsabilizando da súa alteración (refírese á orde pública), en primeiro termo, os alcaldes.⁴⁹⁶

Os partidos que conformaban a Fronte Popular, a través dos comités pro-autonomía locais e provinciais, mobilizáronse para solicitar o “SI” ao Estatuto, sumaron tamén os agrarios a través da Federación Provincial Agraria e das sociedades agrarias locais, algunhas das cales tamén entraran a formar parte dos comités locais pro-autonomía⁴⁹⁷. En cambio, contaron coa oposición dos partidos conservadores e do que quedaba do Partido Radical, cuxa executiva provincial, en vésperas das votacións, fixo chegar á opinión pública, por unha banda, unha protesta pola celebración dese plebiscito en plena vixencia do estado de alarma, que privaba os partidos políticos non afectos á Fronte Popular de poder exercer o labor fiscalizador e de propaganda, e por outra, que, ao non poder expresar a súa opinión dado o estado actual político e por non acharse en condicións de intervir nas mesas electorais, deixarlles liberdade de voto aos seus afiliados e simpatizantes. Os radicais remataron esa nota cunha serie de reflexións no sentido de que o establecemento do Estatuto non debería servir para a creación de novos cargos, senón, pola contra, debería significar un aforro no aparello burocrático e tamén que se oporían a toda recarga tributaria que se derive

494 *El Pueblo Gallego*, 19 de abril e 2 de xuño de 1936.

495 Arquivo Carlos Méixome (Gondomar).

496 *El Pueblo Gallego*, 27 de xuño de 1936.

497 *Ibíd.*, 5 de xuño de 1936. Como proba da súa vontade de colaboración, a Federación Provincial Agraria lembroulles ás súas filiais que, estando representadas ou non nos comités locais, había que prestar todo o apoio a aquel organismo directivo.

da implantación da autonomía, móstranse contrarios a novas cargas fiscais, aínda que se soliciten co pretexto da mellora ou a creación de novos servizos.⁴⁹⁸

A medida que se achegan as eleccións, a sociedade civil e as asociacións profesionais da provincia posiciónanse a favor do Estatuto. Así o manifestan as asociacións de Maxisterio e o Colexio Oficial de Doutores e Licenciados de Pontevedra.⁴⁹⁹

O 28 de xuño, día do plebiscito, *El Pueblo Gallego*, que se converteu no abandeirado na comarca da campaña a favor do SI, fixo un chamamento ao voto positivo cun despregamento de artigos ponderando positivamente as vantaxes da chegada da autonomía. Entre outros participaron Castelao, Vicente Risco, Ramón Cabanillas, Paz Andrade e Suárez Picallo, pero é o ex presidente da República e propietario do diario, Manuel Portela Valladares, o que vai demandar o voto dos seus lectores na primeira páxina e dunha maneira máis directa:⁵⁰⁰

VOTAR
POL-O ESTATUTO
É VOTAR POR GALICIA, POL-A REDENCIÓN
POL-A LIBERTADE, POL-OS DEREITOS DA NOSA
TERRA, TANTO TEMPO FERIDOS.
É VOTAR POL-O BEN DE CADA UN DE NÓS
É PEDIR XUSTICIA E TRATO DE IGOALDADE
NOS MÁIS.
É RESOLVER VOS NÓSOS PROBLEMAS, CURAR
AS NOSAS DOORES, DECOTE EN INÚTILE ESPERA
DE QUE SE MIRE POR ELES.
É ABRIR AS PORTAS AO SOL PARA QUE
ALUME TAMÉN A NOSA TERRA.
N-OUTRAS ELEUCIÓNNS DISPÚTANSE NOMES
E SIÑIFICADOS MOITAS VEGADAS VALEIROS, QUE
NON COMPRENDEMOS NIN NOS IMPORTAN.
AGORA, IMOS A ERGUER E POR A ANDAR
O CORPO DOIDO DA NOSA NAI.
GALEGOS: VOTADE POLO ESTATUTO!

Non contamos con información dos resultados do plebiscito levado a cabo en Baiona. En cambio, en Gondomar, celebradas as votacións sen incidencias e realizado o escrutinio, a acta arroxo os seguintes resultados:

TÁBOA 41: Escrutinio referendo Estatuto de Autonomía en Gondomar

DISTRITO 1	A favor	En contra
Sección 1	427	
Sección 2	7	
sección 3	370	
Sección 4	82	

498 *Ibíd.*
499 *Ibíd.*, 26 de xuño de 1936
500 *Ibíd.*, 28 de xuño de 1936.

DISTRITO 2		
Sección 1	481	3
Sección 2	381	
Sección 3	226	
DISTRITO 3		
Sección 1	367	
sección 2	257	
Sección 3	295	

FONTE: Arquivo Municipal de Gondomar. Elaboración propia.

O resultado foi de 2.893 a favor e tan só 3 votos en contra.⁵⁰¹

A pesar do éxito electoral do Estatuto neste municipio, o *Faro de Vigo* tratou de minimizar ese triunfo cunha concisa nota que, á parte de non ofrecer os resultados do plebiscito, puxo en valor a abstención no escrutinio.⁵⁰²

En Nigrán, as votacións chegaron precedidas do correspondente nomeamento dos interventores das mesas electorais. Foron escollidos os adictos á Fronte Popular, maioritariamente de Esquerda Republicana e da Federación Municipal Agraria:⁵⁰³ Santiago Pérez Sanromán, de Camos; Pedro Salgueiro Rial, de Mallón-San Pedro; Ramón Casal León, de San Pedro; Maximino Misa Puga, de Parada; José González Pereira, de San Xoán; Lisardo Sanromán Pérez, de Quinteiro; Rogelio Rodríguez Rodríguez, de Chandebrito, e Manuel Gallego Monroy, de Nigrán.

O documento que se conserva no Arquivo dese concello é un telegrama enviado desde a Alcaldía ao Goberno Civil, onde non figura o escrutinio das seccións 1 e 2 do distrito electoral nº2. Con esas excepcións os resultados situábanse na liña xeral das votacións anteriores.

TÁBOA 42: Escrutinio referendo Estatuto de Autonomía en Nigrán.

DISTRITO 1	A favor	En contra
Sección 1	494	
Sección 2	212	3
DISTRITO 2		
Sección 3	303	

501 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 704 cartafol 704/4. Acta do escrutinio do 28 de xuño de 1936.

502 *Faro de Vigo*, 3 de xullo de 1936. “Se han llevado a cabo, sin ningún incidente, las votaciones del plebiscito para el estatuto de Autonomía de Galicia. En todos los colegios electorales de este municipio ha sido muy escasa la concurrencia de votantes”.

503 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 2039, Libro de Actas 2039/1. Sesión plenaria do 21 de xuño de 1936. Todos eles afiliados ou simpatizantes da Fronte Popular.

DISTRITO 3	
Sección 1	28
Sección 2	257
Sección 3	305

FONTE: Arquivo Municipal de Nigrán. Elaboración propia.

Un total de 1.399 votos a favor e 3 en contra.⁵⁰⁴

Co triunfo plebiscitario aínda recente, o Comité Central da Autonomía de Galicia faría entrega, a mediados do mes de xullo, ao presidente das Cortes, no Congreso, do proxecto de Estatuto acordado por case todos os concellos galegos en 1932 e votado por 993.351 electores no referendo celebrado o 28 de xuño último. Dito Comité procedeu a convidar todos os alcaldes, calquera que fose a súa ideoloxía, a que asistisen ao acto de referencia.⁵⁰⁵

O golpe de estado do 18 de xullo truncou as aspiracións de autogoberno do pobo galego que estaban recollidas no Estatuto e referendadas na aprobación do plebiscito.

504 *Ibid.*, caixa 230 cartafol 230/3. Telegrama sen data.

505 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 54, cartafol 54/2. Documento datado en Santiago de Compostela o 6 de xullo de 1936.

Capítulo 13

O PAPEL DA IGREXA NA ETAPA REPUBLICANA.

A chegada do novo réxime produciuse a pesar da oposición de curas e párrocos que exercían o seu labor pastoral na comarca, moitos dos cales interviran nas eleccións tentando reconducir os votos cara aos candidatos afíns.⁵⁰⁶ Pero co paso dos días as cousas non foron tan complexas para os clérigos como eles mesmos debían supor. Ao fin e ao cabo, os republicanos locais soamente quixeron facer cumprir as leis emanadas do Parlamento e da Constitución de 1931, e, aínda así, o acatamento da legalidade acabou provocando rozamentos e discrepancias en temas tan sensibles como os colexios relixiosos en Baiona ou a secularización dos cemiterios en Gondomar.

Proclamada a República, todo parecía indicar que a Igrexa aceptaba a nova situación. Incluso algúns sacerdotes das parroquias de Gondomar exhortaron os fieis á obediencia das leis e as decisións das novas autoridades.⁵⁰⁷ Pero durante o propio debate constitucional nas Cortes, o clero xa estaba medorento dos cambios que se poderían producir, os cales modificarían substancialmente as relacións Igrexa-Estado ao introducir a laicidade como base do novo *statu quo* que ían manter ambas institucións. Por iso o xornal comarcal dos curas escribía sobre o proxecto da carta magna: “(Rogar) a Dios que no llegue a cristalizar en ley constitucional, para bien de las almas, paz de la iglesia y honra de nuestra muy amada España católica”.⁵⁰⁸

Ao principio, en Baiona, desprendíase certo talante anticlerical nalgunhas das decisións que aprobaba a corporación, pero os propios concelleiros subscribíanas máis de cara a contentar a militancia máis republicana que por propias conviccións, xa que a case totalidade dos veciños do municipio eran católicos como tamén o eran a maioría dos edís, o que levaba o executivo local a claras contradicións nalgunhas das súas posicións.

Por unha banda, a esquerda tentaba desaloxar as monxas franciscanas da administración e do servizo do Hospital Municipal onde levaban asistindo os enfermos desde había xa algúns anos e substituílas por persoal laico. Pero unha vez que deixaran patente o seu prurito anticlerical, déronse conta da partida orzamentaria que había que habilitar para tal fin e o que isto suporía para as ruinosas contas públicas e, polo tanto, deron marcha atrás e tiveron que seguir mantendo o emprego das relixiosas nese establecemento benéfico-sanitario e conformarse con nomear un novo consello de administración máis aberto e participativo xa que ía contar cunha representación dos veciños das parroquias.⁵⁰⁹

Por outra, paradoxalmente, esa mesma corrente política que solicitara que se eliminasen do orzamento as subvencións ao mantemento do culto e que se rebaixasen as gratificacións ás monxas, pasou a continuación a darlles o visto e prace ás facturas investidas no ornato das igrexas e tamén nas correspondentes homilías dos curas convidados aos actos relixiosos. Así sucedeu na mesma Semana Santa de 1931; o párroco de Baiona, Vicente M^a Fernández, de acordo co Concello, celebrou coa solemnidade acostumada esa festividade polo que lle reclama a corporación “la cantidad

506 *El Pueblo Gallego* do 22 de marzo de 1931. O xornalista mostra a súa indignación polo papel que está a xogar na campaña electoral de Baiona “cierto intrigante abad”.

507 *Faro de Vigo*, 22 de abril de 1931.

508 *La Voz del Miñor*, 25 de julio de 1931

509 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesións plenarias do 16 de xullo e 6 e 10 de outubro de 1931

de 100 pesetas que adelantó de su bolsillo para pagar los sermones”. Celebración que todos os anos as distintas parroquias publicitaban nos seus programas festivos relixiosos con amplitude de detalles e que tiña como unha das representacións máis significativas a procesión do Xoves e Venres Santo, á que asistían, e presidían baixo palio, en lugar de privilexio, o alcalde e distintos membros da corporación republicana.⁵¹⁰ O goberno local ao máximo que se atreveu foi a lembrarlles aos presbíteros a obriga de solicitar permiso para celebrar as procesións polas rúas de acordo coas leis de asociacións e reunións.⁵¹¹

No fondo, pero tamén na forma, as distintas procesións e festividades relixiosas, tan abundantes, non sufriron suspensión ningunha, excepto nos meses de goberno da Fronte Popular, onde o gobernador civil denegou os permisos solicitados para esas conmemoracións clericais, sobre todo os desfiles de Semana Santa. En cambio si se puido celebrar o Corpus Christi, o que levou ao cura-xornalista de *La Voz del Miñor* afirmar con alborozo: “esta es Baiona, la auténtica, la católica”.⁵¹²

A pesar de que os actos relixiosos formaban parte da axenda cotiá dos veciños, as celebracións destas festividades non sempre figuraban entre as actividades prioritarias con que ocupaban o tempo libre os homes de Baiona. Por esa razón queixábase o seu párroco de que algúns só visitaban a igrexa unha vez ao ano e iso con motivo do Venres Santo e outros (...)

“Mientras la procesión del Domingo de Ramos desfilaba pobremente polas calles céntricas de la villa, había hombres a troche y moche presenciando un partido de fútbol en el campo da Palma”.⁵¹³

As queixas tamén se dirixían cara ás autoridades portuarias, por instigar os propietarios particulares das embarcacións pesqueiras que estaban ancoradas no porto para que retirasen a bandeira nacional dos mastros dos seus barcos, quebrantando unha tradición moi antiga que tiñan os mariñeiros nas celebracións da Semana Santa. Despois do recado que lles mandou o axudante de Mariña “¿que hicieron los dueños de las embarcaciones? Pues ellos (...) obedecieron”.⁵¹⁴

E iso que as autoridades locais permaneceron nunha actitude neutral ante esas festas relixiosas. É máis, as distintas parroquias seguían presumindo do seu status de institución influente sobre a veciñanza ao dar a coñecer o número de fregueses que acudían aos servizos relixiosos, ofrendas recollidas ou número de comunións que impartían con motivo dalgunha celebración eclesiástica especial. Precisamente, mentres por unha banda se festexaban os actos políticos da nacente República, tales como colaborar economicamente co monumento aos heroes de Jaca, Fermín Galán e García Hernández, por outra financiábase a Igrexa nos actos relixiosos tradicionais tal como sucedía nos vellos tempos da xa liquidada Monarquía.⁵¹⁵

Pero non todo ían ser reproches. Tamén hai decisións que motivan a felicitación por parte do clero ao poder político. Así, ante as queixas dos curas de Nigrán polos espectáculos *inmorales* que se daban na praia por parte da mocidade, o alcalde publicou un bando sobre moral e bos costumes que foi apoiado polos eclesiásticos da parroquia:

510 *Ibid.*, caixa 6, cartafol 1931. Data do 10 de decembro de 1931

511 *Ibid.*, caixa 220, Libro de Rexistro de Saída 220/1. Documento de 9 de outubro de 1931.

512 *La Voz del Miñor*, 13 de xuño de 1936.

513 *Ibid.*, 3 de abril de 1932.

514 *Ibid.*

515 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 29 de febreiro de 1932.

“Son dignas de mayor encomio las prescripciones del alcalde de Nigrán en lo referente a las playas donde la mezcla de sexos en traxe de baño deja mucho que desear, hacen inaccesible su acceso a las personas de buen gusto y moral sana. Son personas mayores y no niños, y muchas de ellas quieren que se les llame católicas, que desgracia! Moralidad, moralidad y no salvajismo”⁵¹⁶

A principios de agosto de 1931, o Consello Local de 1º Ensino de Baiona, empezou a ocuparse do estado da instrucción primaria pública e privada. Para iso tomaron varios acordos. Por un lado, constatar a existencia de dous colexios relixiosos na zona: o Colexio Virxe da Roca, na vila, e o Colexio A Nosa Señora do Carme, en Sabarís, ambos xestionados por monxas portuguesas. Tamén exercía o ensino privado en Sabarís José Antonio Álvarez Chaves que, en tempos do Directorio, tivo ao seu cargo a escola do Pósito de pescadores de Baiona.⁵¹⁷ A pesar de que este último non está en posesión do título profesional, non será obxecto de fiscalización por ese Consello. Si, en cambio, o control realizárase sobre as dúas institucións relixiosas, por iso, baixo a presidencia de Silverio Pinzás, sendo secretario o mestre socialista Manuel Cuña e actuando Fernández Peón como representante do concello, ese organismo tomou o acordo de consultar as autoridades educativas se as monxas estranxeiras podían, legalmente, manter abertos eses centros de ensino.

A finais de ano volvéronse reunir para analizar o informe que, por mandato do Consello, redactaran o seu presidente e Fernández Peón sobre o Colexio Nosa Señora do Carme de Sabarís. Nesta exposición destacábase que fora inaugurado a mediados de xullo de 1929,⁵¹⁸ que ninguén ocupaba as funcións de dirección e que, ademais, ningunha das monxas-mestras era titulada. Se esas ilegalidades non fosen xa máis que suficientes para clausurar o centro, ademais carecían da aprobación das autoridades locais e educativas para dedicarse ao ensino. Incluso non estaban en posesión da matrícula industrial nin outras licenzas administrativas que a lei esixía aos colexios que acollían pensionistas, como era o caso. Pero o que máis chamaba a atención dos relatores era a discriminación que existía entre os matriculados. Consta no seu rexistro unha documentación canto menos irregular, dous libros de matrícula distintos tendo en conta a capacidade económica das familias, é dicir, entre alumnos ricos, por unha banda, e pobres por outra, desigualdade que se ten tamén en conta á hora da distribución dos alumnos, separándoos por grupos e por aulas.

“Sistema lamentable que revela un interes marcadísimo por aislar a los necesitados de los poderosos, germen de luchas y antagonismos de clase que repugnan a la verdadera democracia y aún a los más elementales sentimientos de humanidad”⁵¹⁹

Concluía o informe que o colexio atopábase á marxe da lei e que a súa situación, próxima aos dous centros públicos, facíao innecesario e, ao mesmo tempo, a aspiración dos pais de familia de Sabarís era que se dotase a parroquia de escolas públicas con persoal docente español. Por todo iso, recomendan ao Consello que o colexio en cuestión debía cesar inmediatamente nas súas actividades educativas.

516 *La Voz del Miñor*, 20 de agosto de 1932.

517 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 2 de agosto de 1932.

518 *El Pueblo Gallego*, 17 de xullo de 1929.

519 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 743, cartafol 743/13. Sesión ordinaria do Consello Local de Ensino, 10 de decembro de 1931.

Os relatores non deixaron pasar a oportunidade de criticar o documento que se presentou no Concello, por parte dalgúns veciños de Sabarís, no que mostraban o seu apoio para a continuidade do colexio relixioso do Carme. Pinzás e Fernández Peón acusaron a maioría dos pais de alumnos asinantes de “fervorosos y apasionados defensores da Monarquía”.⁵²⁰

A pesar deses informes, o conflito cos colexios relixiosos non se retomou ata a promulgación da Lei de Congregacións e Confesións Relixiosas (17/V/1933) que, no articulado sobre o exercicio do ensino, dá un prazo ata o 31 de decembro do mesmo ano para substituír por centros laicos a aqueles centros xestionados por curas e monxas que impartían ensino primario.⁵²¹

En Baiona os prazos esgotábanse. A corporación aínda non tomara decisión nin medida ningunha respecto diso a pesar de que nese termo seguían exercendo os dous centros de relixiosas antes mencionadas, que se encargaban da instrución de máis de douscentos cincuenta alumnos/as.

Tratábase de estar preparados para cando a lei entrase en vigor e xa non quedaba moito tempo para tomar decisións para que a substitución deses dous colexios por outros laicos non supuxese un prexuízo para os alumnos e alumnas que asistían a clases neses centros privados e para o ensino en xeral. Por iso, o 3 de setembro do mesmo ano, o goberno local envía á Dirección Xeral de Ensino a relación dos colexios existentes no municipio, así como o seu emprazamento e número de alumnos que atenden.

Para asegurar a creación deses novos centros laicos, propuñan que o Estado incautase provisionalmente os locais relixiosos que se puidesen. Na súa opinión, sería moi sinxelo facelo co colexio das monxas de Sabarís, xa que estaba ubicado nun local privado. A corporación pensaba que o Estado se podería comprometer a pagar o aluguer. Con ese simple procedemento administrativo, crían que se garantiría a debida instalación dos centros laicos de nova creación e os alumnos seguirían asistindo ao mesmo emprazamento.⁵²² Canto ao ensino de segundo grao, o concelleiro Martín Vega propuña que, para completar este ciclo instrutivo, se solicitase a creación dun centro de ensino superior en Baiona.

Pero, poucos días despois, o Consello Provincial de Ensino fixo pública unha relación dos colexios que serían obxecto de substitución en Pontevedra e, aínda que incluía o centro de relixiosas de Baiona, non aparecía nesa listaxe o colexio relixioso de Sabarís. O goberno local responsabilizou desa omisión o informe enviado desde Baiona polo Consello Local de Ensino, ao que cualificaron de “nulo y pernicioso”, e tomaron a decisión de remitir ao Ministerio de Instrución Pública a acta certificada da sesión plenaria de 3 de setembro para que coñecese de primeira man a verdadeira

520 *Ibíd.*

521 Diario de Sesións das Cortes Constituíntes da República Española. Lei promulgada relativa a Confesións e Congregacións relixiosas. 2 de xuño de 1933. Niceto Alcalá-Zamora y Torres. www.congreso.es/docu/constituciones/.../confesiones_religiosas_cd.pdf

“Art 20.- Las iglesias podrán fundar y dirigir establecimientos destinados a la enseñanza de sus respectivas doctrinas y a la formación de sus ministros. La inspección del Estado garantizará que dentro de los mismos no se enseñen doctrinas atentatorias a la seguridad de la república.

Art. 30.- Las órdenes y congregaciones religiosas no podrán dedicarse al ejercicio de la enseñanza. No se entenderán comprendidas en esta prohibición las enseñanzas que organice la formación de sus propios miembros. La inspección del estado cuidará que las órdenes y congregaciones religiosas no puedan crear o sostener colegios de enseñanza privada ni directamente ni valiéndose de personas seculares interpuestas”.

2 de xuño de 1933. Niceto Alcalá-Zamora e Torres.

522 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 69, Libro de Actas 69/4. Sesión plenaria do 3 de setembro de 1933.

situación do ensino relixioso nese municipio e incluíse o colexio A Nosa Señora do Carme de Sabarís na relación de centros a substituír.⁵²³

Como era de esperar, a data límite prevista na norma para a substitución dos colexios relixiosos non se cumpriu e Baiona tivo que esperar a finais de febreiro do ano seguinte, 1934, para recibir un escrito da Comisión Provincial do ensino onde se lle pedía á corporación colaboración para levar acabo o cumprimento da lei. Esa axuda debería traducirse en facilitar locais e material para converter as unitarias da vila en escolas graduadas, a base de seis aulas con tres graos para nenos e outros tres para nenas, ademais da creación dunha aula de educación infantil, e todo isto para substituír o colexio das Irmás Franciscanas da vila. E a mesma axuda para a creación dunha escola mixta e unha de infantil para poder eliminar o colexio relixioso das monxas de Sabarís.⁵²⁴

Baiona non estaba polo labor de hipotecar a súa xa minguada facenda municipal, nin gravar con impostos extraordinarios os sufridos contribuíntes, e o único que lle chegou a ofertar ás autoridades educativas foron os locais das escolas graduadas públicas existentes na vila, en consonancia co solicitado pola Comisión Provincial, pero coa condición de que o Estado atendese a unha anterior solicitude da corporación no sentido de reformar e ampliar o devandito grupo escolar.

Coa vitoria electoral dos radicaís e as dereitas en novembro de 1933 e a posterior entrada de CEDA no goberno de Lerroux contemporizouse coa igrexa; suavizouse primeiro e paralizouse despois a política relixiosa do bienio progresista, e mesmo o Parlamento suspendeu a norma que lles prohibía ás ordes relixiosas impartir o ensino. Xa non se volveu falar da Lei de Congregacións e Confesións (Juliá, 2003: 94). A consecuencia foi que os colexios relixiosos de Baiona nunca chegaron a ser substituídos por escolas laicas. Respecto dos veciños de Gondomar e Nigrán, non lles afectou a Lei de Congregacións relixiosas porque non existían neles colexios desas características.

Nin nas actas das sesións plenarias nin noutras fontes consultadas no primeiro deses municipios se reflectiron conflitos coa Igrexa a conta do ensino da relixión nos colexios públicos, aínda que si algunha denuncia, como a presentada polo concelleiro radical e veciño de Peitieiros Vargas Lorenzo, con respecto á actitude da mestra da escola da esta parroquia que daba clases de catecismo e doutrina cristiá e porque o cura visitaba frecuentemente dito colexio. O goberno local aprobou facerlle un recordatorio á mestra sobre a prohibición do ensino da relixión “ya que la escuela desde la proclamación de la República debe ser laica”.⁵²⁵

O 30 de xaneiro de 1932 o goberno republicano-socialista promulgou o Decreto de Secularización dos Cemiterios, que establecía a propiedade pública dos camposantos, que deberían ser comúns para todas as confesións, e, ao mesmo tempo, unificáanse os enterros civís e relixiosos. Os enterros católicos, como manifestacións públicas de culto, serían regulados polas autoridades locais, quen tamén poderían prohibilos ou gravalos cun imposto.⁵²⁶ As primeiras reivindicacións municipais afectaban ao derrubamento dos valos que, dentro das propias necrópoles, separaban a parte dos chamados cemiterios civís dos chamados cemiterios relixiosos, peticións feitas por asociacións, sindicatos e algúns concelleiros pero que as propias corporacións, polo momento, non mostraban o celo necesario para resolvelas.⁵²⁷

523 *Ibíd.*, sesión plenaria do 10 de setembro de 1933.

524 *Ibíd.*, caixa 70, Libro de Actas 70/1. Sesión plenaria do 25 de febreiro de 1934.

525 Arquivo Municipal de Gondomar. caixa 23, Libro de Actas 23/1. Sesión plenaria do 30 de abril de 1933.

526 Secularización de Cemiterios. Lei do 30 de xaneiro de 1932 e Regulamento do 8 de abril de 1933. Madrid, Editorial Góngora, 1933. A nivel de prensa, vid. *Faro de Vigo*, 3 de decembro de 1933.

527 Arquivo Municipal de Baiona, caixa 54, Libro de Actas 54/2. Sesión plenaria do 26 de xullo de

O Concello de Baiona e os párrocos non se poñían de acordo sobre a propiedade de dalgúns camposantos. Autoridades civís e eclesiásticas intercámbianse misivas, adxudicándose os dereitos sobre eles. O único que parecía estar claro e ninguén discutía era a propiedade municipal do cemiterio da vila. Para clarificar a quen pertencía o resto das necrópoles, o goberno local demandou do clero, en maio de 1932, que proporcionase a documentación que xustificase a súa xurisdición relixiosa sobre os distintos cemiterios parroquiais.⁵²⁸

O clérigo de Santa Cristina-Sabarís, José Gómez Alonso, presentou un expediente no que constaba que a construción do camposanto parroquial fora financiada con fondos propios da Igrexa, polo que a ela lle correspondía o dereito de propiedade, e así llo recoñeceu, no seu momento, a corporación, segundo acta que obraba no mencionado expediente, a cal soamente se reservaba o dereito de inspeccionar o cumprimento dos protocolos de Sanidade e Hixiene. Remataba Gómez Alonso a súa argumentación con que “tal posesión fue siempre pacífica y que nunca fuera ni discutida ni interrumpida” o mesmo que a súa administración e mantemento, levadas a cabo por unha xunta de veciños da mesma parroquia presidida polo párroco. En consecuencia, pediu que, como o poder executivo aínda non aprobara as bases que desenvolvían a lei do 30 de xaneiro de 1932, se lle respectase o dereito de propiedade que, segundo esa documentación, o asistía.⁵²⁹

Uns días despois, Francisco Baena Rivas, párroco de Baíña, mandou un escrito onde se expuñan os mesmos argumentos que no documento anterior, é dicir, a construción do cemiterio con fondos do culto en 1873 e a súa xestión continuada desde a data anterior. Abundaba no seu dereito de propiedade ao xustificar 9.000 pesetas como investimento en obras de ornamentación e ensanche. Co aserto de Benjamín Carrera, párroco de Baredo, sucedeu o mesmo que cos anteriores e que nos pode valer a modo de conclusión: os cemiterios eran propiedade exclusiva da Igrexa por ser ela a promotora da súa construción e titular do seu financiamento. Ao mesmo tempo fora a administradora ininterrompida, o que, segundo eses representantes do clero, lles proporcionaba unha forma de dereitos adquiridos equivalentes á propiedade, neste último caso desde había trinta e tres anos.⁵³⁰ Ante isto, o goberno local acordou aprazar calquera decisión ata que o executivo da República non ditase as bases de aplicación e regulamentos a que facía referencia a devandita lei de 30 de xaneiro.

Pasaba o tempo e Baiona quería dar unha solución, dunha vez por todas, ao tema dos cemiterios relixiosos. Así, en xuño de 1933, analizou a normativa en vigor, o Regulamento do 8 de abril de 1933, co obxecto de determinar as competencias que sobre ese tema tiñan nese momento os concellos e para a aplicación, se procedía, da mencionada lei na parte correspondente á incautación. No debate sobre a expropiación dos cemiterios parroquiais, o socialista Villafines Bautista era partidario diso. Primeiro da súa incautación e, posteriormente, do estudo da documentación que presentasen as persoas ou entidades que se cresen donos destes inmobles e que fixesen as súas alegacións ou presentasen as súas escrituras de propiedade para actuar, en consecuencia ao lexislado. Esa proposta pareceulle demasiado ousada e precipitada á corporación polos riscos que o concello podía correr. En cambio, acórdase solicitar, outra vez máis, as escrituras de propiedade dos cemiterios para o seu exame e deliberación, que se sometese a xuízo duns letrados independentes contratados a tal efecto, que haberían de informar se o Concello debería, sen prexuízo para o erario

1931. *Ibíd.*, caixa 69, Libro de Actas 69/4. Sesión plenaria do 21 de maio de 1933.

528 *Ibíd.*, caixa 220, Libro de Rexistro de Saída 220/1. Documento con data de 18 de maio de 1932.

529 *Ibíd.*, caixa 6, cartafol 1932. Carta do párroco de Sabarís ao goberno de Baiona, 20 de maio de 1932

530 *Ibíd.*

público, proceder ou non á incautación. No caso de que o informe fose negativo, que se notificase á corporación a forma en que debían ser administrados os cemiterios e as atribucións e competencias que sobre eles terían os gobernos municipais.⁵³¹

Deseñouse unha estratexia idéntica á do ano anterior, é dicir, demandar documentación que xustificase a propiedade dos cemiterios. Xa que o prazo que se fixou para a súa entrega por parte dos párrocos ou as xuntas de veciños que xestionan a necrópole superouse e soamente os responsables do cemiterio de Sabarís entregaran os papeis, entendeuse que Baredo, Belesar e Baíña non o facían nun intento de boicotear a toma de decisións sobre os camposantos. A corporación envioulles un ultimatum, concedéndolles un prazo dunha semana para que presentasen dunha vez por todas os seus xustificantes de propiedade; recomendación ou advertencia que as mencionadas parroquias tampouco tiveron en conta.

O feito de que os xestores do cemiterio de Sabarís entregasen a documentación foi un paso importante, sobre todo, para os mexedores da iniciativa de secularizar as necrópoles, Martín Vega, Fernández Peón e Villafines, xa que ao mesmo tempo eran concelleiros electos por esa localidade e non podían quedar ante os compañeiros de goberno máis mornos á hora de apoiar as incautacións, nin como menosprezados no seu distrito e sen poder dispor de mecanismos que obrigasen aos administradores do camposanto a fornecer información sobre a súa propiedade.

Polo cartafol presentado por parte desta parroquia, a corporación decatouse de que o cemiterio de Sabarís fora construído había xa máis de corenta anos e por diferentes achegas económicas. Por unha banda o investimento realizado pola Igrexa, por outro as subvencións concedidas por entidades oficiais e, por último, polos donativos dos fregueses desa localidade, o que contradicía abertamente as informacións ofrecidas polo seu párroco no interrogatorio levado a cabo en maio de 1932, e que cuestionaba a versión mantida ata entón polo clero da tenencia da propiedade exclusiva do cemiterio por parte da Igrexa. O Concello tratou de restarlle importancia ao investimento económico levada a cabo pola Igrexa, argumentando que como xa levaba moitos anos administrando e explotando, o cura podía considerarse resarcido da financiación levada a cabo no seu momento. Por tanto, a proposta de Peón e Villafines, o que procedía era incautar.⁵³²

Noutra parte do hemiciclo, Martín Vega, cuns argumentos máis pragmáticos, propios dun home de empresa, expuña as súas reservas de tipo económico á posible incautación, alegando que o mantemento e conservación do cemiterio estaba a cargo dunha xunta parroquial, o que non supuña gasto para o Concello. A iniciativa privada funcionaba mellor, argumentaba o relator, se se comparaba co mantemento que facían os empregados públicos do cemiterio da vila, propiedade do goberno local. Doutra banda, e non menos importante, estaban as bases reguladoras da Lei que dispuñan que habería que indemnizar os propietarios, o que resultaría moi gravoso para as arcas municipais. Coa rendibilidade económica como argumento, Martín Vega anunciaba o seu voto negativo á incautación de dita necrópole no caso de que o concello tivese que desembolsar unha indemnización, pero a votación finalmente non se celebrou por non existir o quórum necesario.⁵³³

Coa chegada ao poder dos radicais, as reformas freáronse e, entre elas, a secularización dos cemiterios. Cando a Fronte Popular volveu ao goberno, as actas das sesións plenarias de Baiona contemplan algunhas mocións insistindo en máis do mesmo: ou o derrubamento do valo que separaba os cemiterios civil e relixioso ou

531 *Ibid.*, caixa 69, cartafol 69/4. Sesión plenaria do 25 de xuño de 1933.

532 *Ibid.*, sesión plenaria do 24 de setembro de 1933

533 *Ibid.*

unha solicitude tímida para desempeñar os expedientes de incautación dos cemiterios, aínda que sen ningún tipo de transcendencia.⁵³⁴

En Gondomar a situación non variou moito respecto á de Baiona. Os curas non eran conscientes de que os privilexios que a Monarquía lles consentiu tiñan data de caducidade; eles seguían confiando na influencia dos seus sermóns, no seu poder de convocatoria e na arraigada relixiosidade dos fregueses. Así, na igrexa parroquial de Vilaza, o cura presumía de que na misa en honra de Cristo Rei o número de comunións achegábase a catrocentas, e na festividade de San Bieito de Gondomar as ofrendas neste primeiro ano republicano foran superiores ao ano anterior, xa que se recolleran 967 dúcias de ovos.⁵³⁵ Pola súa banda, o goberno local, formado na súa case totalidade por católicos, tratou de non prexudicar a conmemoración das cerimonias e manifestacións relixiosas tradicionais. Así informará de maneira favorable peticións para a celebración de distintas procesións, entre outras, a Purísima, o Corpus ou o Sagrado Corazón de Xesús.⁵³⁶

O tema polémico dos cemiterios foi dos primeiros cos que tivo que enfrontarse o novo goberno local republicano. Aos poucos días da súa toma de posesión, a corporación apoia a comisión do cemiterio de Chaín, que consegue reformar o regulamento desa necrópole, aprobado en marzo de 1930 e que colocaba o párroco como presidente. Isto provocou tensións e desavinzas entre o cura e a citada comisión pola custodia das licenzas dos enterramentos, xa que a autoridade eclesiástica parroquial aspiraba a exercer sobre o cemiterio municipal as mesmas atribucións que tiña cando se efectuaban as inhumacións no camposanto antigo, sito no adro da igrexa.⁵³⁷ En Morgadães a situación resolveuse da mesma maneira: a pedimento dos veciños, a corporación nomeou unha comisión administradora do cemiterio presidida polo concelleiro desa parroquia, Joaquín Couto.⁵³⁸

Continuando cos camposantos, o primeiro conflito de certa consideración produciuse no verán de 1931, con motivo da inauguración do novo cemiterio de Mañufe. As obras que pretendían substituír o vello clausurado, foron custeadas integramente pola comunidade con axuda da emigración e cunha subvención de mil pesetas que lle concedeu o concello. As primeiras diferenzas xurdiron no momento en que os veciños solicitaron do párroco, Antonio Veloso, a bendición, como era a tradición, deste novo recinto destinado á inhumación de finados dentro da relixión católica. A autoridade eclesiástica pretendía que se lle fixese entrega do cemiterio ou, polo menos, se lle adxudicase o cargo de presidente nato da Comisión veciñal que ía administrar o mencionado camposanto. Ante a negativa dos veciños, tivo que intervir o Concello, por unha banda diante do Bispo e, por outra, acudiu ao gobernador civil para que intercedese ante o mencionado vigairo co fin de conseguir a consagración do mausoleo. Ao final, a autoridade eclesiástica optou por librar o párroco desa humillación encargándolle ese labor ao arcipreste do Val de Miñor.⁵³⁹

534 Unha mínima alusión do concelleiro socialista Luís López, na que critica que algúns asuntos tratados nas sesións plenarias non se cumpren, como o referente á secularización dos cemiterios. Facía referencia a outra intervención súa do 5 de abril, preguntando como estaba a situación sobre este tema. *Ibid.*, caixa 51, Libro de Actas 55/1. Sesión plenaria do 24 de maio de 1936.

535 *La Voz del Miñor*, 25 de xullo de 1931.

536 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 124, cartafol 124/1. Documento con data de 2 de maio de 1932.

537 *Ibid.*, caixa 36, Libro de Actas da Comisión Permanente 36/6. Sesións plenarias do 18 de xuño e 30 de xullo de 1931.

538 *Ibid.*, caixa 124, Libro de Rexistro de Saída 124/1. Documento de 28 de xullo de 1931.

539 *Ibid.*, Documento do 13 de maio de 1931. A autorización do Bispo chegou ao Concello o día 11

Pero cando tivo lugar a primeira defunción reabríronse as hostilidades ao esixir o cura que se lle fixese entrega da licenza de enterramento alegando a súa responsabilidade para conservala. Ao negarse os veciños por entender que o arquivo desa licenza correspondía á comisión do cemiterio, o abade refusou acompañar o cadáver, a pesar dos intentos dos máis achegados para que cambiase a súa actitude, producíndose alborotos e indignación entre os asistentes ao sepelio. Ao non atopar os veciños outra solución para concluír o enterro, buscouse un fregués que leu o responso e a continuación reuniuse o pobo en asemblea e pediuse a expulsión do cura co compromiso de que se non se cumpría a súa petición deixarían de asistir a misa a pesar de ser católicos practicantes. Foi indicativo que a asemblea, que se celebrou no adro da igrexa, concluíse ao son do himno de Riego e A Marsellesa.⁵⁴⁰

As denuncias que os veciños, encabezados por Fernando Míguez, simpatizante de Azaña, lle presentaron ao bispo conseguiron unha retirada táctica, en forma de repouso termal para “una cura de aguas”, de Antonio Veloso e, durante uns días, iso fixo que os ánimos excitados da parroquia se acougasen crendo que tal afastamento era o recoñecemento do prelado á incompatibilidade do cura cos seus fregueses. Pero ao seu regreso recrouse o conflito e os veciños tomaron a decisión de manifestarse e exteriorizar a súa protesta nas proximidades do adro parroquial á hora da misa, sen participar nela nin entraren ao templo e boicoteando a súa celebración ao impedir o acceso doutros fieis á cerimonia relixiosa, a pesar da intercesión do mestre Rogelio de la Granja e do ex alcalde monárquico e veciño, Benito Costas.⁵⁴¹

Aínda que descoñecemos o fin deste episodio, o máis probable é que a mediación tanto das autoridades civís como eclesiásticas conseguise rebaixar a intensidade do conflito e chegar a unha solución, que non consistiu no traslado do cura, xa que continuou exercendo o labor pastoral na mencionada parroquia.

En vista deses acontecementos e co fin de evitar outras disputas e fixar as súas competencias, uns meses despois o Concello comunicoulle ao párroco de Chaín que, en vista de que o cemiterio desa parroquia era propiedade municipal, as licenzas de enterramento debían quedar en posesión da comisión encargada do cemiterio ou, no seu caso, das inhumacións.⁵⁴²

A pesar deses antagonismos illados o certo era que, a nivel institucional, o trato das autoridades locais e provinciais foi respectuoso co clero de Gondomar, salvo pequenos incidentes, como foi a multa de cincocentas pesetas que lle impuxo o Goberno Civil ao párroco de Gondomar a través da Xunta Provincial de Beneficencia por desobediencia reiterada a esa autoridade por unha cuestión privada que nin sequera afectaba a asuntos eclesiásticos nin políticos nin tampouco aos intereses do concello. Incluso esas relacións chegaron a ser, en xeral, de exquisita corrección e cortesía cando non de comprensión, apoio e mesmo de defensa ante denuncias de institucións ou particulares.

É así como teñen que interpretarse as explicacións que lle remite o alcalde, Pequeño Rodríguez, ao Goberno Civil ante as acusacións dun veciño á clase sacerdotal e que salpicaban o mesmo rexedor por cómplice de omisión. Santiago Fernández Pol presentouse como un republicano que vivía nunha localidade chea de elementos do réxime pasado e que, por ese motivo, atopábase exposto, xunto cos demais republicanos, ás vexacións da maioría monárquica. A súa primeira intención ao expor os feitos

do mesmo mes.

540 *El Pueblo Gallego*, 21 de xullo de 1931.

541 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 124, Libro de Rexistro de Saída 124/1. Escrito enviado polo alcalde de Gondomar ao gobernador civil como relato dos feitos. 13 de setembro de 1931.

542 *Ibíd.*, caixa 124, Libro de Rexistro de Saída 124/1. Documento con data de 8 de agosto de 1931.

era denunciar que “a esta villa (Gondomar) no llegó la República pues siguen todos las costumbres de la Monarquía”, pasando a relatar, a continuación, o que el entendía que eran rémoras do pasado⁵⁴³:

1.- No Centro Católico de Gondomar reuníanse o párroco da vila con todos os curas da súa xurisdición, ata altas horas da madrugada.

2.- O mesmo párroco era o encargado das terras do Conde de Gondomar, as cales administraba con man de ferro ameazando os arrendatarios das leiras con desaloxalos e denuncialos no Xulgado se non pagaban as elevadas rendas ás que estaban sometidos.

3.- Que nos enterros, as comitivas que conducían os cadáveres aos cemiterios paraban nas encrucilladas e cantaban os responsos, a pesar de que iso estaba prohibido.

Esas imputacións colocaban o alcalde nunha situación incómoda, polo que adopta unha posición defensiva e descualificadora do denunciante e do seu escrito. Para empezar conceptúa a Fernández Pol como:

“Un pobre trabajador que no tiene ascendiente alguno entre sus convecinos, sirviendo de instrumento a alguna otra persona que, por no dar la cara, le utiliza para firmar denuncias”.⁵⁴⁴

A continuación, Pequeño tratou de desmontar todas e cada unha das acusacións vertidas por Fernández Pol:

No centro da Mocidade Católica de Gondomar non se reuniron nunca sacerdotes do Val de Miñor, senón socios desa agrupación co párroco que é o seu consiliario. En cambio, na súa casa teñen lugar certas reunións periódicas, os terceiros xoves de cada mes polas tardes, xa que era o Arcipreste do Miñor, é dicir, o representante do bispo na zona, e coordinaba as 23 parroquias que conformaban a comarca.

Por motivos de amizade, é polo que o párroco se encargaba de administrar as terras do conde na súa ausencia. As parcelas eran alugadas por prezos moi equitativos e sobre todo aos veciños menos favorecidos. Pequeño negou que o cura fíxese denuncias perante o xulgado contra ningún arrendatario moroso por atrasarse no pago das rendas. Soamente ese ano, amigablemente, convenceuse o denunciante, Fernández Pol, para que abandonase a parcela ao non satisfacer o aluguer desde 1929, pero, a cambio, condonóuselle a débeda. O alcalde relaciona ese agravio coa denuncia.

Nega o maior respecto ás paradas nos enterros e os cánticos nos responsos e xustifica os permisos concedidos para a celebración de procesións e romarías, xa que non infrinxían ningunha disposición legal, e defende que o pobo de Gondomar si era republicano pois non se manifestou nunca en contra do réxime, “Me consta que la mayoría absoluta de los vecinos son eminentemente republicanos”.⁵⁴⁵ Estas aclaracións satisfíxeron a autoridade provincial que arquivou a denuncia.

Neste concello, o debate sobre as incautacións centrouse no cemiterio de Peitieiros. Este conflito ocupou a atención da prensa comarcal e provincial durante uns cantos anos, pois a súa resolución excede a distintos gobernos locais, superando, mesmo, a etapa republicana, pois se prolongou ata 1937, xa en período ditatorial. No

543 *Ibíd.*, caixa 82, cartafol 1932. Carta que envía Fernández Pol ao Goberno Civil, 21 de maio de 1933.

544 *Ibíd.* Respuesta al Gobierno Civil por parte del alcalde de Gondomar, Pequeño Rodríguez, con fecha de 4 de junio de 1933.

545 *Ibíd.*

seu comezo, o concelleiro radical, Vargas Lorenzo, veciño desa parroquia, apoiado pola sociedade agraria do lugar, enviou unha carta (3 de febreiro de 1932) ao Ministerio de Xustiza, ante a cal, o día 23 dese mesmo mes, un alto funcionario lle contestaba que remitía a misiva ao Ministerio da Gobernación, xa que os asuntos a que se refería a mencionada nota, entre eles a incautación do cemiterio de Peitieiros, tiña un encaixe máis oportuno nas competencias dese último departamento.

O outro asunto que trataba a carta referíase a unha solicitude para que fosen trasladados os restos do cadáver dunha veciña desa localidade ao cemiterio parroquial, xa que estando, moribunda e en estado febril, negouse a confesarse a pesar de ser unha recoñecida crente e que por iso o cura se negou a darlle sepultura no cemiterio. Sucédía iso en 1918 e desde entón seguía enterrada na cuneta da estrada, á porta do camposanto.⁵⁴⁶ Foi curioso que, nese ano, o alcalde en funcións xustificaba a decisión do párroco de Peitieiros argumentando que:

“Teniendo en cuenta que es de la exclusiva competencia de la potestad espiritual, el declarar si un individuo pertenece a la comunión católica, muere dentro de ella y merece o no los honores de la sepultura eclesiástica”.⁵⁴⁷

Esa instancia viaxou desde Gobernación ata a autoridade provincial e de aí, con vistas a emitir un informe, ata a Alcaldía de Gondomar, que se sitúa de forma favorable aos intereses do concelleiro. A mediados de maio, o gobernador civil, facendo uso das súas competencias, ordenou satisfacer unha das peticións de Vargas Lorenzo, cal era o traslado dos restos da veciña Carmen Troncoso ao cemiterio, pero sen que iso fose un obstáculo para que esa necrópole continuase sendo administrada pola autoridade eclesiástica, ata que se tramitase o expediente de expropiación.⁵⁴⁸

O mesmo Vargas Lorenzo envía unha segunda carta esta, vez directamente ao ministro da Gobernación, onde, despois de recoñecer o cumprimento por parte da Alcaldía do mandato gobernamental do traslado dos restos da veciña ao camposanto de Peitieiros, lamentábase de que a entrega deste cemiterio á mencionada parroquia non se cumprise nin se tomase ningunha resolución ao respecto. Polo tanto, volvía insistir co fin de convencer as autoridades da República da secularización do cemiterio, argumentando que para a súa construción, levada a cabo en 1905, foi comprado o terreo e financiado o transporte de toda a cantería, o desterro do predio e demais materiais, así como o pago de toda a man de obra co diñeiro de todos os veciños de Peitieiros, tanto residentes como coas remesas enviadas polos emigrantes americanos, sen recibir achegas externas de ninguén nin axuda económica por parte do Concello. Vargas acusaba a uns poucos fanáticos da entrega da necrópole ao cura ás costas da maioría da parroquia.⁵⁴⁹

546 O mesmo Vargas contaba que a defunta era unha muller católica, “pero que en la hora su muerte tenía una fiebre alta y con el delirio no quiso confesarse y por ese concepto el cura no quiso darle sepultura en el cementerio”. *Ibid.*, caixa 494, cartafol 494/11. Documento con data de 26 de setembro de 1932.

547 *Ibid.*, cartafol 494/5.

548 *Ibid.*, cartafol 494/11, Memoria do proceso de incautación enviado polo alcalde de Gondomar, Quintas Santiago, ao gobernador civil. 11 de setembro de 1935.

549 *Ibid.*, carta do concelleiro José Vargas Lorenzo ao ministro da Gobernación o 26 de setembro de 1932. Nela Vargas explicou que o día que o cura se negou a darlle sepultura á muller, ano 1918, os veciños decatáronse da propiedade da Igrexa sobre o cemiterio e contrariáronse de tal maneira que tivo que intervir o mesmo Vargas, que naquel tempo era alcalde de barrio, que os acougou da seguinte maneira: “que como republicano les prometía que pronto llegaría la República y que el cementerio sería

Remataba a súa exposición solicitándolle ao ministro Maura que dese a orde, o máis axiña posible, para que os veciños xestionen o cemiterio e que obrigase o párroco de Peitieiros a entregar a súa documentación, xa que

“Se cree que estamos en el antiguo régimen y esto es triste (...) que no puede ver a la República ni a este humilde servidor por ser republicano, lo mismo a los demás que lo son”.⁵⁵⁰

O 17 de outubro, o goberno local inicia oficialmente o procedemento legal para comisar o camposanto, solicitándolle un informe ao secretario sobre a súa oportunidade e legalidade.⁵⁵¹ A semana seguinte debateuse o ditame do secretario, no cal, citando o artigo 1º da Lei do 30 de xaneiro dese mesmo ano, sostíña que o Concello podía proceder á incautación e á súa entrega a unha comisión de veciños para que o administrase, tal como sucedía cos cemiterios doutras parroquias tales como Donas, Mañufe, Chaín, Morgadáns, Vincios, ou lugares como San Cibrán, xa que foi construído exclusivamente con diñeiro recadado nunha subscrición aberta entre toda a veciñanza para tal fin e, como consecuencia, ao non ser propiedade eclesiástica, non procedía a expropiación. A corporación aprobou por unanimidade a incautación da necrópole de Peitieiros.⁵⁵²

Aínda que se recoñecía que o párroco podería intervir nos enterramentos dos veciños católicos desa parroquia, que eran a maioría, aprobábase o expediente, asegurándose que o recoñecemento da propiedade veciñal do camposanto non suporá desembolso ningún para a facenda municipal.

Así, un pleno tras outro, sucedéronse referencias na orde do día a Peitieiros e ao seu cemiterio. O 31 de outubro dáse o visto e praxe á relación de veciños que formarán a comisión, que foran escollidos pola Sociedade Agraria de Peitieiros e que se encargarían da dirección e administración da necrópole. O 21 de novembro infórmase de que a apropiación se levou a cabo o día 18 ás catro da tarde, tras previa citación e convocatoria do párroco.⁵⁵³ Nese último pleno deuse conta da acta de incautación e da entrega das chaves do cemiterio aos veciños da comisión. Asistiu o alcalde, o secretario, representantes da mencionada comisión e o párroco de Peitieiros, Manuel Cabaleiro Martínez.⁵⁵⁴ Na quenda de intervencións, o cura, co obxecto de salvagardar os dereitos que á Igrexa lle puidesen corresponder, fixo constar na acta o seguinte:

“Que no puede menos de consignar su protesta más enérgica en contra del acto que se va a llevar a cabo por ser el cementerio de propiedad exclusiva de la Iglesia como se puede comprobar por las siguientes razones:
Que fue construido para la Iglesia y sólo para la Iglesia.

entregado a los vecinos”.

550 *Ibid.*

551 *Ibid.*, caixa 22, Libro de Actas 22/4. Sesión plenaria do 17 de outubro de 1932.

552 *Ibid.* Sesión plenaria do 24 de outubro de 1932.

553 *Ibid.* Sesións plenarias do 31 de outubro e 21 de novembro de 1932. A comisión veciñal encargada do cemiterio elixida polos veciños e nomeada polo goberno local foi: Presidente, Generoso Rodríguez Caeiros; vicepresidente, Rosendo Pasarón Misa; secretario, Castor Ventín Alonso, Tesoureiro, Manuel Pérez Rodríguez; vogais, Basilio Rodríguez Piñón e Ramón Rodríguez Álvarez.

554 Aínda que o sacerdote Manuel Cabaleiro Martínez fora nomeado párroco desta parroquia en febreiro de 1932, non era un descoñecido nesta contorna, porque xa o fora anos atrás na localidade veciña de Morgadáns. *La Voz del Miñor*, 20 de febreiro de 1932.

El haber sido entregada a la Iglesia toda la documentación referente a la construcción del cementerio, como se reconoce en el oficio de la Alcaldía del día 15 de los corrientes, es prueba de que a la Iglesia le corresponde la propiedad del mismo.

Que se confirma todo lo dicho por el hecho de haber estado siempre la Iglesia en posesión y administración del referido cementerio.

Por otra parte, no procede la incautación a tenor de la Ley de 30 de enero del año en curso, porque aún no se han dictado las bases conforme a las cuales han de hacerse las expropiaciones, según en dicha ley se consigna, resultando tanto más inexplicable el acto que se realiza, cuanto que según se ha publicado en la prensa están para dictarse de un momento a otro dichas bases y con esperar unos días más sería legal, por lo menos la incautación”.⁵⁵⁵

Nesa mesma sesión plenaria, Vargas Lorenzo solicita que se aprobe o cambio de nome de “cemiterio católico” que figuraba na porta de entrada e pase agora a chamarse “cemiterio parroquial” e así se fixo. Para rematar ese proceso, na sesión plenaria do día 21, o alcalde deu conta do cumprimento do mandato da corporación, que recollía o Libro de Actas cunha concisa nota que non completaba máis que unhas poucas liñas.⁵⁵⁶

A reacción da cúpula eclesiástica foi inmediata. O mesmo mes de novembro, o vigaio xeral do Bispado de Tui mostraba a súa desconformidade e pedía que se reformase o acordo de incautación e a entrega de novo ao cura da parroquia para que recuperase a súa posesión e administración, xa que a lei non autorizaba a incautación senón a expropiación. Sostíña, ademais, que o cemiterio de Peitieiros era propiedade exclusiva da Igrexa.⁵⁵⁷ Na súa contestación, o goberno local presentou, como proba para demostrar que a Igrexa non era a propietaria da necrópole, a alusión á lenda escrita no lintel da entrada do camposanto onde especificaba que fora construído con donativos achegados polos emigrantes residentes en Montevideo, Cuba e veciños da mesma parroquia. Acordouse non acceder á petición feita.⁵⁵⁸

Cabaleiro Martínez non se rendeu e, con ánimo de preparar a defensa da propiedade do cemiterio noutras instancias, solicitoulle ao Concello en decembro do mesmo ano de 1932 que, como parte interesada na incautación, se lle dese unha copia da carta enviada polo concelleiro Vargas Lorenzo ao ministro da Gobernación. Coa intención de pasar dunha vez por todas páxina sobre este tema, a corporación por unanimidade desestimou dita petición.⁵⁵⁹

A Sociedade Agraria de Peitieiros mostroulle ao goberno local o seu agradecemento, en nome dos veciños da parroquia, pola incautación do cemiterio e apoiando a iniciativa política do concelleiro José Vargas Lorenzo. Este debeu estar sometido a moitas presións, por unha banda, por parte dos partidarios do cura e por outra por certos poderes públicos como, por exemplo, a Garda Civil. Iso levouno a presentar unha denuncia ante o Goberno Civil, na que expuña os seus temores de ser maltratado pola Benemerita.⁵⁶⁰

555 Arquivo Municipal de Gondomar, caixa 494 cartafol 494/11. Acta de incautación del cementerio de Peitieiros a 18 de noviembre de 1932. La misma Ley de Secularización de Cementerios imponía la obligación de indemnizar a la Iglesia por los cementerios parroquiales expoliados.

556 *Ibíd.*, caixa 22, Libro de Actas 22/4. Sesión plenaria do 21 de novembro de 1932.

557 *Ibíd.*, carta do Bispo de Tui ao alcalde de Gondomar do 21 de novembro de 1932.

558 *Ibíd.*, caixa 22, Libro de Actas 22/4. Sesión plenaria do 28 de novembro de 1932.

559 *Ibíd.* Sesión plenaria do 26 de decembro de 1932.

560 *Ibíd.*, caixa 124, Libro de Rexistro de Saída 124/1. Documento con data de 4 de xaneiro de 1933.

Durante os anos 1933 e 1934 parecía que a incautación e a xestión do cemiterio parroquial polos veciños sería un feito aceptado por todos pero, a finais de xuño de 1935, cando a Igrexa creu que a conxuntura política local e estatal lle era máis favorable por participar no goberno de Lerroux ministros católicos de CEDA, volve solicitarlle á corporación que lle sexa entregada á Igrexa a propiedade e administración do cemiterio desta localidade. Defendía a súa antiga petición botando man de novos e orixinais documentos para soste os vellos argumentos de sempre, tales como “la propiedad exclusiva de la iglesia (está) cumplidamente justificada, no sólo por el título legítimo de la posesión continua”, e, ás veces, expostos cunha redacción de certo e claro matiz provocador: “el Concello de Gondomar sabe perfectamente que la Iglesia es dueña del cementerio parroquial de Peitieiros”.⁵⁶¹

Acusaba, ademais, no seu escrito o goberno local de incumprimento do artigo 11 do Regulamento da Lei de Secularización dos cemiterios e ameazou a corporación con que, de non satisfacer as súas demandas, acudiría aos Tribunais de Xustiza. Sinalaba os concelleiros como responsables penais se se opuñan a que a Igrexa se fixese, de novo, coa posesión e administración do cemiterio.

O certo era que o párroco Cabaleiro non perdera o tempo. Neses dous últimos anos, escudriñando no arquivo parroquial e no do Bispado, puxo ao dispor do Concello novos escritos de outubro de 1906 onde a titulada Xunta de construción do cemiterio elevaba unha instancia ao bispo da diocese de Tui pedíndolle que aceptase a necrópole como doazón á Igrexa e procedese á súa bendición. O bispo, para aceptar a doazón que se lle facía, puxo condicións e esixiu, principalmente

“La renuncia total de los donantes y sus comisionados a toda intromisión e injerencia en el dominio y administración del cementerio, no reconociéndose con derecho alguno en ella pues siempre se propusieron que éste fuese católico, y como tal, administrado exclusivamente por los párrocos, a quienes por su cargo incumbe esta obligación y derecho, del que es parte conservar en su poder las llaves, sin reservarse allí dichos donantes privilegio ni propiedad alguna, a no ser que por Nos les fuese concedido”.⁵⁶²

Aceptados eses termos pola titulada Xunta de construción do cemiterio, asinouse a doazón mediante acta levantada polo notario eclesiástico, o mestre de Gondomar Enrique Rodríguez Márquez, e asinada polos compoñentes de dita Xunta e polo arcebispo do Val de Miñor en representación do bispo de Tui.⁵⁶³ Ante esas novas revelacións, que lle poderían dar un envorco á titularidade do cemiterio, o Concello decidiu consultar os seus avogados: se á vista deses documentos se podía seguir sostendo a decisión tomada polo goberno municipal anterior de incautar este cemiterio parroquial sen ningún tipo de indemnización e que posibilidades de éxito tería o párroco se decidise acudir aos tribunais.⁵⁶⁴

Juan Amoedo, encargado de elaborar o informe para o Concello, entregou a finais de agosto o ditame, que se resumía nas seguintes conclusións: por unha parte aínda que o Concello non lle recoñecese autoridade ningunha ao párroco para realizar dita reclamación, concederíalle un prazo de oito días para que presentase documentación e títulos que acreditasen que a propiedade do cemiterio e da Igrexa, porque a

561 *Ibíd.*, caixa 494 cartafol 494/18. Documento con data 27 de xullo de 1935.

562 *Ibíd.*, cartafol 494/11. Documento con fecha de 13 de septiembre de 1935, que cita un oficio de la Secretaría de la Cámara del Obispado de Tui con fecha de 22 de octubre de 1906.

563 *Ibíd.*, Acta de Recepción do cemiterio de Peitieiros pola Igrexa, data do 22 de outubro de 1906.

564 *Ibíd.*, caixa 24, Libro de Actas 24/1. Sesión plenaria do 30 de xullo de 1935.

corporación estimaba que dita necrópole era pertenza municipal. E por outra, se os documentos e probas fosen convincentes ou o resultado do preito, exposto no seu caso, fose desfavorable, poderíase proceder a iniciar o proceso de expropiación.⁵⁶⁵

O mesmo párroco non só reclamaba pola vía administrativa senón que mesmo chegou ata a autoridade provincial coas súas peticións, o que obrigou o propio alcalde a acudir a Pontevedra para dar as oportunas explicacións, xustificando a actuación do goberno local en base ao ditame do anterior letrado.⁵⁶⁶ Non consta que o gobernador civil modificase a conducta da corporación, nin tampouco o seu sucesor, o centrista Armando Peñamarín, máis preocupado, sen dúbida, na preparación da loita electoral, e neste contexto político era máis oportuno e rendible atraer os apoios do sindicato agrario parroquial que o representante clerical.

Foi coa chegada da Fronte Popular e coa volta de José Pequeño á Alcaldía cando se liquidaron as reclamacións sobre a propiedade do cemiterio. Aínda que as seguintes liñas se saian do período republicano, cabe apuntar que o párroco, Manuel Cabaleiro, resucitou as peticións en plena Ditadura. Así, o 25 de maio de 1937, a Comisión Xestora do Concello de Gondomar acordou, por unanimidade e no deber de reparar unha inxustiza cometida contra os sacros intereses da Igrexa, devolverlle e, na súa representación, ao cura da parroquia de Peitieiros, o camposanto en cuestión, recoñecéndoo como da exclusiva propiedade da Igrexa, facéndolle entrega do recinto e da súa chave.⁵⁶⁷

En Nigrán os conflitos coa Igrexa tiveron un perfil menor. Aquí tampouco existían colexios relixiosos e a secularización dos cemiterios parroquiais non figurou na axenda política dos distintos gobernos locais, de tal forma que non aparecen documentos que fagan referencia a iso, nin no arquivo municipal, nin na prensa, nin nos libros das actas das sesións plenarias, excepto unha alusión en 1936 co reposto goberno frontepopulista, onde se pedirá o derrubamento dos valados que separaban os cemiterios civís e eclesiásticos nas parroquias de Nigrán e Panxón.⁵⁶⁸

As igrexas parroquiais seguiron enchéndose de fieis ao longo e ancho da etapa republicana. O templo de Panxón, por exemplo, vai exhibirse por repartir na Pascua “más de 1.200 comuniones”.⁵⁶⁹ Con esta capacidade de convocatoria non era difícil comprobar o ascendente do seu cura, Jesús Espinosa, á hora de crear sindicatos católicos e organizacións xuvenís do mesmo signo.

As pequenas disputas que existiron teñen que ver con reclamacións do movemento societario sobre a titularidade de terreos e, outras veces, a nivel particular, relativas a cuestións de formalismos sobre a formación das Xuntas de Repartimentos, e por motivos impositivos ou a negativa a un enterramento, pero que non producirán nin manifestacións nin levantamentos veciñais nin protestas continuadas desas asociacións ou sindicatos. Cos gobernos provinciais e locais as disparidades eclesiásticas son practicamente inexistentes.

A circular enviada polo Servizo Xeral de Estatística da provincia, adscrito ao Ministerio de Traballo e Previsión, no verán de 1931, para que informase sobre a existencia dalgunha comunidade relixiosa no municipio, só tivo unha repercusión meramente informativa.⁵⁷⁰ No lugar de Vilariño (San Pedro da Ramallosa) existía desde antigo un convento de Padres Franciscanos de orixe portuguesa, que se instalaron

565 *Ibid.* Ditame de Juan Amoedo 20 de agosto de 1935.

566 *Ibid.*, Documento con data de 11 de setembro de 1935.

567 *Ibid.*, Libro de Actas 24/1. Sesión plenaria do 25 de maio de 1937.

568 *Ibid.*, caixa 2039, Libro de Actas 2039/3. Sesión plenaria do 8 de marzo de 1936. Petición que fixo o concelleiro Iglesias Portela.

569 *La Voz del Miñor*, 3 de marzo de 1934.

570 Arquivo Municipal de Nigrán, caixa 228, cartafol 1931. Documentos de 3 e 13 de agosto de 1931.

en Gondomar a principios de século e posteriormente se trasladaron a ese empra-zamento. A congregación estaba formada por dezaioito homes dos cales seis eran profesos, cinco novizos e sete leigos. As súas relacións co goberno local e cos veciños do lugar pódense enmarcar como de tolerancia e consideración.

En novembro de 1931, unha serie de republicanos, veciños da parroquia de Camos, encabezados polo *americano* José Plá y Reguera, adicto a Azaña, elevaron unha queixa ante o alcalde polo que consideraban unha continuidade cos procedementos administrativos da Ditadura ao manter o cura da parroquia á fronte da representación dos veciños de Camos na Comisión repartidora do consumo “teniendo en cuenta que este individuo, persona intrigante e absolutista e inteligencia obtusa, se cree un semidictador”.⁵⁷¹ A República seguía mantendo a Lei Besada da época da Monarquía como mecanismo legal na recadación deste imposto, o que propiciaba a inclusión do clérigo na Comisión, algo que, como alegaba Plá y Reguera, no actual réxime republicano non tiña razón de ser. E polas súas actuacións indiscriminadas á hora de fixar as cotas que correspondían a cada veciño desa parroquia era polo que acusaban o abade Constantino Martínez de impor o seu capricho sobre os demais membros encargados de fixar a repartición, cometendo toda clase de abusos “recargándole el consumo a unos veciños hasta lo inverosímil y aliviando de dicho gravamen a aquellos da su amistad y compadrazgo”.⁵⁷²

Por iso, os veciños asinantes pedíronlle ao alcalde a exclusión do cura da mencionada Comisión en Camos, pero pouco puido facer o regidor ante esta lei recadadora de competencia estatal que gozaba do beneplácito do executivo republicano.

Non sería a última vez que Pla y Reguera hostilizase o abade Martínez. Non pasara un mes desde a última denuncia cando rexistrou outra nova, esta vez por vender terreos no cemiterio desa parroquia e efectuar as cobranzas sen dar recibos nin documento ningún. Escaramonado pola actuación anterior do alcalde e non confiando na intervención do goberno local, elevou a denuncia á autoridade provincial. A finais de xaneiro do ano seguinte, 1933, o gobernador civil confirmou que o cemiterio de Camos era propiedade da Igrexa polo que a corporación non tiña facultades para intervir, e, ademais, a propia información remitida polo concello corruxía a versión sostida por Pla y Reguera e exculpaba o clérigo de delito ningún ao corroborar a entrega por este dos correspondentes recibos. Ante este acoso, o abade solicitou unha condena contra o veciño de Camos, que o mesmo Goberno Civil cualificou de improcedente, por considerar que eran os tribunais de xustiza a administración máis adecuada para resolver este tipo de denuncia. O documento debeu estar redactado en termos pouco adecuados e con formas pouco decorosas, xa que a autoridade provincial advertíalle ao párroco “que se abstenga de dirigir escritos en esa forma a aquel gobierno”.⁵⁷³

Tamén o párroco de San Pedro da Ramallosa ten que facer fronte a unha denuncia das Sociedades Agrarias de Panxón e Priegue e do Sindicato de Obreiros da Edificación de Baiona e os seus contornos, debido á súa negativa a enterrar un feto no cemiterio parroquial, pola súa condición de non bautizado.⁵⁷⁴

No terreo urbanístico é onde se producen máis situacións para un posible entendemento e colaboración entre a administración local e a eclesiástica. Concretamente eses apoios teñen que ver coas facilidades que o clero lle deu ao Concello para a construción de obras públicas, aínda que ás veces esa cooperación non ten

571 *Ibid.*, Documento con data de 9 de novembro de 1931.

572 *Ibid.*

573 *Ibid.*, caixa 2071, Libro de Rexistro de Entrada 2071/1. Documento con data de 29 de agosto de 1933.

574 *Ibid.* Documento con data 8 de xuño de 1932.

un carácter altruísta, senón que vén marcada por unha reciprocidade en forma de compensación. Aínda que non todos eses proxectos van rematar ben, si é certo que os comezos transitan polo camiño da negociación e o acordo.

O Concello, en 1933, proxectou un importante camiño veciñal que pasaba pola propiedade dos Padres Franciscanos de Vilariño-San Pedro da Ramallosa. Esa comunidade relixiosa doara, para facer posible a construción desa vía, mil setecentos oitenta e seis metros cadrados. Pero, a finais de decembro, os frades solicitaron, como compensación, que se incorporase á súa titularidade o anaco sobrante do camiño antigo que limitaba co convento, que non tiña utilidade para o servizo público. O goberno local posicionouse a favor da concesión, votaron a favor sete concelleiros, entre outros os concelleiros socialistas, Núñez Rouco e Iglesias Portela, e algúns destacados agrarios, e en contra catro, entre eles o agrario de San Pedro, Salgueiro Rial, aínda que a maioría dos opostos representaban parroquias que estaban un tanto afastadas das necesidades dese camiño público.⁵⁷⁵

A aprobación deste punto, co voto en contra dunha parte da corporación, trouxo consecuencias. A Sociedade Agraria de San Pedro da Ramallosa encabezou a oposición a ese acordo plenario cun recurso de reposición, xa que consideran que esa resolución era prexudicial para os intereses da veciñanza e non se axustaba á normativa legal. Por unha banda, porque a parcela sobrante da vía pública non pode considerarse innecesaria e carente de utilidade e, dando un paso máis, acusaron o goberno local de proxectar así o trazado do camiño para favorecer os intereses dos frades franciscanos. Por outra, criticaron a decisión dos rexedores de allear un terreo público sen o procedemento administrativo legal, é dicir, sen efectuar a taxación correspondente e sen a convocatoria dunha licitación pública.⁵⁷⁶

A presión desta Sociedade Agraria foi suficiente para que a corporación estimase o recurso e se deixase sen efecto, aínda que sen unanimidade, o pacto de compensación subscrito coa Igrexa e, por tanto, tamén, o acordo anterior.⁵⁷⁷ A finais de 1934, cun goberno distinto de onde formaban parte afiliados do partido católico, os Padres Franciscanos de Vilariño volveron insistir para que se lles concedese a parcela sobrante de camiño público de 195 metros cadrados, como compensación polos servizos prestados uns meses atrás. Esta vez o Concello aceptou tras o informe favorable da comisión correspondente.⁵⁷⁸

Parecía que, con esa nova corporación, o clero atopara vías de colaboración máis directas e sen as interferencias do movemento societario. Así, con motivo da construción doutro camiño público que, partindo de San Pedro chegaba ao lugar de Areíña-Vilaza (Gondomar), por necesidades do trazado, necesitábase ocupar unha parte pequena, vinte metros cadrados, dos terreos do ante-adro da Igrexa da parroquia de Parada. O Arcipreste do Miñor, despois de mostrar a súa boa intención para a colaboración, pediu que o alcalde lle formulase unha solicitude ao bispo para ocupar dita superficie.⁵⁷⁹ Resolto ese trámite, o prelado valorou positivamente a cesión de parcelas de maneira desinteresada polos veciños, así como os beneficios e facilidades que lle podía reportar á Igrexa a construción do camiño público e, en consecuencia, tamén se cedeu a parte que o concello solicitaba.⁵⁸⁰

575 *Ibíd.*, caixa 2037, Libro de Actas 2037/5. Acta de sesión plenaria do 10 de decembro de 1933.

576 *Ibíd.*, caixa 275, cartafol 275/1. Recurso de reposición asinado por José Giráldez González, presidente da Sociedade Agraria de San Pedro da Ramallosa, 13 de decembro de 1933.

577 *Ibíd.*, caixa 2037, Libro de Actas 2037/5. Sesión plenaria do 17 de decembro de 1933.

578 *Ibíd.*, Libro de Actas 2037/7. Sesión plenaria do 23 de decembro de 1934

579 *Ibíd.*, sesión plenaria do 25 de decembro de 1934.

580 *Ibíd.*, sesión plenaria do 9 de febreiro de 1935.

TÁBOAS E GRÁFICOS

- TÁBOA 1. Superficie en km² das parroquias de Baiona, Gondomar e Nigrán.
TÁBOA 2. Poboación dos concellos de Baiona, Gondomar e Nigrán.
GRÁFICO 1. Evolución da poboación de Baiona, Gondomar e Nigrán.
TÁBOA 3. Evolución da poboación das parroquias do Val de Miñor.
TÁBOA 4. Propietarios e inmobles construídos en Baiona.
TÁBOA 5. Vivendas habitadas do concello de Gondomar.
TÁBOA 6. Vivendas das parroquias do concello de Nigrán.
TÁBOA 7. Base de cotización (ptas.) concellos Partido Xudicial de Vigo.
TÁBOA 8. Producción agrícola en Nigrán (1930-1931-1939).
TÁBOA 9. Producción agrícola en Gondomar (1930-1931-1932).
TÁBOA 10. Establecementos industriais Baiona, Gondomar e Nigrán (1936)
TÁBOA 11. Contribucións industriais e recaudación en Baiona (1920-1939).
TÁBOA 12. Contribucións industriais e recaudación en Gondomar (1920-1939).
TÁBOA 13. Contribucións industriais e recaudación en Nigrán (1920-1939).
GRÁFICO 2. Evolución da recaudación industrial.
TÁBOA 14. Cálculo prezos establecementos industriais de Nigrán.
TÁBOA 15. Prezos dos mercados Sabarís e A Ramallosa (1931).
TÁBOA 16. Prezos Ultramarinos *El Universo* (1936).
TÁBOA 17. Salarios dos empregados municipais en Baiona.
TÁBOA 18. Salarios dos empregados municipais en Gondomar.
TÁBOA 19. Salarios dos empregados municipais en Nigrán.
TÁBOA 20. Salarios mestres nacionais. Gondomar (1932).
TÁBOA 21. Prezo xornais agrícolas ptas/día en Gondomar (1931).
TÁBOA 22. Número de turistas en Baiona (1931-1932).
TÁBOA 23. Prezos do teatro en Baiona.
TÁBOA 24. Número de desempregados no concello de Baiona (1933-1936).
TÁBOA 25. Número de desempregados, construción en Gondomar (1933-1934).
TÁBOA 26. Número de desempregados en Baiona sector madeiro (1934-1936).
TÁBOA 27. Número de desempregados sector mariñeiro en Baiona (maio-xullo 1936).
TÁBOA 28. Número de parados e empregados na construción. Nigrán 1933.
TÁBOA 29. Número de desempregados e empregados na construción en Nigrán 1933.
Distribución por parroquias.
TÁBOA 30. Paro en Nigrán (1934-1936).
TÁBOA 31. Escrutinio eleccións municipais en Baiona. Maio 1931
TÁBOA 32. Escrutinio eleccións municipais en Gondomar. Maio 1931.
TÁBOA 33. Escrutinio eleccións municipais en Nigrán. Maio 1931.
TÁBOA 34. Militantes do Partido Galeguista-Baiona.
TÁBOA 35. Escrutinio eleccións a Cortes en Baiona. Xuño 1931.
TÁBOA 36. Escrutinio eleccións a Cortes en Gondomar. Xuño 1931.
TÁBOA 37. Escrutinio eleccións a Cortes en Nigrán. Xuño 1931.
TÁBOA 38. Escrutinio eleccións a Cortes en Gondomar. Novembro 1933.
TÁBOA 39. Escrutinio eleccións a Cortes en Gondomar. Febreiro 1936.
TÁBOA 40: Resultados nas parroquias de Gondomar. Eleccións de febreiro de 1936
TÁBOA 41. Escrutinio referéndum Estatuto de Autonomía en Gondomar.
TÁBOA 42. Escrutinio referéndum Estatuto de Autonomía en Nigrán.

ARQUIVOS, PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS E BIBLIOGRAFÍA

1.- ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E CENTROS DE DOCUMENTACION

Arquivo Histórico Deputación Provincial de Pontevedra
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
Arquivo Juzgado Municipal de Baiona
Arquivo Juzgado Municipal de Gondomar
Arquivo Juzgado Municipal de Nigrán
Arquivo Municipal de Baiona
Arquivo Municipal de Gondomar
Arquivo Municipal de Nigrán
Arquivo Museo de Pontevedra
Arquivo privado Amparo Barreiro (Vigo)
Arquivo privado Carlos Méixome Quinteiro (Gondomar)
Arquivo privado Carmen Lugo (Sabarís-Baiona)
Arquivo privado Nieto Villamarín (Vigo)
Arquivo privado Ramón Villar (Panzón)
Arquivo privado Xoán Martínez Tamuxe (O Rosal)
Biblioteca Central Universidade de Vigo
Biblioteca Facultad Xeografía e Historia (Universidade de Vigo)
Biblioteca Fundación Penzol
Biblioteca Municipal de Baiona- Fondo Local.
Biblioteca Municipal de Vigo-Hemeroteca
Galiciana. Biblioteca Dixital de Galicia
Hemeroteca Deputación Provincial de Pontevedra
Hemeroteca Digital. Biblioteca Nacional de España
Nomes e Voces. Fondos

2.- PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS

ABC, Madrid
Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra, Pontevedra
El Faro de Vigo, Vigo
El Heraldo Guardés, A Guarda
El País, Pontevedra
El Pueblo Gallego, Vigo
El Sol, Madrid
El Tea Pontearreas
Ilustración Gallega, Vigo
La Voz del Miñor Baiona
Solidaridad A Coruña
Solidaridad Obrera, A Coruña
Vida Gallega, Vigo

3.- BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA

- ALFONSO BOZZO, A. De (1976). *Los partidos políticos y la autonomía en Galicia (1931-1936)*. Akal. Madrid.
- ÁLVAREZ TARDÍO, M. & VILLA GARCÍA, R. (2017). *1936. Fraude y violencia en las elecciones del Frente Popular*. Espasa. Barcelona.
- BALLBÉ, M. (1983). *Orden público y militarismo en la España constitucional (1812-1983)*. Alianza Editorial. Madrid.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.R., X. MORENO GONZÁLEZ, J. M. PALOMARES GONZÁLEZ & I. VARELA GONZÁLEZ (1990). *O Movemento obreiro en Galicia*. Catro ensaios, Ed. Xerais. Vigo.
- BEN AMI, S. (1990). *Los orígenes de la Segunda República Española: Anatomía de una transición*. Alianza. Madrid.
- BERAMENDI, X.G. (2007). *De provincia a nación. Historia de galleguismo político*, Edicións Xerais. Vigo.
- CABO VILLAVERDE, M. (1998). *O agrarismo*. A Nosa Terra. Vigo
- CABO VILLAVERDE, M. (2007). La II República en la Galicia rural. *Cuadernos Republicanos* 64: 83-109.
- CARBALLO, F. (1995). *A igrexa galega*. A Nosa Terra. Vigo.
- CENTRO DE INFORMACIÓN ESTADÍSTICA DE GALICIA (1987): *A poboación de Galicia*. Proxeccións. Consellería de Economía e Facenda. Xunta de Galicia. Santiago.
- CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, SECRETARÍA XERAL TÉCNICA (1986). *A Autonomía Galega 1846-1981*, Santiago, Xunta de Galicia.
- DEL OLMO, J. (1997). El Estatuto jurídico de los jueces de paz. *Boletín de Información. Ministerio de Justicia e Interior* 1793
- FERNÁNDEZ, E. & PEREIRA, D. (2004): *O anarquismo na Galiza*, Ed. Positivas. Santiago de Compostela.
- GARCÍA, X. L. (1978). *Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Villar Ponte. Discursos parlamentarios (1931-1933)*. Edicións do Castro. Sada-A Coruña.
- GIL PECHARROMÁN, J. (1997). *La Segunda República. Esperanzas y frustraciones*, Historia 16. Madrid.
- GONZÁLEZ PÉREZ, JUAN A. (2014). *Nigrán: memoria dunha guerra 1936-1941*. Edicións do Cumio Vigo.
- GONZÁLEZ PROBADOS, M. (1990). El Socialismo Gallego en la Segunda República. *Revista Investigaciones Históricas: Época Moderna y Contemporánea* 10: 165-186.
- GONZÁLEZ PROBADOS, M. (1992). *O socialismo na II República (1931-1936)*. Edicións do Castro. Sada-A Coruña.
- GONZÁLEZ PROBADOS, M. (2006). *A UGT na Galiza republicana (1931-1934)*. Edicións do Castro. Sada-A Coruña.
- GRANDÍO SEOANE, E. (1988). *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República*. A Nosa Terra. Vigo.
- GRANDÍO SEOANE, E. (1998). *Los orígenes de la Derecha Gallega: La CEDA en Galicia (1931-1936)*. Edicións do Castro. Sada-A Coruña.
- GRANDÍO SEOANE, E. (2010). *A Segunda República. Memoria, mito e historia*. Edicións Nigra Tea. Vigo.
- JACKSON, G. (1987). *La Republica española y la guerra civil (1931-1939)*. Ediciones Orbis Barcelona
- JUANA, J. DE & PRADA, J. (2005). *Historia Contemporánea de Galicia*. Ariel. Barcelona.
- JULIÁ DÍAZ, S. (2003). *La España del siglo XX*. Marcial Pons. Madrid.
- MACHADO, A. (1999). *Poesías completas*. Espasa Calpe. Madrid.

- MARTÍNEZ MARÍN, A. (1989). *La representatividad municipal española: historia legislativa y régimen vigente*. Editum. Murcia.
- MAURA, M. (2007). *Así cayó Alfonso XIII. De una dictadura a otra*. Marcial Pons. Madrid.
- MERA COSTAS, P. (2013). Diseño y construcción de un proceso electoral. Manuel Portela Valladares y las elecciones de 1936, en J. Prada Rodríguez & E. Grandío Seoane (coords.), *Hispania Nova*, nº 11.
- NOGUEIRA ROMÁN, C. (1977). *Población y desarrollo económico en Galicia*. Sodiga. Santiago.
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M. (1992). *O galeguismo en América 1879-1936*. Ediciós do Castro. Sada-A Coruña.
- PAYNE, S. G. (1995). *La primera democracia española. La Segunda República, 1931-1936*. Paidós. Barcelona.
- PEREIRA, D. (2010). *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*. Edicións Xerais. Vigo.
- PORTELA VALLADARES, M. (1988). *Memorias*. Alianza Editorial. Madrid.
- PRADA RODRÍGUEZ, J. (2013). Clientelismo y poder local en la Segunda República, en *Hispania Nova* nº 11.
- PRADA RODRÍGUEZ, J. (2005). La República y la sublevación militar, en J. de Juana & J. Prada Rodríguez (coords.): *Historia Contemporánea de Galicia*, Ariel. Barcelona.
- PRADA, J. E GRANDÍO, E. (2014). La gestión del poder local: viejas y nuevas élites, en J. Prada (dir.) *No solo represión. La construcción del franquismo en Galicia*. Biblioteca Nueva. Madrid.
- RAMÍREZ JIMÉNEZ, M. (2005). *La legislación de la Segunda República Española (1931-1936)*. Centro de Estudios Políticos y Constitucionales. Madrid.
- RODRÍGUEZ LAGO, J. R. (2004). Del Movimiento a la Acción. Los católicos en el Vigo de la II República. *Glaucois* 10: 11-31
- RUIZ-MANJÓN, O. (1976). *El Partido Republicano Radical, 1908-1936*. Tebas. Madrid.
- SANTIDRIÁN ARIAS, V.M. (2008). *Historia de PCE en Galicia (1920-1968)*. Ediciós do Castro. Sada-A Coruña.
- SERRALLONGA I URQUIDÍ, J. (2007). El aparato provincial durante la II República. Los gobernadores civiles 1931-1939. *Hispania Nova*, nº 7.
- SOLIÑO TRONCOSO, M, MOSQUERA VELEIRO, J. L & SOLIÑO TRONCOSO, A (1995). *Gondomar: historia, arte y territorio*. Ir Indo. Vigo.
- SOUTO GONZÁLEZ, M. & SOUTO GONZÁLEZ, X. M. (1991). *O Val Miñor: entre as transformacións rurais e as innovacións urbanas*. Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.
- TEZANOS GANDARILLAS, M. (1997). Basilio Álvarez: una sotana casi rebelde. *Espacio, Tiempo y Forma*, serie V, Hª Contemporánea 10: 151-178.
- TOWNSON, N. (2002). *La República que no pudo ser. La política de centro en España (1931-1936)*. Taurus. Madrid.
- VELASCO SOUTO, C. (1991). A Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA): breve aproximación a um partido galego republicano, 1931-1934. *Agalia* 26: 185-221.
- VILLA GARCÍA, R. (2011). *La República en las urnas. El despertar de la democracia en España*. Marcial Pons. Madrid.

